

A BATALLA POLAS PENSIÓNS [1981-2013]

**De como a clase capitalista
quere privatizar os bens comúns
e de como as clases traballadoras
se opoñen.**

—

Xabier Pérez Davila

A BATALLA POLAS PENSIÓNS (1981-2013)

De como a clase capitalista
quere privatizar os bens comúns
e de como as clases traballadoras
se opoñen.

—

XABIER PÉREZ DAVILA

Xabier Pérez Davila
Estaleiro Editora, 2013

Asociación Cultural Estaleiro
estaleiroeditora@gmail.com
www.estaleiroeditora.org

Revisión e corrección:
Vitor Suárez Diaz

Deseño e maquetación:
Nadina B. S.

Depósito Legal: C 1455-2013
ISBN: 978-84-616-5362-1
Impreso en: Sacauntos



Esta licenza permite copiar, distribuír, exhibir os textos
e imaxes deste libro sempre que se cumpran as seguintes condicións.



Autoría e atribución: Deberá respectarse a autoría
indicando o nome do autor e da editora.



Compartir baixo a mesma licenza: Se altera ou transforma esta obra,
ou xera unha obra derivada, só pode distribuír a obra xerada baixo unha licenza
idéntica a esta.



Non comercial: Non pode empregarse este traballo con fins comerciais

Para Herminia. Por seres e estares.

Para Adrián. No comezo dos camiños.

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN | 9

BLOQUE 1. A PROTECCIÓN SOCIAL | 19

De como os seres humanos organizan a solidariedade colectiva

- I. De que estamos a falar cando dicimos protección social? | 21
- II. É útil a protección social? Combater a pobreza infantil. | 26
- III. É o gasto social na Galiza e no Reino de España excesivo e insostíbel? | 33
- IV. A protección social é un gasto improdutivo ou investimento na capacidade produtiva común? | 44
- V. Baixar impostos non é de esquerdas. É necesario subir os impostos e que os paguen @s que máis teñen. | 58
- VI. Diferentes niveis de protección social en países ricos. | 68
- VII. Diferentes niveis de protección social en países pobres. | 77
- VIII. Protección social e loita de clases. | 89

BLOQUE 2. A BATALLA POLAS PENSIÓNS | 115

De como a clase capitalista quere privatizar as nosas pensións para avanzar na financeirización da economía (para vivir de rendas) e de como se o conseguir sería a nosa ruína.

- IX. O informe do Banco Mundial de 1994. | 120
- X. O sistema privado en Chile e Arxentina. Historia dun fracaso. | 132
- XI. BM e FMI, as organizacións económicas internacionais definen a axenda que aplicarán os estados. | 136
- XII. O sistema anglosaxón de capitalización. | 143
- XIII. O Plan Meider, o fondo sueco para @s asalariad@s. | 150
- XIV. A patronal dos fondos de pensións confésase: para que medren os fondos de pensións privados é imprescindible reducir as pensións públicas. | 153
- XV. A fortaleza do sistema público de pensións en tempos de crise. | 174

BLOQUE 3. O QUE ESQUECEN @S NEOLIBERAIS | 183

De Que Depende O Futuro Da Protección Social?

XVI. Evolución da produtividade. | 186

XVII. Que ocorre coa (re)distribución da renda? |193

XVIII. A viabilidade ecolóxica da economía. Adaptármonos aos límites físicos do planeta. | 209

XIX. Acoutarmos a financeirización. |230

EPÍLOGO | 243

Pechar as tres fendas. Economía dos coidados, ecoloxía, financeirización.

As tres saídas. Socialismo? En Europa. Agora.

BIBLIOGRAFÍA | 263

Hai que ser moi fundamentalista para pretender que a unha sociedade de homes e mulleres libres lle podería semellar razoábel regulalo todo a través do mercado. Pola contra, seméllanos evidente que unha sociedade de homes e mulleres verdadeiramente libres o primeiro que faría sería pór case todas as cuestións esenciais a resguardo da lóxica de mercado .

—
CARLOS FERNÁNDEZ LIRIA e LUIS ALEGRE ZAHONERO,
El orden de El capital.

Sobre o Estado do benestar:
*Estou persuadido de que ese modelo é intanxíbel,
porque constitúe a gran conquista moral da humanidade
no noso século.*

—
JOSÉ MARÍA LÓPEZ PIÑERO, *El País*, 29 de abril de 2000.

INTRODUCCIÓN

Ano 1981: baixo a ditadura do xeneral Pinochet, o Goberno chileno instaura o único sistema de pensións totalmente privado do mundo. Ben, non totalmente privado, militares e policía permanecerán dentro do antigo sistema público de reparto.

Ano 1994: o Banco Mundial (BM) publica un informe sobre a reforma dos sistemas de pensións en que se refire ao sistema chileno como un exemplo para outros países e propón a redución dos sistemas de reparto e o desenvolvemento de sistemas de capitalización, preferentemente de xestión privada.

Quince de abril de 2009: o Gobernador do Banco de España (BE) comparece ante a comisión non permanente de seguimento e avaliación dos acordos do Pacto de Toledo no Congreso dos Deputados para propor atrasar a idade de xubilación e ampliar o número de anos para calcular a base reguladora da pensión.

27 de xaneiro de 2011: CIG, CUT e CGT¹ convocan unha folga xeral contra a reforma do sistema de pensións. O seguimento da folga é importante nos polígonos industriais e máis reducido nos servizos; decenas de miles de traballadoras e traballadores maniféstanse nas principais cidades galegas.

1 A folga foi tamén convocada pola maioría sindical vasca, ELA, LAB, STEE-EILAS, EHNE e Hiru.

Xullo de 2011: o Goberno presidido por Rodríguez Zapatero, que non puido resistir a presión dos especuladores e do goberno neoliberal non electo europeo, publica un decreto de reforma do sistema de pensións no Reino de España que recolle as propostas realizadas polo Gobernador do BE dous anos antes.

Agosto de 2012: o Goberno de Mariano Rajoy comprométese coas autoridades de Bruxelas a endurecer as condicións de acceso á xubilación anticipada e á xubilación parcial; ademais, acelerará o período de transición do novo sistema de pensións que a reforma de Zapatero alongaba até o ano 2027.

Xuño de 2013: o *Comité de Expertos sobre el factor de sostenibilidad del sistema público de pensiones*² fai público o informe que lle encargara o goberno de Mariano Rajoy. Todas as medidas que propoñen reducirán as pensións d@s pensionistas actuais e futur@s. Os «expertos» recoñecen que «é previsible que o rateo da pensión media sobre o salario diminúa».³ Como alternativa, suxiren os ingresos procedentes de fondos de pensións privados.

Todo o mundo o sabe: o envellecemento da poboación fará imposible manter un sistema de pensións público e universal. Debemos apresurarnos a subscribir plans de pensións privados que nos garantan unha vida digna na etapa da nosa xubilación.

Todo o mundo sabe, tamén, que o Estado do benestar construído en Europa despois da Segunda Guerra Mundial (2ª GM) é un luxo que xa non nos podemos permitir.

2 Informe del Comité de Expertos sobre el factor de sostenibilidad del sistema público de pensiones, Madrid, 7 de xuño de 2013, <http://www.lamoncloa.gob.es/NR/rdonlyres/BA253188-A40C-47C4-9FCC-06D04C65EC26/238803/informesostenibilidadpensiones.pdf>.

3 *Ibidem*, p.20.

Nas igrexas románicas o pantocrátor, situado na ábsida, onde inevitabelmente se pousarían os ollos d@s fieis, lembraba todos os días de todos os meses de cada ano durante séculos, que a orde feudal acataba o deseño estamental baseado na vontade divina.

No verán de 2007 estoupa a actual, e non resolta, crise financeira. Nos primeiros meses @s dirixentes do capitalismo mundial hesitan, mesmo semellan dispost@s a reformar o capitalismo financeirizado. George Bush, presidente dos EUA, declárase abraiado e disposto a suspender as regras de funcionamento do capitalismo durante uns meses. Díaz Ferrán, xefe da patronal española, expresa publicamente a mesma idea. Sarkozy afirma que o capitalismo debe ser transformado. De seguro que esperan unha reacción das clases traballadoras. Non se produce. En poucos meses @s dirixentes do capitalismo pasan do abraio á ofensiva. Non se trata de corrixir o sistema. É a oportunidade para o radicalizaren, para o faceren máis desigual.

Os medios de persuasión de masas, pantocrátor da sociedade da información, difunden sen descanso a verdade incontestábel. As sociedades europeas non se poden permitir o mantemento de onerosos sistemas de protección social.

No entanto, existe unha narración alternativa. Os sistemas de protección social, como o recoñecemento dos dereitos da muller, ou como a acumulación do coñecemento científico, son conquistas da civilización humana, irrenunciábeis, que deben ser estendidas a toda a humanidade. A capacidade produtiva das sociedades humanas é incomparabelmente superior á de ningunha outra época. Porén, é o capitalismo financeirizado o que ameaza a viabilidade dos sistemas de pensións públicos. É o capitalismo financeirizado o que aumenta de xeito exponencial a inestabilidade do sistema económico someténdoo a recorrentes crises financeiras. Estabelecer o be-

nestar común é posíbel, mais incompatible coa financeirización. E, tendencialmente, tamén incompatible co capitalismo.

Desde finais dos anos setenta unha agresiva loita de clases percorre Europa e América do Norte. O capitalismo entende que as cesións realizadas ao movemento operario despois da 2ª GM xa non son necesarias. O conflito artículase ao redor de varios eixos. O primeiro, a destrución do dereito laboral. O segundo, a privatización de empresas e servizos públicos. O terceiro, a desregulación do sistema financeiro. O cuarto, o desmantelamento das soberanías estatais para as transferir a institucións (BM, Fondo Monetario Internacional –FMI–, Banco Central Europeo –BCE–) e estruturas políticas (Comisión Europea –CE–, comité Merkel-Sarkozy, substituído arestora pola chanceler en solitario, estreitamente vixiada polo Tribunal Constitucional alemán) non controladas democraticamente. Velaí a chave que nos permite interpretar a actual ofensiva contra os sistemas de benestar social en Occidente.

Este libro propónse xustificar esa narración alternativa. A tese que defende é que a estrutura da protección social que existe (ou non) nunha sociedade é unha elección política e que as sociedades europeas son abondo ricas para garantiren unha vida digna para tod@s, incluíndo nese tod@s as persoas pensionistas. A argumentación desenvólvese en tres bloques.

O primeiro bloque estuda a protección social desde distintos puntos de vista. O capítulo I describe os servizos e prestacións que a integran. O capítulo II valora a súa utilidade tomando como referencia a capacidade de reducir a pobreza infantil. O capítulo III combate a idea de que o gasto social é excesivo na Galiza e no Reino de España, demostrando que é moi inferior ao dos países de semellante desenvolvemento económico e que debería ser incrementado. O capítulo IV analiza se as partidas de gasto social deben ser consideradas só como un gasto ou é posíbel consideralas tamén un investi-

mento produtivo. O capítulo V afirma que contra o que defenden algúns e algunhas líderes de partidos autodenominados de esquerda, baixar impostos é de dereitas. Os capítulos VI e VII mostran que algúns estados de baixos niveis de renda conseguen ofrecer un alto nivel de protección social ao tempo que estados de altos niveis de renda fracasan á hora de organizaren a protección social das súas poboacións, o que demostra que a protección social non depende, ou non depende só, do nivel de desenvolvemento económico. Por último, o capítulo VIII analiza a relación entre o nivel de protección social existente e a historia política dun país e relaciona as propostas de privatización dos sistemas de protección social co contraataque do capitalismo na procura de virar a correlación de forzas establecida entre capital e traballo despois da 2ª GM.

O segundo bloque pescuda nun dos enfrontamentos máis importantes que se desenvolven nos países ricos desde o comezo da ofensiva neoliberal a principios dos anos 80: a batalla polas pensións. O capítulo IX analiza a proposta publicada polo Banco Mundial en 1994 e que serve de inspiración ás propostas de reforma defendidas polos chamados «expertos». O capítulo X explica como Pinochet foi un pioneiro na aplicación das propostas do BM. O capítulo XI subliña o papel de dúas institucións económicas non democráticas, BE e FMI, no deseño de reformas que despois aplican gobernos democraticamente elixidos e explica como un político, Rodrigo Rato, que non puido reducir dereitos sociais cando dependeu dos votos populares, utilizou a súa estadia no FMI para promover políticas antisociais. O capítulo XII expón as eivas dos sistemas de pensións anglosaxóns de capitalización. O capítulo XIII fai referencia a un proxecto frustrado dos sindicatos socialdemócratas suecos, o plan Meider de fondos de pensións controlados pol@s traballador@s. O capítulo XIV analiza os cálculos que segundo a patronal dos fondos de investimento, INVER-

CO, demostran que a Seguridade Social é inviablel; os *seus* números demostran o contrario. O último capítulo deste bloque, o XV, mostra a fortaleza do sistema público en tempo de crise e a posibilidade de aumentar o rateo cotizantes/pensionistas.

O terceiro bloque, titulado «O que esquecen @s neoliberais», céntrase en catro factores que non son tidos en conta pol@s que anuncian a inviabilidade futura dos sistemas de pensións, que se centran só en dúas variábeis: o envellecemento da poboación e a relación cotizantes/pensionistas. O capítulo XVI refírese á evolución da produtividade como factor que pode contrarrestar a redución do rateo entre activos e dependentes. O capítulo XVII denuncia que @s propagandistas neoliberais como Miguel Ángel Fernández Ordóñez, ex-gobernador do BE, esquecen sistematicamente a distribución da renda como un dos factores máis importantes que inflúen na viabilidade dos sistemas de pensións. O capítulo XVIII reflexiona sobre a gran cuestión que decidirá o futuro da sociedade e, xa que logo, sobre o futuro dos sistemas de protección social: seremos quen de organizarmos un sistema económico compatíbel cos límites físicos do planeta? O capítulo XIX analiza o proceso de financeirización da economía como unha ameaza para a estabilidade económica e a viabilidade da protección social.

O libro remata cunhas reflexións sobre a crise que atravesou o capitalismo desde 2007. Foi caracterizada como unha crise financeira e pasaxeira. No verán de 2013 enceta o seu sétimo ano sen que ninguén se atreva a lle pór data de saída. O capitalismo íspese como unha máquina insaciábel de destrución de dereitos sociais e laborais que necesita neutralizar a democracia para aplicar o seu programa máximo. A ofensiva contra os dereitos sociais e a democracia é sistemática. Os parlamentos e os gobernos europeos, especialmente os dos países do Sur, convértense en claques das decisións que adoptaron

previamente Angela Merkel e o gobernador de quenda do BCE. Defender a democracia, a capacidade dos pobos de decidiren colectivamente o seu futuro e a posibilidade de viviren con dignidade, e defenderen os servizos públicos e os bens comúns da grande expropiación son dous aspectos dun mesmo antagonismo que enfronta traballo e capital. As clases traballadoras de Europa e América do Norte aceptaron vérense a si mesmas como clases medias; asumiron, tamén, o consumismo e unha variante alienada do individualismo e renunciaron á acción cívica común. Reaxirán para restauraren a democracia e a soberanía sobre os bens comúns? Cando? Nun artigo, o economista Xavier Vence comparaba o proceso en curso en Europa coa década perdida na América latina.⁴ Cumprirán dez anos de retrocesos sociais antes do contraataque d@s de abaixo? Este libro quere desvelar algunhas das mentiras coas que nos bombardean @s poderos@s e os medios de persuasión de masas que lles dan voz. Quere ser, ao tempo, unha chamada á mobilización. Que @s inxust@s non teñan señorío!

4 Vence, Xavier, «A "latinoamericanización" de Europa», *Xornal de Galicia*, 11 de xuño de 2011.

A PROTECCIÓN SOCIAL

De como os seres humanos organizan a solidariedade colectiva

Sabemos que para nosoutros non hai outra saída que axudármonos uns aos outros, que ningunha man nos salvará se nosoutros mesmos non deitamos a man. E a man que vosoutros deitades está baleira, como o está a miña. Non tedes nada. Non posuídes nada. Non sodes donos de nada. Sodes libres. Todos canto tedes é o que sodes, e o que dades.

—
K. LE GUIN, ÚRSULA, *Los Desposeídos*,
Ediciones Minotauro 1985, Barcelona

CAPÍTULO I. DE QUE ESTAMOS A FALAR CANDO FALAMOS DE PROTECCIÓN SOCIAL?

Nunha entrevista publicada no ano 2000,⁵ o historiador da medicina José María López Piñero reivindicaba a existencia dun sistema de sanidade público: «A desigualdade humana ante a enfermidade e a dor é a máis odiosa de todas». Nesta frase encérranse dúas afirmacións. A primeira, que as desigualdades humanas son todas odiosas. A segunda, que para un ser humano, que mereza ese nome, é insoportábel que outro ser humano non reciba os coidados médicos que necesite e que a sociedade poida ofrecer. Piñero cualificaba moi duramente o retroceso ocorrido no último cuarto do século XX nos sistemas sanitarios dos países máis ricos: «Pense vostede que nos últimos 25 anos o retroceso dos sistemas asistenciais e de saúde pública no mundo occidental foi arrepianete», e citaba a situación de Inglaterra e dos Estados Unidos. Nos países democráticos o Estado do benestar construíuse despois da 2ª GM e púxose en cuestión a partir de principios dos oitenta. No Reino de España desenvolveuse despois da desaparición da ditadura fascista. O sistema sanitario é un dos elementos principais dos sistemas de protección social. Mais as distintas tradicións políticas e ideolóxicas, a correlación de forzas entre as clases sociais e o nivel de riqueza inflúen no desenvolvemento, niveis de cobertura e características dos sistemas de protección social. No Reino de España, cun produto por persoa de 23.900 euros, a sanidade pública é universal e gratuíta; nos EUA, cun produto por persoa de 32.200 euros, un 35% meirande, existen máis de 40 millóns de persoas sen cobertura médica. O Reino de España insírese

5 Entrevista de Julio A. Mañez, *El País*, suplemento «Babelia», 29 de abril de 2000.

no espazo político europeo. A influencia política do movemento operario en Europa vehiculouse a través da construción de sindicatos e partidos socialdemócratas e comunistas e de movementos anarquistas e de extrema esquerda. O movemento operario nos EUA foi destruído na súa case totalidade. A catividade da protección social nos EUA é unha consecuencia desa derrota. Porque a protección social é unha cuestión política que depende da correlación de forzas entre as clases sociais que estruturan cada sociedade.

Para a OIT «a seguridade social é a protección que a sociedade ofrece ás persoas e fogares para garantir o acceso ao coidado médico e garantir a seguridade de ingresos, en particular en casos de velez, desemprego, enfermidade, invalidez, lesións no traballo, maternidade e perda dun sustentador na familia.»⁶ Esta protección materialízase en pensións de xubilación, prestación por desemprego, asistencia sanitaria e farmacéutica, protección en situación de incapacidade, protección da maternidade e pensións de viuvez e orfandade.

Viçenc Navarro⁷ inclúe as lexislacións laboral, de protección do consumidor e do medio ambiente e a garantía do dereito á vivenda e propón unha definición máis ambiciosa integrada por catro áreas de intervención:

- 1.— As transferencias públicas, especialmente as pensións de velez.
- 2.— Os servizos públicos de sanidade, educación, servizos sociais e servizos de axuda ás familias, como escolas in-

6 Organización Internacional do Traballo, 8ª Reunión Rexional Europea, *Información sobre protección social en Asia Central*, febreiro de 2009.

7 Navarro, Viçenc (director), *La Situación Social en España*, Fundación F. Largo Caballero, Madrid, 2005, p. 23.

fantís, servizos domiciliarios, residencias de anciáns e vivenda social.

- 3.— As normas de protección d@s traballador@s, consumidor@s e residentes, quer dicir, as normativas laborais, ambientais e de protección d@s consumidor@s e as políticas encamiñadas a producir bo emprego.
- 4.— As intervencións relacionadas coa vivenda.

Os dous primeiros elementos desta clasificación, transferencias e servizos públicos, adaptacióne aos criterios da oficina estatística da CE (Eurostat), e ás contas anuais do sistema de protección social publicadas polo INE. Podemos polo tanto considerala como unha útil descrición dos sistemas de protección social propios dos países ricos.

Cando falamos de protección social adoitamos pensar nos países desenvolvidos de alta renda por persoa. Existen, tamén, estados que a partir dunha baixa renda por persoa organizan un nivel de protección social significativo. En Kerala, un dos estados da India, existen cinco programas que se integran no enfoque das necesidades básicas⁸: reforma agraria, distribución de alimentos en institucións educativas, distribución de alimentos ás persoas en tendas de comercio xusto, programas de vivenda dirixidos ao 40% máis pobre da poboación e gasto público en educación. Cuba e Kerala son dous exemplos (ver capítulo VII) que demostran a posibilidade de satisfacer as necesidades básicas en países de renda por persoa baixa.

O nivel da protección social no mundo é moi desigual. En xeral, maiores investimentos en seguridade social (en termos do Produto Interno Bruto –PIB–) provocan un maior efecto

8 Sanjay Peters, *En Busca del Progreso y el Equilibrio. Experimentos en el desarrollo en la India*, Barcelona, Kairós, 2008, pp. 77-91.

sobre a redución e prevención da pobreza. Na Unión Europea (UE) a pobreza sería moito maior se non existisen os servizos e prestacións públicos. Os sistemas de protección social na UE-27 reducen a exposición á pobreza nun 40%, aínda que esta porcentaxe varía entre os distintos países, o que reflicte diferenzas na efectividade dos programas de protección social. Os sistemas de seguridade social son eficaces en reduciren a exposición á pobreza, mais no conxunto do mundo só unha de cada cinco persoas ten adecuada cobertura social e máis da metade da poboación mundial carece de calquera tipo de protección da seguridade social.⁹

A protección social no Reino de España resúmese nas contas integradas de protección social (ver capítulo III). O Estado español gastou en protección social, en 2006, 21 de cada 100 euros do PIB. Esta porcentaxe é moi inferior, como veremos no capítulo III, ao gasto social medio dos estados da UE. Porén, sen esta solidariedade socialmente organizada millóns de persoas vivirían na pobreza e non terían acceso á atención sanitaria, non poderían afrontar o custo dunha intervención cirúrxica ou o tratamento dunha doenza crónica.

Os principais gastos de protección social son o de pensións, atención sanitaria e desemprego. O gasto en pensións distribúese en tres funcións: «Vellez», na que se contabilizan as pensións de xubilación; «Supervivencia», na que se recollen as pensións de viuvez e as prestacións por orfandade; e «Invalidez», as pensións das persoas traballadoras ás que se lles reconece unha incapacidade. A función «Enfermidade, Atención Sanitaria» contabiliza o gasto dos servizos públicos de saúde das comunidades autónomas en atención sanitaria e prestacións farmacéuticas. Por último, a función «Desempre-

9 OIT, *Op. Cit.*.

go» dá conta do gasto en prestacións para as persoas paradas que desembolsa o Instituto Nacional de Empleo.

A Seguridade Social é a principal fonte de ingresos para máis de nove millóns de persoas que viven dunha pensión, garante a asistencia sanitaria universal e gratuíta para toda a poboación e fornece unha fonte de ingresos para millóns de traballador@s cando perden o emprego. O financiamento dese gasto procede das cotizacións sociais e dos impostos.

As cotizacións sociais financian todas as prestacións contributivas, quer dicir, as prestacións ás que dan dereito as cotizacións realizadas tanto para as persoas titulares como para as persoas beneficiarias. As cotizacións sociais proceden, por unha parte, das nóminas das traballadoras e traballadores e, por outra, das achegas das empresas. Esta parte pode entenderse como salario diferido no tempo e administrado colectivamente, que o traballador e a traballadora recibirá cando precise unha prestación, subsidio de desemprego, baixa por enfermidade, atención sanitaria,... ou, cando se xubile, pensión de xubilación.

Os impostos financian as prestacións non contributivas e a sanidade. No Reino de España son os traballadores e as traballadoras @s que pagan a maior parte dos impostos. O gasto en protección social é, xa que logo, a organización colectiva, financiada pola clase traballadora, da solidariedade social. Como veremos noutros capítulos, o sistema necesita máis ingresos e o financiamento debería ser máis progresivo, deberían pagar máis as rendas non salariais. Na entrevista que citaba ao comezo deste artigo, López Piñero cualificaba o Estado do benestar como a gran conquista moral do século XX. Esa conquista da civilización humana debe ser protexida e perfeccionada.

CAPÍTULO II. É ÚTIL A PROTECCIÓN SOCIAL? COMBATER A POBREZA INFANTIL

Este libro intenta responder unha pregunta: é viábel o gasto en protección social? Mais antes cómpre contestar outras: é eficaz ese gasto?, contribúe realmente a mellorar a situación de certos grupos sociais? Estudar a influencia da protección social sobre a pobreza infantil indícanos que é moi útil, moi rendíbel. A UNICEF publica anualmente un informe sobre a situación da infancia no mundo. O informe do ano 2005¹⁰ describe a situación e evolución da pobreza infantil na década dos noventa do século pasado. O informe céntrase nos países da OCDE (Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económico). Forman parte desta organización os trinta países máis ricos do mundo. O estudo analiza os datos de só 26, xa que non tivo acceso aos datos dos outros catro. Nos países máis ricos do mundo existen entre 40 e 50 millóns de meniñ@s que viven por baixo das liñas de pobreza. A pobreza que sofren esas nenas e nenos é unha cuestión moral, xa que atenta contra a idea, estendida durante os dous últimos séculos, segundo a cal «as oportunidades de vida non deberían ser ditadas polas circunstancias do seu nacemento (d@nen@).» Este aspecto moral debería ser suficiente para que a loita contra a pobreza infantil se convertese nunha prioridade na definición das políticas públicas e orzamentarias. Pero, ademais, as consecuencias da pobreza infantil acompañarán @nen@ que a sufra durante toda a súa vida e, polo tanto, a sociedade na que viva: «existe unha estreita relación entre

10 Centro de Investigaciones Innocenti, UNICEF, *Pobreza Infantil en los Países Ricos 2005, Report Card n° 6*, Florencia, 2005. Os textos entre aspas son citas literais do informe.

crecer na pobreza e a probabilidade de baixo rendemento nos estudos, problemas de saúde, embarazos adolescentes, abuso de substancias nocivas, comportamentos criminais e antisociais, salarios baixos, paro e unha reiterada dependencia das prestacións sociais.»

A pobreza infantil influirá negativamente sobre a economía e incidirá sobre os desequilibrios orzamentarios. Do lado do produto e do ingreso porque a baixa formación leva consigo unha baixa produtividade e os baixos salarios producen baixas cotizacións e impostos. Desde o lado do gasto porque os comportamentos delituosos, o paro e a dependencia das prestacións sociais aumentan o gasto público.

Entre 1991 e 2000, en 14 dos 24 países de que se dispón de datos, a pobreza infantil aumentou. A táboa I recolle as taxas de pobreza infantil en 26 países da OCDE correspondentes ao ano 2000. Considérase que un neno ou unha nena está en situación de pobreza infantil se os ingresos de que dispón son menos da metade dos ingresos medios de que dispón unha crianza que crece nesa sociedade, supoñendo unha distribución equitativa dos recursos dentro da familia e tomando en conta o tamaño e a composición desta.

TÁBOA I. PORCENTAXE DE POBREZA INFANTIL	
ATA O 5%	
DINAMARCA	2,4%
FINLANDIA	2,8%
NORUEGA	3,4%
SUECIA	4,2%
ENTRE O 5 E O 15%	
SUÍZA	6,8%
REP. CHECA	6,8%
FRANCIA	7,5%
BÉLXICA	7,7%

TÁBOA I. PORCENTAXE DE POBREZA INFANTIL

HUNGRÍA	8,8%
LUXEMBURGO	9,1%
PAÍSES BAIXOS	9,8%
ALEMAÑA	10,2%
AUSTRIA	10,2%
GRECIA	12,4%
POLONIA	12,7%
REINO DE ESPAÑA	13,3%
XAPÓN	14,3%
AUSTRALIA	14,7%
CANADÁ	14,9%
ENTRE O 15 E O 20%	
REINO UNIDO	15,4%
PORTUGAL	15,6%
IRLANDA	15,7%
NOVA ZEL.	16,3%
MÁIS DO 20%	
EUA	21,9%
MÉXICO	27,7%

FONTE: elaboración propia a partir dos datos de Centro de Investigaciónes Innocenti, UNICEF, *Pobreza Infantil en los Países Ricos 2005, Report Card nº 6*, Florencia, 2005, pp. 4-5.

Os países poden clasificarse en catro grupos. No primeiro, o nivel de pobreza infantil é inferior ao 5% e todos os países escandinavos están neste grupo. No segundo estarían os países en que a porcentaxe de pobreza infantil vai do 5 ao 15%, entre eles todos os máis poboados de Europa, excepto Italia. No terceiro, cinco países con taxas de pobreza infantil moi altas, do 15 ao 17%. Para rematar, México e EUA, a nación máis poderosa do planeta, con taxas que superan o 20%. O nivel de pobreza infantil no Reino de España é dun 13,3%, 13 de cada 100 nen@s non teñen acceso aos bens e servizos que lles permitirían integrárense con normalidade na sociedade. No ano

2.000, o Estado español gastaba en axuda ás familias un 0,5% do PIB, fronte a un 3,7% de Dinamarca, un 3,1% de Finlandia ou un 3,4% de Suecia.¹¹

O informe propón as seguintes conclusións:

- **A intervención pública reduce o nivel de pobreza infantil.** É un 40% máis baixa, no conxunto de países avaliados, que a que existiría sen transferencias e programas de asistencia públicos. Os gobernos de países con taxas máis baixas de pobreza infantil, Dinamarca, Noruega, Finlandia e Suecia, conseguen reducila nun 80%.
- Existe unha variación considerábel nas taxas de pobreza –do 3 ao 15%– entre países con gasto público semellantes. As taxas de pobreza infantil dependen non só do nivel de gasto dos gobernos, senón do modo en que se distribúe. Algúns países poderían reducir a pobreza infantil por baixo do 10% sen aumentaren o gasto público.
- Ningún país dos que dedican o 10% ou máis do PIB a transferencias sociais supera o 10% de nen@s pobres. Ningún país que gasta en transferencias sociais menos do 5% ten unha taxa de pobreza infantil inferior ao 15%.
- Entre os factores que inflúen nos niveis de pobreza destacan a política governamental, os esforzos familiares e as condicións do mercado laboral.

11 Navarro, Viçenc e Quiroga, Águeda, *La protección social en España y su desconvergencia con la Unión Europea*, Informe preparado para o Seminario «La convergencia social de España con la Unión Europea», Universidad Internacional Menéndez Pelayo, Santander, 2003, p. 39.

Estados Unidos e Noruega

Resulta interesante comparar os niveis de pobreza de Noruega e dos EUA, países cunha renda por habitante moi semellante, 37.760\$ para Noruega e 37.562\$ para os EUA, en paridade de poder adquisitivo.¹² O nivel de pobreza entre @s nen@s estadounidenses é máis de 6 veces superior (6,44 veces) ao d@s nen@s do país escandinavo. Entre 1991 e 2000, as transferencias sociais a nen@s que viven en fogares que reciben axudas aumentaron un 33,6% en Noruega e diminuíron un 6,4% nos EUA. A comparación da evolución da pobreza infantil en Estados Unidos e Noruega é especialmente interesante. Nos dous países diminuíu moito na década dos noventa. Con todo, a influencia de distintos factores na redución e a previsíbel evolución futura son moi diferentes.

O descenso na taxa de pobreza infantil foi moi intenso nos EUA, pasando do 24,3% en 1991 ao 17% en 2000. A liña de pobreza sitúase na metade dos ingresos medios do ano 1991. Unha baixada do 7,3% que se desagrega do seguinte xeito. A influencia dos cambios na familia e demográficos reduciron a pobreza infantil un 1,4%; os cambios no mercado de traballo, un 4,1%; outros factores, un 2,5%. Os cambios nas transferencias gobernamentais contribuíron a que a pobreza infantil aumentase un 0,7%. Detrás destes factores está un período de crecemento sostido que permitiu salarios máis altos e máis oportunidades de emprego. O apoio ás familias sen emprego reduciuse á metade, mentres se multiplicaron por seis as transferencias ás familias con emprego.

12 Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), *Informe sobre desarrollo humano*, Ediciones Mundi-Prensa, Madrid, 2005.

A pobreza infantil en Noruega reduciuse desde o 5,25 ao 3,4% e ata o 2% se se utiliza unha liña de pobreza fixa establecida na metade dos ingresos medios de principios dos anos 90. Os cambios na familia e demográficos explican un 0,6% do descenso, os cambios no mercado de traballo outro 0,6%, outros factores contribúen a un aumento do 2,3% e as transferencias gobernamentais reducen a pobreza infantil un 4,3%. O informe sinala que esta redución se conseguiu despois de que unha recesión a principios dos 90 influíse en que o avance económico no conxunto da década fose pequeno. As prestacións sociais reducíronse, mais aumentaron as dirixidas ás familias.

O informe contrasta a redución da pobreza infantil en Noruega nunha década de escaso avance económico grazas ás transferencias públicas coa redución producida nos EUA debido ao aumento do emprego e dos salarios, e pregúntase: «que pasará cando se apliquen as novas regras de asistencia social durante unha recesión económica?».¹³ A pregunta semella máis que pertinente no contexto de grave crise económica do ano 2012. Segundo datos do BM, a taxa de paro nos EUA pasou do 4% no ano 2000 ao 9,3% en 2009. O aumento do paro xunto coa febleza da protección social e o aumento da desigualdade na distribución da renda (ver capítulo XVI) debeu provocar un notábel incremento da pobreza infantil. No entanto, en Noruega a taxa de paro baixou levemente, desde o 3,4% ao 3,2% no mesmo período.

13 Centro de Investigaciones Innocenti, UNICEF, *Op. Cit.*, p. 18.

TÁBOA II. EVOLUCIÓN DA POBREZA INFANTIL ENTRE 1991 E 2000

	EUA	NORUEGA
TAXA DE POBREZA INFANTIL 1991	24,3	5,2
FAMILIA E CAMBIOS DEMOGRÁFICOS	-1,4	-0,6
CAMBIOS NO MERCADO DE TRABALLO	-4,1	-0,6
TRANSFERENCIAS GOBERNAMENTAIS	+0,7	-4,3
OUTROS	-2,5	+2,3
TAXA DE POBREZA INFANTIL 2000	17,0	2,0

FONTE: elaboración propia a partir dos datos de Centro de Investigaciones Innocenti, UNICEF, *Pobreza Infantil en los Países Ricos 2005, Report Card n° 6*, Florencia, 2005, pp. 17-20.

A pobreza infantil pode ser combatida con éxito aumentando as transferencias públicas que se financian con impostos. O deterioro do mercado laboral producido polas políticas neoliberais influíu sen dúbida no aumento da pobreza infantil en catorce dos países máis desenvolvidos mentres a súa renda por habitante crecía entre 1991 e 2000. A intervención estatal reduce significativamente a pobreza infantil producida polo desigual reparto da riqueza. A recadación impositiva no Reino de España está máis de 10 puntos porcentuais por baixo da media da UE-15. No debate político e económico no Reino de España, a suba dos impostos é un tema tabú. Só as forzas políticas minoritarias de esquerda, BNG, IU, IC-EV, ERC, BILDU... a propoñen. O ex-presidente do PSOE, Rodríguez Zapatero, afirmou publicamente «baixar impostos é de esquerdas», e baixounos. As forzas políticas e sociais da dereita, apoiadas pola case totalidade dos medios de persuasión de masas, combaten os servizos públicos e caricaturizan o Estado como un recadador insaciábel. No ano 2011, un país que se queira

civilizado non pode permitir que centos de miles de meniñ@s medren con menores posibilidades de desenvolvemento físico, moral e social. Reducir a pobreza infantil é posíbel, non facelo é moralmente inaceptábel.

CAPÍTULO III. É O GASTO SOCIAL NA GALIZA E NO REINO DE ESPAÑA EXCESIVO E INSOSTÍBEL?

Unha idea que repiten incansábeis a maioría dos medios de persuasión de masas é a de que o gasto social é insostíbel. Ao comezo da crise financeira, os máximos representantes das clases dominantes dubidaron sobre a viabilidade do sistema capitalista na súa configuración actual. George Bush, daquela presidente dos EUA, expresou o seu abraio e a necesidade de suspender temporalmente o funcionamento dos mercados. Díaz Ferrán, presidente da CEOE na altura, propuxo unha idea idéntica. O presidente francés Sarkozy manifestou a necesidade de refundar o capitalismo. A falta de reacción das clases traballadoras mudou en poucos meses a incerteza que embargaba as clases dominantes. Estas decatáronse de que a crise supuña unha oportunidade extraordinaria para aplicaren o seu programa de máximos. Nos EUA os gobernadores republicanos electos en 2010 desataron unha ofensiva contra os dereitos sindicais e sociais do funcionariado; en Europa, os ataques dos especuladores contra a débeda de Irlanda, Grecia, Portugal, Reino de España, Bélxica... son aproveitados para aprobar cortes nos dereitos salariais, nas pensións, no dereito á negociación colectiva... No Reino de España, os partidos de dereita, nomeadamente o Partido Popular e Convergencia i Unió, utilizando as pancas dos gobernos autonómicos aos que chegaron nas eleccións do 22 de marzo de 2011, propóñense avanzaren na privatización da sanidade e da educación e re-

duciren todo o que poidan o gasto público social. Todo o que poidan significa todo o que a falta de reacción popular lles permita. Para desenvolveren esta política privatizadora é necesario, como escribía ao comezo deste parágrafo, convenceren a poboación de que o gasto social é insostíbel. En realidade, o gasto social no Estado español é moi inferior ao dos estados comparábeis da UE. Contra o que mantén a propaganda neoliberal existe unha estreita correlación entre alta recadación fiscal, alto gasto público e fortaleza do sistema económico. En porcentaxe, o gasto social no Estado español é inferior á media do gasto social na UE como reflicte a táboa I.¹⁴

TÁBOA I. GASTO EN PROTECCIÓN SOCIAL, % DO PIB (2006)

UE-27	AE-15	REINO DE ESPAÑA
26.9	27.5	20.9

No ano 2006, a media de gasto social na UE-27 era 6 puntos do PIB superior á do Reino de España. A diferenza sería meirande se fixermos a comparación coa cifra correspondente á área euro, case 7 puntos porcentuais. Os 15 países da área euro son, coas excepcións de Grecia, Portugal, Romanía e Reino de España, países de alto desenvolvemento económico e social. Os países de alto desenvolvemento económico e social gastan máis en protección social e ese gasto meirande é unha fortaleza e non unha carga para as súas sociedades.

Este menor gasto social non é unha consecuencia de sermos máis pobres. Existe moita máis diferenza no gasto social por persoa entre o Estado español e Europa que en produto por persoa.

14 FONTE: The Social Situation in the European Union 2007, Comisión Europea, 2008, e *The Social Situation in the European Union 2008*, Comisión Europea, 2009.

TÁBOA II. PRODUTO E GASTO SOCIAL POR PERSOA

	PRODUTO POR PERSOA (2007, EN EUROS)	GASTO EN PROTECCIÓN SOCIAL POR PERSOA (2006)
UE-27 (A)	24,900	6,349
UE-25(B)	26,100	6,630
REINO DE ESPAÑA (C)	23,400	5,163
C/A (%)	94%	81%
C/B (%)	90%	78%

FONTE: elaboración propia. Datos: *The Social Situation in the European Union 2008*, Comisión Europea, 2009.

O produto por persoa no Reino de España é 6 e 10 puntos porcentuais inferior á media da UE-27 e da UE-25. No entanto, a diferenza en gasto social por persoa é de 19 e 22 puntos porcentuais respectivamente e de case 1.200 e case 1.500 euros en termos absolutos. O menor gasto en protección social non se xustifica pola menor capacidade económica do Estado español.

Canto é o que deixamos de gastar en protección social? Se o gasto en protección social na Galiza se igualase ao da UE-27 gastaríamos 3.100 millóns de euros anuais máis e máis de 3.400 millóns se nos igualásemos ao gasto social da área euro.¹⁵

15 As contas integradas de protección social non territorializan o gasto por comunidades. Para os cálculos, dou por suposto que o gasto social na Galiza é a mesma porcentaxe do PIB que no conxunto do Estado.

TÁBOA III. GASTO SOCIAL NON REALIZADO. GALIZA, 2006 (MILLÓNS €)

PIB 2006	52,138
GASTO SOCIAL (20,9% DO PIB)	10,897
GASTO SOCIAL EQUIVALENTE UE-27 (26,9% DO PIB)	14,025
GASTO SOCIAL EQUIVALENTE AE-15 (27,5% DO PIB)	14,338
DIFERENZA CON UE-27	3,128
DIFERENZA CON AE-15	3,441

FONTE: PIB, IGE e INE

Que se podería facer con eses cartos? No orzamento aprobado polo parlamento galego para o ano 2006, as principais partidas de gasto social eran as correspondentes ao Servizo Galego de Saúde (Sergas), á Vicepresidencia de Igualdade e Benestar, á Consellaría de Traballo e á de Vivenda e Solo. A cantidade que non se inviste en protección social polo atraso do Estado de benestar na Galiza con respecto á UE equivale case á suma das catro partidas citadas e supera a partida asignada ao Sergas, o principal gasto en protección social transferido á autonomía galega.

TÁBOA IV. PRINCIPAIS PARTIDAS SOCIAIS DO ORZAMENTO GALEGO PARA O ANO 2006

TOTAL	3,836
SERGAS	3,064
VICEPRESIDENCIA DE IGUALDADE E BENESTAR	366
TRABALLO	298
VIVENDA E SOLO	108

FONTE: Orzamento aprobado polo parlamento galego para o exercicio 2006¹⁶

Se se dedicase a terceira parte da diferenza en gasto social coa UE-27, quer dicir, 1.042 millóns de euros ($3.128 : 3 = 1.042$), o

16 http://www.parlamentodegalicia.es/sites/ParlamentoGalicia/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei7_2005.pdf.

gasto sanitario na Galiza aumentaría nun terzo, o que permitiría reducir as listas de espera, a principal queixa dos usuarios do sistema, ou financiar novas infraestruturas como o hospital de Vigo, cuxa construción custará 374 millóns de euros, mais polo que deberemos pagar 1.400 millóns ao decidir o goberno neoliberal de Núñez Feijóo recorrer ao financiamento privado. Na altura do verán de 2013, o modelo de financiamento público-privado promovido polo Goberno de Núñez Feijóo está a se revelar como un verdadeiro fiasco. A Unión Temporal de Empresas que conseguiu a adxudicación da obra non atopa financiamento e esta está paralizada.¹⁷ Volvo subliñar que o custo do hospital é moi inferior á cantidade que deixamos en gastar en protección social con respecto á media dos 27 países da UE. Este é un bo exemplo de como un reducido gasto social abre unha magnífica oportunidade de negocio para as empresas privadas, negocio que pagarán as traballadoras e os traballadores vía impostos diferidos durante 20 anos.

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas, presentou onte na cidade os pregos do concurso para a construción da infraestrutura a través dunha concesión administrativa. Asegurou que custará máis de 1.400 millóns de euros. Segundo indicou a titular de Sanidade, o Goberno autonómico pagará o hospital en 20 anos mediante un canon máximo anual de 71 millóns.

A conselleira valorou o custo real da obra en 374 millóns de euros e asegurou que «non xerará débeda pública», pese a que non só se estará pagando por un activo que será da empresa que se faga cargo do hospital, senón que tamén se lle

17 Vizoso, Sonia, *El País*, 23 de maio de 2013.

permitirá embolsar, segundo as estimacións da Plataforma para a Defensa da Sanidade Pública da Área de Vigo, máis de 256 millóns de euros pola explotación comercial da obra durante dúas décadas.

N. ARIAS/ *Xornal.com*, 16/05/2010

Canto é o que se deixa de gastar no conxunto do Reino de España debido ao baixo gasto social? A diferenza é de case 60.000 millóns con respecto á UE-27 e de case 65.000 millóns con respecto á área euro.

TÁBOA V. GASTO SOCIAL NON REALIZADO. REINO DE ESPAÑA, 2006 (MILLÓNS €)	
PIB 2006	984.284
GASTO SOCIAL (20,9% DO PIB)	205.715
GASTO SOCIAL EQUIVALENTE UE-27 (26,9% DO PIB)	264.772
GASTO SOCIAL EQUIVALENTE AE-15 (27,5% DO PIB)	270.678
DIFERENZA CON UE-27	59.057
DIFERENZA CON AE-15	64.963

Que necesidades se poderían atender con esta cantidade que deixamos de gastar en protección social? As contas integradas de protección social resumen o gasto nas distintas partidas do gasto social.

TÁBOA VI. CONTAS INTEGRADAS DE PROTECCIÓN SOCIAL NO REINO DE ESPAÑA EN 2006	
TOTAL	205,480
FUNCIÓN "VELLEZ"	63,776
FUNCIÓN "ENFERMIDADE, ATENCIÓN SANITARIA"	62,499
FUNCIÓN "DESEMPREGO"	23,988
FUNCIÓN "SUPERVIVENCIA"	18,997
FUNCIÓN "INVALIDEZ"	15,156
FUNCIÓN "FAMILIA, FILL@S"	11,795
GASTOS ADMINISTRATIVOS	4,623

FUNCIÓN "EXCLUSIÓN SOCIAL"	2,507
FUNCIÓN "VIVENDA"	1,663
OUTROS GASTOS	478

FONTE: INE, <http://www.ine.es/jaxi/tabla.do>

Un comentario antes de analizar e comparar as cantidades. A táboa aparece fría e burocrática, números, cifras, gastos administrativos... Porén, é a expresión condensada da solidariedade social organizada, son humanidade, o mellor da nosa especie. Son, tamén, o resultado dun longo século de organización e loita do movemento operario e son unha das achegas que ese movemento fixo á civilización humana. Permitir a destrución da humanidade resumida nese cadro sería tanto como permitir o esquecemento da obra de Newton ou Einstein, como aceptar que os dereitos das mulleres desaparecesen. Destruír esa solidariedade social organizada é hoxe o obxectivo do capitalismo desatado. Non o permitamos.

Se o gasto social no Reino de España igualase a porcentaxe do PIB que destinan a ese fin os países da área euro, disporía de 65.000 millóns de euros a máis dos que hoxe gasta. Esa cantidade supera a empregada para o gasto máis importante, función «Vellez», e case iguala á destinada ao segundo gasto en importancia, «Atención sanitaria». O déficit xerado polos sistemas públicos de saúde, xestionados polas comunidades autónomas, podería ser compensado doadamente. Habería, tamén, a posibilidade de aumentar o gasto dedicado á protección das familias, de todos os tipos de familias, non só das que a dereita española considera familias *normais*. Este é un dos gastos en protección social máis subdesenvolvidos na Galiza e no Reino de España.

TÁBOA VII. GASTO NA FUNCIÓN «FAMILIA E FILL@S», % DO PIB (2006)	
UE-27	2.1
UE-25	2.1
BÉLXICA	1.1
DINAMARCA	3.7
ALEMAÑA	1.5
FRANCIA	2.5
ITALIA	1.2
HOLANDA	1.6
AUSTRIA	2,9
SUECIA	1.6
FINLANDIA	2.9
REINO DE ESPAÑA	1.2

FONTE: *The Social Situation in the European Union 2008*, Comisión Europea, 2009.

O gasto en familia e fill@s é, como porcentaxe do PIB, un 75% superior na UE á do Estado español. Nos países escandinavos (Finlandia e Suecia), os de Estado do benestar máis desenvolvido, é un 140% máis alto, e un 200% maior en Dinamarca.

TÁBOA VIII. DIFERENZA DE GASTO EN AXUDA ÁS FAMILIAS NO REINO DE ESPAÑA EN 2006 (MILLÓNS €)	
PIB 2006	984.284
GASTO NA FUNCIÓN "FAMILIA, FILL@S" (1,2% DO PIB)	11.795
GASTO NA FUNCIÓN "FAMILIA, FILL@S" EQUIVALENTE UE-27 (2,1% DO PIB)	20.670
DIFERENZA CON UE-27	8.875
GASTO NA FUNCIÓN "FAMILIA, FILL@S" EQUIVALENTE SUECIA (2,9% DO PIB)	28.544
DIFERENZA CON SUECIA	16.749

FONTE: elaboración propia. Datos: *The Social Situation in the European Union 2008*, Comision Europea, 2009.

As clases dominantes do sur de Europa promoven unha defensa retórica da familia tradicional baseada na visión máis reaccionaria do catolicismo. O resultado desa visión reaccionaria é que as mulleres deben realizar o triplo esforzo do traballo asalariado, o traballo doméstico e o coidado de menores e anciáns. Existe un déficit moi grande de escolas infantís e servizos de atención ás persoas dependentes públicos, de calidade e gratuítos. A consecuencia é que as mulleres de entre 35 e 55 anos son o grupo social con peores indicadores de saúde mental e, tamén, que as mulleres non son libres para decidiren libremente teren ou non fill@s. A taxa de natalidade nos países do sur de Europa é moito máis baixa que naqueles nos que existen os servizos citados arriba e axudas por fill@ universais e significativas.

TÁBOA IX. TAXAS DE FERTILIDADE, MEDIA DE FILL@S POR MULLER (2005)

DINAMARCA	1.8
FINLANDIA	1.8
SUECIA	1.77
BÉLXICA	1.61
AUSTRIA	1.4
ALEMAÑA	1.34
FRANCIA	1.92
HOLANDA	1.71
REINO UNIDO	1.78
ITALIA	1.31
PORTUGAL	1.4
GRECIA	1.33
R. DE ESPAÑA	1.35

FONTE: *The Social Situation in the European Union 2007*, Comisión Europea, 2008.

Crise de financiamento da sanidade pública. Introducir o repagamento?

Un informe¹⁸ que conseguiu grande eco nos medios de comunicación cifra a débeda sanitaria acumulada polos servizos públicos de saúde entre 10.000 e 15.000 millóns de euros. O informe non detalla a fonte deste cálculo. Si concreta a débeda sanitaria das comunidades autónomas no ano 2010, 8.739 millóns de euros en total, dos que 208 millóns corresponderían á Galiza, 112 millóns de medicamentos pendentes de pagamento e 96 millóns doutros produtos sanitarios. O informe titula de xeito alarmista un capítulo, «A sanidade non pode estar sempre só a pedir máis recursos», e outro «Un momento de oportunidade para a colaboración público privada». Pretende transmitir dúas ideas: a primeira, que o gasto público en sanidade no Estado español medra de xeito descontrolado; e a segunda, que a solución pasa por ampliar a participación privada na sanidade.

En realidade o gasto en sanidade na Galiza e no Reino de España é baixo se o compararmos co gasto medio na UE.

TÁBOA X. GASTO SANITARIO % PIB, 2006

UE-27	UE-25	REINO DE ESPAÑA
7.5	7.6	6.4

FONTE: *The Social Situation in the European Union 2008*, Comisión Europea, 2009.

A diferenza é de 1,1 puntos porcentuais en relación co PIB, o que supón 573 millóns de euros para Galiza e case 11 mil

18 *Diez temas candentes de la sanidad española para 2011. El momento de hacer más con menos*, <http://www.ciegs.upv.es/docs/10-temas-candentes-sanidad-esp%C3%B1ola.pdf>.

millóns de euros para o Estado. Cantidades que darían para saldar a débeda pendente e mellorar as áreas de atención máis deficientes. A cantidade que deixa de gastar Galiza máis que dobra a débeda acumulada de varios exercicios. A cantidade que deixa de gastar o Estado español é superior á débeda acumulada. Esta cantidade abondaría para saldar a débeda acumulada en sanidade nun único exercicio. A causa da débeda dos sistema sanitarios está en que o Estado español recada menos impostos que os países de semellante desenvolvemento económico e non nun gasto excesivo ou que supere a capacidade da economía para o manter. Esa débeda utilízase para lanzar o debate sobre a introdución do copagamento. Existe unha posibilidade máis equitativa: aproximar o gasto social ao nivel que existe nos estados europeos, para o que sería necesario aumentar a recadación de impostos e que se restabelecese a progresividade do sistema impositivo na Galiza e no Estado español. Mais para iso as clases traballadoras deberían realizar un esforzo político, organizativo e ideolóxico para contrarrestaren as campañas que aseguran que o gasto social é excesivo e que «pagamos» moitos impostos e cotizacións sociais, unificando no suxeito desta oración, nós, as traballadoras e traballadores, que si pagamos impostos e cotizacións sociais, co empresariado e profesionais liberais, que pagan moitos menos impostos en porcentaxe da renda que perciben. Agóchase así o feito de no Estado español existiren dúas fiscalidades, unha para as clases traballadoras e as rendas do seu traballo e outra, ectoplasmática, para as clases capitalistas e as rendas do capital (ver capítulo V).

CAPÍTULO IV. A PROTECCIÓN SOCIAL É UN GASTO IMPRODUTIVO OU UN INVESTIMENTO NA CAPACIDADE PRODUTIVA COMÚN?

IRONÍA DE IRONÍAS, @S DESBALDIDOR@S OBTENEN
MELLOR NOTA DAS AXENCIAS DE CUALIFICACIÓN

No mes de agosto de 2011, Standar&Poors degradou por primeira vez a cualificación da débeda dos EUA de AAA a AA+. Ao degradala, a axencia estaba a actuar como axente infiltrado do Partido Republicano. Nas semanas previas, e mentres demócratas e republican@s debatían se cortaren o gasto social ou manteren os agasallos fiscais aos ricos, defendeu a segunda opción. O corte acordado foi de 2,4 billóns de dólares en 10 anos. Standar&Poors esixiu!!?? publicamente que aumentase até 4 billóns entre 2012 e 2021, sumándose así ás propostas máis reaccionarias do Tea Party. En realidade, o gasto público estadounidense é moi baixo en comparanza coa media dos países desenvolvidos, e o gasto social público, miserento. A recadación fiscal é propia dunha economía subdesenvolvida.

Sorprendentemente, para o pensamento único neoliberal, si conservan a máxima cualificación os países escandinavos, que se caracterizan polo alto nivel de impostos e gasto social público. Sociedades máis igualitarias son tamén fiscalmente máis equilibradas. Existen dúas vías para o equilibrio. Gastar moito en gasto social e financiar ese gasto con impostos, a dos países nórdicos. Ou gastar pouco en gasto social, eliminar os impostos para os ricos, gastar moito en armamento, crear pobreza nun país rico e recibir o castigo da baixada de cualificación.

Que unha axencia de cualificación se atreva a esixirlle a adopción dunha redución do gasto social ao goberno do Estado máis poderoso do mundo é un indicador máis que

preocupante da eliminación de democracia nas sociedades financeirizadas. Plutocracias gobernadas por uns poucos milleiros de persoas que dirixen os fondos de investimento e os organismos económicos internacionais.

Cualificación AAA: Finlandia, Suecia, Noruega, Dinamarca.

Cualificación AA+: Estados Unidos*.

**Público*, 7 de agosto de 2011.

As partidas dos orzamentos dedicadas a educación, sanidade, axudas ás familias, atención ás persoas dependentes son presentados polos medios de persuasión de masas como gastos que supoñen unha carga para a sociedade. Unha vez presentados como unha carga, tentan facernos ver que son unha carga insoportábel que pexa a capacidade produtiva e que por iso deben ser total ou parcialmente privatizadas. En realidade, as sociedades que dedican unha porcentaxe alta do PIB a financiaren a protección social pública presentan os mellores índices de crecemento económico, taxa de paro baixa, alta poboación activa e elevada porcentaxe de incorporación das mulleres ao mercado de traballo. Esta relación indica que os gastos en protección social son, tamén, un investimento produtivo. As axencias de cualificación, gardiás da ortodoxia neoliberal, outórganlles, ironía de ironías, a nota máis alta á débeda destes «países desbaldidores».

A protección social pode organizarse desde a familia, desde o mercado ou desde os poderes públicos. As primeiras versións do Estado do benestar eran familiaristas,¹⁹ baseábanse no división do traballo en función do sexo. Os homes traba-

19 Esping-Andersen, Gøsta & Palier, Bruno, *Los tres grandes retos del estado del bienestar*, Ariel Ciencia Política, Barcelona, 2010, p. 24 e ss.

llaban en troco dun salario actual e outro diferido que daba dereito á asistencia sanitaria, seguro de desemprego e pensión futura. As mulleres encargábanse da crianza d@s meniñ@s, dos labores domésticos e dos coidados ás persoas dependentes, principalmente anciás. A incorporación das mulleres ao traballo retribuído (as mulleres sempre traballaron, mais o seu traballo era invisíbel), e a toma de conciencia provocada polo movemento feminista implicaron que nos anos 70, nos países escandinavos, se creasen novos servizos para as familias.

Nos países nos que non existen eses servizos, as mulleres deben escoller entre unha natalidade baixa ou un emprego de baixa calidade e baixos salarios. As taxas de natalidade son máis baixas alí onde o discurso conservador católico ten unha grande influencia na sociedade. Este discurso propón a defensa da familia tradicional, empregando o eufemismo «familia» para agochar que a economía dos coidados descansa na sobrecarga da vida das mulleres, tripla xornada, traballo asalariado, traballo doméstico, coidado de meniñ@s e persoas anciás.

A economista feminista Cristina Carrasco critica o esquecemento por parte da ciencia económica hexemónica do traballo doméstico e de coidados:²⁰ «En definitiva, a economía, ao se preocupar só do mercado e relegar ao limbo do invisíbel o traballo doméstico e de coidados, está a eludir toda responsabilidade sobre as condicións de vida da poboación, que continúa sendo unha cuestión embarazosa para a teoría económica.»²¹

E, partindo dos datos subministrados pola Enquisa de Emprego do Tempo 2009/2010 (INE), cuantifica o tempo dedicado ao traballo por mulleres e homes:

20 Carrasco, Cristina, *La economía del cuidado: planteamiento actual y desafíos pendientes*, Revista de Economía Crítica, nº11, 2011.

21 *Op. Cit.*, p. 208.

TÁBOA I. TEMPO DEDICADO AO TRABALLO

	TRABALLO DE MERCADO	T. DOMÉSTICO E DE COIDADOS	TRABALLO TOTAL
MULLERES	1 H 53 MIN.	4 H 4 MIN.	5 H 57 MIN.
HOMES	3 H 3 MIN.	1 H 50 MIN.	4 H 53 MIN.
TEMPO MEDIO SOCIAL DIARIO	2 H 27 MIN.	2 H 59 MIN.	5 H 26 MIN.

Esta información permite observar tres feitos fundamentais. Primeiro, en relación aos homes, as mulleres traballan máis (5: 57 e 4: 53 horas e minutos diarios, elas e eles respectivamente). Segundo, os traballos están distribuídos de maneira moi desigual: elas dedican aproximadamente dous terzos do tempo que dedican eles ao traballo de mercado; en cambio, eles dedican menos da metade do tempo que dedican elas ao traballo doméstico e de coidados. E, terceiro, para vivir nas condicións que está a vivir a sociedade española, por persoa e día está a dedicarse máis tempo ao traballo realizado nos fogares que ao traballo de mercado (32 minutos diarios de diferenza). Todo iso, tendo en conta que o traballo de coidados non queda ben recollido... e que, por tanto, o seu valor real sería moi superior ao que ofrecen as enquisas.²²

CANTO VALE O TRABALLO NON REMUNERADO QUE SE REALIZA NOS FOGARES? UNHA APROXIMACIÓN, A CONTA SATÉLITE DA PRODUCCIÓN DOMÉSTICA

As contas satélite de produción doméstica tentan valorar o traballo que se realiza nos fogares fóra do mercado,

²² Op. Cit., p. 215.

e levan na conta os servizos domésticos e persoais que teñen como finalidade a satisfacción das necesidades básicas dos membros do fogar (proporcionar un lugar para durmir, comida, roupa, coidados, etc.). Os fogares deben proporcionar estes servizos producíndoos eles mesmos ou adquiríndoos no mercado, de xeito, que no primeiro caso non se remunera este traballo e por regra xeral non se inclúe no PIB.

Destas actividades non remuneradas, inclúense na conta satélite de produción doméstica as que cumpren a regra da terceira parte, é dicir, as que se poden delegar nunha persoa allea ao fogar. Cociñar cumpre a regra da terceira parte, xa que outra persoa pode cociñar para nós; durmir non, xa que é un actividade na que ninguén nos pode substituír. O valor calculado do traballo doméstico que se realiza en Galiza era para 2003 de 15.150 millóns de euros, equivalente ao 37% do PIB. As mulleres dedican a producir estes bens e servizos 4,8 horas diarias por 1,8 horas os homes. As mulleres producen o 74% do total e os homes un 26%.

FONTE: IGE, Conta satélite de produción doméstica 2003,
setembro de 2006.

Para a teoría marxista @s traballador@s dedican unha parte da xornada de traballo a produciren valor equivalente ao custo (salario) de reprodución da súa forza de traballo. Unha vez producida esa cantidade de valor, o resto da xornada de traballo produce valor para o capitalista que o contrata, plusvalía. É unha relación de explotación entre capitalistas e traballador@s asalariad@s, entre dúas clases sociais. Para reproducir a forza de traballo é imprescindible o traballo doméstico e de coidados, non retribuído, o que suxire unha estrutura social máis

complexa, xa que o salario non abonda para reproducir a forza de traballo: tamén é imprescindible a achega do traballo doméstico e dos coidados que non paga o capitalista e que realizan gratuitamente as mulleres. Estamos a debuxar unha sociedade dobremente xerarquizada, entre clases, capitalista e traballadora, e entre xéneros, homes e mulleres. @s capitalistas non traballan e aprópanse do plusvalor producido pol@s traballador@s; os homes utilizan na economía formal, visíbel, a forza de traballo que reproducen as mulleres, e que abarata os custos de reprodución da forza de traballo, o salario.

A economía feminista propón ampliar o foco para incluír a reprodución da forza de traballo e os traballos agochados. «O obxectivo da economía feminista é precisamente elaborar unha nova visión do mundo social e económico que integre todos os traballos necesarios para a subsistencia, o benestar e a reprodución social e teña como principal obxectivo as condicións de vida das persoas.»²³

A sociedade debe decidir, e decide, dúas cuestións. A primeira, se este traballo necesario, mais agochado, segue recaendo sobre os fogares ou se se socializa parcialmente. A segunda, se a parte non socializada continúa a ser realizada polas mulleres ou se se reparte equitativamente entre todas as persoas que viven no mesmo fogar.

Socialización da economía de coidados

Esping-Andersen e Parlier consideran necesario reducir ao mínimo a penalización da maternidade, asegurando a permanencia das nais no mercado de traballo e a seguridade no

23 Op. Cit., p. 25.

emprego. As políticas de protección das familias deben orientarse para masculinizar as traxectorias laborais das mulleres e feminizar as dos homes. Un exemplo de feminización da vida laboral dos homes é o creación de permisos prolongados de paternidade como os existentes en Suecia e Noruega. As axudas ás familias deben contribuír a fortaleceren a capacidade de negociación das mulleres dentro da parella, as axudas deben ingresarse nas contas das mulleres, deben elevarse os salarios das mulleres cualificadas, reducir a xornada laboral estándar... E estas medidas deben integrarse nunha estratexia de «desfamiliarización» de certas tarefas. A oferta pública de prazas abundas en escolas infantís de cero a tres anos é un elemento imprescindible para socializar os coidados. A creación dunha rede pública de atención ás persoas idosas, outro. A aprobación da lei de dependencia na primeira lexislatura do Goberno de Rodríguez Zapatero demostra, outra vez máis, que a extensión das políticas sociais procede sempre das organización políticas de tradición operaria. O BNG, nun breve prazo de catro anos, impulsou a creación dunha rede de escolas infantís de cero a tres anos e tentou tamén desenvolver a lei de dependencia substituíndo o modelo de beneficencia (Fundación San Rosendo,²⁴ procedente dos longos anos de Goberno do PP) por unha rede pública digna.

A aprobación da lei de dependencia respondeu á inclinación social-demócrata e feminista do PSOE e ás forzas de esquerda minoritaria e nacionalista que apoiaron a lei, BNG, EU, ERC, IC-EV. Porén, a súa aplicación quedou gravemente coutada polas limitacións orzamentarias producidas, non tan-

24 O fundador, e durante anos presidente da fundación, o sacerdote Benigno Moure, foi condenado a cinco anos de cadea por estafar unha anciá ingresada nun dos seus xeriátricos.

to pola crise, senón pola penetración da ideoloxía neoliberal no PSOE e no, naquela altura, seu líder, Zapatero, que afirmou publicamente que baixar impostos é de esquerdas, continuando as políticas de redución dos impostos que comparte co PP. Baixar os impostos directos e reducir a parte do produto social da que se apropia o Estado é unha política conservadora que beneficia as clases capitalistas e impide pór en práctica unha política que beneficie as mulleres traballadoras. Se esa baixada se acompaña da subida dos impostos indirectos, o carácter conservador desa política acentúase, facendo recaer todo o gasto público sobre os salarios. Non se pode facer política de socialización da economía dos coidados sen socializar tamén a política de ingresos mediante o establecemento duns impostos suficientes e fortemente progresivos. Socializar a economía dos coidados é imprescindible para mellorar a vida das mulleres e das mulleres traballadoras. Mais, tamén, para aumentar a poboación activa facilitando a incorporación das mulleres ao mercado laboral.

A 1 de decembro de 2011, recibían algunha prestación 741.713 dependentes.²⁵ Para máis do 56% (417.782) unha das axudas concedidas era a prestación do coidador familiar, coidadores familiares que son na súa maioría mulleres. A aplicación da lei fracasou na súa intención de liberar as mulleres dos coidados ás persoas dependentes. Faltan residencias e centros de día/noite públicos. O Partido Popular, despois de gañar as eleccións autonómicas galegas de 2009, paralizou a apertura de 30 centros de día e catro residencias xeriátricas xa construídas pola Vicepresidencia de Benestar e Igualdade que dirixira Anxo Quintana, do BNG. Estes centros ían atender máis de 2.000 persoas. Asemade, encetou o desmantelamento

25 *El País*, 31 de decembro de 2011.

do Consorcio Galego de Benestar. Mariano Rajoy, moi poucos días despois de constituír o novo goberno do Estado, en decembro de 2011, aprobou unha moratoria que deixará sen axuda 150.000 dependentes leves.

En agosto de 2012, dentro do paquete de cortes asociados ao rescate do sistema financeiro, o Goberno do Partido Popular reduciu a dotación económica para dependencia en 3.024 millóns de euros ata 2014. Entre outras medidas, diminúen un 15% as pagas que perciben @s coidador@s familiares e xa non se pagará a cotización á Seguridade Social destas persoas, mulleres na súa maioría. Os expertos consideran que a lei queda derrogada de feito.²⁶

A creación dunha rede de escolas infantís e de atención ás persoas dependentes ten un nesgo de xénero, xa que crea postos de traballo que serán ocupados na súa maioría por mulleres. O traballo que antes realizaban no fogar e que, en consecuencia, era invisíbel e gratuíto, sae á luz e recibe unha retribución. Alén diso, a tradución contábel fai que desapareza das contas satélite de produción doméstica e se integre no PIB aumentándoo inmediatamente. Esta transformación desvela o carácter ideolóxico das contas macroeconómicas, que ignoran o traballo doméstico, sendo como é imprescindible para a reprodución social, e si o contabilizan cunha mera mudanza do lugar no que se realiza. Pódese argumentar que se reproduce a división de xénero no traballo. É certo. Mais permite que as mulleres reciban un salario, que coticen á Seguridade Social e xeren o dereito ás prestacións asociadas á forma salarial, baixas por enfermidade, desemprego e pensión de xubilación. En definitiva, aumentan a súa autonomía e autoestima, poden participar nos espazos de socialización asociados ao traballo

26 *El País*, 5 de agosto de 2012.

e mesmo na actividade sindical. Por último, e, non menos importante, as súas fillas e fillos, se deciden tel@s, educaranse sabendo que o traballo das mulleres é retribuído e valorado. A incorporación ao traballo asalariado, aínda se producindo en sectores tipicamente femininos, é un paso no proceso de emancipación das mulleres e aumenta a base de cotización da Seguridade Social, fortalecendo o seu equilibrio financeiro ao tempo que libera as mulleres dun duro labor que as converte no grupo social de peor saúde psíquica (as mulleres de entre 35 e 55 anos triplican as doenzas por estrés do resto da poboación).²⁷ A porcentaxe de mulleres que se dedican ao coidado doutras persoas con dedicación plena é dun 10 por cento% no Reino de España e só dun 0,6% en Dinamarca. Esta diferenza ilustra o significado da socialización da economía dos coidados.

No entanto, se nos países nórdicos as mulleres se incorporan ao mercado laboral, os homes non se incorporan na mesma medida con respecto ao traballo doméstico. Martínez Herrero²⁸ subliña a ambigüidade desta vía de incorporación das mulleres ao traballo asalariado: «Para algunhas autoras, o modelo sueco logrou acadar o seu obxectivo en termos de emprego de mulleres, mais a costa dunha forte discriminación cara ás nais, relegándoas a uns poucos sectores económicos e profesionais e asumindo a responsabilidade do permiso por paternidade».

27 Navarro, Viçenc, "El Estado de bienestar en España", en *La situación social en España*, Viçenc Navarro (director), Editorial Biblioteca Nueva, S.L., Madrid, 2005, p. 32.

28 Martínez Herrero, María José, "El modelo sueco de cuidados a la infancia y sus consecuencias sobre las mujeres", *Revista de Economía Crítica*, nº 8, 2009.

A causa estaría na persistencia dunha cultura organizativa dos postos de traballo masculinos baseada en que as mulleres teñen máis interese e responsabilidade no coidado dos fillos que os homes.

Por iso hai autoras que consideran que hai que observalo coma un modelo inacabado, de transición cara ao modelo igualitario.

Gasto ou investimento en escolas infantís?

A oferta de prazas en escolas infantís públicas de cero a tres anos é moi insuficiente na Galiza e no Estado español. As forzas políticas maioritarias consideran que é un gasto inasumíbel. O PP propón desgravacións fiscais e o reparto do cheque escolar para as familias que matriculen os seus fillos en escolas infantís privadas. O PSOE é máis favorábel á oferta pública de prazas abondas, mais enfronta a débil capacidade recadatoria das administracións públicas, consecuencia en parte da súa política fiscal. Na Galiza, o BNG tentou crear un servizo público de calidade e universal, as Galescolas, que foi caricaturizado pola prensa reaccionaria (*La Voz de Galicia, El Mundo, La Razón, ABC*), que criticou o deseño das batas para agochar a oposición á creación dun servizo público universal, de calidade e interclasista, que por primeira vez en séculos adoptaba a lingua galega como lingua normal da primeira ensinanza.

Esping-Andersen e Parlier fundamentan a necesidade deste servizo nas transformacións que se produciron nas sociedades europeas nas últimas décadas. A tendencia á formación de familias homógamas (parellas de semellante nivel profesional, cultural ou social) agrava as diferenzas entre familias ricas en traballo e familias pobres en traballo e é unha fonte potencial de desigualdade social. A incorporación das

mulleres ao mercado laboral esixe socializarmos a atención d@s meniñ@s. Os custos, para a sociedade, da pobreza infantil derivados do forte vínculo entre pobreza, fracaso escolar e delincuencia, son moi superiores aos custos dunha escola infantil compensadora dos efectos da herdanza familiar.

Efectos da herdanza familiar

- O efecto dinheiro no rendimento académico é moi intenso e para compensalo é necesario combatermos a pobreza infantil (ver capítulo II). Existen dous instrumentos especialmente útiles para combatermos esta pobreza: o primeiro, as transferencias en forma de axuda por fill@; o segundo, o traballo retribuído das nais.
- O efecto dedicación de nais e pais intensificouse desde os anos 70. O tempo que os pais e nais dedican ás súas fillas e fillos aumentou moito, especialmente entre as parellas máis cualificadas, e centrado nas actividades de desenvolvemento d@ meniñ@.
- Por último, o efecto nivel cultural dos pais, de forte potencial polarizador.

É posíbel loitarmos contra estes factores xeradores de desigualdade e a escola infantil de cero a tres anos é un instrumento privilexiado. En Dinamarca optouse pola creación dun servizo de alta calidade, cun rateo de un adulto para cada tres nen@s que permite un estímulo moi personalizado e intenso para cada meniñ@. A alta calidade atrae as clases medias e garante a composición interclasista do alumnado, o que fai que os resultados se volvan máis homoxéneos. A existencia de escolas infantís públicas favorece o emprego feminino, xa que os custos da escola infantil privada poden verse como un

imposto regresivo sobre o salario das mulleres que desincentiva a súa incorporación ao mercado laboral. Desde o punto de vista do financiamento, os impostos que pagan as mulleres traballadoras son maiores que o custo dos servizos da escola infantil de cero a tres anos. Existe unha correlación positiva entre traballo feminino e fecundidade.

Os efectos positivos que a creación dun servizo de escolas infantís pública produce para as mulleres, para as crianzas, para a igualdade social e para a capacidade produtiva futura, permiten cualificala como un investimento ao par dun gasto. Este punto de vista contrasta co exposto polo presidente da patronal española, Joan Rosell, para quen, nun acto en que a organización empresarial reclamaba o cheque escolar,²⁹ «a herdanza xenética pesa máis no rendemento escolar dun alumno que o seu contorno socioeconómico. E o gasto en educación non é o máis importante na obtención de resultados. Son dúas das hipóteses nas que descansa a reforma educativa que presentou onte a CEOE.»

A xustificación xenética da desigualdade, que contradí toda a evidencia científica, implica un achegamento preocupante da patronal española, representante dunha das clases capitalistas máis reaccionarias de Europa, a teses racistas propias do fascismo. Mesmo o presidente do Goberno español, Mariano Rajoy, defendía a principios dos 80 no *Faro de Vigo* que as diferenzas xenéticas explican a desigualdade social.³⁰ Esta deriva cara ao irracionalismo que se manifesta no Tea Party estadounidense, nos xermolos dunha extrema dereita española, Intereconomía, FAES, Aguirre, Aznar e nos resulta-

29 *El País*, 22/06/ de xuño de 2011.

30 Luca de Tena, Gustavo, <http://www.faloderedondela.com/?p=7010>. Es-taleiro Editora suxeríume a lectura deste interesantísimo artigo.

dos electorais de partidos de extrema dereita en varios países europeos, debe ser entendida como un aviso do que pode ser unha resposta das clases capitalistas se a crise se agudizar. Os autores do informe en que se baseou Rosell interpretárono uns días despois dun xeito radicalmente distinto: «non afirmamos, de xeito ningún, que a herdanza xenética prime sobre a orixe socioeconómica dos alumnos á hora de explicar o rendemento escolar.»³¹

O cheque escolar é unha proposta recorrente da dereita, que ten como obxectivo principal a segregación na educación, garantíndolles ás clases medias que as súas fillas e fillos non se educarán coas fillas e fillos das clases traballadoras. A dereita social desexa trocar os servizos públicos universais por servizos privados segregados e financiados, para as clases medias, mediante impostos.

Contra o que propón a patronal, se apareceren, no futuro, novas fontes de desigualdade, unha sociedade civilizada debe repensar o Estado do benestar para mellorar as posibilidades d@s máis prexudicad@s pola herdanza social actuando sobre os ingresos e o medio de aprendizaxe, así como aumentando a ocupación das nais. Estas políticas favorecen, ao tempo, a igualdade social e a igualdade de xénero.

31 Pérez-Díaz, Víctor e Rodríguez, Juan Carlos, El País, 16 de agosto de 2011.

CAPÍTULO V. BAIXAR IMPOSTOS NON É DE ESQUERDAS. É NECESARIO SUBIR OS IMPOSTOS E QUE OS PAGUEN @S QUE MÁIS TEÑEN

Nunha entrevista concedida ao xornal *El País* en maio de 2003, o daquela líder da oposición Rodríguez Zapatero afirmou que "baixar impostos é de esquerdas" e acrescentou: "resulta incríbel que nalgún intre as nosas posicións intelectuais estivesen tan pechadas". Nos oito anos que presidiu o goberno do Estado español, Zapatero puxo en práctica esta idea. Mais baixar os impostos é de dereitas e permitir que a recadación recaia sobre as rendas do traballo, que é o que ocorre no Estado español, inxusto. En abril de 2007 publicouse o primeiro Informe Económico do Presidente do Goberno.³² Abraia a compracencia con que observaba a redución da presión impositiva directa (IRPF e imposto de sociedades) e o aumento da presión indirecta (IVE). O informe celebraba que entre 1980 e 2005 o tipo marxinal sobre a renda descendese nos países da OCDE do 62 ao 44% e o do imposto de sociedades do 49 ao 29%. Namentres, o tipo medio do IVE subira do 17,6 ao 19,2%. Estas mudanzas debuxan unha recadación máis regresiva ao aumentaren o peso de impostos sobre o consumo que pagan igual as rendas altas que as baixas. O informe gabábase de que o aumento da recadación «non se traduciu nunha elevación do gasto público en relación co PIB, que se mantivo practicamente constante desde 2003»... o que serviu para «reducir os impostos directos en 2007». Sabía Zapatero que os países cun Estado do benestar máis desenvolvido teñen unha alta presión fiscal? Naquel ano, Suecia (52,1%), Dinamarca (51,2%), Bélxica

32 http://www.lamoncloa.gob.es/NR/rdonlyres/7DE47FC0-36B4-4C3F-9E68-ECD37698CD7B/80945/IEPG_2007Completo.pdf, p. 149.

(47,7%). Pola contra, Grecia, o Reino de España, a República Checa, Portugal e Chipre estaban por baixo do 37%. O informe é incoherente ao citar Dinamarca como exemplo de «sistema eficiente e igualitario», sen tirar consecuencia ningunha sobre a necesidade de aumentar a recadación, a progresividade e o gasto social.

Nas décadas posteriores á 2ª Guerra Mundial, o imposto sobre a renda gravaba, nos países desenvolvidos, todas as rendas independentemente da súa orixe. Este modelo é o que se chama un **imposto sintético**. A necesidade duns impostos fortemente progresivos era amplamente aceptada. Resulta sorprendente lermos os tipos medios que se aplicaban a mediados dos anos 50 do século pasado³³ e que hoxe serían cualificados de expropiadores e de desincentivar a actividade económica.

TÁBOA I. TIPO MEDIO NO IMPOSTO SOBRE A RENDA, %					
RENDA EN \$ USA	10.000	20.000	50.000	100.000	500.000
EUA	11	16	27	38	57
CANADÁ	11	22	38	49	69
REINO UNIDO	24	32	57	74	88
RFA	18	29	41	47	51
SUECIA	35	47	60	65	70
FRANCIA	10	18	28	36	42
ITALIA	19	32	43	50	71
XAPÓN	27	36	43	54	70
REINO DE ESPAÑA	12	21	43	47	49

A partir de finais dos anos 80, os países nórdicos implantaron a discriminación das rendas pola súa orixe beneficiando as rendas do capital e estableceron un **imposto dual**. Neste modelo, as rendas do capital grávanse a un tipo único proporcional,

33 J. Blum, Walter e Kalven Jr., Harry, *El Impuesto Progresivo. Un Tema Difícil*, Instituto de Estudios Fiscales y Ministerio de Hacienda, 1963, p. 257.

mentres que as rendas do traballo tributan a tipos impositivos progresivos. Adoptouse por primeira vez en Dinamarca en 1987. Posteriormente, nos anos 90 do século pasado, substituíu en Finlandia, Suecia e Noruega o imposto global sobre a renda.³⁴ Este imposto formula serias dúbidas dende o punto de vista da equidade e a progresividade. Por unha parte, as rendas do capital, que adoitan ser superiores ás procedentes do traballo, tributan un tipo inferior. Por outra parte, invita os profesionais e empresarios que controlan como socios as empresas en que traballan a transformaren parte das súas rendas salariais en beneficios ou dividendos para tributar nun tipo máis baixo. Varios factores confluíron para forzar esta reforma. O primeiro, as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías da información e a comunicación para aumentaren a mobilidade dos capitais. Os gobernos dos países desenvolvidos asumen que se non reducen a imposición sobre as rendas do capital, este desprazarase cara a zonas de menor imposición. Outro factor decisivo é a ofensiva neoliberal. A partir dos gobernos de Margaret Thatcher e Ronald Reagan, a dereita mundial faise revolucionaria pretendendo mudar a correlación de forzas nas súas sociedades e no mundo. Unha das ideas forza que propaga incansabelmente é a superioridade do privado sobre o público. En consecuencia, a presión impositiva é presentada como unha exacción que viola o dereito á propiedade e ao goce do froito do traballo e a intelixencia individual. Paralelamente, iníciase un proceso de desmantelamento dos servizos públicos en favor de servizos privados contratados individualmente. Se os servizos ofertados polo estado non son satisfactorios, as clases medias e altas entenden que tampouco deben contribuír

34 VVAA, *Teoría Básica de los Impuestos: un Enfoque Económico*, Thomson-Civitas, Cizur Manor (Navarra), 2005, p. 237.

ao seu mantemento. Galbraith³⁵ analizou as transformacións culturais e políticas que permitiron desenvolver a axenda neoliberal: «as persoas e comunidades favorecidas pola súa posición económica, social e política, atribúen virtudes sociais e permanencia política a aquilo do que gozan.»

Entre 1986 e 2007, o tipo impositivo do tramo de ingresos máis alto dos principais estados da UE reduciuse nun 29%. O resultado desta contrarrevolución impositiva é económico e político. Redúcense os impostos que pagan os máis ricos e aumenta a débeda pública e a riqueza e o poder deses mesmos ricos que son os que a poden mercar:

O mecanismo é simple: os gobernos diminúen a fiscalidade e piden prestado a aqueles aos que decidiron non «gravar». O pagamento de xuros provoca unha transferencia de riqueza que beneficia os posuidores dos títulos da débeda, e reforza o seu poder económico e o seu peso político. Os gobernos reducen aínda máis os impostos sobre o capital e o patrimonio antes de protexeren abertamente as grandes fortunas contra ditos impostos, tal e como veu facendo Nicholas Sarkozy desde 2007. Os mercados poden entón ditar as súas políticas aos gobernos, mentres estes últimos sermonean os cidadáns sobre a «obrigación moral de saldaren as débedas».³⁶

TÁBOA II. TIPO IMPOSITIVO DO TRAMO DE INGRESOS MÁIS ELEVADO DOS PAÍSES DO NÚCLEO FUNDADOR DA UE MAIS O REINO DE ESPAÑA

PAÍS	1986	2007	REDUCCIÓN DO TIPO EN %
ALEMAÑA	53%	47,5%	6%
BÉLXICA	72%	50%	31%
REINO DE ESPAÑA	66%	43%	35%

35 Kenneth Galbraith, John, *La cultura de la satisfacción*, Ariel Sociedad Económica, Barcelona, 1992, p.13.

36 Chesnais, François, *Las deudas ilegítimas*. Cuando los bancos meten mano en la políticas públicas, Editorial Clave Intelectual, Madrid, 2011, p.124.

TÁBOA II. TIPO IMPOSITIVO DO TRAMO DE INGRESOS MÁIS ELEVADO DOS PAÍSES DO NÚCLEO FUNDADOR DA UE MAIS O REINO DE ESPAÑA

FRANCIA	65%	40%	38%
ITALIA	62%	43%	31%
PAÍSES BAIXOS	72%	52%	28%
REINO UNIDO	60%	40%	33%
TIPO MEDIO	64.3%	45.1%	29%

FONTE: Chesnais, François, *Las deudas ilegítimas, Cuando los bancos meten mano en la políticas públicas*, Editorial Clave Intelectual, Madrid, 2011, p. 126.

A última columna e a última fileira son de elaboración propia.

No Estado español a ditadura fascista non creou un sistema de impostos homologábel aos que termaban dos Estados de benestar europeos. A capacidade de recadación era moi baixa. Ata os anos 70 os ingresos non financeiros do Estado non superaban o 20% da renda nacional. Aínda en 1976 eran inferiores ao 23%. As rendas do traballo eran o principal gravame do Estado. O sistema fiscal era moi regresivo e os servizos públicos de educación e sanidade moi atrasados con respecto dos países europeos.

Os primeiros gobernos democráticos tentaron construír un sistema de impostos semellante aos vixentes nos estados da UE. O Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas estableceuse en 1979 e foi deseñado como un imposto unitario. A reforma baseouse na introdución do principio da progresividade na imposición directa. A reforma permitiu aumentar a recadación procedente do imposto sobre a renda, mais non alcanzou o obxectivo da progresividade: «En 1983, a defraudación nas rendas do traballo alcanzaba o 37 por 100, mentres que nos restantes rendementos ascendía a preto do 75 por 100».³⁷

37 Comín, Francisco, "Reforma tributaria y política fiscal", en *España Economía*, Tomo II, Espasa Calpe, Madrid, 1988, p. 874.

As sucesivas reformas do IRPF no Reino de España foron eliminando aínda máis a progresividade do imposto. En 1996, o Partido Popular introduciu o tratamento dual das rendas. En adiante as rendas do traballo tributarán entre o 15% e o 45%, mentres que para as plusvalías obtidas en operacións superiores a un ano establécese un tipo único do 15% con independencia do volume desas rendas e dos ingresos totais do beneficiari@. Este sistema implica unha dupla perda de equidade xa que discrimina as rendas segundo a súa orixe (horizontal) e non diferencia segundo a súa dimensión (vertical). Por outra parte, a equidade vertical tamén se viu afectada pola diminución do tipo marxinal máximo (dende o 52% ao 45%).

A reforma aprobada en 2006 polo goberno de Rodríguez Zapatero mantivo o carácter dual do imposto e reduciu o tipo máximo desde o 45 ao 43% para as rendas do traballo, aumentando o tipo para as rendas do capital do 15 ao 18%, aínda que pasou a aplicarse a rendas que antes cotizaban a tipos superiores. Por outra parte, introduciuse unha redución para os rendementos do traballo asalariado de 2.600 euros. Ao mesmo tempo reformouse o Imposto de Sociedades, baixando o tipo de gravame do 35% ao 30% e para as empresas con menos ingresos do 30% ao 25%. Un informe de CCOO criticaba os resultados desta reforma.³⁸ En primeiro lugar, porque renunciaba a aumentar a baixa participación das rendas non salariais na recadación total e a eliminar o carácter dual do IRPF, mais tamén porque ía supor unha diminución da recadación que o estudo cifraba en 6.800 millóns de euros, 2.800 menos de IRPF e 4.000 millóns menos de Imposto de Sociedades:

38 García Díaz, Miguel Ángel, "Algunos comentarios a la reforma del IRPF e Impuesto de Sociedades", Gabinete Económico Confederal de CCOO, 2007.

A base imponible dalgúns dos impostos máis dinámicos soporte da recadación da Administración Central e Autonómica é moi fráxil: as operacións de compra e venda de valores inmobiliarios. O esgotamento destas operacións, sen falar dunha picada da burbulla inmobiliaria, tería un efecto demoledor sobre os ingresos públicos, mostrando todas as carencias das rebaixas adoptadas no IRPF, Imposto de Sociedades e Imposto de Sucesións.

O prognóstico de García Díaz demostrouse acertado. O descenso da recadación fiscal no Estado español como consecuencia da crise financeira que comeza no verán de 2007 foi moito máis acusado que a caída da actividade económica. Esta caída da recadación é unha das causas do rápido aumento do déficit que se utiliza como argumento para impor retallamentos no Estado de benestar, na sanidade, na educación, nas pensións ou na dependencia. A redución da recadación non sería tan intensa se se conservase un sistema fiscal máis progresivo e suficiente. Entre 2007 e 2010 a caída da recadación fiscal foi moi superior á caída do PIB. O tipo efectivo do Imposto de Sociedades caeu ata o 18%, ou quizais menos, sendo o nivel máis baixo dos últimos 10 anos.

TÁBOA III. CAÍDA DA RECADACIÓN FISCAL E CAÍDA DO PIB

EN MILLÓNS DE EUROS	2007	2008	2009	2010	2010 2007
PIB	1,053,161	1,087,749	1,047,831	1,051,342	
INCREMENTO EN %		3.3%	-3.7%	0.3%	-0.2%
INGRESOS TRIBU- TARIOS	200,676	173,453	144,023	159,536	
INCREMENTO EN %		-13.6%	-17.0%	10.8%	-20.5%
INGRESOS IMPOSTO SOCIEDADES	44,823	27,301	20,188	16,198	
INCREMENTO EN %		-39.1%	-26.1%	-19.8%	-63.9%

FONTE: Gestha, «Reducir el fraude fiscal y la economía sumergida», 2011.³⁹

39 O Gestha é o sindicato de técnicos do Ministerio de Facenda. O tra-

A caída da recadación contrasta coas de Francia, -0,3%, e Alemaña, -0,2%. Segundo unha enquisa realizada polo Instituto de Estudios Fiscales, a cidadanía opina que as persoas que máis defraudan son @s empresari@s (40%), profesionais (19%), autónom@s (11%) e a gran distancia @s asalariad@s (2%). Esta crenza popular coincide cos datos oficiais. En 2006, o rendemento medio declarado do traballo asalariado foi de 20.782 €; @s empresari@s individuais declararon un rendemento medio das súas actividades económicas de 13.311 € en estimación directa e aínda máis baixo, 11.642 €, para @s empresari@s que se acollen á declaración por módulos⁴⁰. Empresari@s mileuristas que cobran entre un 36% e un 44% menos que @s traballador@s que contratan.

TÁBOA IV. RENDEMENTO MEDIO DECLARADO NO I.R.P.F.

TRABALLADOR@ (A)	20,782 €	PORCENTAXE EN RELACIÓN CON A
EMPRESARI@S, ESTIMACIÓN DIRECTA (B)	13,311 €	-36%
EMPRESARI@S, MÓDULOS (C)	11,642 €	-44%

FONTE: Gestha, «Reducción de ingresos tributarios y aumento del déficit público en el contexto de la crisis económica actual: hacia un nuevo modelo de gestión tributaria.»⁴¹

ballo citado foi consultado en: <http://www.gestha.es/archivos/informacion/monograficos/2011/reducir-el-fraude-fiscal-y-la-economia-sumergida.pdf>.

40 Gestha, «Reducción de ingresos tributarios y aumento del déficit público en el contexto de la crisis económica actual: hacia un nuevo modelo de gestión tributaria», <http://www.gestha.es/archivos/informacion/monograficos/2009/reduccion-de-ingresos-tributarios-y-aumento-del-deficit-publico-en-el-contexto-de-la-crisis-economica-actual.-hacia-un-nuevo-modelo-de-gestion-tributaria.pdf>.

41 *Ibidem*.

A recadación do IRPF no Estado español é inferior, con relación ao PIB e ao conxunto da recadación impositiva, que na maioría dos países desenvolvidos. A maior parte da recadación (máis de tres cuartas partes) recae sobre as rendas salariais. A escala que grava as rendas salariais é fortemente progresiva. O IRPF no Estado español compórtase como un tributo progresivo que corrixe a desigualdade da renda que grava e xera melloras no benestar colectivo. Porén, ao gravar fundamentalmente as rendas salariais, o IRPF convértese nun imposto progresivo sobre as rendas do traballo, mais non sobre a totalidade da renda.

O gasto social é inferior no Reino de España ao dos países da Unión Europea de semellante nivel de PIB per cápita (ver capítulo III). A recadación fiscal tamén o é e descansa sobre @s traballador@s. Os principais ingresos das administracións públicas son as cotizacións sociais, os impostos directos e os impostos indirectos. Os impostos indirectos (por exemplo o IVE) pagámoslos todos os cidadáns e todas as cidadás independentemente do noso nivel de renda: o IVE dunha barra de pan págao Botín o mesmo que unha persoa parada. As cotizacións sociais teñen un tipo fixo e un tope superior, polo que funcionan como un imposto regresivo. Os principais impostos directos son o Imposto de Sociedades e o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. O primeiro recada cada vez menos. O segundo recae sobre @s traballador@s. O sistema fiscal do Estado español é inxusto e insuficiente. Os ingresos das administracións públicas seguen a ser moi inferiores aos dos países da Unión Europea. As cifras de Eurostat non admiten máis ca esa interpretación.

TÁBOA V. RECADACIÓN FISCAL COMO PORCENTAXE DO PIB

	2008	2009	2010
UE-27	44.7	44.1	44.1
AE-17(17 PAÍSES)	45.0	44.7	44.6
REINO DE ESPAÑA	37.0	35.1	36.3

FONTE: Eurostat, <http://epp.eurostat.ec.europa.eu/tgm/table.do?tab=table&init=1&plugin=1&language=en&pcode=teco0021>.

Unha das causas desta baixa recadación fiscal é a existencia dun extenso sector de economía somerxida que distintos estudos calculan entre o 20% e o 25% do PIB. A perda de recadación pode calcularse en 88.000 millóns, máis que o déficit previsto para o ano 2011. Se se reducir só un 10% a economía somerxida, os ingresos públicos poderían aumentar en 35.000 millóns. Unha política económica favorábel á maioría social debería partir dunha profunda reforma dos impostos para aumentar a recadación e que esta fose progresiva. No entanto, o diagnóstico de Gough⁴² para os países anglosaxóns segue a estar vixente:

O Estado do Benestar é principalmente unha axencia para a redistribución da renda horizontalmente entre familias de diferentes tipos e en situacións diferentes. Falando en xeral, este canaliza recursos cara a familias con nenos, familias onde os cabezas son pensionistas e enfermos. Noutras palabras, o Estado de Benestar redistribúe a renda dentro da clase que vive dun soldo ou un salario (a clase traballadora, considerada nun sentido amplo), non dende as clases altas e medias cara abaixo, e non necesariamente, dos beneficios ás rendas salariais

42 Gough, Ian, *Economía política del Estado del Bienestar*, H Blume Ediciones, Madrid, 1982, p. 210.

CAPÍTULO VI. DIFERENTES NIVEIS DE PROTECCIÓN SOCIAL EN PAÍSES RICOS

O nivel de renda por persoa explica en boa medida o nivel de protección social existente nun Estado. Con todo, países con niveis de renda semellantes presentan niveis de protección social moi distintos. Viçenc Navarro distingue catro modelos⁴³ de protección social nos países capitalistas desenvolvidos: socialdemócrata, cristián-demócrata, liberal e ditatorial-conservador, e compara o desenvolvemento do Estado do benestar nos catro modelos entre 1945 e 1980. Para facer a comparación utiliza cinco indicadores do nivel de desenvolvemento do Estado do benestar.

- 1.— O gasto social como porcentaxe do produto interior neto, que indica a porcentaxe do produto social que se utiliza para financiar a cobertura das necesidades sociais, sanidade, pensións de xubilación, prestación por desemprego...
- 2.— A porcentaxe de impostos recadados polo goberno, que mide a súa capacidade para financiar as políticas públicas. Non pode manterse un gasto social elevado sen unha recadación de impostos alta xa que se incorrería nun déficit corrente que aumentaría a débeda acumulada e levaría o sistema de protección social á creba.
- 3.— A porcentaxe de emprego público en sanidade, educación e servizos sociais sobre o total da forza de traballo. Este indicador mide a parte do traballo doméstico e de coitados que se tira do ámbito familiar, traballo realizado polas mulleres, e que se socializa.

43 Navarro, Viçenc, *Globalización económica, poder político y Estado de Bienestar*, Ariel Sociedad Económica, Barcelona, 2000, pp. 54-93.

- 4.— O efecto redistributivo do Estado do benestar mide a diminución da pobreza como consecuencia das taxas, impostos e transferencias sociais, a diferenza entre a porcentaxe de persoas pobres que existiría se non existisen transferencias sociais e a que existe despois de as recibiren.
- 5.— A participación das mulleres no mercado de traballo, que mide a porcentaxe de mulleres adultas que realizan un traballo asalariado.

TÁBOA I. PRINCIPAIS INDICADORES DO ESTADO DO BENESTAR (1945-1980)

MEDIA	GASTOS EN SEGURIDADE SOCIAL (% DO PIN)	TOTAL IMPOSTOS (% DO PIN)	EMPREGO PÚBLICO EN EDUCACIÓN, SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS (%)	EFFECTO REDISTRIBUTIVO DO ESTADO DE BENESTAR (%)	PARTICIPACIÓN DAS MULLERES NO MERCADO DE TRABALLO (%)
SISTEMAS SOCIALDEMÓCRATAS	23.2	48.8	13.2	41.8	65.2
SISTEMAS CRISTIÁNDEMÓCRATAS	21.6	41.8	6.2	34.8	46.0
SISTEMAS LIBERAIS	15.2	36.5	5.7	30.3	52.8
SISTEMAS DITATORIALCONSERVADORES	8.6	16.3	2.6	16.3	26.0
REINO DE ESPAÑA	9.0	18.0	3.0	15.0	28.0

FONTE: Navarro, *Op. Cit.*.

Modelo nórdico

As políticas socialdemócratas alcanzaron a máxima influencia nos países do norte de Europa (Suecia, Dinamarca, Noruega, Finlandia) e en Austria. Os partidos socialdemócratas gobernaron unha media de 23 anos entre 1945 e 1980.

As principais características deste modelo de protección social son unha porcentaxe moi alta de gasto en protección social, 23,2% do Produto Interior Neto (PIN); unha alta recadación de impostos, 48,8% do PIN, necesaria para financiar ese elevado nivel de gasto social; un alto nivel de emprego público en educación, sanidade e servizos sociais, 13,2% do total de empregos; unha alta capacidade redistributiva do Estado do benestar, 41,8%; e unha alta participación das mulleres no mercado de traballo, 65,2%.

Modelo cristián-demócrata

Este modelo desenvólvese na maioría dos países de Europa central: Bélxica, Holanda, Alemaña, Francia, Italia e Suíza. Todos estes países foron gobernados por partidos conservadores baseados nas tradicións cristiás.

Un elemento moi importante que caracteriza este modelo é o responsabilizar as familias, léase mulleres, de tarefas das que nos países de tradición socialdemócrata se encarga o Estado do benestar. O nivel de gasto social era, nos anos de referencia, case tan alto como nos países nórdicos, 21,6%; o nivel de impostos algo inferior, 41,8% do PIN; o emprego público en educación, sanidade e servizos sociais, un 50% inferior, do 6,2%; o efecto redistributivo significativamente máis baixo, o 34,8%, como tamén a participación das mulleres no mercado de traballo, 46%.

Modelo anglosaxón

Dentro deste grupo están Canadá, os EUA, a Gran Bretaña e Irlanda. Os elementos característicos do Estado do benestar son máis débiles que os do modelo cristián-demócrata. O gasto en Seguridade Social equivale ao 15,2% do PIN e o total de impostos ao 36,5%; o emprego público en educación, sanidade e servizos sociais supón o 5,7%, e o efecto redistributivo,

o 30,3%. Nun só aspecto este modelo supera ao anterior: a participación das mulleres no mercado de traballo, que chega ao 52,8%.

Modelo mediterráneo-católico

O Reino de España, Grecia e Portugal forman este grupo. A concepción da familia, quer dicir da muller, como responsábel da atención ás persoas dependentes, crianzas, persoas anciás, enferm@s psíquic@s, é unha característica común cos países cristián-demócratas. Esta carga dificulta a incorporación das mulleres ao traballo. Para aquelas que desempeñan un traballo remunerado implica unha dupla ou tripla xornada (traballo asalariado, labores domésticos, coidados das persoas dependentes), que mingua a súa saúde física e psíquica e impide o desenvolvemento dunha carreira profesional. Como poñen de manifesto as contas satélite de produción doméstica⁴⁴ as mulleres realizan a maior parte do traballo doméstico.

TÁBOA II. TEMPO DEDICADO AO TRABALLO		
	MULLERES	HOMES
TEMPO DEDICADO ÁS ACTIVIDADES DOMÉSTICAS	4,8	1,8
TEMPO DEDICADO AO TRABALLO REMUNERADO	1,9	3,3
TOTAL	6,7	5,1

FONTE: Instituto Galego de Estatística, *Conta Satélite da Produción Doméstica, ano 2003*, setembro 2006.

No período de referencia, 1945-80, o gasto social como porcentaxe do PIN era moi baixo, 8,6%; o total de impostos, menos da metade de calquera dos outros tres grupos, 16,3%; o

44 Instituto Galego de Estatística, *Conta Satélite da Produción Doméstica, ano 2003*, setembro 2006.

emprego público en sanidade, educación e servizos sociais, moi baixo, 2,6%; o efecto redistributivo do Estado de benestar de só o 16,3% e a participación das mulleres no mercado de traballo do 26%.

Vantaxes do modelo socialdemócrata

O modelo socialdemócrata é o que máis reduce a pobreza respecto da que existiría sen a existencia de transferencias públicas, e polo tanto o máis eficaz desde o punto de vista da protección social. Reduce a pobreza 7 puntos porcentuais máis que o seguinte modelo máis efectivo, o cristián-demócrata, e 25 puntos máis que o ditatorial-conservador. A súa posición na clasificación do Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) corrobora esa valoración. No seguinte cadro obsérvase que ocupan os primeiros postos e que, tres deles, ocupan mellores posicións que as que lles corresponderían por nivel de renda.

TÁBOA III. SITUACIÓN DOS PAÍSES NÓRDICOS EN R.P.C. E EN IDH

PAÍS	R.P.C. EN PPA	LUGAR QUE OCUPA (A)	IDH	LUGAR QUE OCUPA (B)	DIFERENZA A-B
NORUEGA	37.670	3	0,963	1	2
SUECIA	26.750	20	0,949	6	14
FINLANDIA	27.619	16	0,941	13	3
DINAMARCA	31,465	4	0,941	14	-9
AUSTRIA	30.094	9	0,936	17	-8

FONTE: elaboración propia a partir de Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), *Informe sobre desarrollo humano*, Madrid, Ediciones Mundi-Prensa, 2005.

Nos países nórdicos créase moito emprego en educación, sanidade e servizos sociais. Case unha persoa de cada 7 asalariad@s traballa nese sector. O peso do emprego nestes servizos duplica o existente nos sistemas cristián-demócrata e liberal e multiplica por 5 o dos ditaduras do sur de Europa.

É, polo tanto, unha gran fonte de emprego. Por último, é o que máis promove a incorporación das mulleres ao traballo asalariado: por unha parte, crea postos de traballo en ocupacións tipicamente femininas e, por outra, socializa labores que tradicionalmente realizan as mulleres, facilitando así a súa incorporación ao traballo asalariado (por exemplo, cunha ampla cobertura de prazas en escolas infantís).

TÁBOA IV. DIFERENZA COS SISTEMAS SOCIALDEMÓCRATAS

	EMPREGO PÚBLICO EN EDUCACIÓN, SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS (%)	EFECTO REDISTRIBUTIVO DO ESTADO DE BENESTAR (%)	PARTICIPACIÓN DA MULLER NO MERCADO DE TRABALLO (%)
CRISTIÁN-DEMÓCRATAS	-7.0	-7.0	-19.2
LIBERAIIS	-7.5	-11.8	-13.3
DITATORIAL-CONSERVADORES	-11.6	-25.5	-39.2
REINO DE ESPAÑA	-9.2	-26.8	-37,2

FONTE: Navarro, *Op. Cit.*, p. 56.

O alto nivel de protección social é compatíbel cun notábel éxito económico; de feito, os cinco países escandinavos sitúanse entre os 20 estados con maior renda per cápita no mundo. As súas taxas de paro son de media inferiores ás dos países dos modelos cristián-demócrata e liberal.

TÁBOA V. TAXAS DE DESEMPREGO (% DA POBOACIÓN ACTIVA)

	1960-1973	1974-1979	1980-1988	1990	1993	1995
SISTEMAS SOCIALDEMÓCRATAS	1,6	3,2	4,3	4,4	9,4	8,1
SISTEMAS CONSERVADORES	1,9	4,2	7,8	7,1	8,7	9,2
SISTEMAS LIBERAIIS	4,3	6,5	10,3	8,2	11,0	8,9

FONTE: Navarro, *Op. Cit.*, p. 103.

André Sapir comparte a opinión de que o modelo nórdico é eficiente desde o punto de vista económico, ao mesmo tempo que ofrece un gran nivel de igualdade social.⁴⁵

OS CATRO MODELOS EUROPEOS: UNHA TIPOLOXÍA			
		EFICIENCIA	
		BAIXA	ALTA
IGUALDADE	ALTA	CONTINENTAIS	NÓRDICOS
	BAIXA	MEDITERRÁNEOS	ANGLOSAXÓNS

Da comparanza anterior dedúcense varias conclusións importantes. O nivel de protección social é unha elección política, non económica: sociedades con niveis de renda semellantes gozan de niveis de protección social moi distintos. O nivel de protección social depende do peso que conseguiron as clases traballadoras a través da creación de organizacións políticas propias (ver capítulo VIII). Un alto nivel de protección social non só non é antieconómico, senón que as sociedades con máis alto nivel de protección social conseguen altos niveis de crecemento e baixos niveis de paro. En realidade, a protección social é un investimento (eleva o nivel educativo, favorece a incorporación das mulleres ao mercado laboral...) e non un gasto.

É maior o gasto social nos países nórdicos que nos Estados Unidos?

Un dos argumentos que utilizan @s neoliberais para atacaren o gasto social público é presentalo como unha carga para a sociedade. O sentido común «sabe» que algúns países gastan

45 Sapir, André, *Globalisation and the Reform of European Social Models, Background document for the presentation at ECOFIN Informal Meeting in Manchester*, 9 September, Bruegel, Brussels, 2005.

moito en protección social, mentres outros gastan pouco e, engadiría un «experto», son máis eficientes, xa que existe un conflito entre equidade e eficiencia económica. O saber popular e a opinión do «experto» teñen algo en común, son falsos. O gasto en prestacións sociais tende a converxer en todos os países ricos, e Estados Unidos gasta tanto en protección social como Dinamarca.⁴⁶ Porén, nos EUA hai moit@s máis vell@s e meniñ@s pobres. Por que?

TÁBOA VI. GASTO SOCIAL APARENTE E GASTO SOCIAL REAL EN PORCENTAXE DO PIB (2001)

	DINAMARCA	ESTADOS UNIDOS
GASTO SOCIAL PÚBLICO BRUTO	34	16
GASTO SOCIAL PÚBLICO NETO	26	17
GASTO SOCIAL PRIVADO BRUTO	1	11
GASTO SOCIAL TOTAL NETO	26	25

FONTE: Gøsta Esping-Andersen & Bruno Palier, *Los tres grandes retos del estado del bienestar*, Ariel Ciencia Política, Barcelona, 2010, páx. 53.

O Gasto social público bruto en Dinamarca máis que dobra o estadounidense, 34% do PIB fronte ao 16%. Débese ter en conta que as persoas que reciben as prestacións pagan impostos, o que aumenta os ingresos das administracións públicas, e as desgravacións das achegas aos plans privados de pensións reducen os ingresos da facenda pública. Se restamos do gasto social público bruto os impostos que pagan as persoas que reciben as prestacións e sumamos as desgravacións aos plans privados de pensións obtemos o gasto social público neto.

Gasto social público neto = gasto social público bruto – impostos pagados pol@s perceptor@s das prestacións + desgravacións fiscais.

46 Esping-Andersen, Gøsta & Palier, Bruno, *Op. Cit.*, p. 50 e ss.

A diferenza en gasto social público neto entre os dous países redúcese de 18 puntos porcentuais do PIB a só 9 puntos. Ao lado do gasto social público existe o gasto social privado, por exemplo as pensións que cobran @s partícipes dos plans privados de pensións ou o gasto sanitario privado, moi alto nos EUA. O gasto social privado bruto é marxinal en Dinamarca, o 1% do PIB, e moi grande nos EUA, o 11% do PIB. Sumando o gasto social público neto e o gasto social privado neto obtemos o gasto social total neto.

Gasto social total neto = gasto social público neto + gasto social privado neto.

O gasto social total neto é practicamente igual nos dous sistemas, o danés baseado na provisión pública de pensións e servizos sociais e o estadounidense no que a provisión privada xoga un papel moi importante. O que pagan as cidadás e os cidadáns é semellante nos dous casos, o que varía é a porcentaxe das achegas que se dirixen a sistemas públicos ou a empresas privadas.

Moi distinta é tamén a repercusión dun e outro sistema na vida dos seres humanos. En Dinamarca, a pobreza entre os maiores móvese nun intervalo de entre o 5 e o 9%, mais nos EUA supera o 20%.⁴⁷ En Dinamarca, a pobreza infantil é inferior ao 3 % da poboación; nos EUA case chega ao 22%. Que escándalo! Que escándalo que máis de unha de cada cinco persoas anciás viva por baixo do limiar da pobreza na primeira potencia mundial. Que escándalo que unha de cada cinco crianzas viva na pobreza.

47 *Ibidem*, p. 109.

A provisión pública de prestacións e servizos é superior á organizada por empresas privadas. O sector público define prestacións universais equitativas, as empresas privadas plans que devolven prestacións máis altas ás persoas que puideron realizar achegas maiores. Os servizos de saúde privatizados e os sistemas de pensións de capitalización contribúen a conxelar e ampliar a desigualdade, non a compensala. A protección social debe organizarse ao servizo dos seres humanos e non da acumulación de capital financeiro.

Ao final, o danés medio e o americano medio pagan máis ou menos o mesmo. Mais está claro que os outros daneses e os outros americanos non recibirán o mesmo.

CAPÍTULO VII. DIFERENTES NIVEIS DE PROTECCIÓN SOCIAL EN PAÍSES POBRES

Altos niveis de desenvolvemento económico permiten altos niveis de protección social, aínda que moi diferentes segundo as tradicións políticas e sociais de cada Estado. E nos países pobres? É posíbel organizar a cobertura das necesidades básicas partindo dun baixo nivel de renda? O Informe sobre o Desenvolvemento Humano⁴⁸ ofrece datos sobre 177 estados clasificados en tres clases: de alto desenvolvemento humano (57), de desenvolvemento humano medio (88) e de desenvolvemento humano baixo (32). Para establecer esta clasificación o Informe utiliza o Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) que combina tres dimensións: renda, educación e saúde. Cuba e Kerala son dous bos exemplos de como organizar as

48 Programa de las Naciones Unidas para el Desarrollo (PNUD), *Informe sobre desarrollo humano*, Madrid, Ediciones Mundi-Prensa, 2005.

satisfaccións das necesidades humanas en países de media ou baixa renda per cápita. Cuba ocupa o lugar 52 nesta clasificación, estando polo tanto entre os estados de alto desenvolvemento humano. Cuba é o país do mundo que máis postos ascende se comparamos o lugar que ocupa na clasificación por renda per cápita (r.p.c.) co lugar que ocupa na clasificación no IDH. Ascende 40 postos: do 92 por r.p.c. ao 52 por IDH. Cuba é un exemplo moi interesante das posibilidades que unha política igualitaria ten para mellorar a saúde e o nivel educativo da poboación aínda en condicións de escaseza económica. Kerala consegue uns indicadores de desenvolvemento humano moi superiores aos dos outros estados de India.

Kerala

Kerala é un estado indio de ao redor de 40 millóns de habitantes sobre unha superficie de 38.863 quilómetros cadrados. Se fose un país independente, sería o noveno país máis pobre do mundo; porén os seus logros sociais pódense comparar cos da maior parte de países desenvolvidos con niveis de renda que son 10 ou 20 veces superiores.. Sanjay Peters describe a situación social como «elevado nivel de vida conseguido nunha rexión pouco industrializada».⁴⁹ A esperanza de vida é maior que a da poboación afroamericana dos Estados Unidos, e a taxa de alfabetización superior á de todas as provincias da China. Os indicadores de calidade de vida son moi superiores en Kerala que no conxunto de India.

49 Sanjay Peters, *En Busca del Progreso y el Equilibrio. Experimentos en el desarrollo en la India*, Kairós, Barcelona, 2008, p.14.

TÁBOA I. INDICADORES DE CALIDADE DE VIDA EN INDIA E CATRO ESTADOS DA FEDERACIÓN

INDICADOR	INDIA	KERALA	BIHAR	RAJASTHAN	UTTAR PRADESH
PORCENTAXE DE MULLERES NA POBOACIÓN	48	52	49	48	48
TAXA DE MORTALIDADE DOS MENORES DE CINCO ANOS (POR CADA MIL NACIDOS VIVOS)	95	19	105	115	123
TAXA DE FECUNDIDADE TOTAL (NACEMENTOS POR MULLER)	2,9	2	3,5	3,8	4
PARTOS ATENDIDOS POR PERSOAL SANITARIO (%)	42	94	23	36	22
NENOS QUE RECIBEN TODAS AS VACINAS (%)	42	80	11	17	21

FONTE: Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), *Informe sobre desarrollo humano 2005*, Madrid, Ediciones Mundi-Prensa, 2005.

A porcentaxe de mulleres é superior en Kerala ao 50% da poboación. En India e nos tres estados de referencia é inferior, o que probabelmente é un indicador de feminicidio no intre do nacemento ou de abortos selectivos. A taxa de mortalidade dos menores de cinco anos é cinco veces menor que a de India e seis veces e media inferior á de Uttar Pradesh. Kerala ten unha taxa de fecundidade por debaixo da taxa de reemprazo (2,1 nacementos por muller), o que suxire que as mulleres poden decidir sobre a súa capacidade reprodutiva. A porcentaxe de partos atendidos por persoal sanitario supera o 90%, porcentaxe moito máis elevada que no conxunto de India, onde non chega á metade. Por último, Kerala case dobra a taxa de vacinación infantil de India.

Os logros en desenvolvemento humano de Kerala son moi altos en alfabetización, alfabetización feminina, mortalidade infantil e taxa de nacementos. No seguinte cadro compáranse

os datos de Kerala cos dos 14 maiores estados de India. Para cada taxa escolleuse o Estado que presenta o mellor nivel despois de Kerala e a media dos 14 estados.

ESTADOS	TÁBOA II. LOGROS SOCIAIS DE KERALA. COMPARACIÓN CON OUTROS ESTADOS													
	TAXA DE ALFABETIZACIÓN			TAXA DE ALFABETIZACIÓN FEMININA			TAXA DE MORTALIDADE INFANTIL			TAXA DE NACEMENTOS				
	1981	1991	2001	1981	1991	2001	1981	1991	2001	1981	1991	2001		
KERALA - A	75	81	83	66	75	78	37	17	13	25	17	17		
SEGUINTE ESTADO*	54	65	67	35	45	58	69	56	32	29	20	19		
DIFERENZA CO SEGUINTE ESTADO	22	16	16	31	31	20	-32	-39	-19	-4	-2	-2		
MEDIA DOS 14 ESTADOS - B	42	52	52	24	31	43	99	66	57	34	29	26		
DIFERENZA CON RESPECTO Á MEDIA	33	29	30	42	45	36	-62	-49	-44	-9	-11	-9		
B/A (%)	56	64	63	37	41	54	266	388	438	135	164	151		

* En cada caso selecciónase o estado que segue a Kerala. Taxa de alfabetización: Maharashtra. Taxa de alfabetización feminina, Maharashtra e Tamil Nadu (1991). Taxa de mortalidade infantil, Karnataka (1981), Punjab (1991) e Tamil Nadu (2001). Taxa de nacementos, Karnataka (1981), Tamil Nadu (1991, 2001).
 FONTE: Elaboración propia a partir de Peters, Sanjay, *Op. Cit.*, p. 16.

En 1991, un habitante da India tiña menos de dous terzos de posibilidades de saber ler que un habitante de Kerala; unha muller, moi pouco máis da metade. A probabilidade media

de morrer ao nacer era máis de catro veces superior para a media de India que para os nados en Kerala. Para rematar, a taxa de nacementos superaba nun 50% no conxunto da India a existente en Kerala. Estas diferenzas resultan aínda máis significativas se temos en conta que o nivel de desenvolvemento económico de Kerala non é superior ao dos outros estados da India. En realidade, ocupa o sétimo lugar entre os 14 maiores estados, situándose entre os cinco estados de renda media.

TÁBOA III. INGRESO REAL PER CÁPITA DOS 14 MAIORES ESTADOS DA INDIA (RUPIAS, PREZOS DE 1993-1994)			
	1980-81	1990-91	2000-01
ESTADOS DE RENDA ALTA (5 ESTADOS)	7.397	9.870	13.499
ESTADOS DE RENDA MEDIA (5 ESTADOS, ENTRE ELES KERALA)	5.126	6.793	10.179
KERALA (POSICIÓN QUE OCUPA ENTRE OS 14 ESTADOS)	5.724 (6 ^o)	6.890 (7 ^o)	10.714 (7 ^o)
ESTADOS DE RENDA BAIXA (4 ESTADOS)	3.784	4.966	5.783
PROMEDIO DOS 14 ESTADOS	5.554	7.370	10.109

FORTE: Elaboración propia a partir de Peters, Sanjay, *Op. Cit.*, p. 22.

Os programas que explican o éxito social de Kerala, dirixidos á satisfacción das necesidades básicas, son moi distintos dos que existen nos países ricos:

- Reforma agraria. Algúns expertos consideran a reforma agraria que comezou en 1969 como unha das mais igualitarias de Asia meridional. Ao redor de millón e medio de antigos arrendatarios convertéronse en propietarios. En 1983-84 só o 7,8% dos fogares agrícolas non dispuña de terra en contraste co 30% de 1963-64. A segunda reforma agraria de 1974 garantiu os dereitos dos traballadores agrarios en canto a condicións laborais, salario mínimo e pensións para os traballadores maiores.

- Distribución de alimentos en institucións educativas. Existe un programa de distribución de alimentos nas escolas de educación infantil e primaria que protexe entre o 30 e o 40% da poboación máis pobre. Desde 1961 a 1987 estendeuse nos graos escolares 1º a 4º. Neste último ano, dous millóns de nen@s recibían comida dos programas de alimentación escolar. A partir de 1987, estendeuse ata o 7º grao, aumentando o número de beneficiari@s ata tres millóns de nen@s. Posteriormente, recoñeceuse o dereito das nais e bebés a unha comida gratis ao día nas escolas infantís públicas.
- Distribución de alimentos ás persoas pobres en tendas de prezo xusto. A distribución de alimentos en tendas de prezo racionado foi un dos mecanismos máis efectivos para cubrir as necesidades de nutrición d@s pobres. Este programa creouse en 1964. Ata 1988 emitíranse 4,8 millóns de cartóns de racionamento familiar. En 1971-72, o 30% máis pobre recibía dous terzos das súas provisións de trigo e arroz nestas tendas.
- Vivenda. O programa de vivenda introduciuse en 1957 para cubrir as necesidades do 40% máis pobre da poboación. Durante a década dos setenta supuxo a construción de 57.000 fogares e melloras nos xa existentes. Un estudo de 2006 demostra que o 92% das vivendas dispoñen de baño e o 84% de electricidade.
- Educación. Xa antes da formación do estado de Kerala en 1957 e da elección dun goberno marxista, o nivel educativo era superior á media da India. Aínda así, os avances realizados desde 1957 son impresionantes. A explicación está no alto gasto público en educación. Como xa vimos, a taxa de alfabetización é superior á de India, especialmente entre as mulleres.

TÁBOA IV. GASTO PER CÁPITA EN EDUCACIÓN (EN RUPIAS)

	KERALA	A INDIA
1960-61	11	6
1970-71	28	15
1980-81	85	47
1990-91	274	185
2000-01	828	581

FONTE: Peters, Sanjay, *Op. Cit.*, p. 146.

Kerala, escribía ao principio deste apartado, se fose independente, sería o noveno estado máis pobre do mundo. Os indicadores de calidade de vida dos países de nivel de renda semellantes de África ou Asia son extraordinariamente máis baixos que os de Kerala. Moitos países de renda significativamente máis alta presentan tamén indicadores inferiores. Kerala exemplifica como calquera sociedade pode mellorar as condicións de vida da poboación se elixe ese obxectivo como esencial.

Cuba

Os países escandinavos son unha referencia polo seu alto nivel de protección social entre os países ricos ; Cuba, un exemplo de que un nivel de renda por persoa baixo non impide garantir a cobertura das necesidades básicas da poboación. Para Sanjay Peters⁵⁰ ilustra «como se pode aplicar un enfoque de necesidades básicas, nunha economía socialista planificada, tan doadamente como podería facerse nunha economía de benestar mixta.» O éxito na satisfacción das necesidades explícase pola alta porcentaxe da renda nacional (12% do PNB)

50 Sanjay Peters, *Op. Cit.*, p. 72.

que se gasta en mellora do acceso á asistencia sanitaria, educación, alimentos e vivenda, aínda que considera que este gasto é unha das causas que explican as baixas taxas de crecemento da economía.

Os resultados de Cuba⁵¹ en mortalidade infantil, alimentación, esperanza de vida e educación son comparábeis aos dos trinta países máis ricos, os da OCDE. Cuba supera lixeiramente a súa media en mortalidade infantil e educación e está moi pouco por debaixo en alimentación e esperanza de vida. Pola contra, o PIB por habitante é moito máis pequeno. O contraste en desenvolvemento social é moito máis alto se compararmos Cuba cos países da súa contorna xeográfica. O PIB por habitante é algo máis alto en Cuba que a media da rexión, para 2007 4.580 dólares en Cuba fronte a 3.610 para América latina. A diferenza mantense se utilizamos o PIB por persoa en paridade de poder adquisitivo, 12.000 fronte a 9.780 dólares. O PIB por habitante é en Cuba un 25% máis alto. Ao falarmos de PIB por habitante deixamos de lado o reparto da riqueza en cada sociedade. A CEPAL (Comisión Económica para a América Latina e o Caribe) consideraba pobres en 2007 o 35% d@s latinoamerican@s, e extremadamente pobres un 13%. Segundo os cálculos de Vandepitte, o 10% da poboación máis pobre cubana atópase en poder adquisitivo real por riba do promedio latinoamericano. Segundo o PNUD, os cubanos por baixo do limiar de pobreza sitúanse entre o 4 e o 5% da poboación.

Os datos demostran o liderado cubano en desenvolvemento humano na América latina. A esperanza de vida en Cuba é cinco anos superior á media do continente e a mortalidade infantil cinco veces inferior. O índice de seguridade

51 Sigo en todo este apartado Vandepitte, Marc, *La situación en Cuba*, <http://www.rebelion.org/noticia.php?id=123478>

alimentaria máis alto: na América latina, o 10% da poboación carece dos alimentos necesarios por só o 2,5% en Cuba. Por último, os resultados en educación de Cuba son moi superiores aos dos outros países da rexión, tanto en matemáticas como en lingua.

O salario medio en Cuba era en 2009 de 415 pesos, equivalente a 12 euros. Unha miseria. Vandepitte analiza a aparente contradición co nivel de desenvolvemento social. En primeiro lugar, bens e servizos fundamentais son gratuítos ou moi baratos (ensino, saúde, transporte, cultura e alimentos básicos). En segundo lugar, moitas empresas fornecen bens e servizos moi baratos como poden ser un televisor ou unha semana de vacacións. Por outra parte, existen dúas moedas, o peso e o CUC,⁵² e hai que ter en conta que moitas familias completan os seus ingresos con divisas que lles permiten acceder a bens que nunca poderían pagar cos ingresos salariais en pesos.

Poderíamos clasificar a poboación cubana en tres grupos.

Unha familia tipo composta por pai e nai que traballan e dous fillos estudantes. Os seus ingresos medios son 830 pesos. Esta familia ten un orzamento moi axustado, mais non se pode chamar pobre sobre todo se a compararmos coas de outros países latinoamericanos. Os fillos teñen acceso a estudos universitarios e se algún membro da familia o necesítase podería ser operado do corazón, algo que na América latina só poden facer @s ric@s. A este grupo pertence o 20% da poboación.

O segundo tipo de familia é idéntica, mais pode completar os seus ingresos con CUCs. Os seus ingresos totais serán

52 O CUC é a unidade de conta que se utiliza para os circuitos aos que teñen acceso os turistas, equivale aproximadamente a un dólar.

duns 2.510 pesos. Así vive o 60% d@s cuban@s. Os ingresos en CUCs dedícanse a extras que son moito máis caros que os produtos básicos. Para Europa non é unha familia rica, mais sería o equivalente a unha familia media de calquera país latinoamericano.

No terceiro grupo estarían @s parad@s, xubilad@s e persoas que viven soas e non teñen acceso a CUCs. Viven nunha situación económica fráxil, aínda que as favorece a cantidade de bens e servizos gratuítos ou subvencionados. As súas condicións de vida son precarias, mais están lonxe da pobreza profunda do resto do continente. Pertence a este grupo o 20% da poboación.

O ex-secretario xeral da ONU, Koffi Annan, declarou: «Cuba demostra que mesmo para un país pobre non é necesario expor a súa poboación ás peores privacións. Cuba ten un nivel de saúde inexistente na maioría dos países pobres. Nese aspecto todos podemos aprender dos cubanos.»⁵³

No seu informe de 2006, WWF, unha das organizacións conservacionistas máis importantes do mundo, considerou Cuba o único exemplo de territorio ao mesmo tempo sustentábel desde o punto de vista ecolóxico e capaz de ofrecer á súa poboación un desenvolvemento humano aceptábel. WWF combina o IDH do PNUD e a pegada ecolóxica (ver capítulo XVIII) como criterio de sustentabilidade ambiental, e considera sustentábeis os países que aproban os dous criterios. O único que o aproba é Cuba.

O desenvolvemento sustentábel viábel require que o mundo, de media, consiga como mínimo estes dous criterios...

Ningunha rexión, nin o mundo como un todo, compatibiliza os dous criterios de desenvolvemento sustentábel.

53 Citado por Vandepitte.

Só Cuba o consegue, segundo os datos que subministra ás Nacións Unidas.⁵⁴

Se o crecemento económico indefinido fose posíbel e toda a poboación mundial puidese vivir cun alto nivel de renda, o modelo puidera ser o de Noruega. Mais, se os límites físicos do planeta se impoñen, cómpre estudar o modelo cubano, que, cunha pegada ecolóxica pequena e sostíbel, garante un nivel de desenvolvemento humano aceptábel.

As altas expectativas que crea na poboación o desenvolvemento social, cultural e intelectual causa contradicións: Cuba debe ser o único país do Sur no que o grao de escolarización da poboación é superior á dos turistas. A autorización en 1993 do uso e posesión do dólar e posterior substitución polo CUC creou un abismo entre os cubanos con acceso ao CUC e os que non o teñen. En 1994, houbo rebelións nas rúas da Habana. «O baixo valor do peso fronte ao dólar e as demais divisas estranxeiras, non soamente se traduciu en prezos moi desiguais, senón tamén en ingresos moi desiguais. Un taxista ou un camareiro no sector turístico multiplica facilmente o salario dun profesor ou un médico.»⁵⁵

Cuba necesita importar o 80% dos alimentos que consume. Nos últimos anos introducíronse reformas na produción agraria. Unha das máis importantes é a cesión de terras ás persoas que queiran cultivalas. Haberá que comprobar os resultados desta iniciativa.

Cuba foi un referente durante décadas para os pobos da América latina. Resistiu a poucas millas da potencia hexemónica e converteuse nun faro que emitía unha mensaxe: é posí-

54 World Wide Fund, *Informe Planeta Vivo 2006*. O destacado é meu.

55 Citado por Vandepitte.

bel resistir o imperialismo e a desigualdade. As xeracións que hoxe dirixen as distintas experiencias da esquerda plural na América latina (Venezuela, Brasil, Bolivia, Ecuador...) tiveron Cuba como inspiradora. Mais existen dúas interrogantes que Cuba debe afrontar: a escasa eficacia económica e a falta de liberdades democráticas.

As reformas iniciadas baixo a dirección de Raúl Castro son un recoñecemento desa falta de eficiencia. O pequeno tamaño de Cuba⁵⁶ e o bloqueo económico imposto polos EUA son dúas dificultades enormes para estruturar unha economía socialista viábel e sería unha frivolidade desprezalas.

Resistir as agresións imperialistas relativiza a falta de liberdades democráticas en Cuba. Por outra parte, o respecto polos dereitos humanos en Cuba é superior ao que existe na maioría dos países latinoamericanos. En Cuba non se asasinan sindicalistas, campesiñ@s, ecoloxistas, mulleres, delinquentes, meniñ@s da rúa... como si ocorre en Colombia, Brasil, México... Mais esta constatación non impide desexar que Cuba institucionalice as liberdades democráticas e as garantías xurídicas que constitúen, como a protección social, o coñecemento científico, o respecto polos dereitos das mulleres ou o antiimperialismo, conquistas da civilización humana, conquistas universais que merecen todos os pobos e todos os seres humanos.

Preservar as conquistas da revolución cubana, porque son conquistas magníficas, a capacidade do Estado para planificar e dirixir a economía, a sanidade e a educación para tod@, a garantía da alimentación, e mellorar a eficiencia económica e o respecto polas liberdades democráticas é un reto formidábel para un pequeno país estreitamente vixiado por un co-

56 Vandebitte realiza unha comparanza moi interesante entre a China e Cuba que recomendo a quen teña interese nesta cuestión.

loso que gasta en armamento un de cada dous dólares que se gastan no planeta. Non será doado, será moi difícil, e non quero escribir desde a cómoda posición do observador que non ten que tomar decisións políticas e económicas, mais o desexo das persoas que amamos a liberdade e a igualdade dinos que «liberdade e a igualdade son tamén *condicións irrenunciábeis de todo proxecto político que poidamos defender.*» e «a liberdade, a igualdade e a independencia (no sentido en que os definimos aquí) como criterios cos que axuizar modelos políticos, incluído o comunismo. En definitiva, dixemos xa que constitúen *esixencias irrenunciábeis.*»⁵⁷

CAPÍTULO VIII. PROTECCIÓN SOCIAL E LOITA DE CLASES

As diferenzas políticas e ideolóxicas explican que sociedades con niveis de renda semellantes ofrezan niveis de protección social ben distintos. O moi superior nivel de protección de Noruega respecto dos EUA é un bo exemplo diso. A renda per cápita destes dous países é moi semellante. No entanto, o nivel de pobreza infantil en Noruega é moito máis baixo (ver capítulo II). Dinamarca e os EUA son dúas sociedades de semellante nivel de riqueza, mais a opción danesa por un sistema público de pensións fai que a pobreza entre os maiores sexa entre tres e catro veces menor (ver capítulo VI). Os mesmos factores explican que sociedades con baixos niveis de renda protexan a saúde dos seus pobos ou garantan o acceso á educación ao nivel de sociedades moito máis ricas, como ocorre en Cuba e Kerala (ver capítulo VII). O peso do movemento obreiro nos

57 Fernández Liria e Alegre Zahonero, obra citada, p. 635.

séculos XIX e XX, o nivel de sindicación, a presenza ou ausencia de partidos de orixe obreira, socialdemócrata ou comunista, son factores determinantes no prestixio e implantación dos sistemas de protección pública. Pola contra, nas sociedades en que as organizacións do movemento obreiro sufriron unha derrota histórica, os servizos públicos e as prestacións sociais son percibidos por un gran sector da poboación como un sumidoiro de recursos públicos. «Nin o volume e a composición do gasto do Goberno nin a distribución das cargas fiscais están determinados polas leis do mercado, senón que reflicten os conflitos sociais e económicos entre grupos e clases e están estruturalmente determinados por eles.»⁵⁸

Acreación dos sistemas de protección social

A construción dos primeiros sistemas públicos de pensións foi o produto da loita cívica e de clases. As mobilizacións operarias, os movementos revolucionarios e, despois de 1917, a ameaza que representaba a existencia da Unión Soviética como alternativa ao capitalismo mudaron a correlación de forzas entre o capital e o traballo. As clases capitalistas introduciron reformas para esvaeceren a orientación revolucionaria de sectores importantes das clases traballadoras. As reformas foron, en moitos casos, realizadas por líderes políticos partidarios do sistema capitalista, mais plenamente conscientes do perigo que para este significaba a radicalización política:

Os líderes políticos que promoveron os primeiros sistemas públicos de xubilación -Bismarck, Lloyd George, Franklin

58 O'Connor, James, *La crisis fiscal del Estado*, Ediciones Península, Barcelona, 1994, p. 21.

Roosevelt e Truman- poxaban polos votos en épocas de grandes turbulencias sociais. Víanse a si mesmos a desactivaren conflitos de clases e a mostraren como políticas máis intelixentes podían restabelecer a autoridade da orde establecida.⁵⁹

En 1889, o Chanceler do Imperio Alemán, Otto von Bismarck, creou o primeiro sistema nacional de pensións. A súa intervención no Reichstag na que argumenta a necesidade de crear un sistema de seguridade social reflicte perfectamente a clara e profunda conciencia das clases dominantes na época en que establecen os fundamentos dos estados do benestar modernos:

Nós cremos que o xeito de previr a revolta dos traballadores, tal como está a ocorrer hoxe en París, non só é mediante a represión do movemento socialdemócrata senón tamén mediante medidas que favorezan e dividan os traballadores (...) de maneira que a Seguridade Social que establezamos sexa administrada por asociacións corporativas que, baixo a dirección do Estado, sexan responsábeis pola xestión dos seus beneficios.⁶⁰

A protección social nos países ricos depende do poder das organizacións operarias

Se a creación do Estado de benestar é unha consecuencia da loita das clases traballadoras, as súas características están directamente relacionadas coa fortaleza das organizacións que souberon construír. Navarro (2000) relaciona os catro mode-

59 Blackburn, Robin, *Age Shock. How Finance is Failing Us*, Verso, Londres, 2006. pp. 87.

60 Citado por Navarro (2000), *Op. cit.*, p. 76.

los de Estado de bienestar⁶¹ (ver capítulo VI) coa historia política e sindical de cada sociedade. Case como unha secuencia alxébrica: maior afiliación sindical → maior peso dos partidos operarios → máis anos de goberno socialdemócrata → maior recadación de impostos → máis gasto social → máis emprego en servizos públicos → máis emprego feminino.

TÁBOA I. DIFERENZAS POLÍTICAS E SINDICAIS ENTRE OS CATRO MODELOS

MEDIA	ANOS DE GOBERNO SOCIAL-DEMÓCRATA 1946-1980*	ANOS DE GOBERNO CRISTIÁN-DEMÓCRATA 1946-1980	DENSIDADE SINDICAL (%)**	PACTO SOCIAL***
SISTEMAS SOCIAL-DEMÓCRATAS	23,5	3,2	70	3,6
SISTEMAS CRISTIÁN-DEMÓCRATAS	7,8	16,7	43,9	3
SISTEMAS LIBERAIS	4,7	0	43	1,8
SISTEMAS DITATORIAL-CONSERVADORES	0,7	2,6	0	0
REINO DE ESPAÑA	0	3	0	0

* Un ano de goberno en solitario equivale a un punto; en coalición, menos.

** Porcentaxe de traballador@s afiliad@s a un sindicato.

*** Pactos de colaboración entre goberno, sindicatos e organizacións de empresari@s.

FONTE: Navarro, *Op. Cit.*, p. 56.

Modelo socialdemócrata

As políticas socialdemócratas alcanzaron a máxima influencia nos países do norte de Europa (Suecia, Dinamarca, Noruega, Finlandia) e en Austria. Nestes países os partidos e sindica-

61 *Ibidem*, pp. 54-85.

tos socialdemócratas foron hexemónicos na sociedade desde 1945 ata finais dos anos 80. O movemento obreiro actuou como un movemento en defensa dos intereses de clase d@s traballador@s, e as organizacións sindicais agruparon tanto @s traballador@s da industria como dos servizos. A media de afiliación foi moi alta, desde o 59% en Noruega ao 82% en Suecia. Os partidos socialdemócratas gobernaron unha media de 23 anos entre 1945 e 1980.

Modelo cristián-demócrata

Navarro inclúe neste modelo Bélxica, Holanda, Alemaña, Francia, Italia e Suíza. Todos estes países foron gobernados por partidos conservadores baseados nas tradicións cristiás. Nalgúns casos tiveron que gobernar en coalición con partidos socialdemócratas ou alternáronse con eles no goberno como nos casos de Bélxica, Holanda e Alemaña, que tiveron gobernos socialdemócratas en parte do período de formación e desenvolvemento dos seus Estados de benestar. En calquera caso, os partidos conservadores ou cristián-demócratas gobernaron estes países a maior parte dos anos entre 1945 e 1980. O nivel de afiliación aos sindicatos non chegou ao 50% d@s traballador@s. Un elemento moi importante que caracteriza este modelo é responsabilizar as familias, léase mulleres, de tarefas que nos países de tradición socialdemócrata se encargan ao Estado do benestar.

Modelo liberal

Dentro deste grupo están Canadá, Estados Unidos, Gran Bretaña e Irlanda. Na Gran Bretaña gobernou o partido socialdemócrata (Labour Party) durante 14 anos dos 35 considerados. Nos outros tres países, nunca. Navarro sostén que deben agruparse xuntos xa que comparten a concepción dun Estado do benestar residual e asistencial no que os beneficios depen-

den dunha proba de necesidade, aínda que existan excepcións como a universidade en Canadá e a sanidade na Gran Bretaña. A taxa de afiliación nestes catro países é igual á do modelo anterior, un 43%.

Modelo ditatorial-conservador

O Reino de España, Grecia e Portugal forman este grupo. Teñen en común cos países do modelo cristián-demócratas que se centran máis nas transferencias sociais que nos servizos sociais. Os tres sufriron ditaduras de máis de corenta anos que deron unhas características especiais aos seus Estados do benestar. Estas ditaduras tiveron un marcado carácter de defensa dos intereses dunha clase fronte ás outras. Este carácter de clase expresouse non só na moi dura represión do movemento obreiro e a prohibición dos sindicatos, senón en aspectos como a baixa recadación fiscal e o seu carácter regresivo. A democracia permitiu a organización legal das clases traballadoras en sindicatos. Aprobouse unha reforma fiscal de carácter progresivo. Aumentou a recadación do Estado e construíuse un Estado do benestar máis amplo. Nos servizos públicos, especialmente en educación e na sanidade, a gran maioría do persoal é funcionario ou estatutario. A súa dedicación horaria é menor que nos países cristián-demócratas ou socialdemócratas. Isto explica a baixa produtividade do sector e abre paso a que a participación das empresas privadas neses sectores sexa das máis grandes dos países de capitalismo desenvolvido. A concepción da familia, quer dicir da muller, como responsábel da atención ás persoas dependentes, nen@s, anciáns, enferm@s psíquic@s, é unha característica común cos países cristián-demócratas.

Tamén nos países pobres a protección social depende da orientación política hexemónica

No Estado indio de Kerala os índices de desenvolvemento humano son moi superiores aos dos outros estados de India (ver capítulo VII). Kerala foi gobernada desde 1957 por gobernos nos que o Partido Comunista de India é a forza hexemónica. Os gobernos de Kerala impulsaron dúas reformas agrarias, unha en 1969 e outra en 1974. A primeira está considerada como unha das máis igualitarias de Asia; a segunda buscou protexer os dereitos dos traballadores agrarios. A distribución de alimentos nos centros educativos e en establecementos de prezo racionado diríxense a tentar satisfacer as necesidades básicas en alimentación dos sectores máis pobres da sociedade. Desde 1957, os gobernos centráronse no gasto educativo, obtendo resultados en alfabetización e alfabetización feminina moi superiores á India no seu conxunto. A política de vivenda dirixiuse a cubrir as necesidades do 40% máis pobre da poboación. Para algúns autores o modelo é singular polo seu compromiso coa participación das mulleres, as castas excluídas e os pobres. En definitiva, os logros sociais en Kerala explícanse polas opcións políticas adoptadas por unha forza política, o Partido Comunista de India, que como a socialdemocracia nórdica, ten a súa inspiración nas ideoloxías do movemento operario.

As conquistas sociais en Cuba son, tamén, o resultado dunha opción pola satisfacción das necesidades da maioría da poboación. «síntese: o desenvolvemento e o combate contra a pobreza son en primeiro lugar unha cuestión de reparto, de relacións de poder e polo tanto de política. A pobreza non é unha cuestión de destino, senón unha consecuencia das relacións de poder que existen nunha sociedade.»⁶²

62 Vandepitte, obra citada.

E se a pobreza en Cuba non ten nada que ver coa do resto do continente, o mesmo ocorre coa riqueza, xa que «os ricos non forman unha clase, non controlan ningunha parte da economía e non dan emprego a ninguén.»

1945-2012. Construción, cuestionamento e ataque frontal á protección social

Se a protección social é un resultado da loita de clases, as conquistas sociais que implica non son definitivas, senón que dependen da evolución da correlación de forzas entre as clases sociais. Desde o remate da 2ª GM podemos diferenciar tres etapas perfectamente definidas na evolución dos dereitos sociais nos países ricos. A primeira esténdese desde 1945 ata os gobernos de Reagan e Thatcher, a Idade Dourada; a segunda, case tres décadas de Revolución Conservadora, remata en 2007; co estoupido da crise financeira iníciase a terceira etapa que denomino a Ofensiva Total do Capitalismo.

A idade dourada. 1945-1980

Entre 1945 e 1980 desenvólvese unha etapa de gran progreso social nos países desenvolvidos. Ata finais dos setenta, a economía medra como en ningunha época anterior, o desemprego é moi baixo e a organización d@s traballador@s en sindicatos e partidos socialdemócratas, comunistas e movementos de extrema esquerda, masiva. As ideoloxías de orixe operaria e mesmo anticapitalistas gozan de importante presenza social. A existencia do chamado socialismo real actúa como referente para unha parte do movemento operario e como límite para as políticas de libre mercado. A derrota do fascismo e a decisiva presenza dos partidos comunistas na organización da Resistencia dótaos de forte lexitimidade. O capital vese obrigado

a realizar concesións que van en contra da súa natureza. En Francia, o descrédito da alta burguesía permitiu que o Consello da Resistencia concibise un sistema de pensións e seguridade social. En 1945 créase a Seguridade Social francesa inspirada no programa que aprobara o Consello Nacional da Resistencia,⁶³ integrado por comunistas, socialistas e gaullistas. Paga a pena reproducir as palabras cheas de humanidade e esperanza dese programa, que decide crear «un plan completo de seguridade social, tendente a lles asegurar a todos os cidadáns medios de existencia en todos aqueles casos nos que eles sexan incapaces de os acadar por medio do traballo» e «unha xubilación que lles permita aos traballadores vellos acabaren dignamente os seus días».

A participación determinante dos comunistas e os socialistas na resistencia á ocupación nazi está sen dúbida presente na determinación de nacionalizar sectores económicos estratéxicos cando o Consello decide «volverlle á nación os grandes medios de produción monopolizados, froito do traballo común, as fontes de enerxía, as riquezas do subsolo, as compañías de seguros e a gran banca.»

En 1945, Francia decide establecer un sistema de seguridade social e un sistema de pensións de reparto. A nación estaba arruinada polos efectos da guerra. Mais ningún «grupo de expertos» publicou un informe no que se advertise da inviabilidade do sistema de pensións público e de reparto. Tampouco sobre as catástrofes que para o «funcionamento eficaz e equilibrado dos mercados» implicaría a nacionalización dos grandes medios de produción monopolizados e a gran banca. Con seguridade social e nacionalizacións comezaron 30 anos de grande

63 Hessel, Stéphane, *Indignédevos!*, Fkatoria K de libros, Pontevedra, 2011, pp. 17 -19.

crecemento económico e relativo equilibrio social. Entre 1950 e 1973 a taxa media anual de crecemento do PIB foi do 5,05%. Desde 1973 a 1998 reduciuse ao 2,10%. O capitalismo desregulamentado é incapaz de nin sequera se aproximar ás taxas de crecemento da era da planificación e das nacionalizacións. En 1950, o PIB por habitante era de 5.270 dólares, e non se discutía a viabilidade do sistema de pensións e do sistema de protección social; en 1998 acadaba os 19.558 dólares, cada francés era 3,7 veces máis rico, dispuña dunha cantidade moi superior de bens e servizos e o debate sobre a viabilidade do sistema recruaba. A decisión de manter un sistema de protección social universal é, como o foi a decisión de o crear, unha decisión política.

Tamén nos EUA e na Gran Bretaña a creación do Estado do benestar víase como o amencer da «cidadanía social». Nos dous países, progresistas e conservadores desenvolveron os dereitos sociais. As axudas por fill@, educación pública, seguros sanitarios, pensións de xubilación parecían parte dun programa universal nos países ricos para cubriren os custos da educación, a saúde e a xubilación. Os programas de protección non se dirixían ás persoas pobres, senón ao conxunto da poboación; «as prestacións para os pobres, axiña viran en prestacións pobres». Este sentenza, da que non se coñece a autoría, resume a aspiración a prestacións universais e non condicionadas ao estigma da pobreza. No actual ambiente de reacción neoliberal, a dereita social e boa parte da socialdemocracia volve recuperar o discurso da beneficencia fronte ao dos dereitos sociais universais. Na época dourada de construción do Estado de benestar, a frase atribuíuse a políticos moderados e do sistema como Richard Timmus, laborista, na Gran Bretaña e a Wilbur Mills, demócrata, nos EUA. A correlación de forzas era outra e recoñecía a forza estrutural das clases traballadoras. A educación, a saúde e a xubilación deixáronse á marxe do mercado. Esping-Andersen acuñou

o término «welfare capitalism» e subliñou que, sen saír do capitalismo, o Estado do benestar garantía servizos desmercantilizados. Só nas últimas décadas do século XX o Estado do benestar deixou de ser un orgullo nacional para se asociar cunha minoría estigmatizada.⁶⁴

Os sistemas de pensións requiren grandes recursos e a experiencia da 2ª GM xogou un importante papel en demostrar que ese esforzo era posíbel. En calquera caso, un dos máis completos e antigos sistemas de benestar, o sueco, creceu nun país non combatente e, como noutros países, reflicte unha combinación de loita e colaboración de clases: «Mentres os termos do compromiso foron propostos por economistas dos sindicatos –Gösta Rehn e Rudolf Meidner–, os empresarios foron conscientes de que os acordos salariais aseguraban vantaxosas condicións para a gran industria sueca.»⁶⁵

En Alemaña e Xapón, os sistemas de seguridade social formaron parte dos proxectos das autoridades para reconstruíren as súas economías trala guerra.

Este escenario interrompeuse nos 70, non por un shock demográfico, senón económico e o conseguinte paro. Os sindicatos debilitáronse. Reduciuse o poder de negociación pola expansión da forza de traballo: baby boom, incorporación das mulleres, deslocamento de industrias aos novos países industrializados. A reaparición do paro diminuíu a capacidade de negociación d@s traballador@s. Nos EUA, o salario por hora estancouse durante dúas décadas a pesar do aumento da produtividade. Apareceron presións para recortar as prestacións e estender os sistemas privados. O modelo de protección social construído despois da 2ª GM entra en crise.

64 Blackburn, *Op. cit.*, p. 77.

65 Blackburn, *Op. cit.*, pp. 90 e ss.

A revolución conservadora. 1980-2007

Andrew Glyn⁶⁶ describe a posición de forza que conseguiran as clases traballadoras en Occidente nas décadas posteriores á 2ª GM. En Alemaña, @s traballador@s acadaran un sistema de co-xestión paritario entre representantes d@s traballador@s e d@s accionistas; en Suecia, o plan de fondo de asalaríad@s, proposto polo economista dos sindicatos socialdemócratas, Rudolf Meidner, posuía implicacións radicais: os seus promotores calculaban que en 35 anos o 49% do capital das empresas de máis de 50 traballador@s sería controlado por estes; en 1973, o congreso do Partido Laborista británico aprobou un plan para que o seguinte goberno laborista nacionalizase aproximadamente un terzo da produción industrial; dous anos despois da vitoria de Mitterrand, en 1981, a propiedade pública acadou o 90% dos bancos franceses.

O contraataque do capitalismo comeza nos anos setenta: «Sabemos agora que esta loita acabou nun debilitamento absoluto do movemento operario, na estabilización macroeconómica e no dominio das ideas de libre mercado.»⁶⁷

Entre os instrumentos dese contraataque, Glyn cita a utilización da política monetaria para controlar a inflación á custa dun enorme aumento da taxa de desemprego, a loita contra os déficits públicos promovida polos mercados financeiros utilizando a redución do gasto social e non as subas de impostos, a privatización das empresas nacionalizadas, a substitución da provisión pública de determinados servizos polas compras ao sector privado e a desregulación do mercado do traballo. Un dos elementos clave do novo modelo é a financeirización da

66 Glyn, Andrew, *Capitalismo Desatado, Finanzas, Globalización y Bienestar*, Los libros de la Catarata, Madrid, 2010, p. 61 e ss.

67 Glyn, Andrew, *Ibidem*, p.37.

economía de que forma parte o crecemento dos fondos de pensións.

Os líderes políticos das clases capitalistas eran totalmente conscientes da necesidade de contraatacaren e de que o contraataque só sería posíbel se previamente se despolitizaban as clases traballadoras. En 1971, David Rockefeller chamaba a impor os intereses da clase capitalista estadounidense nun novo contrato social:

Agora que o contrato social está a piques de volver ser revisado, os actuais problemas socio-económicos premen con insistencia para que se produza unha nova modificación e regulación da actividade empresarial. Se actúa con rapidez, o mundo dos negocios pode asegurarse unha voz á hora de decidir cal será a forma e o contido deste novo contrato social.⁶⁸

En 1975, a Comisión Trilateral (na altura o máis importante intelectual colectivo do capitalismo estadounidense, europeo e xaponés) publicou un informe⁶⁹ magnífico pola súa sinceridade e vocación materialista. Michel J. Crozier, Samuel P. Huntington e Joji Watanuki son os autores respectivamente dos capítulos dedicados a Europa, EUA e Xapón. Os tres coinciden en dúas ideas: a relación entre inflación e conflito de clases e a necesidade de despolitizar as clases traballadores para que as democracias volvan ser «governábeis».

No capítulo dedicado a Europa, Michel Crozier relaciona ata sete veces a inflación coa falta de gobernabilidade: «A inflación pode considerarse o resultado directo da

68 Tomado de James O'Connor, Op. Cit., p. 278.

69 J. Crozier, Michel, P. Huntington, Samuel, Watanuki, Joji, *The crisis of democracy, Report on the governability of democracies to the Trilateral Commission*, New York University Press, 1975.

ingobernabilidade das democracias occidentais. É unha resposta doada ás tensións do crecemento.» E cales son as causas da falta de gobernabilidade? A fortaleza das clases traballadoras, que mesmo son unha ameaza para a democracia: «En consecuencia, nunha época ou outra, as ameazas para a viabilidade dos gobernos democráticos viñeron da aristocracia, os militares, a clase media, e a clase traballadora». As ameazas proceden da clase traballadora ou das clases medias, nunca da clase capitalista. A Crozier preocúpalle extraordinariamente a unión dos partidos de clase obreira e os sindicatos coas ideoloxías revolucionarias, «mais a ideoloxía... é tamén unha arma para a acción. E, no contexto europeo, segue a ser o instrumento dispoñíbel máis efectivo para a mobilización. Cando a ideoloxía devala, a capacidade dos sindicatos para conseguiren melloras tamén devala.»

O capítulo de Huntington, dedicado aos EUA, incide nas mesmas ideas, aínda que cun nivel de concreción na análise e nas propostas moi superior. Estuda o aumento do gasto público despois da 2ª GM diferenciando aqueles gastos que promoven os *intereses comúns* da nación (gastos militares) daqueles que responden a *intereses individuais*:

O maior incremento no gasto do goberno durante a década dos 60 produciuse en educación, seguridade social e seguros relacionados, (!) prestacións, benestar público, intereses da débeda pública, saúde e hospitais (!) (...). A tendencia foi un masivo incremento do gasto gobernamental para subministrar fondos e prestacións para individuos e grupos particulares antes que en gastos destinados para servir os intereses nacionais en relación co con ntorno exterior.⁷⁰

70 *Ibidem*, p. 70. As admiracións son miñas.

Por dúas veces, Huntington relaciona a inflación co exceso de gasto público en comparación cos ingresos como consecuencia da expansión do Welfare. A partir dese diagnóstico reflexiona sobre a democracia e fai dúas propostas. A primeira, a democracia é só un instrumento para constituír a autoridade e non é universalmente aplicábel; os asuntos nos que os procedementos democráticos son axeitados son limitados. Por outra parte, «the effective operation of a democratic political system usually **requires some measure of apathy and noninvolvement on the part of some individuals and groups.**»⁷¹

As propostas da Trilateral aplicáronse a partir da revolución conservadora liderada por Pinochet, Reagan e Thatcher. A preocupación pola inflación traducíuse no concepto de NAIRU (taxa de desemprego non aceleradora de inflación nas súas siglas inglesas, Non-Accelerating Inflation Rate of Unemployment), que pasou a guiar a política dos bancos centrais que optan polo control da inflación e o desemprego como instrumento para disciplinar @s traballador@s. O concepto de NAIRU é a interpretación capitalista do concepto marxista de exército industrial de reserva necesario para disciplinar a clase traballadora: o pleno emprego é inflacionista. Xa en 1943, Michal Kalecki percibiu maxistralmente o carácter prioritario que para os patróns ten a disciplina da clase traballadora e a utilidade que o paro ten para a garantir:

De certo, baixo un réxime de pleno emprego permanente, o despedimento deixaría de desempeñar o seu papel como medida disciplinaria. A posición social dos xefes minaría-se

71 *Ibidem*, p. 114: «o funcionamento eficaz dun sistema político democrático adoita esixir algunha dose de apatía e desinterese por parte dalgúns individuos e grupos.»

e a seguridade en si mesmos e a conciencia de clase dos traballadores medraría. As folgas por aumentos de salarios e mellores condicións de traballo crearían tensión política. É certo que as ganancias sería meirandes baixo un réxime de pleno emprego que a súa media baixo o *laissez faire*, e aínda o aumento de salarios resultante do maior poder de negociación dos traballadores tendería menos a reducir as ganancias que a aumentar os prezos, de xeito que só reduciría os intereses dos rendistas; porén, os dirixentes empresariais valoran máis **a disciplina nas fábricas e a estabilidade política** que os beneficios. O seu instinto de clase dilles que o pleno emprego duradeiro é pouco conveniente desde o seu punto de vista e que o desemprego fai parte integral dun sistema capitalista **normal**.⁷²

A independencia dos bancos centrais é o paradigma de como afastar *determinados asuntos* dos procedementos democráticos, e a arquitectura coa que se constrúe a UE, un magnífico exemplo de como baleirar de soberanía os estados sen llela ceder nin ás nacións sen Estado nin a estrutura ningunha democraticamente elixida; o rol dirixente do BM, do FMI ou da Organización Mundial do Comercio no goberno da economía mundial, outro.

Os impulsores políticos da revolución conservadora foron Augusto Pinochet en Chile, Margaret Thatcher no Reino Unido e Ronald Reagan nos EUA. Para esta tríade, a sociedade non existe, só os individuos, e o principal problema da sociedade é a excesiva intervención do goberno. A síntese máis precisa do pensamento neoliberal foi enunciada por Thatcher nunha entrevista concedida en 1987 á revista *Woman's Own* na que afirmou que non existe a sociedade, só existen mulleres e homes individuais e as súas familias que deben mirar por si

72 Kalecki, Michal, "Aspectos políticos del pleno empleo", *Revista Sinpermiso*, nº 9, Barcelona, 2011, p. 99. Destacados no original.

mesmos sen se fiaren do que os gobernos poidan facer: «There is no such thing! There are individual men and women and there are families and no government can do anything except through people and people look to themselves first.» E desta idea-forza derivase a visión do poder do Estado como perigo, xa que atenta contra a liberdade individual. En consecuencia, é necesario reducir ao mínimo a intervención do Estado na economía. Deben privatizarse as empresas públicas. Tamén deben privatizarse os servizos públicos ou, se non é posíbel privatizalos, a xestión debe ser privada. No ano 1975, Margaret Thatcher preguntábase: «Que é o que impulsa os grupos de presión poderosos e vociferantes a esixiren maior equidade?», e contestaba: «Con frecuencia non se trata máis que dunha confusa combinación entre envexa e culpa burguesa». Vinte e cinco séculos antes, Platón advertía aos lexisladores atenienses: «Entre os cidadáns non debería existir nin pobreza extrema nin tampouco riqueza excesiva pois ambas xeran un gran mal».⁷³ Dous puntos de vista, dúas sensibilidades, dúas concepcións da sociedade, é dicir, dúas ideoloxías e, en consecuencia, dous modos de aproximarse á cuestión da protección social.

Outra política que iniciarán @s neoliberais, e que aos poucos irá contaminando a todos os gobernos, é a diminución dos impostos directos. O economista estadounidense Arthur B. Laffer defendeu que o aumento dos tipos impositivos facía caer a recadación total. Cóntase que, nunha cea, Laffer lles explicou a súa teoría a un xornalista de *The Wall Street Journal* e a un funcionario do gabinete do presidente Ford. Como o funcionario non entendese que a recadación de impostos puidese aumentar diminuíndo os tipos impositivos, Laffer de-

73 Programa de las Naciones Unidas para el Desarrollo (PNUD), *Informe sobre el desarrollo humano*, Madrid, Ediciones Mundi-Prensa, 2005, p. 57.

buxoulle nun pano de papel a curva convexa que relacionaba a diminución da recadación co descenso dos tipos impositivos e que se coñece como curva de Laffer. Este funcionario chamábase Dick Cheney, vicepresidente dos EUA con George Bush Jr., adañ das políticas neoliberais que aprobou unha importante redución dos impostos para os ricos, outra máis que engadir ás aprobadas por Ronald Reagan. Esta anécdota serve para comprendermos a relación entre ciencia e ideoloxía e, tamén, o xeito en que o movemento neoliberal converteu os seus prexuízos en verdades científicas e despois en medidas de política económica que beneficiaron os intereses dos máis ricos, quer dicir, que aumentaron a súa riqueza. Laffer parte dunha hipótese non demostrada. Un científico buscaría datos na realidade, compararía distintos países e chegaría a unha conclusión. A conclusión sería que nos países con sistemas fiscais máis progresivos e tipos de imposto sobre a renda reais máis altos, a recadación fiscal é máis alta, como tamén o é o grao de desenvolvemento económico. Podemos comparar o nivel de cumprimento fiscal en México e Nixeria, no Reino de España e Grecia, en Noruega e Alemaña, e, ao mesmo tempo, podemos comparar o grao de desenvolvemento destes países. A conclusión sería que nos países con alto nivel impositivo a economía é máis eficiente e o Estado ten máis capacidade para financiar distintos servizos e prestacións que, por unha banda, protexen os cidadáns e, por outro lado, melloran a capacidade produtiva, por exemplo o gasto en educación e investigación. Como procede Laffer? Proponendo unha «verdade ideolóxica», sen contraste empírico, e convencendo políticos que se queren deixar convencer e que transforman esa idea nunha redución de impostos para os máis ricos. Porque en realidade o que se reduciron foron os impostos directos progresivos, mentres aumentaban os impostos indirectos que pagamos todos por igual con independencia da nosa renda.

O economista estadounidense J. K. Galbraith explica a resistencia á existencia de impostos progresivos por parte das clases que forman «a comunidade dos satisfeitos»:

Os impostos, que sosteñen unha parte considerábel dos servizos públicos, aínda que de ningún xeito a súa totalidade, recaen sobre os satisfeitos; os beneficios corresponden a outros. E, sobre todo, os afortunados do sistema atópanse con que pagan cos seus impostos o custo público da subclase funcional, e, coa reacción máis previsíbel, resístense a iso. E diso nace unha resistencia moi comprensíbel a todo imposto.⁷⁴

A continuación, cita algúns dos servizos financiados cos ingresos impositivos e os grupos sociais aos que benefician:

Os máis pobres dependen do Estado para obteren unha vivenda subvencionada. Non hai ningún país economicamente avanzado (...) en que o sistema de mercado produza casas que poidan permitirse os pobres (...). E pasa o mesmo co ensino, aínda que non sexa tan notorio. (...) Os pobres necesitan parques públicos e instalacións recreativas (...). Os pobres necesitan bibliotecas públicas (...). Moitos pobres viven nas barriadas dos centros urbanos, onde é necesaria a presenza diaria da policía.

E propón unha explicación da evolución das políticas impositivas nas últimas décadas:

Resumindo , os impostos e os servizos públicos teñen efectos dispares sobre a maioría electoral satisfeita, por unha banda, e sobre a subclase por outra, e é esa disparidade a que produciu, clara e comprensíbelmente, as políticas fiscal e impositiva destes últimos anos. (...) Sostívose que (...) deberían reducirse os impostos (...) [, así como] deberían reducirse ao máximo posíbel

74 Kenneth Galbraith, John, *La Cultura de la Satisfacción*, Ariel Sociedad Económica , Madrid, 1992, pp. 54 e ss.

os servizos sociais (...). Non debería haber, con todo, ningunha redución dos gastos privilexiados (...), sobre todo dos de defensa e os das operacións de rescate financeiro.

Algunhas das características do modelo social que describe non son aplicábeis a moitas das sociedades europeas. O gasto social nas sociedades europeas é moi superior ao estadounidense, a cobertura da sanidade pública é universal e finánciase no caso español integramente con impostos, e o gasto militar (keynesianismo militar), non ten a importancia que nos EUA. Con todo, si que parece profética a referencia á diminución nos gastos sociais en favor dos militares que puxo en práctica a administración de George Bush e, de máxima actualidade, as inxentes operacións de rescate de institucións financeiras en dificultades polas súas políticas irresponsábeis ou polo medo contaxiado aos mercados.

A crise financeira e a ofensiva total do capitalismo, a explotación do éxito. 2007...

Se os trinta anos posteriores á 2ª GM son os de creación do Estado do benestar e os trinta seguintes os da contraofensiva neoliberal, en 2007 comeza a ofensiva total por parte do neoliberalismo, quer dicir, do capital. Acáelle a esta fase denominada como a de «explotación do éxito». Cando unha unidade militar consegue tal superioridade sobre o inimigo que este dubida sobre a súa capacidade de resistencia e inicia a retirada, por veces desordenada, a doutrina militar propón a persecución con todas as forzas para, aproveitando a desmoralización e o sentimento de derrota, proceder á destrución do inimigo.

Só a apatía dos pobos europeos explica a facilidade con que os custos da crise actual se fan recaer sobre aqueles e non sobre as elites financeiras que a causaron. Os referendos

celebrados nas factorías de Fiat (Turín e Pomigliano) e Nissan (Barcelona), nas que a maioría dos votantes aceptaron renunciar a dereitos adquiridos, son exemplos da debilidade das clases traballadoras. Trátase do núcleo noutrora máis organizado e combativo do movemento operario. A derrota na Fiat é moi grave. @s traballador@s renuncian, na práctica, aos dereitos de negociación polos que loitaran nos séculos XIX e XX.⁷⁵ Os sindicatos que non asinaron o acordo non terán representantes diante da empresa. Se algún sindicato dos asinantes decidise protestar contra o acordo, a FIAT pode negarlle o dereito de convocar asembleas e non recoñecer as horas sindicais. O ex-xuíz Di Pietro, líder de Italia dos Valores, declarou que Mirafiori (unha das factorías en que se realizou o referendo) volvera á época do fascismo.

Os medios de persuasión de masas actúan como unha devasa que impide que se propaguen as mobilizacións. A cobertura das importantes movementos de oposición ás reducións de dereitos sociais e salarios en Francia e Grecia, cunha sucesión de folgas e mobilizacións xerais continuadas, é mínima e céntrase nos «incidentes». O mesmo tratamento reciben as folgas xerais convocadas en Portugal, en Euskadi, na Galiza e no resto do Reino de España. A rebelión islandesa ignorada. Medios de *apatización* de masas, silencio, fútbol e Belén Esteban.

Os capitalistas non dubidan de que exista loita de clases e queren gañala. As declaracións de Warren Buffet, un dos cinco homes máis ricos do mundo, publicadas en *The New York Times* (abril de 2006),⁷⁶ deberían gravarse nos frontispicios

75 Rein, Álvaro, *La relevancia europea de la «Vía Marchione» para la contrarreforma laboral*, <http://www.sinpermiso.info/articulos/ficheros/rein.pdf>.

76 <http://www.nytimes.com/2006/11/26/business/yourmoney/26every.html>.

das facultades de economía empeñadas na difusión da teoría das expectativas racionais e no esquecemento do concepto de clase na interpretación da realidade económica: «There's class warfare, all right (...), but it's my class, the rich class, that's making war, and we're winning.»⁷⁷

A ofensiva recrúa. En setembro de 2011, o Partido Popular e o Partido Socialista Obrero Español acordan unha reforma da Constitución Española para introducir un límite ao déficit público. Máis alá da eficacia da medida para aplacar os mercados (?!), esta decisión eleva a Constitución a ideoloxía neoliberal. A reforma laboral aprobada en febreiro de 2012 destrúe a negociación colectiva e dálle ao empresariado liberdade total para despedir. É a destrución do dereito laboral (ver recadro); implica negar aos traballadores e ás traballadoras o seu carácter de seres humanos e de clase con dereito a negociaren as condicións en que venden a súa forza de traballo.

SOBRE A DESTRUCCIÓN DO DEREITO DO TRABALLO

O capital necesita aumentar o seu valor indefinidamente. As empresas que non o logran perden cota de mercado e desaparecen. Para o conseguir, tende a aumentar a taxa de explotación da forza de traballo. Poden facelo aumentando o tempo de traballo ou o ritmo de traballo, producir durante máis horas ou aumentar a produción por hora traballada. Marx describe as décadas que o proletariado inglés necesitou para limitar a xornada laboral, e explica como os capitalistas se opuñan porque percibían correctamente que limitaba tamén a

77 «Existe unha guerra de clases, de acordo!, mais é a miña clase, a clase dos ricos, a que está a facer a guerra, e imos gañando.» En inglés dise guerra e non loita de clases, o termo é máis rotundo.

súa capacidade de extraeren plusvalía. As inhumanas xornadas de traballo que deben realizar @s proletari@s chines@s ou vietnamitas son outro exemplo de capitalismo sen límites. A existencia do dereito do traballo é contraditoria coa existencia do capitalismo. O dereito laboral establece o ámbito no que individual e colectivamente se poden negociar as condicións da explotación. Calquera sindicalista sabe do esforzo constante que supón aplicar os acordos reflectidos nos convenios colectivos. O capital por si propio non ten límites, non acepta límites á extracción de plusvalía d@s traballador@s que contrata. Os límites que o capital aceptou en Europa a partir de 1945 foron o resultado de, polo menos, un século de loita do movemento operario. Eses límites contrarían a tendencia natural do capital e, xa que logo, só poden ser mantidos cun esforzo constante; son como as rédeas que doman o natural desexo da besta de vagar ceiba pola serra. Se a fortaleza das organizacións socialdemócratas, comunistas e anarquistas, se a presión agresiva dos movementos de extrema esquerda, se a ameaza latente que significaba a existencia da Unión Soviética obrigou o capital a aceptar uns límites que van contra a súa natureza, por que ía aceptalos cando esa fortaleza desaparece, ou máis ben se debilita? En que esixencias se traduce esta nova correlación de forzas? Limitación do dereito de folga, debilitamento da negociación colectiva, prolongación da xornada, aumento da precariedade...; quer dicir, da dependencia do traballado E DA TRABALLADORA respecto do capital, redución do salario indirecto ou diferido (as cotizacións sociais-prestacións),...

Os nomeamentos de Mario Monti e Papademos como primeiros ministros en Italia e en Grecia atenden á reflexión realizada 46 anos antes no informe da Trilateral: «Truman foi quen

de gobernar o país coa cooperación dun número relativamente pequeno de avogados e banqueiros de Wall Street. Cara a mediados dos 60, as fontes do poder na sociedade diversificáranse enormemente, e iso xa non foi posíbel por máis tempo.»

Mario Monti e Lucas Papademos son membros da Trilateral; Mario Monti desempeñou un cargo de relevancia en Goldman Sachs; Papademos foi vicepresidente do Banco Central Europeo. A boa vella orde restabelécese na Europa. A pasividade das clases traballadoras faría as delicias de Huntington: *unha boa dose de apatía é imprescindible para que a democracia funcione eficazmente*. O obxectivo de aplacar os mercados lembra un texto escrito hai miles de anos por unhas tribos mediterráneas de pastores: «Colle o teu fillo, o único que tes e que tanto queres, Isaac, e vaite ó país de Moriah. Alí ofrecerasmo en sacrificio, no cimo dunha das montañas que eu che mostrarei».

Se ben o Deus do antigo testamento foi máis benévolo que Merkel, Trichet e Draghi, despois de que Abraham se prestase a cumprir o terríbel sacrificio, un anxo transmitiulle a clemencia divina: «Non póña-la man no rapaz nin lle fagas mal ningún.»⁷⁸

A Enciclopedia de D´Alembert, Diderot e Voltaire escribiuse e publicouse no século XVIII para substituír a relixión e a metafísica pola ciencia como forza motriz do pensamento. As traballadoras e os traballadores de comezos do século XXI seguimos a ofrecer sacrificios, arestora aos mercados. É o pagamento por térmonos aceptado como clases medias e rexeitarmos por falta de glamour a organización sindical e política. Despois deste sacrificio, os mercados, digamos con claridade:

78 Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos, *A Biblia*, Vigo, 1992, p. 26.

o capitalismo ou os capitalistas e os seus representantes na Terra, esixirán outros. Non haberá clemencia. Si a posibilidade da revolta.

A BATALLA POLAS PENSIÓNS

De como a clase capitalista quere privatizar
as nosas pensións para avanzar na financeiriza-
ción da economía (para vivir de rendas)
e de como se o conseguir sería a nosa ruína

MONÓLOGO DO VELLO TRABALLADOR

*Agora tomo o sol. Pero até agora
traballei cincoenta anos sin sosego.
Comín o pan suando día a día
nun labourar arreo.
Gastei o tempo co xornal dos sábados,
pasou a primavera, veu o inverno.
Dinlle ao patrón a frol do meu esforzo
i a miña mocidade. Nada teño.
O patrón está rico á miña conta,
eu, á súa, estou vello.
Ben pensado, o patrón todo mo debe.
Eu non lle debo
nin xiquera iste sol que agora tomo.
Mentras o tomo, espero.*

—

CELSE EMILIO FERREIRO,
Longa Noite de Pedra.

O DEBATE SOBRE O FUTURO DA PROTECCIÓN SOCIAL

A revolución neoliberal desprégase desde os anos 80. Un dos seus obxectivos principais é privatizar a provisión de servizos e prestacións sociais públicas, o Estado de benestar ou Welfare para o mundo anglosaxón. Entre os primeiros, principalmente a sanidade e a educación. Entre as segundas, a prestación por desemprego e as pensións para a vellez: xubilación, viuvez... A privatización fai parte do proxecto de redución do Estado, que na utopía neoliberal debería limitarse á xestión da lei e a orde, abandonando a intervención na economía.

Ao neoliberalismo moléstalle a existencia de e traballador@s do sector público. Despois de conseguir reducir o nivel de afiliación no sector privado, os sindicatos resisten entre @s traballador@s públic@s, un reduto fóra da disciplina do capital. *The Economist*,⁷⁹ unha das publicacións de referencia da revolución conservadora, considera que «é crucial que a guerra cos sindicatos do sector público sexa gañada (...) Outro campo de batalla será o dos privilexios legais dos sindicatos (...). O dereito de folga podería ser fortemente limitado.» O capitalismo internacional pode aplicar o seu programa. Permítello a desideoloxización das clases traballadoras. En Wisconsin, Ohio... os gobernadores republicanos electos en 2010 reducen as pensións d@s traballador@s públic@s e limitan o dereito de folga. Os novos gobernos autonómicos do Partido Popular reducen o gasto en sanidade e educación e os cadros de persoal, tamén o número de liberad@s sindicais.

A privatización abre espazos para a valorización do capital que no período fordista lle estiveron vedados; sistemas de

79 «The battle ahead», *The Economist*, 6 de xaneiro de 2011.

sanidade e educación públicos impiden que o capital privado invista neses servizos e privado dos beneficios que podería obter. O sistema de pensións é un elemento central dese debate. A razón é a súa importancia por ser o maior gasto do sistema de protección social. Os ingresos do sistema público de pensións contributivas en 2009 sumaron 99.761 millóns de euros, o 9,5% do PIB. Este diñeiro flúe desde os traballadores activos ás persoas pensionistas sen que o sector financeiro poida tocalo. As institucións dirixentes do capitalismo neoliberal propoñen substituír os sistemas públicos de reparto por sistemas privados de capitalización. No cadro da páxina que segue compáranse os dous modelos.

A batalla polas pensións fai parte dun conflito moito máis amplo, a guerra de clases pola privatización dos bens comúns. Marx describe no capítulo XXIV de *O Capital*, «A chamada acumulación orixinaria», o roubo das terras comúns por parte dos terratenentes,

A usurpación violenta destes bens, acompañada case sempre pola transformación das terras de labor en terreos de pastos, comeza a fins do século XV e prosegue ao longo do século XVI (...). O progreso achegado polo século XVIII consiste en que agora a propia lei se converte en vehículo desta depredación dos bens do pobo (...). A forma parlamentaria que reviste este despoxo é a dos Bills for Inclosures of Commons (leis sobre o cercado de terreos comunais); dito noutros termos, decretos por medio dos cales os terratenentes se agasallan a si mesmos en propiedade privada as terras do pobo, decretos encamiñados a expropiar ao pobo do seu.⁸⁰

80 Marx, Carlos, *El Capital*, Fondo de Cultura Económica, Vol. 1, México, 1978, p. 617.

MODELO	SISTEMA DE REPARTO	SISTEMA DE CAPITALIZACIÓN
COMO SE FINANCIA	<ul style="list-style-type: none"> – CON COTIZACIÓNS SOCIAIS E/OU IMPOSTOS QUE PAGAN TRABALLADOR@S EN ACTIVO. – NO ESTADO ESPAÑOL E NA MAIORÍA DOS ESTADOS CON COTIZACIÓNS SOCIAIS, UNHA PARTE DEDÚCESE DAS NÓMINAS, OUTRA PARTE COTÍZAA A EMPRESA POR CADA PERSOA TRABALLADORA. – NALGÚNS CASOS, POR EXEMPLO EN DINAMARCA, CON IMPOSTOS NON FINALISTAS. 	<ul style="list-style-type: none"> – CON ACHEGAS MENSUAIS QUE REALIZAN @S TRABALLADOR@S EN ACTIVO.
FUNDA-MENTO	<ul style="list-style-type: none"> – DESCANSA NUN PACTO ENTRE XERACIÓNS. – A XERACIÓN EN IDADE DE TRABALLAR FINANCIA O GASTO EN EDUCACIÓN DA XERACIÓN POSTERIOR E AS PENSIÓNS DA XERACIÓN ANTERIOR. 	<ul style="list-style-type: none"> – UNHA ENTIDADE XESTORA INVISTE ESAS ACHEGAS. – O INVESTIMENTO PODE REALIZARSE EN RENDA FIXA (BONOS EMITIDOS POLO ESTADO), EN RENDA VARIÁBEL (ACCIÓNS) OU MIXTA. – A PENSIÓN DEPENDERÁ DO CAPITAL ACUMULADO NO ANO DA XUBILACIÓN E DO SEU RENDEMENTO.
GARANTÍA	<ul style="list-style-type: none"> – O PACTO SOCIAL ENTRE XERACIÓNS. – A GARANTÍA DO ESTADO. 	<ul style="list-style-type: none"> – A QUE POIDA ASEGURAR A ENTIDADE XESTORA. – CANDO OS FONDOS CREBAN RECLAMAN A AXUDA PÚBLICA.
PRESTACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> – DEFINIDA. A PRESTACIÓN DEPENDE DA CONTÍA DAS COTIZACIÓNS REALIZADAS E DO NÚMERO DE ANOS COTIZADOS. – PODE VARIAR SE MUDAREN DETERMINADAS CIRCUNSTANCIAS ECONÓMICAS, DEMOGRÁFICAS... 	<ul style="list-style-type: none"> – PODE SER UNHA PRESTACIÓN VITALICIA OU POR UN NÚMERO DE ANOS. – OS PRIMEIROS PLANS DE PENSIÓNS ERAN DE PRESTACIÓN DEFINIDA, DETERMINABAN A CONTÍA DA PRESTACIÓN. – AGORA SON DE ACHEGA DEFINIDA. DETERMÍNASE A CONTÍA DA ACHEGA, A PRESTACIÓN DEPENDERÁ DA RENDIBILIDADE DO PLAN.
CARÁCTER	PÚBLICO.	<ul style="list-style-type: none"> – PODEN SER DE XESTIÓN PÚBLICA OU PRIVADA.

O proceso que iniciaran Augusto Pinochet, Margaret Thatcher e Ronald Reagan de expropiación dos bens comúns acelérase en 2011 aproveitando o dominio do capital financeiro sobre os poderes públicos. Arestora os bens comúns son a sanidade, a

educación, os sistemas de pensións. A proposta de substituír os sistemas públicos por sistemas privados busca abrir novos campos á valorización do capital é a extracción de plusvalía. Se esta expropiación triunfar, aumentará a pobreza e a exclusión social, do mesmo xeito que a expropiación das terras comúns na Inglaterra do XVIII creou unha masa de miserábeis e vagabundos. Se esta expropiación continuar, aumentará a financeirización do sistema económico e a súa tendencia ao desequilibrio, á inestabilidade e ás crises financeiras recorrentes.

Nos capítulos que seguen rastrexaremos a longa campaña de desgaste organizada polo capital financeiro para privatizar os sistemas públicos de pensións.

CAPÍTULO IX. O INFORME DO BM DE 1994

En 1994, o BM publicou o informe *Averting the Old Age Crise, Policies to Protect the Old and Promote Growth*⁸¹ (*Evitando a crise do envellecemento, políticas para protexer a velez e promover o crecemento*), que se considera o inicio do debate sobre a viabilidade dos sistemas de pensións e sobre a necesidade da súa reforma. As propostas de privatización do sistema de pensións (ver proposta de INVERCO, capítulo XIV) que se debaten en 2013 no Reino de España inspíranse neste informe. De certo, as políticas que propón xa se puxeran en práctica nalgún estado. Chile baixo a ditadura de Pinochet, foi o alumno adiantado e avantaxado.

Interésame salientar cinco aspectos do informe: o ton catastrofista que utiliza, a presentación de conceptos que se-

81 World Bank, *Averting the Old Age Crise, Policies to Protect the Old and Promote Growth*, Oxford University Press, Oxford, 1994.

guen a utilizarse hoxe en día para argumentar a necesidade de reformar e privatizar os sistemas de pensións, o vínculo que se establece entre fondos de pensións e financeirización da economía, o deseño de sistema de pensións que propón e a clarividencia política dos redactores.

APOCALIPSE NOW. O ton que utiliza o informe pode cualificarse de apocalíptico. A rápida transición demográfica implica que a proporción de persoas anciás sobre a poboación total medra rapidamente. As pensións organizadas polos gobernos demostráronse, ao mesmo tempo, insostíbeis e moi difíciles de reformar. En moitos países desenvolvidos «estes sistemas están preto do colapso».⁸² O resultado é unha crise de envellecemento que ameaza non só @s maiores senón tamén @s fill@s e net@s que deberán termar da pesada carga de sostel@s.

O terrorismo económico e o anuncio reiterado de catástrofes demográficas son unha arma decisiva nesta guerra prolongada de desinformación. Obxectivo? Que @s traballador@s, especialmente @s máis nov@s, interioricen «total eu non cobrarei unha pensión». Para, a seguir, ofertarlles a subscrición dun fondo de pensións (privado, por suposto). Dezanove anos despois non se produciu a catástrofe anunciada polo BM e os sistemas de pensións públicos seguen a ser o principal instrumento de loita contra a pobreza entre as persoas maiores en todos os países desenvolvidos. Porén, o BM creará escola. Nace un novo xénero literario, emparentado coa Apocalipse de San Xoán: prognosticar a falencia dos sistemas de pensións públicos.

O xénero arraigou con forza no Reino de España. Viçenc Navarro e Águeda Quiroga⁸³ compararon as predicións de

82 *Ibidem*, p. XIII.

83 Navarro, Viçenc e Quiroga, Águeda, *La protección social en España y su*

tres estudos sobre a futuro da Seguridade Social publicados a mediados dos 90 co que realmente ocorreu. Para o primeiro, publicado por La Caixa en 1995, o colapso produciríase no ano 2000. Outro estudo de FEDEA prognosticaba que o déficit nese mesmo ano alcanzaría os 2.378 billóns de pesetas (2,7% do PIB). Pola súa banda, o Servizo de Estudos do BBV cifraba o déficit en 1,4 billóns, o 1,6% do PIB. Estas predicións sobre a suposta crise da Seguridade Social foron recollidas amplamente polos medios de comunicación e persuasión de masas, difundindo entre a poboación a idea de que, ao chegar á idade de xubilación, non habería fondos para pagar as súas pensións ou que estas serían miserábeis, o que favoreceu que numerosas persoas subscribisen plans de pensións individuais. Chegou o ano 2000. O déficit real do sistema alcanzou 298.000 millóns de pesetas, un 0,3% do PIB. Cantidade moi semellante á predición do MTAS.⁸⁴ A poboación activa pasou do 51,06% da poboación adulta (15-64 anos) en 1993 ao 54,3% en 2002. A porcentaxe de mulleres adultas no mercado de traballo do 36,66% ao 43,32%. A consecuencia foi unha mellora do rateo cotizantes por beneficiari@. Desde o ano 2000 o sistema de Seguridade Social tivo importantes superávits. Mesmo despois do comezo da crise financeira as cotizacións sociais que fan empresas e traballador@s abundan para pagar case nove millóns de pensións contributivas e seguiu a dotarse o Fondo de Reserva que a 31 de decembro de 2011 era de case 67 mil

desconvergencia con la Unión Europea. Informe preparado para o seminario «La convergencia social de España con la Unión Europea», UIMP, Santander, 1-5 de Septiembre, 2003, pp. 15 e ss.

84 Ministerio de Trabajo e Acción Social, *La Seguridad Social en el siglo XXI*, Madrid, 1995.

millóns de euros, un 6,22% do Produto Interior Bruto⁸⁵ (ver capítulo XV).

CONCEPTOS. Entre os conceptos que recolle o informe do BM é moi interesante o de *Implicit public pension debt (net)* (débeda implícita das pensións pública –neta–, IPPD), o valor estimado dos dereitos sobre pensións futuras do sector público menos as reservas acumuladas para as pensións. É común nas reportaxes sobre a viabilidade futura dos sistemas de protección social inserir cálculos sobre a «débeda contraída que se deberá pagar no futuro en forma de pensións». En realidade, os sistemas de pensións públicos fináncianse con ingresos correntes correspondentes ao ano en que se realiza o pago das prestacións. Estes ingresos poden proceder de impostos sobre os salarios, pagados pol@s traballador@s ou pol@s empresari@s, é dicir cotizacións sociais, ou de impostos non finalistas. O gasto de cada ano finánciase co ingreso de cada ano. Unha parte do produto social dedícase a soste o consumo das persoas que pola súa idade xa non poden traballar, mais que traballaron no pasado. Utilizar o IPPD pode crear a impresión de que o sistema público acumula unha débeda insoportábel cando as súas obrigacións serán afrontadas con ingresos recorrentes. Cálculos semellantes publicáronse nos medios de comunicación e persuasión de masas. Iluminemos este concepto cun contra-exemplo. Imaxinemos un fogar que ingresa 30.000€ cada ano e gasta 29.500€. Se calculamos que ten unha débeda implícita de 590.000€ á que debe facer fronte nos próximos 20 anos a súa situación semella insostíbel. Se pola contra consideramos que nos próximos vinte anos pode aforrar 500€ anuais o panorama xa non parece tan escuro.

85 <http://www.seg-social.es/prdioo/groups/public/documents/binario/166080.pdf>.

IMPLICIT PUBLIC PENSION DEBT (NET) (DÉBIDA IMPLÍCITA DO SECTOR PÚBLICO —, IPPD) DUNHA FAMILIA. SEGUNDO O BM E TENDO EN CONTA QUE OS SEUS INGRESOS SON RECORRENTES	
INGRESOS ANUAIS (A)	30,000 €
GASTOS ANUAIS (B)	29,500 €
CAPACIDADE DE AFORRO (A-B)	500 €
DÉBIDA IMPLÍCITA DA FAMILIA SEGUNDO O CONCEPTO QUE PROPÓN O BM PARA OS PRÓXIMOS 20 ANOS (B X 20)	590,000 €
CAPACIDADE DE AFORRO DA FAMILIA SE CONSIDERAMOS QUE OS SEUS INGRESOS E GASTOS SON RECORRENTES (ANUAIS) (A-B X 20)	10,000 €

PENSIÓNS E FINANCEIRIZACIÓN. O título do informe do BM, *Evitando a crise do envellecemento, políticas para protexer a vellez e promover o crecemento*, pon ao mesmo nivel o obxectivo de evitar a crise do envellecemento que o do impulso do crecemento económico. Esta é a que considero a intención fundamental do informe, o seu currículo oculto. Para o BM a privatización dos sistemas de pensións é un instrumento para aumentar o aforro que, dirixido cara aos mercados de capitais, inducirá un aumento do investimento e o crecemento económico. O aumento dos capitais en fondos de pensións é de grande importancia na financeirización da economía mundial: o aumento dos activos financeiros que se moven libremente polos mercados de capitais de todo o mundo en busca da rendibilidade e a crecente fenda entre a capacidade produtiva e o tamaño dos activos que dan dereito ás persoas posuidoras a unha parte do produto global.

Etxezarreta⁸⁶ analiza como a alarma sobre a viabilidade dos sistemas de pensións está máis conectada cos intereses do capital financeiro que co sistema de pensións en si. En primeiro

86 Etxezarreta, Miren, *La Política Social en la UE. Consideración Especial de la Política de Pensiones*, *Revista de Economía Crítica*, nº 6, xaneiro de 2008, pp 27-57.

lugar, porque os fondos de pensións privados fornecen fluxos regulares e abondosos de recursos financeiros ao capital privado para negociaren e obteren grandes beneficios. En segundo lugar, porque son unha das principais fontes de fondos que poden facilitar a construción dun mercado de capitais europeo integrado e poderoso capaz de competir con Wall Street e Tokyo. En certo sentido, o «problema» das pensións redúcese a unha batalla por ver quen xestiona os recursos das pensións: os intermediarios financeiros ou o sector público. No Reino de España, desde 1990, cando realmente comeza o desenvolvemento do réxime de pensións privadas, o número de participes pasou de 530.500 a 6.562.200 en 2003 cun patrimonio que pasou de 1.022.300 millóns de euros a 31.257.400, quer dicir, multiplicouse por 31 en 13 anos (*El País*, suplemento «Negocios», 29 de febreiro de 2004). E iso que se considera que en España as pensións privadas non están a crecer «satisfactoriamente» por mor do que avalían como un bo réxime de pensións públicas.

Tradicionalmente, na UE o sistema crediticio baseouse no crédito bancario, mentres que nos EUA o financiamento empresarial recorre á bolsa de valores. Trátase de aproximarse ao sistema estadounidense. En 1999, na UE os activos bancarios supoñían o 212% do PIB e os valores da bolsa o 47,9%. No mesmo ano, en EUA as cifras eran para os activos bancarios o 62,5%, e para os da bolsa o 160%. Os plans de pensións privados son moi importantes porque constitúen unha das fontes principais para financiar os investimentos en bolsa. En 1996, os activos dos fondos de pensións totais ascendían a 12 billóns de dólares para unha capitalización da bolsa mundial de 23 billóns de dólares.

Existen indicadores que reflicten a tendencia á substitución das pensións públicas polas privadas na UE. Nun Green Paper da Comisión Europea establécese o obxectivo de que

o 25% dos pagamentos de pensións debe provir de plans privados fronte ao 7% actual e que a cobertura debería chegar ao 60% fronte ao 23% actual. Isto multiplicaría os fondos por 10. Para favorecer esta transformación, a Comisión da UE propón mudar a normativa e aconsella aos estados membros estudaren a posibilidade de reduciren os impostos de rendas e empresas, eliminaren o imposto sobre a venda de valores bolsistas propiedade doutras sociedades... A redución do imposto de sociedades no Estado español forma parte desta tendencia.

Etxezarreta cita a Grahl, quen conecta as reformas propostas das pensións coas estratexias máis amplas do capitalismo actual:

Aínda que se intentan xustificar tales reformas de diferentes xeitos, especialmente invocando a «crise demográfica», é certo que expresan un impulso político para acelerar e apontoar a urxencia dun novo capitalismo de accionistas (...). As reformas propostas para os sistemas europeos de protección social moitas veces supoñen dirixir os ingresos salariais ás empresas «de xestión de fondos» no sector financeiro, e a través destas empresas cara aos mercados organizados de capitais (...). Está claro que os axentes financeiros involucrados (compañías de seguros, fondos de pensións, bancos, cárteles, etc.) están interesados en todo o abano do gasto en protección social (...). Porén, as pensións son o gran premio e tamén o máis dispoñíbel, xa que a crise fiscal se utiliza para xustificar profundos recortes na provisión pública.

Con respecto ás consecuencias para @s pensionistas deste cambio, considera que «se as taxas de rendibilidade (en Bolsa) son aínda máis impredicíbeis do normal, **a axenda de privatización das pensións supón un aumento inmenso dos riscos aos que se enfrontan os traballadores**».⁸⁷

87 Ibidem, p. 52.

Para entendermos a importancia que para bancos e aseguradoras pode ter o debilitamento dos sistemas de pensión públicas e a súa substitución paulatina por sistemas de capitalización privada, pensemos que en 2007 o importe das cotizacións sociais acadou a cantidade de 150.314,59 millóns de euros sobre un PIB (datos do INE) de 1.053.537 millóns de euros. Un 14,7% do valor de produto social vai cada mes das traballadoras e traballadores aos e ás pensionistas e ás persoas que reciben outras prestacións sen que os bancos privados poidan tocalo.

Os plans de pensións privadas levan ao que Blackburn⁸⁸ denomina un «estado de benestar dividido». A estrutura dos plans privilexia @s directiv@s e traballador@s dos estratos máis altos. Nas últimas décadas, nos EUA e na Gran Bretaña, o 10% das persoas máis ricas beneficiouse da metade dos beneficios fiscais asociados aos fondos de pensións privados. Os intereses dos directivos foron un elemento fundamental no deseño dos plans de pensións de empresa. As bonificacións reducen moito os ingresos fiscais, uns 120.000 millóns de dólares nos EUA e 19 mil millóns de libras anuais na Gran Bretaña. A xestión dos fondos privados de pensións xera enormes beneficios en forma de comisións comerciais e administrativas que chegan nalgúns casos ao 4% anual.

UN NOVO DESEÑO PARA OS SISTEMAS DE PENSIÓN. O BM propón un sistema de tres piares. Dous obrigatorios, un de xestión pública financiado con impostos e outro de xestión privada e completamente capitalizado. Un terceiro alicerce voluntario completaría o sistema.

O alicerce público tería como función principal aliviar a pobreza na vellez. Sostido polo goberno con ingresos

88 Blackburn, Robin, *Op. Cit.*, p. 94.

impositivos, redistribuiría o ingreso cara ás persoas pobres. «Mais debería ser modesto para permitir o desenvolvemento dos outros alicerces.» Este alicerce público reduciría o tipo impositivo substancialmente e as «perversas transferencias dentro e entre xeracións.». Aparece aquí un ideoloxema propio do capitalismo neoliberal: a desaparición da loita de clases, que é substituída por conflitos entre contribuíntes (taxpayers) e funcionari@s (tax eaters)⁸⁹ ou entre vell@s e moz@s.

O sistema de reparto establece un pacto entre xeracións. Cada xeración pasa por tres estadios. Sostida polos seus maiores na etapa de formación, a cada máis prolongada debido á crecente importancia do coñecemento no proceso produtivo, cede unha parte do produto do seu traballo ás persoas que a mantiveron cando se formaba e volve recibir unha parte da produto social cando goza do dereito a descansar na vellez. O verdadeiro problema para a viabilidade dos sistemas de reparto é a concentración da riqueza e a renda como consecuencia da aplicación das políticas neoliberais. Un conflito de clases, non entre xeracións.

Un segundo alicerce obrigatorio, de xestión privada e totalmente capitalizado, establecería un vínculo entre a prestación e os custos para promover o aforro entre todos os grupos da poboación. «Este vínculo evitaría algunha das distorsións á que tenden os piares públicos. A capitalización total aumentaría a acumulación de capital e o desenvolvemento dos mercados financeiros.».Sarcasmo: os sistemas públicos de reparto producen unha *transferencia perversa* entre xeracións. Porén, é lexítimo que o Estado use da súa forza coercitiva para obrigar tod@s @s traballador@s

89 *The Economist*, 6 de xuño de 2011, <http://www.economist.com/node/17851305>.

a cotizaren a fondos (privados!) que acelerarán o proceso de financeirización da economía, que servirán para privatizar empresas públicas e que se porán ao servizo da creación de valor para @ accionista, premendo para aumentar a taxa de explotación e para impor reestruturacións nas que serán despedid@s @s mesm@s traballador@s que coas súas achegas crearon os fondos que agora @s acosan.

O terceiro alicerce voluntario podería prover protección adicional ás persoas que estean dispostas a aforraren máis para a súa velez. Esta proposta é recollida case literalmente no Informe Económico do Presidente do Goberno 2007, daquela Rodríguez Zapatero, que propón «medio de beneficios fiscais, un terceiro pilar de xestión privada e participación voluntaria, xeralmente de capitalización individual, a base da experiencia acumulada nas economías anglosaxoas».⁹⁰ Non hai nada negativo na existencia de planos individuais de pensións. O que non é aceptábel é que gocen de desgravacións fiscais que diminúen a capacidade de recadación do sector público beneficiando as persoas perceptoras de rendas máis altas, que son as que poden realizar achegas superiores a planos de pensións privadas.

O BM propón que o alicerce obrigatorio de capitalización sexa de xestión privada. Argumenta que esta é superior e pode formar parte dunha política nacional para desenvolver novas institucións financeiras e ampliar os mercados de capitais mobilizando o aforro a longo prazo e asignándoo nos usos máis produtivos. En realidade, a crise financeira que estoupa en 2007 demostrou a inseguridade dos sistemas de pensións privados moi vinculados á evolución do valor dos activos

90 http://www.lamoncloa.gob.es/NR/rdonlyres/7DE47FC0-36B4-4C3F-9E68-ECD37698CD7B/80945/IEPG_2007Completo.pdf, p. 144.

financeiros. Entre xaneiro e outubro de 2008, os fondos privados de pensións perderon máis do 20% do seu valor no conxunto da OCDE.⁹¹ Mais os fracasos prodúcense tamén en épocas de bonanza. Dous exemplos ilustran esta afirmación. O primeiro afectou, na Gran Bretaña, 85.000 investidores que perderon a súa pensión ao crebar os seus fondos de pensións. Máis de 200 afectados denunciaron o caso diante do Valedor do Pobo británico (ombudsman), segundo o cal a información do goberno sobre os fondos foi «por veces inexacta, a miúdo incompleta, amplamente inconsistente e en consecuencia potencialmente enganosa», e pídelles ao goberno que se disculpe e pague o diñeiro perdido pol@s pensionistas. Este tipo de plans de pensións fora promovido polo goberno conservador de John Major en 1995 e posteriormente o goberno de Tony Blair aumentara as desgravacións fiscais para os fondos tentando solucionar as dificultades en que se atopaban.⁹² Non o conseguiu. O segundo afectou 21.000 traballadores de Enron. Constituída en 1985, chegou a ser a sétima empresa estadounidense por valor na bolsa. O fondo de pensións creado pola empresa investiu nas súas propias accións. En 2001, despois de se declarar en creba, o valor das súas accións reduciuse desde 90 a uns poucos centavos de dólar. @s traballador@s decidiron presentar unha demanda legal contra os executivos da empresa que venderan as súas accións, antes da queda na bolsa, utilizando información privilexiada. No entanto, *a superior xestión privada dos fondos* fixera desaparecer as pensións futuras de 21.000 persoas.⁹³

91 OCDE, *Pension Markets in Focus*, December 2008, Issue 5, Financial Affairs Division of the OCDE Directorate of Financial and Enterprise Affairs

92 *El País*, 16-3-06.

93 http://news.bbc.co.uk/hi/spanish/news/newsid_1783000/1783367.stm.

CLARIVIDENCIA POLÍTICA. O BM é perfectamente consciente de cal é o principal obstáculo para que se poñan en práctica as súas propostas: a oposición d@s traballador@s. Na visión xeral do seu informe de 1994, apenas 23 páxinas, o BM alerta cinco veces da necesidade de illar o sistema de pensións das manipulacións políticas e, concreta, «das manipulacións políticas dos gobernos ou das manipulacións estratéxicas d@s traballador@s.»⁹⁴ A sintonía co informe da Trilateral de 1975 é evidente e absoluta (ver capítulo VIII). Despois da 2ª GM estableceuse un pacto entre o capital e o traballo que reconecía a forza estrutural das clases traballadoras. Os estados dispuñan de instrumentos de política económica que permitían interferir no libre desenvolvemento do capitalismo. Un dos eixos fundamentais da ofensiva neoliberal é a *despolitización* da política económica. Algúns dos dispositivos que as clases capitalistas utilizaron para impor a despolitización da economía foron a cesión de soberanía a organismos supraestatais fóra do control democrático (BCE, UE, CE, BM, FMI, OMC), a liberalización dos movementos de capitais, as lexislacións antisindicaís (Pinochet, Reagan, Thatcher) e o novo papel asignado a think tanks e grupos de *expertos* na lexitimación das únicas políticas económicas posíbeis.

Ao tempo que defende o afastamento dos sistemas de pensións das influencias políticas, o BM gaba o sistema de pensións implantado en Chile en 1981 e que se ía aprobar para Arxentina ano da publicación do seu informe. Para implantar en Chile o único sistema totalmente privado do mundo foi necesario un golpe de estado e o asasinato dun Presidente, un político.

94 World Bank, *Averting the Old Age Crisis, Policies to Protect the Old and Promote Growth*, Oxford University Press, Oxford, 1994, p. 15.

No seu documento de 1994, o BM elude calquera mención aos golpes de estado que foron necesarios para garantir a *despolitización* da xestión das pensións en Chile e na Arxentina. Mais a cuestión da protección social é unha cuestión política, pois ten que ver coa distribución do poder e da riqueza.

CAPÍTULO X. O SISTEMA PRIVADO EN CHILE E ARXENTINA. HISTORIA DUN FRACASO

O 7 de Novembro de 2008, unha ampla maioría do Parlamento arxentino (162 deputad@s a favor e 75 en contra) aprobou a lei de nacionalización das xubilacións proposta polo Goberno de Cristina Fernández de Kirchner.⁹⁵ Os activos das Administradoras de Fondos de Jubilación y Pensiones (AFJP), que xestionaban as achegas de 9,5 millóns de afiliad@s, ascendían a 28.000 millóns de dólares. Con esta decisión o Parlamento arxentino pechou unha historia de 14 anos. Os AFJP ofrecían dúas opcións: a transferencia dos fondos a unha compañía de seguros que garantía unha renda vitalicia ou o retiro gradual dos fondos ata que se esgotasen. A maioría dos aforradores elixía a primeira solución. A lei establece que o diñeiro só se poderá utilizar para pagar as xubilacións e que estará baixo a supervisión das dúas cámaras representativas. No consello que o xestione haberá representación de xefes de empresas, traballadores, xubilados, funcionarios, bancos e lexisladores.

Coa aprobación da nova lei, a Arxentina volve a un réxime de reparto. Existe unha pensión básica de 320 pesos, uns 78

95 Os datos que seguen tómoos de Manuel Riesco, "En Argentina y Chile. Seísmo sobre los fondos de pensiones", *Le Monde Diplomatique en español*, decembro de 2008.

euros, que aumenta un 1,5% do salario medio dos dez últimos anos por cada ano cotizado, cunha base mínima de cotización de trinta anos. A xestión d@s xestor@s dos fondos provocou un gran escándalo no país. En total, as AFJP cobraran 12.000 millóns de dólares polos seus servizos dos que máis dun terzo se destinaron ao pago dos principais directivos. As comisións destinadas aos directores comerciais ocupaban o segundo lugar na relación de gastos. En 2007, despois do estoupido da crise financeira internacional, 150 directiv@s adxudicáronse 200 millóns de pesos arxentinos, o equivalente a 305.000 xubilacións.

Non máis edificante é a historia do sistema de capitalización de pensións chileno. Neste país estableceuse o único sistema de pensións totalmente privado do mundo. O responsábel foi o «Chicago Boy» José Piñera⁹⁶ baixo a ditadura do xeneral Pinochet en 1980. Desde 1981, todos os traballadores e todas as traballadoras en activo cotizaban obrigatoriamente ao sistema privado, excepto un 3,8% que puido permanecer no antigo sistema de reparto, entre os que é obrigado citar os militares e os policía! Outro 3,5% cotiza como autónoma. Un terzo dos aforros acumulados entre 1981 e 2006 serviu para retribuír as Administradoras de Fondos de Pensiones (AFP) e as compañías de seguros. A burbulla especulativa dos anos 1990-2000 permitiu ás AFP exhibir rendibilidades do 10% como media. O modelo fracasou en ofrecer unha pensión non xa digna, senón non definitivamente miserábel, ás persoas pensionistas. Millóns de afiliad@s percibirán no momento de se xubilaren sumas de 8 a 16 euros mensuais, cando o salario mínimo é de 135.000 pesos chilenos (uns 120 euros). A precarización do mercado de traballo, un dos elementos esenciais do modelo

96 Sebastián Piñera, actual presidente de Chile, é o seu irmán.

neoliberal, é unha das causas deste fracaso. Só un 11% d@s afiliad@s logra cotizar de forma regular todos os meses. Dous terzos cotizaron menos dun mes de cada dous, a metade menos de un de cada tres e un terzo menos de un mes de cada cinco. Porén, nin sequera as persoas con traballos estábeis ou un bo historial de cotizacións se libran da catástrofe. Unha médica que cambiou ao sistema privado en 1981 e que desde entón cotizou pola base máxima recibirá unha pensión vitalicia de 423.000 pesos chilenos, menos de 560 euros. Se continuase no sistema público de reparto recibiría 865.000 pesos chilenos, algo menos de 1.100 euros. En outubro de 2008, a Superintendencia de Pensiones de Chile publicaba as perdas dos fondos. En menos dun ano supoñían uns 19.500 millóns, un 26,7% do capital acumulado total. A perda nalgúns fondos de máis risco alcanzaba o 45,07%. Máis da metade d@s afiliad@s sufriron estas perdas.

O Goberno presidido por Michelle Bachelet instaurou a principios de 2008 unha pensión pública solidaria de 120 euros mensuais que protexerá o 60% da poboación en idade laboral de menores ingresos.

O informe do BM sobre o envellecemento e as pensións que cito máis arriba referíase a Chile como un modelo para imitar: «Un esquema de aforro persoal obrigatorio de xestión privada foi introducido de xeito pioneiro en Chile e agora está a ser incorporado nos novos sistemas en Arxentina, Colombia e Perú.»⁹⁷ Foi publicado en 1994, mais Chile adiantouse trece anos ás súas propostas. Arxentina asumiu as recomendacións do BM en 1994. O balance non pode ser máis negativo.

Nos sistemas de capitalización, as pensións d@s futur@s xubilad@s quedan ligadas aos avatares das finanzas. E o fun-

97 World Bank, *Op. Cit.*, p. 18.

cionamento dos mercados financeiros desregulamentados de finais do século XX e principios do século XXI parécese cada vez máis a unha ruleta en que gañar (cobrar unha pensión digna), ou perder (cobrar unha pensión miserábel). Depende da fase do ciclo, alcista ou baixista. Como na ruleta, unhas poucas persoas poden arriscar en moitas xogadas (as que poden facer grandes achegas porque os seus ingresos son altos), e outras só poden xogar en moi poucos ocasións e apostando pouco (@s precari@s, @s perceptor@s de baixos salarios). E a ruleta está trucada. @s que abren o xogo gañan sempre, os xestores que embolsan en comisións cantidades millonarias. Cando o sistema demostra o seu fracaso, o sector público debe acudir ao rescate. Previamente, unhas poucas persoas enriquecéronse. A financeirización da economía revélase como un mecanismo para absorber fluxos monetarios da economía real, produtiva, a unha nova clase de xestores. Para referirse á capacidade do sistema financeiro mundializado e desregulamentado de apropiarse dos fluxos monetarios, Blackburn soubo escoller unha forma verbal moi expresiva: «According to a Fortune Magazine study one thousand corporate executives *siphoned off* (a énfase é miña) 66 billion between 1998 and 2001, with 23 billion going to insiders at the top twenty five firms...»⁹⁸

98 «De acordo cun estudo de Fortune Magazine, uns mil executivos *chucharon* 66 mil millóns de dólares entre 1998 e 2001, dos que 23 mil millóns foron aos iniciados das 25 principais compañías.», Blackburn, Robin, *Op. Cit.*, p. 116.

CAPÍTULO XI. BE E FMI. AS ORGANIZACIÓNS ECONÓMICAS INTERNACIONAIS DEFINEN A AXENDA QUE APLICARÁN OS ESTADOS

1981, privatización das pensións en Chile. 1994, informe do BM. A ofensiva contra os sistemas públicos de pensións é xeneralizada e prolongada no tempo. O BE e o FMI recollen o relevo do BM. Dirixentes neoliberais como Miguel Ángel Fernández Ordóñez (MAFO), ex-gobernador do Banco de España, e Rodrigo Rato, ex-director-xerente do FMI, utilízanos como plataformas desde as que ditar as reformas que despois implantarán os gobernos.

BANCO DE ESPAÑA. MAFO actúa como inspirador de reformas económicas de carácter estratéxico. Seu é o impulso á privatización e bancarización das caixas, súas as reiteradas chamadas para reformar o mercado laboral e súas insistentes intervencións reclamando a reforma do sistema de pensións. As tres suxestións foron convertidas polo Goberno español en leis. O mesmo que a súa proposta de reforma da negociación colectiva e de eliminar o vínculo que o modelo de negociación colectiva establecía entre IPC e salarios.

O 15 de Abril de 2009, MAFO compareceu ante a Comisión non permanente de seguimento e avaliación dos acordos do Pacto de Toledo no Congreso dos Deputados. A súa intervención baseouse nun informe da Dirección General del Servicio de Estudios (DGSE) do BE, que «non é senón un resumo do que pode entenderse como o consenso dos especialistas».⁹⁹

99 Fernández Ordóñez, Miguel Ángel, Gobernador do Banco de España, *Comparecencia ante la Comisión no permanente de seguimiento y evaluación de los acuerdos del Pacto de Toledo*, Congreso de los Diputados, Madrid, 15 de abril de 2009, p. 2.

Miren Etxezarreta, Robin Blackburn, Gøsta Esping-Andersen, Bruno Parlier, Viçenc Navarro, Águeda Quiroga son autores cunha obra de peso sobre os sistemas de protección social que non se inclúen nese consenso, non existen para Fernández Ordoñez.

Respecto da situación do sistema de pensións nos últimos anos, o balance de MAFO foi moi positivo, centrándoo en tres aspectos:

- 1.— Nos 13 anos de existencia do Pacto de Toledo, produciuse unha notábel melloría da saúde financeira da Seguridade Social. Neste período, a poboación medrou en seis millóns de persoas, na súa maioría inmigrantes, o que contribuíu a reducir o envellecemento da poboación.
- 2.— Esta medra da poboación foi absorbida polo mercado de traballo. Incorporáronse ao mercado millóns de inmigrantes e deuse, tamén, a incorporación progresiva das mulleres nacionais. No mesmo período, o crecemento do número de xubilad@s foi reducido.
- 3.— En consecuencia, o crecemento do número de afiliad@s foi moi superior ao de pensións, o que permitiu superávits crecentes da Seguridade Social ata o 1,3% do PIB en 2007. Estes superávits levaron o Fondo de Reserva ata o 5% do PIB, aínda que só se destinaron a el en parte.

En contraste con este balance positivo, no último ano estase a producir «un rápido deterioro dese superávit, que ata podería desaparecer nun ano.»¹⁰⁰ Aínda que para o Gobernador a análise da Seguridade Social non debe centrarse no curto prazo, aínda subsisten os problemas relacionados coa sostibi-

100 Ibidem, p. 3.

lidade financeira do sistema. As causas destes problemas son dúas: a brusca redución da taxa de natalidade e o aumento da esperanza de vida ao nacer. Que reformas do sistema de pensións deberían ser estudadas? MAFO enumera cinco tipos de medidas:

- 1.— Atrasar a idade legal de xubilación. En primeiro lugar, debe endurecerse a xubilación anticipada. Esta reforma debería complementarse con incentivos á permanencia no mercado de traballo con formación continua dos traballadores e flexibilidade salarial que adapte os incrementos salariais á produtividade. En segundo lugar, debe incentivarse a permanencia no mercado de traballo máis aló da idade legal de xubilación. E en terceiro lugar, é necesario atrasar a idade legal de xubilación.
- 2.— Ampliar o número de anos para calcular a base reguladora (BR) da pensión. Por outra banda, debería avanzarse na equiparación dos distintos réximes.
- 3.— Reducir a taxa de substitución das pensións definida como a pensión neta dividida polo ingreso neto antes de acceder á xubilación. Para iso pódese elixir entre reducir a porcentaxe da BR que se percibe como pensión tralo período mínimo de cotización (o 50% da BR tras 15 anos na actualidade), ampliar o período mínimo de cotización (hoxe 15 anos) ou reducir as taxas de aumento por ano cotizado (3% entre os anos cotizados 16 e 25, 2% entre os anos 26 e 35). Para rematar suxírese vincular a pensión á esperanza de vida.
- 4.— Respecto da actualización anual das pensións, propón dúas modificacións. A primeira, xa adoptada no caso español, abandonar os índices salariais en beneficio dos índices de prezos. E, en segundo lugar, realizar compensacións por inflación simétricas, é dicir, reducir as pensións os anos en que a inflación real sexa negativa.

- 5.— Separación total das fontes financiando os complementos de mínimos con cargo a impostos e non con cotizacións sociais e destinar integramente os superávits do sistema ao Fondo de Reserva.

Significativamente, MAFO esquece unha pasaxe do informe da DGSE do BE no que esta recoñece que o nivel das pensións no Estado español é reducido. En 2008, o gasto en pensións por individuo era ao redor do 56% de PIB per cápita, por baixo da media da UE (case do 75%). En consecuencia, a DGSE suxire outra opción: completar a pensión pública con sistemas de capitalización, o que se coñece como o «segundo alicerce», recollendo así unha das recomendacións centrais do BM en 1994.

A reforma das pensións aprobada en xaneiro de 2011 segue ao pé da letra todas as propostas realizadas por MAFO un ano e medio antes. A dosificación progresiva é un instrumento esencial da posta en marcha das reformas antisociais. Xa que son impopulares, aplícanse aos poucos. Redúcese o importe das pensións públicas, permítese que desgraven as achegas a plans de pensións privadas; cando for posíbel, cando o permita a correlación de forzas, a subscrición de fondos de pensións privados farase obrigatoria para as persoas asalariadas. E despois as pensións públicas serán mínimas como propuña o informe do BM de 1994..., mais, para que o deseño se complete é imprescindible **some measure of apathy and noninvolvement on the part of some individuals and groups**.¹⁰¹ E iso aínda que os sistemas de pensións privados sexan máis vulnerábeis ás crises inflacionistas e dos mercados

101 J. Crozier, Michel, P. Huntington, Samuel, Watanuki, Joji, *The crisis of democracy. Report on the governability of democracies to the Trilateral Commission*, New York University Press, 1975, p. 114.

financeiros. As pensións de xubilación recoñecen o dereito das persoas que xa non están en idade de traballar a unha parte do produto social. Por que os sistemas de capitalización individual permitirían que esa porción fose meirande que a que garante un sistema de reparto? Esa é a pregunta que os neoliberais nunca responden.

RODRIGO RATO E O FMI. Rodrigo Rato foi vicepresidente e ministro de Economía e Facenda (1996-2004) nos dous gobernos de José María Aznar. Promoveu a maior privatización de empresas públicas na historia de España (Argentaria, Tabacalera, Telefónica, Endesa, Repsol, etc.). Entre xuño de 2004 e xuño de 2007 desempeñou o cargo de director-xerente do Fondo Monetario Internacional. Desde esa responsabilidade promoveu políticas que non puidera aplicar nos oito anos de ministro de Economía, entre elas a privatización do sistema de pensión públicas. Nun informe¹⁰² publicado en xuño de 2006, sendo Rato director-xerente, propón medidas que se están a aplicar na actualidade, entre elas a reforma do mercado laboral. O informe critica a rixidez dos contratos e da negociación colectiva. O goberno de Aznar sufrira a súa primeira derrota diante do movemento operario mobilizado contra o *decretazo* que buscaba precisamente acabar coa «rixidez» do mercado laboral. A folga xeral do 20 de xuño de 2002¹⁰³ conseguiu eliminar boa parte, non todas, das reducións de dereitos que introducía o decreto promulgado sendo Rato ministro de Economía. O que non puido pór en práctica pola oposición democrática dos

102 IMF Country Report No. 06/211, xuño de 2006.

103 Un ano antes, o 15 de xuño de 2001, CIG e UGT convocaran unha folga xeral na Galiza con importante seguimento e manifestacións masivas.

traballadores defendíao agora desde ese organismo libre de restricións democráticas.

Aproveitando a súa privilexiada posición, Rato propón a privatización parcial da sanidade, algo ao que non se atrevería se necesitase do voto popular: «Os redactores argumentan a necesidade dunha profunda reforma do sistema, con contención efectiva dos custos que probabelmente esixa mecanismos de participación privada e reparto dos custos, tales como o copagamento dos usuarios para racionalizar a demanda.»¹⁰⁴

Propón tamén a privatización parcial dos sistemas de pensións:

Con déficits da Seguridade Social que se espera que aumenten na década vindeira, a redacción sinala que sería necesario que as iniciativas de reforma fosen prontas e máis amplas, englobando incentivos financeiros claros á prolongación da vida laboral, unha ampliación do período de cálculo da pensións e unha expansión máis ambiciosa das pensións privadas.¹⁰⁵

Despois de dimitir como responsábel do FMI, Rato¹⁰⁶ continuará a promover a privatización dos sistemas de pensións, agora como presidente dunha comisión ad hoc que publica o correspondente informe con grande éxito nos medios de comunicación. «É evidente que se o sistema de pensións públicas ten límites, e non pode asegurar a tod@s@s pensionistas un nivel de vida semellante ao que tiñan nos últimos anos da súa vida laboral, non debería eludirse

104 IMF Country Report, *Op. Cit.*, p. 18.

105 *Ibidem*, p. 19.

106 Premiado pola súa deficiente xestión no FMI coa presidencia de Caja-madrid e Bankia, (Caja Madrid, Bancaja, La Caja de Canarias, Caja de Ávila, Caixa Laietana, Caja Segovia e Caja Rioja).

o reforzo do papel que na nosa sociedade poden xogar as pensións privadas e outros sistemas de previsión social.»¹⁰⁷

Quen promove o informe? UNESPA, Unión Española de Entidades Aseguradoras y Reaseguradoras, Asociación Empresarial del Seguro. Quen forma parte da comisión? Rodrigo Rato (Presidente); Juan Chozas, secretario xeral de Emprego ata febreiro de 2003, no goberno de José María Aznar que aprobou o decretazo; Juan Manuel Eguiagaray, ministro con Felipe González; Víctor Pérez Díaz, sociólogo; Xavier Sala-i-Martín, economista, de coñecida adscrición neoliberal; Pilar González de Frutos, presidenta de Unespa, a patronal dos seguros; e José María Fidalgo, ex-secretario xeral de CCOO (ata este punto as ideas neoliberais chegaron instalarse mesmo no cerne do movemento operario).

As institucións liberadas do control democrático, como quería Huntington, actúan como deseñadoras de reformas económicas que posteriormente son adoptadas polos gobernos. O Banco de España propón reformar o sistema de pensións e aproveita para reclamar novas reformas noutros eidos, neste caso a de determinación dos salarios, coa mesma orientación neoliberal. O FMI preme para privatizar a sanidade e os sistemas de pensións públicos. Unha perfecta coherencia que corresponde co contraataque contra as conquistas do movemento operario analizado por Glyn (ver capítulo VIII). A crise financeira é o pretexto para converter as recomendacións en leis. Todas as reformas apuntan na mesma dirección, reducir a parte do produto social que reciben @s asalariad@s, primeiro en forma de salarios e cobertura sanitaria, despois reducindo as súas pensións.

107 Comisión para el estudio de los efectos del envejecimiento en el futuro del Estado del Bienestar, *Reflexiones para la Reforma*, xaneiro de 2010, p. 33.

CAPÍTULO XII. O SISTEMA ANGLOSAXÓN DE CAPITALIZACIÓN.

O BM propón privatizar e capitalizar as pensións. Os EUA e a Gran Bretaña son os estados nos que máis se desenvolveron os sistemas de pensións de capitalización. Blackburn¹⁰⁸ publicou unha apoixonante investigación na que realiza unha crítica sistemática deste modelo.

A privatización dos plans de pensións é un proceso lento, pois debe vencer fortes resistencias por parte d@s traballador@s. A privatización faise paulatinamente para minimizar a resistencia. A pioneira da «privatización implícita» foi Margaret Thatcher. En 1980 aprobou unha reforma pola que a «basic state pension»¹⁰⁹ (BSP) subiría tanto como os prezos e non como os salarios, como ocorría ata ese momento. A mudanza é estratéxica. Vincular as pensións aos salarios supón recoñecer ás persoas xubiladas o dereito a que o seu nivel de vida medre ao ritmo en que medra o d@s traballador@s activ@s. Pola contra, facelo depender da inflación implica centrar o debate na viabilidade do sistema. Entre 1980 e 1997, esta reforma provocou que as BSP pasasen do 20% do ingreso medio a menos do 15%. En 1987 Thatcher reduciu as State Earnings-Related Pension (SERPS).¹¹⁰ A mensaxe que transmitiu esta decisión foi que quen desexase unha pensión decente debería apuntarse a un plan de pensións privado. Pouco des-

108 Blackburn, Robin, *Age Shock. How Finance is Failing Us*, Verso, Londres, 2006. Sigo neste capítulo a súa investigación.

109 Poderíamos traducir por «pensión pública mínima». O seu importe en 2011-12 é de 102,15 libras semanais para unha persoa sen responsabilidades familiares que cotizase 30 anos.

110 A SERPS é unha pensión complementaria da basic state pension.

pois sóubose que un millón e medio de persoas contrataran plans privados inferiores aos seus SERPS ou plans de empresa anteriores. O goberno laborista (1997) de Tony Blair negouse a restaurar o vínculo entre pensións e salarios. En 1998 aprobou un Libro Branco que propoñía reducir a achega estatal aos ingresos por pensións do 60 ao 40% e substituír a redución polo aumento das achegas privadas.

En realidade, ata os anos oitenta as pensións públicas eran amplamente dominantes tamén nos países anglosaxóns, representando máis do 80% das prestacións totais, tal como reflicte a táboa. E dentro das públicas, as de reparto financiadas con ingresos correntes e non capitalizadas eran as máis importantes, un 77 % do total das públicas nos Estados Unidos e un 76% na Gran Bretaña.

TÁBOA I. PORCENTAXE DOS PLANS DE PENSÍONS PÚBLICOS SOBRE O TOTAL		
% DO PIB	EUA	GB
PENSÍONS PÚBLICAS DE REPARTO (I)	5	6.4
PLANS DE PENSÍONS PÚBLICAS DE CAPITALIZACIÓN (II)	1.5	2
PLANS DE EMPRESAS PRIVADOS	1.4	1
PLANS DE PENSÍONS INDIVIDUAIS	0.2	0.1
TOTAL	8.1	9.5
I + II / TOTAL (%)	80.25%	88.42%

FONTE: Blackburn, obra citada.

TÁBOA II. PORCENTAXE DO SISTEMA DE REPARTO SOBRE O TOTAL DE PENSÍONS PÚBLICAS		
% DO PIB	EUA	GB
PENSÍONS PÚBLICAS DE REPARTO (I)	5	6.4
PLANS DE PENSÍONS PÚBLICAS DE CAPITALIZACIÓN (II)	1.5	2
I / I + II (%)	77%	76%

FONTE: Blackburn, obra citada.

Aínda hoxe, para a maioría d@s pensionistas a fonte principal de ingresos son as pensións públicas:

Logo de case 50 anos durante os que máis da metade da poboación traballadora pagou nestes esquemas –e durante os que foron estimulados, como vimos, con grandes incentivos– a modesta pensión pública de xubilación é aínda a máis importante fonte de recursos para o 60% dos xubilados nestes dous países. Unha das razóns para o éxito, en comparación, dos sistemas públicos é que **os seus custos son baixos**.

Os plans privados de capitalización revelan importantes debilidades.

Crean un Estado de benestar dividido con alto nivel de protección para unha elite e cobertura miserábel para a maioría. A estrutura dos plans privilexia persoas en cargos directivos e traballador@s dos estratos máis altos. Nas últimas décadas, o 10% d@s máis ric@s beneficiouse da metade dos beneficios fiscais nos EUA e na Gran Bretaña. Os intereses d@s directiv@s foron un elemento fundamental no deseño dos plans de pensións de empresa. En 1998, antes da crise do mercado de valores, o 18,5% d@s partícipes de plans de pensións, nos EUA, recibirían ingresos por baixo do limiar de pobreza, e o 42,5% non poderían substituír nin sequera o 50% dos seus ingresos anteriores ao retiro. Os sectores máis prexudicados son as mulleres, @s hispan@s e @s negr@s. Mentres que os dereitos ás pensións públicas están xustamente repartidos, a riqueza dos plans de pensións privados está moi desigualmente concentrada: as persoas máis ricas son as que acumulan capitais máis elevados para as súas xubilacións. Nos EUA, as pensións dos traballadores do aceiro, liñas aéreas e automóbil foron vítimas de fraudes. A calidade da cobertura total das pensións diminuíu entre 1995 e 2005. Cando os plans se achegan á súa madurez, a súa relación cun único empresario apa-

rece como a súa maior debilidade e algúns empresarios atopan dificultades para afrontar os seus compromisos.

Os fondos de capitalización **están a miúdo infracapitalizados** e non poden responder aos seus compromisos. Implican serios problemas para as empresas ata o punto de ameazaren a súa viabilidade nalgúns casos. @s empresari@s adoitan contribuír aos plans de contribución definida coa metade ou menos das achegas que farían a un plan de prestación definida.¹¹¹ En ocasións, véxase o caso Enron, a totalidade ou parte das achegas son as propias accións da empresa. Un estudo sobre millón e medio de plans 401(K)¹¹² comprobou que o 28% dos activos a finais de 2002 eran accións das propias empresas. Os plans 401(K) cobren o 22% d@s empregad@s nos EUA. A finais de 2002 a maioría das compañías do Standard&Poor 500 nos EUA e FTSE 100 no Reino Unido tiñan un déficit de achegas aos seus fondos de pensións de 300 mil millóns de dólares e 55 mil millóns de libras respectivamente. O déficit total seguiu crescendo na recuperación dos anos 2002-2005. A mediados de 2005, a axencia oficial que garante os plans de pensións privados (PGBC) calculouno en 450 mil millóns.

Os **gastos administrativos son moi altos** e as persoas encargadas da xestión asígnanse **enormes retribucións** aínda que o rendemento do fondo sexa negativo. Entre 1980 e 1990, os plans privados obtiveron bos resultados e as tarifas d@s xestor@s absorberon unha boa parte dos beneficios fiscais. Entre 2000 e 2002, os mercados de valores nos EUA perderon

111 Para a diferenza entre plans de achega definida e plans de prestación definida ver capítulo XV.

112 Os plans 401(K) foron introducidos nos anos 80 para traspasaren o risco desde @s empresari@s aos traballadores e ás traballadoras. Son plans de achega definida.

a metade do seu valor. Porén, @s xestor@s seguiron a cargar as súas comisións. Unha das causas do pobre rendemento dos plans 401(K) nos EUA son as comisións comerciais e administrativas. Unha das razóns é a proliferación e fragmentación dos plans. Segundo o Wall Street Journal, nos plans de 50 persoas págase en comisións un 1,4% das cantidades investidas. En plans de 1.000 persoas baixa ao 1,17% e nalgúns plans pequenos chega ao 4%. Segundo un informe sobre 400.000 empresas con plans 401(K), case tres cuartas partes tiñan plans con menos de 50 membros.

Desprazan o risco cara ás persoas partícipes dos fondos, @s traballador@s, substituindo os modelos de prestación definida; @ pensionista sabe cal vai ser a contía da súa prestación, por modelos de achega definida; o traballador e a traballadora saben canto deben achegar cada mes, mais non canto recibirá cando se xubile. Os plans privados de beneficio definido son moi vulnerábeis ao que a prensa económica chama o «capitalismo voitre», a desvalorización dos aforros para pensións de millóns de traballador@s é moi parecida ao que se pode chamar «acumulación por desposesión». Os plans de contribución definida van substituindo os de beneficio definido. Nestes plans o risco recae sobre o beneficiario. Na última década desenvolveuse un ataque sistemático contra os plans de beneficio definido, máis xenerosos, en Italia, Francia e Alemaña. @s empresari@s nos EUA e no Reino Unido prefiren plans de contribución definida porque evitan compromisos futuros e permítenlles determinaren e reduciren as súas achegas. Nestes plans, a prestación non está ligada ao salario. Nos EUA, @s empresari@s poden achegar as propias accións aos plans de contribución definida. O risco desprázase á persoa empregada. Estas vantaxes para as empresas fixeron que nos EUA o número de participantes pasase de 0 en 1980 a 55 millóns en 2005.

Reducen a recadación fiscal do Estado, xa que se fomentan con desgravacións fiscais. Estas desgravacións favorecen as persoas receptoras de rendas máis altas, que son as que poden realizar achegas importantes; en consecuencia, aumentan a regresividade da recadación de impostos. As bonificacións reducen os ingresos fiscais uns 120.000 millóns de dólares nos EUA e 19 mil millóns de libras anuais na Gran Bretaña. Unha proposta para limitar estas bonificacións presentada en 1986 foi parada polos republicanos respondendo aos intereses dunha coalición de compañías de seguros, grupos de negocios e sindicatos. Nos EUA, o 10% dos máis ricos beneficiáase do 62% dos beneficios fiscais para sistemas de pensións e cobertura sanitaria (datos de 1988) e no Reino Unido do 51% (datos de 1996).

O sistema é privado. Porén, o responsábel último segue a ser o Estado, que é o que **abre a porta á socialización das perdas**. En 1974 creouse a Pension Benefit Guaranty Corporation (PBGC) como axencia independente do Goberno dos Estados Unidos destinada a garantir as prestacións dos plans privados. A PBGC garante as pensións en caso de insolvencia do plan, mais nese caso os beneficiarios quedan co 75% da súa pensión e sen cobertura médica. As empresas estadounidenses que se declaran en bancarrota poden solicitar á PBGC que se faga cargo das súas responsabilidades. A PBGC non está cuberta por ningunha garantía federal, mais é de supoñer que o Tesouro interviría se se puxese en cuestión a súa solidez. No ano fiscal 2010, a PBGC pagou 5.600 millóns de dólares en prestacións a participantes en plans de pensións privados. Nese mesmo ano crebaron 147 plans. A PBGC ten unhas obrigacións totais de 102.500 millóns de dólares e só 79.500 millóns en activos.¹¹³

113 <http://en.wikipedia.org/wiki/PBGC>

Quen se fará cargo desa diferenza? Na Gran Bretaña existe un organismo semellante, o Pension Protection Fund (PPF).

O sistema de capitalización **baséase na capacidade de aforro d@s traballador@s**, mais na última década, nos países anglosaxóns, o aforro caeu ata cifras dun só dígito. Prodúcese así un desequilibrio entre a necesidade de aforro do sistema e a capacidade de aforro da maioría. Dito en linguaxe máis limpa, as pensións privadas crean pobres. En 2003 e 2004 o asesor financeiro MSN advertía que unha parella que desexase uns ingresos anuais de 40.000 dólares debería acumular un millón de dólares de activos e outro máis para cobertura sanitaria. «Con outras palabras, para conseguir unha pensión decente de clase media, necesitas ser millonario!».¹¹⁴

A experiencia dos países anglosaxóns indica que **os sistemas públicos de pensións son imprescindíbeis para garantir a cobertura das persoas maiores**. En 2001, George Bush creou unha comisión presidencial para analizar a privatización parcial da Seguridade Social. Mais a comisión non foi quen de atopar un camiño para resolver o problema do custo da transición entre o réxime público e o privado de capitalización, calculado nun billón de dólares. **Non é economicamente viábel pasar dun sistema público a outro privado**. Esa transición non se pode facer en democracia. A privatización de Chile en 1980 lémbra-nos que privatizar as pensións esixe eliminar a democracia.

O sistema privado non só fracasa na cobertura das pensións de xubilación senón **na cobertura de atención sanitaria ás persoas maiores**. A porcentaxe de empresas que ofrecen prestacións sanitarias para a xubilación caeu desde o 66% ao 36% entre 1988 e 2004. O déficit relacionado con

114 Blackburn, *Op. Cit.*, p. 119.

outras coberturas, principalmente cobertura de saúde na xubilación, supoñía outros 300 mil millóns de dólares.

CAPÍTULO XIII. O PLAN MEIDNER, O FONDO SUECO D@S ASALARIAD@S.

Os neoliberais propoñen reducir a importancia das pensións públicas de reparto e ampliar o peso do sistema de capitalización. En Suecia, os sindicatos socialdemócratas impulsaron un plan baseado na capitalización. As forzas políticas conservadoras, perfectamente conscientes dos seus intereses de clase, decatáronse de que o plan implicaba unha seria ameaza para a supremacía do capitalismo. Iniciaron unha campaña política contra o plan e conseguiron que se anulase. A capitalización só lles interesa se serve para crear unha oportunidade de negocio para o capital financeiro e para debilitar a forza estrutural das clases traballadoras, non se a fortalece.

A proposta dos sindicatos suecos constituíu unha aproximación innovadora ao problema das pensións e a capitalización. Rudolf Meidner e Gösta Rehn foron os arquitectos do Estado do benestar sueco. Meidner era economista da LO, a principal federación sindical sueca. En 1959, logo dunha dura batalla política, o Goberno socialdemócrata sueco creou un fondo de pensións complementarias. Meidner propuxo crear fondos de asalariad@s, fondos sociais estratéxicos financiados por un imposto en forma de accións. Este imposto non recae sobre o fluxo de caixa e os potenciais investimentos, senón sobre a riqueza dos accionistas cuxa propiedade se dilúe, non os recursos das empresas cunha finalidade produtiva.¹¹⁵

115 *Ibidem*, pp. 246 e ss.

De acordo co plan orixinal cada compañía con máis de 50 empregados quedaba obrigada a emitir cada ano accións por valor do 20% dos seus beneficios. As novas accións asignaríanse a unha rede de fondos de asalariados, representados polos sindicatos e as autoridades locais. Estes poderían reinvestir os rendementos para financiaren o gasto social futuro. Cando a rede de fondos crecese podería participar na dirección da política das empresas das que serían copropietarios. O plan de Meidner foi apoiado firmemente polos sindicatos e polos membros do Partido Socialdemócrata, mais fortemente atacado polos principais medios de comunicación e polas vinte familias que dominan as grandes empresas do país. Os opositores proclamaban que o plan permitiría aos dirixentes dos sindicatos dominaren os fondos de asalariados. Logo dunha dura campaña, o goberno socialdemócrata decidiu diluír a proposta do imposto en accións e financiar os fondos sociais cun moderado imposto sobre os beneficios. Con todo, nos anos 90, os fondos acumulaban o 7% do mercado de capitais sueco. Para evitar que esta porcentaxe medrase, o novo goberno conservador decidiu en 1992 liquidalos e dedicar os beneficios a financiar unha rede de institutos de investigación. O plan de Meidner non foi realmente aplicado, e ata na forma diluída serviu para propulsar a economía baseada no coñecemento.

Ademais de financiar o gasto social, o plan de Meidner tiña outros obxectivos macroeconómicos. En colaboración coas negociacións salariais suecas, buscaba facilitar os equilibrios macroeconómicos, aumentar o aforro, e, eventualmente, introducir os intereses dos traballadores e da comunidade na estratexia das empresas. Un recente informe afirma que, aínda que se conseguiron os principais obxectivos, podería ser máis efectivo se se aplicase o plan orixinal. A súa introdución asociouse cun aumento do aforro colectivo, creación de capi-

tal, crecemento económico, moderación dos custos laborais, alto emprego industrial e unha mellor relación inflación/desemprego. Con todo, demostrouse insuficiente para evitar os desequilibrios causados pola desregulación financeira. Suecia sufriu unha dura crise económica en 1991-92 que debilitou a confianza nos acordos sobre os que se baseaba o seu modelo de benestar. Os conservadores e os socialdemócratas optaron por dismantelar e reducir o plan de pensións complementarias. A lexislación de 1959 fora precedida dun debate público. Para dismantelala foi suficiente co acordo de dous partidos. O plan de pensións complementarias foi substituído por un sistema de contas «nacionais» de contribución definida, ao que se referiu recentemente o Gobernador do BE. A reforma de 1995 introduciu unha nova lóxica segundo a cal as prestacións se calibrarán coas cotizacións ao sistema e cos ingresos totais para pensións. As autoridades organizaron tamén un sistema de capitalización financiado co 2,5% dos salarios e voluntario. Moitos traballadores renunciaron a escoller un fondo e o seu 2,5% vai a un fondo de reserva do sistema de reparto. As pensións suecas seguen sendo xenerosas. Mais espérase que o gasto en pensións pase do 10.6% en 2004 ao 11.2% en 2050, mentres que o rateo maiores de 65/15-64 aumente desde o 26 ao 41%. O aumento previsto do gasto en pensións non equilibra o aumento das persoas en idade de xubilación. O fondo de Meider implicaba que os asalariados chegasen a ser propietarios dunha parte do capital das empresas e puidesen participar na dirección da economía sueca. Isto daríalles capacidade para decidiren que parte do produto social se dedicaría a financiar as necesidades dos xubilados: por iso foi destruído.

CAPÍTULO XIV. A PATRONAL DOS FONDOS DE PENSIÓN CONFÉSASE: PARA QUE MEDREN OS FONDOS DE PENSIÓN PRIVADOS É IMPRESCINDÍBEL REDUCIR AS PENSIÓN PÚBLICAS

Desenvolver os plans de pensións privados será un gran negocio. @s partícipes achegan mensual ou anualmente cantidades que se acumulan nun patrimonio do que as empresas xestoras deducen comisións de xestión e administración. Mais a existencia de sistemas públicos de reparto cunhas pensións suficientes dificulta a implantación das pensións privadas de capitalización. Xa en 1994 o BM era consciente desa limitación e en consecuencia propuña reducir as pensións públicas para deixar sitio ás privadas. Este é o principal obxectivo da redución das pensións públicas. Repetidas reformas fanas máis cativas, reducindo a taxa de substitución, a porcentaxe que se percibe como prestación respecto do último salario. Ao tempo, as patronais propoñen reducir os tipos de cotización, os descontos que se realizan nas nóminas para financiar as pensións. Se as futuras pensións son insuficientes e baixa o importe das cotizacións, o racional para @s perceptor@s de rendas máis altas será subscribir plans de pensións privados. Os asalariados de menores salarios terán que se conformar con pensións de subsistencia.

En 2009, as empresas xestoras dos fondos de pensións gañaron 243,1 millóns de euros. Un bo negocio, que podería ser moito maior se previamente eliminan o seu competidor, o sistema público de pensións. Nun informe¹¹⁶ encargado a AFI e publicado en 2010, a Fundación INVERCO explica así:

116 Fundación INVERCO, *El impacto de la crisis económica y financiera en la inversión colectiva y en el ahorro-previsión*, Imprenta Modelo, Madrid, 2010. As citas en cursiva están tomadas deste informe. Os subliñados son meus.

INVERCO (Asociación de Instituciones de Inversión Colectiva y Fondos de Pensiones), é a patronal dos fondos privados, agrupa máis de 7.500 empresas especializadas na xestión de patrimonios, Sociedades, Fondos de Investimento e Fondos de Pensións. Estas empresas manexan un volume de activos duns 310.000 millóns de euros pertencentes a máis de 15 millóns de partícipes. Os ingresos por comisións das empresas asociadas en INVERCO ascenderon en a 3.300 millóns de euros, caendo en 2009 ata 1.703 millóns. Os resultados antes de impostos ascenderon a 771,1 millóns de euros, antes da crise, e a 243,1 millóns en 2009.

AFI (Analistas Financieros Internacionales)
é a consultora responsábel do informe.

Agora ben, o alcance destas actividades enfrenta un límite moi poderoso na extensión da previsión social a cargo do Estado, quer dicir, as pensións públicas.

A pesar do tratamento fiscal que reciben as achegas aos Plans de Pensións, a extensión destes formatos de previsión depende fundamentalmente do espazo que as pensións públicas deixen para iso. (...) alí onde as pensións públicas substitúen porcentaxes elevadas do salario previo á xubilación, as pensións privadas son máis reducidas (...). O contrario sucede en países nos que as pensións públicas teñen un carácter de prestacións universais reducidas e as pensións privadas toman o protagonismo na reposición de rendas salariais trala xubilación.

As prestacións da Seguridade Social aseguran de forma vitalicia (...) as continxencias de xubilación, incapacidade permanente, viuvez e orfandade (...) [As] prestacións que reciben os individuos que hoxe se xubilan, por exemplo, mentres cumpran os requisitos de prestación plena (teren 35 anos de cotización e 65 anos de idade)¹¹⁷, reciben unha prestación

117 O informe foi publicado antes da reforma das pensións de 2011.

relativamente elevada, moi a miúdo bastante próxima ao salario previo á xubilación.

O feito de as pensións públicas teren unha taxa de substitución do salario tan elevada, o que require cotizacións sobre os salarios igualmente elevadas, implica que fica pouco espazo para que os traballadores en particular, e os fogares en xeral, poidan destinar recursos significativos á previsión complementaria.

O argumento reitérase unha e outra vez: é necesario reducir as pensións públicas para deixar espazo para o negocio dos plans de pensións privados. O informe non pretende que as pensións privadas garantirán unha vellez máis digna e segura aos pensionistas. A finalidade das reformas debe ser crear un espazo para a valoración do capital, un novo negocio privado.

Transferir o risco aos traballadores e ás traballadoras

Os sistemas públicos de pensións diríxense, segundo os autores, á insuficiencia. No futuro os gastos en pensións serán moi superiores aos ingresos. Este é un problema que nunca deberán afrontar os plans privados. Por que?

Non cabe insuficiencia financeira en ningún caso, xa que as prestacións desta modalidade, de recibirse en forma de renda, axústanse ao que os capitais acumulados ata o momento da xubilación, nos que se inclúen os rendementos obtidos e as desgravacións fiscais, poden comprar. (...) A caída das rendibilidades ou a diminución das achegas dos partícipes durante o período de acumulación fará que as pensións futuras sexan correspondentemente menores.

As xestoras dos plans de pensións privados de capitalización non se comprometen a pagar unha pensión definida cando

@ partícipe decide xubilarse. Esta persoa non sabe canto vai cobrar. A súa pensión dependerá do rendemento dos activos en que o fondo invista as súas achegas. Nunha situación de crise financeira como a actual, o rendemento dos investimentos en renda variábel (accións de empresas) pode ser negativo durante varios anos.

Os capitais acumulados pertencen aos traballadores partícipes nos diferentes plans de pensións e todo o risco do esquema queda plenamente asumido dentro do mesmo polos partícipes (...)

A deterioración dos activos subxacentes aos dereitos consolidados dos partícipes tamén pode ser severa nunha recesión obrigando a quen máis preto estean da xubilación a reavaliar as súas expectativas de xubilación á idade prevista cando as súas pensións dependen de xeito relevante das que lles outorga o esquema privado.

Todo o risco se transfire aos futuros pensionistas. Na publicidade dos plans de pensións, xubilad@s xuvenís, optimistas, gozan da tranquilidade que lles dan as súas pensións privadas. No mundo real deberán realizar unha difícil elección. As prestacións poden recibirse en forma de renda ou de capital. Ao se xubilar, @ partícipe debe calcular cantos anos lle quedan de vida. Se considera que son poucos, recibirá unha renda máis alta; se considera que son moitos, a renda será inferior; se escolle unha renda vitalicia, ata a morte, aínda menor, pois o risco para a empresa xestora é máis alto. Si, non existirá insuficiencia financeira en ningún caso, xa que todo o risco se transfire á persoa xubilada. Os sistemas públicos de reparto si garanten unha prestación determinada independentemente dos anos que se vivan.

Unha sociedade máis rica non pode pagar pensións dignas?

Convencer a poboación de que as pensións públicas son inviables é imprescindible para aceptar substituílas por sistemas privados de capitalización. Case cada mes, un grupo de «expertos» elabora un estudo que «demostra» esa inviabilidade. Os medios de persuasión de masas publican a información como se fose unha verdade revelada. O informe de INVERCO pronostica un futuro déficit insostible da Seguridade Social. Nisto segue a tradición apocalíptica iniciada no ano 1994 polo BM e continuada en 1990 e 2000 polas institucións financeiras españolas. A táboa resume o seu pronóstico.

TÁBOA I. DÉFICIT DO SISTEMA SEGUNDO INVERCO PARA 2049			
PROXECCIÓN DE GASTOS E INGRESOS DO SISTEMA ESPAÑOL DE PENSÍONS CONTRIBUTIVAS 2009-2049. IMPORTE EN EUROS 2009			
FLUXOS DEMOGRÁFICOS DO SISTEMA	2009	2049	RATEO 49/09
POBOACIÓN TOTAL (A 1 DE XULLO) (MILES)	46,857	55,219	1.2
POBOACIÓN DE 65 E +	7,925	15,919	2.0
PENSÍONS (MILES)	8,532	16,779	2.0
AFILIAD@S (MILES)	17,917	17,625	1.0
FLUXOS ECONÓMICOS DO SISTEMA	2009	2049	RATEO 49/09
GASTOS CONTRIBUTIVOS DO SISTEMA (MILLÓNS DE EUROS)	91,645	365,135	4.0
PENSIÓN MEDIA ANUAL (EUROS)	10,557	21,335	2.0
COTIZACIÓN MEDIA ANUAL	5,568	11,329	2.0
INGRESOS POR COTIZACIÓNS (MILLÓNS DE EUROS)	99,761	199,677	2.0
SUPERÁVIT (+)/ DÉFICIT (-) DO SISTEMA (MILLÓNS DE EUROS)	8,116	-165,458	-
EN PORCENTAXE DO PIB	2009	2049	RATEO 49/09
INGRESOS TOTAIS	9,49	9,49	1.0
GASTOS TOTAIS	8,72	17,35	2.0
SUPERÁVIT/DÉFICIT	0,77	-7,86	-
RATEO AFILIADOS / PENSÍONS	2,10	1,05	0.5

PRO MEMORIA	2009	2049	RATEO 49/09
PIB (MILLÓNS DE EUROS)	1,051,151	2,103,939	2.0
PIB POR AFILIADO (EUROS)	58,669	119,375	2.0
PIB POR HABITANTE	22,433	38,102	1.7

FONTE: INVERCO, *Ibidem*, p.242.

Predicir como van evolucionar a economía e a poboación nos vindeiros 40 anos é unha temeridade. Quen podería pronosticar en 1971, hai 40 anos, os mesmos que van de 2009 a 2049, o devalo relativo dos EUA como primeira potencia económica mundial, o ascenso de China e India, o proceso de financeirización do sistema capitalista mundial? Non creopolo tanto a predición que fai AFI. Se a analizo é por dúas razóns. A primeira, porque a sociedade debe estudar distintos escenarios probábeis para valorar os retos aos que é previsíbel que se poida enfrontar. A segunda, para demostrar que, mesmo aceptando as hipóteses de partida de AFI, o sistema de pensións públicas de reparto é viábel e que @s propagandistas dos sistemas privados de capitalización fan un xogo de prestidixitación para demostraren o contrario. Nos cálculos que seguen utilizo os datos propostos por AFI.

INVERCO predí un crecemento medio do PIB do 1,75% anual que o multiplicaría por dous en 40 anos.¹¹⁸ A poboación só aumentaría 1,2 veces; en consecuencia, o PIB por habitante sería 1,7 veces máis alto. Cada cidadán e cidadá disporía en 2049 de 1,7 veces máis bens e servizos que en 2009. O número de persoas afiliadas á Seguridade Social manteríase, a produ-

118 Esta hipótese ignora o problema da compatibilidade do sistema económico cos límites físicos do planeta (ver capítulo XVIII). Utilizo os supostos dos que parte AFI só para demostrar que mesmo aceptando as súas hipóteses de partida o sistema público de reparto seguiría a ser viábel.

tividade por traballador e traballadora dobraríase. O gasto en pensións como porcentaxe do PIB incrementaríase tanto como o peso da poboación de 65 ou máis anos en relación coa poboación total: multiplicaríase por dous pasando do 9 ao 17%. Se restamos do PIB o gasto en pensións, quedaría para outros usos, amortizacións, novos investimentos e consumo, unha cantidade sensibelmente maior que a que hoxe dispomos.

TÁBOA II. PIB DISPOÑÍBEL DESPOIS DO PAGAMENRO DAS PENSÍONS – HIPÓTESE A

	2009 (A)	2049 (B)	MÚLTIPLO (B/A)
PIB (MILLÓNS DE €)	1,051,151	2,103,939	2.0
POBOACIÓN (MILES)	46,857	55,219	1.2
NÚMERO DE PENSÍONS (MILES)	8,532	16,779	2.0
PIB POR PERSOA (€)	22,433	38,102	1.7
GASTO EN PENSÍONS (MILLÓNS DE EUROS)	91,645	365,135	4.0
GASTO EN PENSÍONS (% DO PIB)	8.72%	17.35%	2.0
PIB – GASTO EN PENSÍONS (MILLÓNS DE EUROS)	959,506	1,738,804	1.8
PIB – GASTO EN PENSÍONS/POBOACIÓN – PENSIONISTAS (€)	25,036	45,234	1.8

Que significan estes números? As persoas que viven dunha xubilación melloran a súa situación máis que a media da sociedade. O gasto en pensións multiplícase por dous, xa que a poboación de máis de 64 anos se multiplica por dous e a pensión media aumenta tanto como aumenta o PIB, dúas veces ($2 \times 2 = 4$). Lembremos que o PIB por persoa só se multiplica por 1,7. Esta mellora das pensións non impide que mellore a situación d@s non pensionistas. Como podemos ler na liña inferior, se dividimos o PIB menos o gasto en pensións entre as persoas que non perciben unha pensión, o PIB por persoa pasa de 25 mil euros en 2009 a máis de 45 mil euros en 2049; multiplícase por unha coma oito veces, case se dobra. Aínda mello-

rando a posición relativa das persoas pensionistas respecto ao resto da sociedade, as persoas non pensionistas disporían de case o dobre de capacidade adquisitiva. Que @s pensionistas melloren a súa posición relativa é unha posibilidade que se debe considerar, xa que existen moitas pensións moi pequenas, insuficientes para vivir dignamente. Esta mellora sería, como vemos, perfectamente asumíbel pola sociedade.

Outra posibilidade sería que o gasto en pensións por persoa aumentase só como aumenta o PIB por persoa, 1,7 veces. Como quedarían entón os números? Neste suposto o gasto en pensións aumenta 3,4 veces porque a poboación de máis de 64 anos dobra o seu número e porque o PIB por persoa aumenta 1,7 veces ($2 \times 1,7 = 3,4$). Deste xeito, o PIB dedicado ás pensións medra en proporción ao aumento do número de pensionistas e ao aumento do produto por persoa. Canto quedaría para o resto das necesidades sociais: rendas das persoas en idade de traballar, d@s estudantes, reposición e/ou ampliación do capital produtivo...?

TÁBOA III. PIB DISPOÑÍBEL DESPOIS DE PAGAR AS PENSÍONS – HIPÓTESE B

	2009 (A)	2049 (B)	MÚLTIPLO (B/A)
PIB (MILLÓNS DE €)	1,051,151	2,103,939	2.0
POBOACIÓN (MILES)	46,857	55,219	1.2
NÚMERO DE PENSÍONS (MILES)	8,532	16,779	2.0
PIB POR PERSOA (€)	22,433	38,102	1.7
GASTO EN PENSÍONS (MILLÓNS DE EUROS)	91,645	311,593	3.4
GASTO EN PENSÍONS (% DO PIB)	8.72%	14.81%	1.7
PIB – GASTO EN PENSÍONS (MILLÓNS DE EUROS)	959,506	1,792,346	1.9
PIB – GASTO EN PENSÍONS/POBOACIÓN – PENSIONISTAS (€)	25,036	46,627	1.9

Neste segundo suposto, o PIB multiplícase por dous, o gasto en pensións por 3,4 e o produto dispoñíbel para a sociedade

dos non pensionistas, multiplícase por 1,9, case dúas veces, desde 25 mil a case 47 mil euros por persoa. No ano 2009, o PIB por habitante do Reino de España é un dos máis altos do mundo. Viviremos na pobreza cun produto por persoa case dúas veces meirande? Ou será mellor deixarmos @s maiores na pobreza, absoluta ou relativa, e que as persoas en idade de traballar multipliquen o seu consumo máis de dúas veces? Por certo, o PIB por persoa é unha media aritmética (PIB/número de habitantes) que asume a ficción de que todas as persoas que fan parte dunha sociedade perciben unha parte igual do produto social. A desigualdade no Estado español é das máis altas da UE. Un reparto máis igualitario da riqueza permitiría que a maior parte da poboación aumentase a súa renda en maior proporción do que aumenta o PIB. Nos 40 anos vindeiros avanzaremos cara a formas máis igualitarias de reparto do produto, cara a formas máis socialistas, ou seguiremos mergullados na barbarie da desigualdade?

Limitar os ingresos para decretar a falencia do sistema

Segundo os datos de INVERCO, o sistema tería en 2049 un déficit do 8% do PIB. Si, xa que limita os ingresos do sistema. Asume que os ingresos procederán das cotizacións sociais cos mesmos tipos de cotización actuais. Porén, os ingresos poden aumentarse por dúas vías. A primeira, aumentar os tipos de cotización; o aumento do PIB por afiliado permitiría aumentalos e ao mesmo tempo aumentar o poder adquisitivo dos salarios. A segunda, financiar o gasto en pensións mediante ingresos impositivos. É imprescindible restaurar unha fiscalidade progresiva. O imposto sobre a renda é un imposto dual, progresivo sobre os salarios e non sobre as rendas de capital, a renda declarada pol@s traballador@s é moito máis alta que

a d@s profesionais, empresari@s e autónom@s. A taxa impositiva real do imposto de sociedades é moito máis baixa que a que grava os salarios... Non hai ningunha razón pola que unha sociedade máis rica, como a da hipótese de INVERCO, non poida pagar pensións públicas xustas que permitan que as persoas xubiladas vivan dignamente.

Por outra parte, o gasto público en pensións no Estado español é baixo se o comparamos con outros países europeos. No ano 2006, o gasto medio na función vellez e supervivencia da UE-27 e a UE-25 superaba en 3,5 puntos do PIB o do Estado español. En Austria a diferenza chega aos 5 puntos porcentuais. A taxa de dependencia (poboación de máis de 64 anos en relación coa poboación de menos de 65 anos) era practicamente igual para os dous países (24,3 para o Estado español e 24,4 para Austria). Austria destinaba a gasto social 28,5 de cada 100 euros do seu PIB por só 20,9 no Estado español.

TÁBOA IV. GASTO NA FUNCIÓN VELLEZ E SUPERVIVENCIA

UE-27	11.9
UE-25	12
UE-13	12.3
BÉLXICA	13.5
DINAMARCA	10.7
ALEMAÑA	12.2
FRANCIA	12.9
ITALIA	15.5
HOLANDA	11.4
AUSTRIA	13.4
SUECIA	12.1
REINO UNIDO	11.6
REINO DE ESPAÑA	8.8

FONTE: *The Social Situation in the European Union 2007*, Comisión Europea, 2008.

As preguntas que os defensores das pensións privadas deben contestar

Os autores do informe propoñen reducir as pensións públicas para deixaren espazo para o establecemento das pensións privadas de capitalización. Por que? Ocorrénseme tres respostas posibles:

1.— Así, a porcentaxe do PIB dedicada ás persoas pensionistas será máis pequena.

Menos do 17,35 da hipótese A? Menos do 14,81% da hipótese B? Menos aínda? Canto? Que porcentaxe do PIB consideran que se debería dedicar á subsistencia das persoas de máis de 64 anos cando supoñan o 28,83 % da poboación (15.919 / 55.219 x 100)? Cómpre subliñar que INVERCO non propón unha cifra. Mais esta é a cuestión principal se falamos do futuro das pensións. A sociedade debe decidir que parte do produto social dedica ao mantemento das persoas que xa non poden traballar e esta é unha decisión política.

2.— A porcentaxe do PIB dedicada ás persoas xubiladas será a mesma; porén, procederá na súa maior parte de pensións privadas de capitalización e non do sistema de reparto actual.

Daquela deben resolver estas cuestións. Consideran o sistema de capitalización máis seguro que o de reparto? Garanten a rendibilidade dos capitais acumulados durante 40 anos? Que ocorrerá coas persoas que cheguen aos 65 anos no intre dunha crise financeira como as que se repiten desde 1987 e volverán ocorrer se non coutamos o proceso de financeirización da economía? Deberán atrasar a idade da súa xubilación? Aceptarán as súas empresas que sigan a traballar despois desa idade? Deberán aceptar unha prestación máis baixa? Garanten as pensións privadas unha prestación vitalicia? Cal será a contía

das pensións das persoas con carreiras de cotización irregulares, precari@s, parad@s, mulleres que deixaron de traballar temporalmente para coidar unha persoa dependente? Deberá acudir o Estado ao rescate dos fondos que non poidan afrontar os compromisos cos seus partícipes?

3.— Os sistemas de capitalización crean masas de capitais que canalizados cara ás empresas que realizan investimentos produtivos aumentarán a actividade económica e, polo tanto, o tamaño do PIB no ano de referencia, 2049. Un PIB meirande é unha torta que permite que a ración dedicada ás persoas pensionistas teña un tamaño maior.

Se este é o argumento de fondo, a cuestión que se debe contestar é se a financeirización da economía aumenta o crecemento da economía ou, pola contra, a inestabilidade e a frecuencia das crises financeiras que se transmiten con forza á economía produtiva. A experiencia de 30 anos de contrarrevolución neoliberal é clara. A financeirización da economía coexiste con baixas taxas de crecemento. A redución dos salarios asociada á financeirización deprime a demanda, que é compensada co endebedamento crecente d@s asariad@s, as empresas e o sector público. A financeirización provoca burbullas financeiras recorrentes e unha grande inestabilidade. Á reabsorción dunha burbulla sucede a aparición doutra. A última, ata hoxe, a inmobiliaria e das subprimes, non parece ter saída a medio prazo. **A financeirización non é a solución para garantir as pensións, é o problema.**

A resposta non está no vento, está na páxina 236

Porén, probabelmente a resposta a atopemos nos datos que nos achega o propio informe.

TÁBOA V. GASTOS DE XESTIÓN, SISTEMA PÚBLICO – PLANS PRIVADOS

ANO 2009	PENSIÓNS PÚBLICAS (EN 2009)	PLANS E FONDOS DE PENSIÓNS PRIVADOS (EN 2009)	PLANS E FONDOS DE PENSIÓNS (EXTRAPOLACIÓN SE AS COTIZACIÓNS FOSEN A FONDOS PRIVADOS)
INGRESOS POR COTIZACIÓNS/ ACHEGAS (MILLÓNS DE EUROS)	104,066	5,964	104,066
GASTOS DE XESTIÓN	3,488	783	13,663
GASTOS DE XESTIÓN/ INGRESOS (%)	3.35%	13.13%	13.13%

FONTE: INVERCO, *Ibidem*, p. 236.

Os gastos de xestión do sistema público de reparto supuxeron en 2009 o 3,35% das cotizacións. Nos plans e fondos de pensións privados ascenderon ao 13,13% das achegas d@s partícipes. Se as cotizacións do sistema público pasasen a ser xestionadas polo sector privado, e considerando que se mantivese a mesma porcentaxe dos gastos de xestión sobre achegas, os gastos de xestión que cobrarían as xestoras dos fondos sería máis de 13.000 millóns de euros. Esa é, sen dúbida, a causa do seu interese extraordinario no desenvolvemento dos plans privados: a oportunidade de negocio que ofrece.

O impacto da crise nos plans de pensión privadas e evolución internacional comparada

A historia dos países en que os sistemas de capitalización comezaron hai décadas é instrutiva. En principio, os sistemas de capitalización eran de prestación definida. A partir dos anos oitenta foron mudando en plans de achega definida, «de forma que se elimina o risco que incorporan as fórmulas de salario final.» Para as empresas son un problema que mesmo

pode ameazar a súa viabilidade: «maniféstanse moitos casos de grandes empresas cotizadas con problemas serios por causa da situación do seu Fondo de Pensións.» A solución foi a externalización, o que resultou un proceso lento e custoso, «pois os compromisos de pensión estaban, polo xeral, moi pouco aprovisionados ou cubertos.» Debido a que o sistema ameaza a viabilidade das propias empresas, a solución é traspasar o risco aos traballadores e ás traballadoras.

PLANS DE PENSIONES DE CAPITALIZACIÓN	
DE PRESTACIÓN DEFINIDA	AO SE INTEGRAR NO PLAN, @ PARTÍCIPE SABE QUE CANTIDADE DEBE ACHEGAR PERIODICAMENTE (POR EXEMPLO, CADA MES) E A CANTIDADE QUE PERCIBIRÁ EN CONCEPTO DE XUBILACIÓN. O RISCO RECAE NO FONDO DE PENSIONES OU NA EMPRESA PROMOTORA.
DE ACHEGA DEFINIDA	AO SE INTEGRAR NO PLAN, @ PARTÍCIPE SABE QUE CANTIDADE DEBE ACHEGAR PERIODICAMENTE (POR EXEMPLO, CADA MES), MAIS NON SABE QUE CANTIDADE PERCIBIRÁ EN CONCEPTO DE XUBILACIÓN. ESTA CANTIDADE DEPENDERÁ DO CAPITAL ACUMULADO E DA RENDIBILIDADE QUE PRODUZA. O RISCO RECAE N@S PARTÍCIPES.
EVOLUCIÓN NOS PAÍSES ANGLOSAXÓNS	ATA OS ANOS OITENTA, A MAIORÍA DOS PLANS ERA DE PRESTACIÓN DEFINIDA. DESDE ENTÓN, AS EMPRESAS FÓRONOS SUBSTITUÍNDO POR PLANS DE CONTRIBUCIÓN DEFINIDA.
NO REINO DE ESPAÑA	TODOS OS NOVOS PLANS DE PENSIONES SON DE ACHEGA DEFINIDA.

Dezasete anos despois do informe do BM que propuña a privatización dos sistemas de pensións públicos, só en oito países da OCDE «as pensións privadas acumulan capitais de xubilación moi relevantes», por riba do 50% do PIB. E isto en 2007, ano que escollen os autores para os datos, quer dicir, antes do comezo da crise financeira que fixo diminuír moito o patrimonio dos fondos. Na metade dos países da OCDE, as taxas de capitalización son moi baixas, sen superaren o 10% do PIB, entre eles o Reino de España. Países cun alto nivel de protec-

ción social, como Alemaña e Suecia, acumulan capitais moi cativos, o 4,1% e o 8,7% do PIB respectivamente. Si son moi altos os correspondentes aos Estados Unidos e á Gran Bretaña, superiores ao 75% do PIB. Blackburn¹¹⁹ cualifica o sistema de pensións destes dous países, cun peso moi importante das pensións privadas, como «Estado do benestar dividido». En 1998, antes da crise das punto.com, case a metade d@s partícipes en plans de pensións non poderían substituír nin sequera a metade dos ingresos anteriores á xubilación. Entre 1983 e 2001, a porcentaxe de partícipes incluíd@s nun plan sen prestación definida pasou do 12 ao 62%.

Para que os plans de empresa de capitalización acaden unha ampla cobertura é imprescindible que sexan obrigatorios. «Alí onde os plans de empresa son obrigatorios, a cobertura d@s traballador@s é case universal nos plans de empresa e ben elevada nos persoais (...). Cando a aplicación de pensións privadas é voluntaria, a cobertura é menor.» Mentres non impoñan os seus plans de privatización, os sistemas públicos seguen a ser os dominantes nos países da OCDE. Nos trinta países que integran a organización existe un sistema público obrigatorio, só en once un sistema privado obrigatorio, en dez plans privados voluntarios de achega definida e en catro sistemas privados voluntarios de prestación definida. En dez non existe ningún plan privado. O esforzo de propaganda por facer é aínda enorme. Nos próximos anos leremos máis informes, realizados por expertos que *demonstrarán* a necesidade de ampliar os plans de pensións privados.

119 Blackburn, Robin, *Age Shock. How Finance is Failing Us*, Verso, Londres, 2006, p. 95.

Os plans de pensións no reino de españa

Existen tres modalidades de plans de pensións privados: o sistema de emprego (promovidos por empresas para os seus empregados e empregadas), o sistema individual (promovidos por entidades financeiras para persoas físicas que os contraen) e o sistema asociado (promovidos por asociacións, sindicatos ou colectivos para os seus asociados e asociadas ou membros). Estes últimos representan unha moi pequena parte do total.

No Reino de España, o volume dos plans de pensións de emprego é aínda moi cativo. O patrimonio acumulado a 31 de decembro de 2009 era de 30.600 millóns, algo máis do 3% do PIB, claramente insuficiente para case dous millóns de partícipes, o 13% do total de asalariados. Que lles garante o sistema? Os autores agasállanos cun parágrafo antolóxico cheo de condicionais: se a situación recesiva non expulsa aos partícipes durante «moito tempo» do esquema, cousa que «dependerá da extensión e duración dos episodios de desemprego», «non ten porque representar» unha redución dos dereitos consolidados dos futuros xubilados. Unha política prudente das persoas encargadas da xestión dos fondos «debería preservar» o valor das prestacións e os traballadores recibirán «preferentemente» rendas vitalicias.

Propoño que este parágrafo se inclúa obrigatoriamente nos folletos de propaganda dos fondos e plans de pensións. Quen fiaría a súa xubilación a algo así?

A modalidade máis desenvolvida é o sistema individual. Por que?

O volume acumulado en plans de pensións individuais supera, ao peche de 2009, os 53 mil millóns de euros, o que supón máis do 60% do patrimonio total dos plans de pensións. É, polo tanto, das tres modalidades, a que meirande desenvolvemento tivo

en España, impulsada principalmente pola presión comercial exercida polas entidades financeiras, en maior medida os bancos, que desde o nacemento dos plans de pensións lideraron o sector, mais tamén polas caixas de aforros, que nos últimos anos realizaron fortes campañas comerciais e publicitarias do produto. E é que nunha contorna de marxes interbancarias cada vez máis reducidas, as entidades de crédito buscaron novas vías para obteren ingresos, e unha das máis importantes son as comisións procedentes de plans de pensións.

Os plans de pensións individuais son unha fonte de ingresos para as entidades de crédito. Son satisfactorias as rendibilidades que ofrecen?

Fernández e Bermejo¹²⁰ cualifícanas de decepcionantes: «Nos últimos 3, 5 e 10 anos, a rendibilidade media dos plans de pensións foi sensibelmente inferior á inflación e ao investimento en bonos do Estado a calquera prazo. Ningún dos fondos de pensións do sistema individual con 15 anos de historia tivo unha rendibilidade superior ao do bono español a 10 anos.»

TÁBOA VI. RENDIBILIDADE DOS PLANS DE PENSÍONS PRIVADOS								
	SISTEMA INDIVIDUAL				SISTEMA DE EMPREGO			
	RENDIBILIDADE ANUAL MEDIA DO PERÍODO QUE REMATA EN DECEMBRO DE 2007				RENDIBILIDADE ANUAL MEDIA DO PERÍODO QUE REMATA EN DECEMBRO DE 2007			
ANOS	3	5	10	15	3	5	10	15
RENDIBILIDADE DOS FONDOS (PORCENTAXE): PROMEDIO	-2.3	0.9	0.1	3.7	-0.6	2.2	1.9	5.2

120 Fernández, Pablo e Bermejo, Vicente J., *Rentabilidad de los fondos de pensiones en España, 1991-2008*, IESE Business School, Universidad de Navarra.

TÁBOA VI. RENDIBILIDADE DOS PLANS DE PENSÍONS PRIVADOS

	SISTEMA INDIVIDUAL				SISTEMA DE EMPREGO			
	RENDIBILIDADE ANUAL MÉDIA DO PERÍODO QUE REMATA EN DECEMBRO DE 2007				RENDIBILIDADE ANUAL MÉDIA DO PERÍODO QUE REMATA EN DECEMBRO DE 2007			
MÁXIMO	13.1	9.7	9.8	8	16.4	8.9	6.3	10.5
MÍNIMO	-30.3	-17.1	-12.3	-0.9	-13.9	-4.2	-3.4	0.5
FONDOS CON RENDIBILIDADE < INFLACIÓN	97%	88%	97%	28%	96%	66%	89%	3%
FONDOS CON RENDIBILIDADE < RENDA FIXA A UN ANO	100%	95%	98%	89%	99%	93%	94%	41%
FONDOS CON RENDIBILIDADE < RENDA FIXA A 10 ANOS	98%	99%	99%	100%	96%	98%	97%	97%

FONTE: Fernández, Pablo e Bermejo, Vicente.J., obra citada.

A 10 anos só o 3% dos plans dan un rendemento superior á inflación, obxectivo que a 15 anos non conseguen o 28% dos plans. Só unha pequena parte dos plans ofrecen un rendemento superior ao da renda fixa a un ano, e practicamente ningún da renda fixa a 10 anos. Investir en renda fixa é máis rendíbel que confiar os aforros aos expertos xestores dos fondos de pensións.

Como no caso dos países anglosaxóns, nos que os fondos de pensións están moito máis desenvolvidos, os patrimonios están moi concentrados. Nos últimos anos, máis do 50% das achegas foron inferiores a 300 euros anuais e máis do 90% inferiores a 900 euros anuais.¹²¹ @s partícipes ric@s poden realizar grandes achegas polas que conseguen importantes desgravacións fiscais e que lles garantirán un alto patrimonio no

121 *Ibidem*, p. 1.

intre da xubilación. No entanto, máis do 90% d@s partícipes só poden realizar desgravacións fiscais reducidas e acumularán patrimonios cativos que xerarán pensións miserentas.

Os fondos de pensións privados configúranse como instrumento para que @s perceptor@s de rendas máis altas paguen menos impostos. As achegas aos fondos de pensións gozan na maior parte dos casos dun deferimento do pagamento ata o intre do rescate. @s contribuíntes con ingresos superiores a 60.000 euros anuais (2,6% do total) difiren impostos por valor de 1.109 millóns de euros (o 26,3% do custo total da dedución). A cantidade máxima permitida como achega (22.838,46 euros anuais) é moito máis alta que os ingresos salariais medios (17.619 euros brutos anuais).¹²² Estas desgravacións convértense máis nun instrumento financeiro para @s perceptor@s de rendas altas que nun instrumento de previsión social. No ano 2000, a base liquidábel sobre a que se calcula o IRPF reduciuse por este concepto en 675.000 millóns de pesetas (4.056 millóns de euros), máis do 92% de todas as reducións da base na declaración da renda dese ano.¹²³

Son fiábeis as previsións dos expertos?

Nos apartados anteriores analicei as previsións de INVERCO aceptando as súas hipóteses sobre evolución da poboación,

122 García Díaz, Miguel Ángel, *Algunos comentarios a la reforma del IRPF e Impuesto de Sociedades (2007)*, Gabinete Económico Confederal de C.C.O.O., 2006.

123 Nieto Jover, Fernando Javier, *Una aproximación a la distribución socioeconómica del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas. Aspectos cuantitativos. Período 1990-2000*, Instituto de Estudios Fiscales, Madrid 2005.

o produto interior bruto e a relación entre afiliad@s e pensionistas. No entanto, os antecedentes invitan a valorar estas predicións con cautela, senón con desconfianza. En 1995, La Caixa publicou un informe que predicía un importante déficit da Seguridade Social para os anos 2000 e seguintes. Un dos directores do informe foi José Antonio Herce, coordinador do informe de INVERCO de 2010. As previsións do informe de 1995 resultaron ben erróneas. Por que as do informe de 2010 habían ser máis precisas?

TÁBOA VII. FIABILIDADE DAS PREVISIÓN S DE HERCE E LA CAIXA

	POBOACIÓN (EN MILES)	AFILIAD@S (EN MILES)	PENSIONISTAS (EN MILES)	BALANCE EN PORCENTAXE DO PIB
PREVISIÓN PARA 2005	40,652	13,697	8,229	-2.75
DATO REAL 2005	44,109	18,156	8,100	1.06
PREVISIÓN PARA 2010	41,110	14,396	8,764	-2.94
DATO REAL 2010	47,021	17,478	8,740	0.22

A poboación real en 2005 superou en tres millóns e medio de persoas a prevista e a de 2010 en seis millóns. Boa parte dese aumento debeuse á inmigración, que tamén serviu para aumentar o número de persoas afiliadas á Seguridade Social. En 2005, a Seguridade Social rematou con 4 millóns e medio de persoas afiliadas máis que o prognosticado polo informe de La Caixa, e en 2010 con 3 millóns máis. O informe si acertou no número de pensionistas, mais non no que se refire ao balance da Seguridade Social. O estudo dirixido por Herce prevía déficits superiores de case o 3% do PIB nos anos 2005 e 2010. Nestes tres anos, as cotizacións sociais abundaron para pagar as pensións contributivas e aínda quedou un superávit que se ingresou, parcialmente, no Fondo de Reserva. O infor-

me de La Caixa suxería catro medidas dirixidas a reduciren o importe das prestacións: atrasar a idade de xubilación, reducir a porcentaxe da base reguladora que corresponde por ano cotizado e limitar a prestación ao 90% desa base, aumentar ata 25 anos os utilizados para o cálculo da base reguladora e actualizar todas as pensións por debaixo do IPC. Unha quinta proposta, introducir incentivos fiscais, favorecería as pensións privadas complementarias. Exactamente o mesmo argumento en 2005 e 2010: reducir as pensións públicas para favorecer o desenvolvemento das privadas.

Son os expertos científicos neutrais e independentes?

O informe patrocinado por INVERCO foi redactado por AFI (Analistas Financieros Internacionales). Os coordinadores do traballo son José Antonio Herce e David Cano. O primeiro dirixiu en 1995 un informe de FEDEA que prognosticaba para o ano 2000 o colapso da Seguridade Social. Esa predición resultou totalmente errada. Mais de seguro que a difusión non crítica nos medios de comunicación levou miles de persoas a subscribiren plans de pensións privados. Herce continúa a ser un activo publicista do colapso do sistema público de pensións. Prologa o informe o presidente de AFI, Emilio Ontiveros. Ontiveros é un dos economistas máis influentes no espazo mediático do Reino de España. Experto de referencia para a cadea SER, escribe habitualmente no suplemento «Negocios» de *El País*. O Grupo PRISA ao que pertencen ámbolos dous medios é a referencia da «esquerda» no panorama dos medios de comunicación e persuasión de masas. É ineludíbel tirar dúas conclusións.

A primeira, que o informe de INVERCO non é un informe científico, neutral, independente. Foi encargado e financiado

polas empresas que fan negocio cos plans de pensións privadas. As conclusións do informe non podían ser outras que a defensa dos sistemas de pensións privados. En caso contrario, non chegaría a ser publicado e AFI non volvería ser contratado.

A segunda, que o pluralismo informativo no Reino de España é case inexistente. A práctica totalidade dos medios de comunicación de masas, cadeas de televisión, radios e xornais defenden a mesma política económica e contribúen a difundir a mesma narración sobre o sistema público de pensións. O obxectivo: convenceren a poboación da necesidade de o substituíren por un sistema de capitalización.

CAPÍTULO XV. A FORTALEZA DO SISTEMA PÚBLICO DE PENSIÓN EN TEMPOS DE CRISE

O sistema público de pensións presenta unha importante resistencia á crise financeira, fortaleza moi superior aos sistemas de capitalización que, segundo a OCDE, perderon máis do 20% do seu valor en 2008 como consecuencia da queda das bolsas de valores. Ata 2010, tanto o sistema no seu conxunto (ver táboa I) como a modalidade contributiva (ver táboa II) xeraron importantes superávits. Parte destes superávits serviron para dotar o Fondo de Reserva, que a finais de 2011 acadaba case os 67 mil millóns. O resto dos superávits foron utilizados para compensaren os déficits das outras administracións, local, autonómica e estatal. Fronte á propaganda neoliberal, o sistema público de reparto non só non supuxo unha carga para as contas públicas, senón que @s traballador@s financiaron o sector público coas súas cotizacións.

TÁBOA I. INGRESOS, GASTOS E SALDO DO SISTEMA DE SS (MILLÓNS DE €)

ANO	INGRESOS	GASTOS	SALDO	SALDO (% DO PIB)	PIB
2005	97,736	87,718	10,018	1.10%	909,298
2006	106,310	94,064	12,246	1.24%	985,547
2007	116,061	102,103	13,959	1.33%	1,053,161
2008	123,767	109,339	14,428	1.33%	1,087,749
2009	123,687	114,877	8,810	0.84%	1,047,831
2010	122,342	119,899	2,443	0.23%	1,051,342
2011	121,676	122,207	-531	-0.05%	1,073,383

Elaboración propia. | Fonte PIB: www.datosmacro.com/pib/espana | Fonte ingresos e gastos SS: Resumos de execución dos orzamentos de ingresos e gastos da SS (http://www.seg-Social.es/Internet_1/Estadistica/Presupuestos-yEstudi47977/InformacionContableFinancieraPruebas/ResumenEjecucion-Presupuesto/index.htm)

TÁBOA II. INGRESOS, GASTO E SALDO DA MODALIDADE CONTRIBUTIVA DA SS (MILLÓNS DE €)							
ANO	INGRESOS POR COTIZACIÓNS SOCIAIS	GASTO EN PENSÍONS	GASTO NOUTRAS PRESTACIÓNS	GASTO TOTAL	SALDO	SALDO (% DO PIB)	PIB
2005	87,631	68,968	8,275	77,243	10,388	1.14%	909,298
2006	95,253	73,742	9,000	82,742	12,511	1.27%	985,547
2007	102,844	79,828	9,671	89,499	13,345	1.27%	1,053,161
2008	107,769	84,739	10,114	94,853	12,916	1.19%	1,087,749
2009	106,553	89,972	10,057	100,029	6,524	0.62%	1,047,831
2010	105,491	95,702	9,619	105,321	170	0.02%	1,051,342
2011	105,354	99,528	9,206	108,734	-3,380	-0.31%	1,073,383

Elaboración propia. | Fonte PIB: <http://www.datosmacro.com/pib/espana> | Fonte ingresos e gastos SS: Resumos de execución dos orzamentos de ingresos e gastos da SS (http://www.seg-Social.es/Internet_1/Estadistica/PresupuestosyEstudio47977/InformacionContableFinancieraPruebas/ResumenEjecucionPresupuesto/index.htm)

As cotizacións sociais son cantidades que ingresan mensualmente as persoas afiliadas á Seguridade Social, traballador@s e autónom@s. A cotización social d@s traballador@s divídese en dúas partes, unha que se descota da nómina e outra que ingresa a empresa. A primeira destas cantidades dedúcese do salario do traballador e da traballadora. A segunda é salario diferido que a empresa non entrega ao traballador e á traballadora senón á Seguridade Social, é unha parte do salario que se adía no tempo para que o traballador e a trballadora a

perciban en forma de prestación por incapacidade temporal (baixa), pensión por invalidez, por xubilación...

Que financian @s traballador@s coas súas cotizacións? A terceira columna da táboa II, «Gasto en pensións», inclúe as pensións de invalidez, xubilación, orfandade, viuvez e a prol de familiares. As partidas máis importantes da cuarta columna, «Gasto noutras prestacións», engloba todo o gasto en incapacidade temporal e as prestacións por maternidade, paternidade e risco durante o embarazo, e outras prestacións de menor importancia. Cómpre unha vez máis salientar que ata o ano 2010 as cotizacións d@s traballador@s financiaron todo o gasto en prestacións contributivas e xeraron un importante superávit que entre os anos 2005 e 2008 superou o 1% do PIB. Só a partir de 2011 o nivel contributivo da Seguridade Social incorre en déficit. Por que?

Non é o envellecemento da poboación o que pon en perigo o sistema, é a crise económica e as receitas de austeridade impostas polo BCE as que están a levar o sistema ao déficit. O aumento do paro provocado polas políticas pro-cíclicas que promove a Troika (BCE, UE, FMI) reduce o rateo cotizantes/pensionistas, a conxelación salarial diminúe as bases de cotización e a recadación. Unha das condicións asociadas ao rescate bancario de xullo de 2012 é a baixa en dous puntos porcentuais da cotización das empresas á Seguridade Social. Cada punto de rebaixa das cotizacións sociais supón uns 2.700 millóns de euros de ingresos menos.¹²⁴ Polo tanto, dous puntos reducirán os ingresos por cotizacións nuns 5.400 millóns de euros. O Goberno do Partido Popular anuncia que compensará a perda de ingresos cun aumento das transferencias

124 <http://www.elmundo.es/elmundo/2012/07/24/economia/1343147946.html>.

do Estado. Porén, a mudanza do financiamento non é neutral en termos ideolóxicos. Ao diminuíren os ingresos por cotizacións, será máis doado xustificar que o sistema non ten capacidade de autofinanciarse e que é un gasto que non nos podemos permitir e que é imprescindible reducir. A táboa III reflicte cal sería o resultado da redución dos ingresos por cotizacións en dous puntos porcentuais (5.400 millóns).

TÁBOA III. INGRESOS, GASTO E SALDO DA MODALIDADE CONTRIBUTIVA DA SS REDUCINDO 2 PUNTOS AS COTIZACIÓNS (MILLONS DE €)							
ANO	INGRESOS POR COTIZACIÓNS SOCIAIS	GASTO EN PENSÍONS	GASTO NOUTRAS PRESTACIÓNS	GASTO TOTAL	SALDO	SALDO (% DO PIB)	PIB
2005	82,231	68,968	8,275	77,243	4,988	0.55%	909,298
2006	89,853	73,742	9,000	82,742	7,111	0.72%	985,547
2007	97,444	79,828	9,671	89,499	7,945	0.75%	1,053,161
2008	102,369	84,739	10,114	94,853	7,516	0.69%	1,087,749
2009	101,153	89,972	10,057	100,029	1,124	0.11%	1,047,831
2010	100,091	95,702	9,619	105,321	-5,230	-0.50%	1,051,342
2011	99,954	99,528	9,206	108,734	-8,780	-0.82%	1,073,383

Elaboración propia. | Fonte PIB: <http://www.datosmacro.com/ptb/espana> | Fonte ingresos e gastos SS: Resumos de execución dos orzamentos de ingresos e gastos da SS (http://www.seg-social.es/Internet_1/Estadistica/PresupuestosyEstud4797/InformacionContableFinancieraPruebas/ResumenEjecucion-Presupuesto/index.htm)

O déficit do nivel contributivo do sistema adiántaríase un ano e en 2011 estaría perto do 1% do PIB. Os *expertos* de Fedea e os *técnicos* do BE e do BCE utilizarían os datos *obxectivos* e *estadísticos* para demostraren que o sistema é deficitario e que non queda máis remedio que introducir medidas para recortar o gasto (aumentar a idade de xubilación, aumentar o número de anos necesarios para cobrar o 100% do haber regulador, penalizar máis as xubilacións anticipadas...) e incentivar os plans de pensións privados de capitalización.

Até o ano 2007, aumentou o número de persoas afiliadas á Seguridade Social e o rateo cotizantes/pensionistas (ver táboa IV). Este aumento do número de cotizantes é a chave dos superávits que se contabilizaron ata 2010.

TÁBOA IV. RELACIÓN ENTRE COTIZANTES E NÚMERO DE PENSIONISTAS DA MODALIDADE CONTRIBUTIVA			
ANO	COTIZANTES A 31 DE DECEMBRO	PENSIONISTAS A 31 DE DECEMBRO	RATEO COTIZANTES/PENSIONISTAS
2002	16.188.390	7.195.042	2.25
2003	16.589.561	7.250.434	2.29
2004	17.161.920	7.307.714	2.35
2005	18.156.182	7.395.303	2.46
2006	18.770.259	7.499.208	2.50
2007	19.195.755	7.591.502	2.53
2008	18.305.613	7.709.553	2.37
2009	17.640.018	7.836.179	2.25
2010	17.478.095	7.957.105	2.20
2011	17.111.792	8.066.507	2.12

Elaboración propia. | FONTE: MESS, www.empleo.gob.es/series

A partir de 2008, a intensa destrución de emprego asociada á crise económica e ás políticas de austeridade reduciron o rateo. A mellora do rateo non virá do aumento da idade de xubilación senón dunha política económica que permita a recuperación do emprego e a incorporación de mulleres e moz@s ao traba-

llo. Segundo a enquisa de poboación activa (EPA) do segundo trimestre de 2012,¹²⁵ no Reino de España hai case 5 millóns 700 mil persoas paradas; se estas persoas traballasen, o número de cotizantes superaría os 22 millóns e medio e o rateo cotizantes/pensións chegaría a 2,80, asegurando un importante superávit do sistema contributivo. Se se rematase co paro, o rateo cotizantes/pensionistas sería máis alta que a máxima acadada no ano 2007, 2,53 cotizantes por cada pensión.

TÁBOA V. RATEO COTIZANTES/PENSIONISTAS MODALIDADE CONTRIBUTIVA (A 30 DE XUÑO DE 2012)

COTIZANTES	PENSIONISTAS	RÁTEO COTIZANTES/PENSIONISTAS CONTRIBUTIVAS
17,027,843	8.108.855	2.10

Elaboración propia. FONTE: INE (EPA) e MESS

TÁBOA VI. RATEO COTIZANTES/PENSIONISTAS MODALIDADE CONTRIBUTIVA ELIMINANDO O PARO (A 30 DE XUÑO DE 2012)

COTIZANTES	17.027.843
PERSOAS PARADAS	5,693,100
COTIZANTES + PERSOAS PARADAS	22,720,943
PENSIONISTAS	8.108.855
RÁTEO COTIZANTES + PERSOAS PARADAS	2.80

Elaboración propia. FONTE: INE (EPA) e MESS

A taxa de actividade feminina, a porcentaxe de mulleres que traballan ou buscan emprego, é aínda máis baixa que a masculina, 81 de cada 100 homes son activos por só 69 de cada 100 mulleres. Igualar a taxa de actividade feminina á masculina aumentaría en case dous millóns as potenciais cotizantes ao sistema como se comproba na táboa VII.

125 <http://www.ine.es/daco/daco42/daco4211/epa0212.pdf>.

TÁBOA VII. MULLERES, POTENCIAIS ACTIVAS INCREMENTANDO A TAXA DE ACTIVIDADE

HOMES	POBOACIÓN 16 A 64	15,343,200
	TAXA DE ACTIVIDADE	81,45
	ACTIVOS	12,497,036
MULLERES	POBOACIÓN 16 A 64	15.198.100
	TAXA DE ACTIVIDADE	68,74
	ACTIVAS (A)	10,447,174
MULLERES COA MESMA TAXA DE ACTIVIDADE QUE OS HOMES	TAXA DE ACTIVIDADE	81,45
	ACTIVAS (B)	12,378,852
	DIFERENZA B-A	1,931,679

Elaboración propia. Datos: INE, EPA segundo trimestre 2012.

Se tivermos en conta estas posibles novas cotizantes, o rateo cotizantes/pensionistas sería superior a 3, un rateo nunca antes acadado. Este rateo garantiría a suficiencia do sistema e a súa viabilidade.

TÁBOA VIII. RATEO COTIZANTES/PENSIONISTAS MODALIDADE CONTRIBUTIVA ELIMINANDO O PARO E IGUALANDO A TAXA DE ACTIVIDADE FEMININA Á MASCULINA (A 30 DE XUÑO DE 2012)

COTIZANTES + PERSOAS PARADAS	22.720.943
NOVAS COTIZANTES MULLERES (NCM)	1.931.679
COTIZANTES + PERSOAS PARADAS + NCM	24,652,622
PENSIONISTAS	8.108.855
RÁTEO COTIZANTES + PERSOAS PARADAS	3.04

Elaboración propia. Datos: INE, EPA segundo trimestre 2012.

Conclusións

Os sistemas públicos de reparto son moito máis resistentes ás crises financeiras que os sistemas privados de capitalización que promoven os organismos internacionais económicos, todos eles defensores da financeirización e do neoliberalismo. A principal ameaza para os sistemas públicos provén da destrución de emprego provocada pola crise financeira e as políticas

pro-cíclicas impostas pola Troika. Sen necesidade de aumentarmos a idade de xubilación, podería aumentar o rateo cotizantes/pensionistas: a chave está na redución do desemprego e do aumento da taxa de actividade feminina ata igualala coa masculina. A intervención de Miguel Ángel Fernández Ordóñez no Congreso dos Deputados en 2009, a reforma das pensións aprobada polo Goberno de Rodríguez Zapatero en xaneiro de 2012 e as esixencias de Bruxelas en xullo de 2012 en troco do rescate da banca española coinciden: é necesario elevar a idade de xubilación do sistema público de pensións. No entanto, como acabamos de ver, eliminar o paro e aumentar a taxa de actividade feminina garantiría un elevado rateo cotizantes/pensionistas. As propostas da ortodoxia hexemónica asumen que non vai diminuír o paro, quizais porque entenden que é necesaria unha alta taxa de desemprego para disciplinar @s traballador@s, e renuncian á total incorporación das mulleres ao traballo retribuído, quizais porque non está no seu horizonte unha política favorábel á emancipación feminina e tampouco a socialización de parte do traballo dos coidados, escolas infantís e servizos de dependencia (ver capítulo IV).

O QUE ESQUECEN @S NEOLIBERAIS.
DE QUE DEPENDE O FUTURO
DA PROTECCIÓN SOCIAL?
Evolución da produtividade
(Re)Distribución da renda
Adaptármonos aos límites físicos do planeta
Acoutarmos a financeirización

*O meu Mundo, a miña Terra, é unha ruína.
Un planeta arruinado pola especie humana. Multiplicámonos
e devorámonos uns aos outros e pelexamos ata que non ficou nada
en pé e entón perecemos. Non dominabamos os nosos apetitos
nin a nosa violencia; non nos adaptamos. Destruímonos a nós
mesmos. Mais primeiro destruimos o mundo. Xa non quedan
bosques na miña terra. O ar é gris, o ceo é gris, sempre vai calor.
É habitábel, aínda é habitábel, mais non como este mundo..
Fracasamos como especie, como especie social.*

—
K. LE GUIN, ÚRSULA, *Los Desposeídos*,
Ediciones Minotauro 1985, Barcelona

Nos bloques anteriores analicei distintos aspectos dos sistemas de protección social e o intenso debate sobre o futuro do Estado de benestar e os sistemas públicos de pensións que se desenvolve desde finais dos anos setenta. As organizacións dirixentes da economía capitalista propoñen reducilos e substituílos por sistemas con maior peso do sector privado. Para xustificaren esa proposta, utilizan argumentos como o envellecemento da poboación ou a incapacidade da facenda pública para financiar servizos coma a sanidade ou a educación universitaria e as prestacións de xubilación. Chama a atención que outros factores de importancia decisiva para a existencia dun sistema de protección social suficiente e igualitario non aparezan nunca nos informes de expertos, consultoras e think tanks. Tampouco aparecen outros factores nas propostas d@s dirixentes políticos, Ángela Merkel, Nicholas Sarkozy, Rajoy ou dos gobernadores dos bancos centrais, MAFO, Trichet, Draghi...

Neste terceiro bloque exporei catro factores decisivos para que os sistemas de protección social sexan viábeis. O primeiro, o aumento da produtividade por persoa empregada. O segundo, unha distribución da renda máis igualitaria. O terceiro, construír un sistema económico compatíbel cos límites físicos do planeta. Por último, argumentarei que, ao contrario do que propoñen @s neoliberais, a organización de sociedades ao servizo dos seres humanos só será posíbel se limitarmos de xeito radical o proceso de financeirización da economía.

A viabilidade da protección social depende da construción dun sistema económico compatíbel co tamaño limitado do planeta no que vivimos e da capacidade d@s traballador@s para recoñeceren os seus intereses comúns e de se organizaren para os defenderen.

CAPÍTULO XVI. EVOLUCIÓN DA PRODUTIVIDADE

Un dos factores que se citan nos estudos sobre a viabilidade das pensións é a relación entre ocupad@s e xubilad@s, cotizantes/pensionistas, ou entre poboación en idade de traballar, 16-64 anos, e poboación maior de 65 anos. O envellecemento da poboación reducirá esa proporción e considérase que é a principal dificultade para asegurar as pensións do futuro. O incremento da produtividade do traballo podería diminuír ou ata eliminar a influencia dese factor.

Imaxinemos unha economía totalmente automatizada en que todos os medios de produción son propiedade dun único capitalista que só necesita contratar un único traballador ou unha única traballadora para que cada mañá, premendo un botón, poña en marcha a totalidade do proceso produtivo. A totalidade da renda obtida pola venda dos bens e servizos producidos dividiríase entre a cantidade necesaria para manter e ou aumentar a capacidade produtiva (amortizacións e investimentos), o beneficio antes de impostos e o salario do traballador ou da traballadora. O capitalista e o traballador ou a traballadora soportarían un imposto de sociedades e un imposto sobre o salario (cotización social) co que o Estado pagaría as prestacións por desemprego e xubilación das que viviría o resto da poboación. Neste exemplo, a produtividade por traballador ou traballadora e hora traballada é tan alta que permite que do seu traballo viva toda a sociedade, aínda que a relación entre a poboación ocupada e dependente economicamente é de un entre varios millóns, practicamente cero. Este exemplo non pretende ser realista. Nin existe a tecnoloxía necesaria para o aplicar, nin probabelmente exista nunca, polo menos no futuro previsíbel; existen moitos traballos que, pola súa natureza afectiva, só poden ser realizados por seres humanos... Só quere ilustrar unha idea: o relevante para satis-

facen as necesidades humanas é o volume do produto social, a cantidade de bens e servizos que se crean, non o número de persoas que interveñen na súa produción. Existe un vínculo entre produto e número de produtor@s, e ese vínculo mídeo a produtividade.

A historia da economía mostra enormes avances na produtividade que permitiron aumentar o nivel de consumo e, ao mesmo tempo, a redución da xornada de traballo. As ganancias de produtividade permitiron que un número máis reducido de persoas ocupadas producise máis bens e servizos. O traballo dispoñíbel polas ganancias de produtividade duns sectores desprazouse a sectores de nova creación, permitiu o aumento do consumo ou serviu para reducir o tempo de traballo. A evolución da poboación ocupada na agricultura ilustra como un número máis reducido de traballador@s pode producir o necesario para tod@s @s consumidor@s.

TÁBOA I. PORCENTAXE DE EMPREGO NA AGRICULTURA SOBRE O EMPREGO TOTAL

ANO	HOLANDA	REINO UNIDO	ESTADOS UNIDOS
1820	43	37	70
1998	3	2	3

FONTE: Madisson, obra citada, p. 95.

A caída da poboación ocupada na produción de alimentos desde o comezo da expansión capitalista ata finais do século XX é enorme. Nos Estados Unidos, en 1820, 70 de cada 100 traballador@s ocupábanse na agricultura, na pesca e na silvicultura. Supoñendo unha taxa de actividade do 50% da poboación total, cada persoa produtora de alimento debía atender as necesidades de menos de tres persoas $[(100 / 70) \times (100 / 50)]$. Esta distribución da poboación activa corresponde a unha economía de pequen@s produtor@s agrícolas independentes que se autoabastecen de alimentos. Cada traballador

ou traballadora agrícola debe producir en 1998 os alimentos de máis de 66 persoas $[(100 / 3) \times (100 / 50)]$. En realidade, de máis persoas, xa que Estados Unidos é unha potencia exportadora de alimentos que non só produce alimentos abondos para o interior, senón que alimenta millóns de persoas no exterior coas súas exportacións de cereais. Se aplicásemos a lóxica que nos propoñen @s prognosticador@s do colapso das pensións, Holanda, o Reino Unido e os Estados Unidos vivirían na fame negra. Sabemos que nunca na historia da humanidade a cantidade de alimentos dispoñíbeis por persoa foi tan alta. Deixo de lado a cuestión da produtividade da agricultura en termos enerxéticos. A agricultura industrial transforma petróleo en alimentos e a súa rendibilidade medida así é negativa. Nos países industrializados cada caloría de alimentos necesita para producirse e transportarse máis de sete calorías.¹²⁶

A relación relevante é produto/poboación e non produtor@s/consumidor@s ou activ@s/dependentes. Nesta idea coinciden, aínda que con matices, organismos e autores con posicións moi diferentes sobre o futuro das pensións, como vemos a seguir:

- a) «Todo o mundo, vell@s e nov@s, depende do produto actual da economía para satisfacer as necesidades de consumo actuais, de xeito que a todo mundo lle vai mellor cando a economía medra –e ten problemas cando iso non ocorre.»¹²⁷
- b) «Outro argumento a favor da viabilidade do sistema de Seguridade Social é o incremento da produtividade con au-

126 Heinberg, Richard e Bomford, Michael, *La transición alimentaria y agrícola*, revista *Mentras Tanto*, nº 117.

127 World Bank, *Averting the Old Age Crise, Policies to Protect the Old and Promote Growth*, Oxford University Press, Oxford, 1994, p. 3.

mento dos salarios e das cotizacións sociais, posibilitando que un número menor de cotizantes manteña o mesmo número ou ata un maior número de beneficiari@s.»¹²⁸

- c) «Calquera economista sabe que a capacidade de financiar calquera sistema, privado ou público, non depende do número de persoas empregadas, senón da súa produción de riqueza (...) A produción agrícola actual proporciona un exemplo meridiano (...) Cantas persoas facían falta para fornecer alimentos á poboación hai cincuenta anos e cantas son suficientes agora?»¹²⁹
- d) «Os problemas de sostibilidade das finanzas públicas vense aliviados se evolucionaren favorablemente o emprego e a produtividade da economía (neste último caso, só se as pensións se actualizaren, como é o caso, coa inflación).»¹³⁰

Angus Madison é probablemente o «cifráfilo» de maior relevo no eido da investigación económica. A súa obra, *La economía mundial. Una perspectiva milenaria*, lévanos da man por unha viaxe fascinante na que enxergamos como viviron @s nos@s antepasad@s próxim@s e afastad@s. Os datos que achega ilustran a evolución da produtividade desde finais do século XIX ata os últimos anos do século XX.¹³¹

128 Navarro, Viçenc (director), *La situación social en España*, Editorial Biblioteca Nueva, S.L., Madrid, 2005, p. 39.

129 Etxezarreta, Miren, *La Política Social en la UE. Consideración Especial de la Política de Pensiones*, *Revista de Economía Crítica*, nº 6, xaneiro de 2008, p. 41.

130 Banco de España, Dirección General del Servicio de Estudios, *La Reforma del Sistema de Pensiones en España*, 2009, p. 7.

131 Maddison, Angus, *La economía mundial. Una perspectiva milenaria*, Ediciones Mundi-Prensa, Madrid, 2002.

O produto por traballador e traballadora (ver táboa II) multiplicouse por máis de nove veces en Europa occidental en pouco máis dun século; no Reino de España por case sete veces en 85 anos; en Xapón, entre 1870 e 1998, aumentou en 29 veces! É importante decatármonos de que os datos se ofrecen en dólares constantes, quer dicir, descontando o efecto de inflación. O que se calcula é o aumento da produción de bens e servizos por persoa empregada.

**TÁBOA II. PIB POR PERSOA EMPREGADA, 1870-1998
(EN DÓLARES INTERNACIONAIS DE 1990)**

	1870	1913	1950	1973	1990	1998
MEDIA PONDERADA 12 PAÍSES EU. OCC.	4.702	8.072	11.551	28.109	37.476	43.108
ESPAÑA		6.001	5.727	23.346	36.801	41.870
ESTADOS UNIDOS	6.683	13.327	23.615	40.727	47.976	55.618
URSS - FEDERACIÓN RUSA		3.593	5.986	11.795	15.281	10.302
XAPÓN	1.359	2.783	4.511	23.634	37.144	39.631

FONTE: Maddison, Angus, *La economía mundial. Una perspectiva milenaria*, Ediciones Mundi-Prensa, Madrid, 2002, p. 347.

O avance da produtividade por hora traballada foi moito máis intenso que o da produtividade por persoa (ver táboa III). No mesmo lapso de tempo, entre 1870 e 1998, os múltiplos son 18 veces para Europa occidental, 15 veces para os EUA e 49 veces para Xapón. No Reino de España, os datos refírense a un período máis breve que corresponde ao despegue económico entre 1950 e 1998: en só 48 anos, o produto por hora traballada multiplicouse por oito.

TÁBOA III. PRODUTIVIDADE DO TRABALLO (PIB POR HORA TRABALLADA), 1870-1998 (EN DÓLARES INTERNACIONAIS DE 1990)

	1870	1913	1950	1973	1990	1998
MEDIA PONDERADA 12 PAÍSES EU. OCC.	1,61	3,12	5,54	16,21	24,06	28,53
ESPAÑA			2,60	10,86	18,96	21,94
ESTADOS UNIDOS	2,25	5,12	12,65	23,72	30,10	34,55
XAPÓN	0,46	1,08	2,08	11,57	19,04	22,54

FONTE: Maddison, Angus, *La economía mundial. Una perspectiva milenaria*, Ediciones Mundi-Prensa, Madrid, 2002, p. 349.

O aumento da produtividade permite reducir o tempo de traballo (ver táboa IV) mentres aumenta o consumo por persoa. O descenso das horas anuais de traballo por persoa foi moi importante no período de referencia, caendo máis de 600 horas anuais na Europa occidental e no Xapón e máis de 200 nos EUA.

TÁBOA IV. NÚMERO DE HORAS TRABALLADAS ANUALMENTE POR HABITANTE, 1870-1998

	1870	1913	1950	1973	1990	1998
MEDIA PONDERADA 12 PAÍSES EU. OCC.	1.295	1.181	904	750	701	657
REINO DE ESPAÑA			921	805	644	648
ESTADOS UNIDOS	1.084	1.036	756	704	771	791
XAPÓN	1.598	1290	925	988	987	905

FONTE: Maddison, Angus, *La economía mundial. Una perspectiva milenaria*, Ediciones Mundi-Prensa, Madrid, 2002, p. 352.

O descenso no tempo de traballo é maior se consideramos só o traballo das persoas empregadas. En 1870, o proletariado aínda non conseguira domesticar o capitalismo; as xornadas de traballo prolongábanse tendo como único límite a resistencia ata a extenuación do corpo humano. A lei fabril aprobada en 1847 polo Parlamento británico reducía a xornada a 10 horas, para as mulleres e os mozos de 13 a 18 anos, e a 8 horas para os menores de 13. Para os homes adultos non

establecía límite. Un século de loitas operarias produce unha reapropiación de parte do tempo de vida d@s traballador@s. A redución da xornada anual é de 1.600 horas nos EUA, 1.200 en Xapón e 1.300 en Alemaña. Por certo, este país é un dos de xornada laboral máis curta e salarios máis altos no mundo (a patronal española propón reducir os salarios e traballar máis para saír da crise...). Chama a atención que, entre 1990 e 1998, por primeira vez nun século longo (1870-1998), o número de horas traballadas anualmente por persoa empregada aumente. Esta mudanza dáse nos EUA. Un síntoma da ferocidade do capitalismo desatado no berce da contrarrevolución neoliberal?

TÁBOA V. NÚMERO DE HORAS TRABALLADAS ANUALMENTE POR PERSOA EMPREGADA, 1870-1998

	1870	1913	1950	1973	1990	1998
ALEMAÑA	2.841	2.584	2.316	1.804	1.566	1.523
REINO DE ESPAÑA			2.200	2.150	1.941	1.908
ESTADOS UNIDOS	2.964	2.605	1.867	1.717	1.594	1.610
XAPÓN	2.945	2.588	2.166	2.042	1.951	1.758

FONTE: Maddison, Angus, *Op. Cit.*, p. 345.

O aumento da produtividade é un dos factores que pode permitir afrontar o reto do envellecemento. A prolongación da vida humana é unha conquista da intelixencia e da sociedade humanas que permitiu mellorar as condicións hixiénicas e a invención de medicamentos e tratamentos que curan doenzas antes mortais. Garantir unha renda suficiente ás persoas xubiladas debe ser visto como un reto para a intelixencia social e non como unha oportunidade para a acumulación de capital financeiro. Menos poden producir para máis.

CAPÍTULO XVII. QUE OCORRE COA (RE)DISTRIBUCIÓN DA RENDA?

As propostas sobre os sistemas de pensións do BM¹³² e o BE¹³³ comparten un esquecemento significativo: entre os factores que teñen en conta para valoraren a viabilidade dos sistemas de pensións, non se refiren á distribución da renda e en concreto á distribución das rendas salariais.

Uns salarios suficientes son a mellor medida de protección social. As persoas asalariadas que cobran salarios dignos non se convierten en «poor workers», nin necesitan dos servizos asistenciais. Canto máis alto é o salario máis o é tamén a base e a contía da cotización con que se pagan as pensións de traballador@s xubilad@s. O mesmo ocorre se o sistema de reparto se financia con impostos sobre a renda e non con impostos sobre a nómina. Con todo, numerosos estudos demostran que a distribución da renda e tamén dos salarios se volve cada vez máis desigual desde hai 30 anos. Este elemento, a aparición de salarios extraordinariamente grandes, explica unha parte importante do aumento da desigualdade. Os exorbitantes salarios d@s directiv@s das grandes empresas e das entidades financeiras converte os seus perceptores e preceptoras en integrantes das clases dominantes. A xestión das empresas, arredada da propiedade, permite ás persoas responsábeis da

132 World Bank, *Averting the Old Age Crise, Policies to Protect the Old and Promote Growth*, Oxford University Press, 1994

133 Banco de España, Dirección General del Servicio de Estudios, *La Reforma del Sistema de Pensiones en España*, 2009. Miguel Angel Fernández Ordóñez, Gobernador do Banco de España, Comparecencia ante a Comisión non permanente de seguimient@ e avaliación dos acordos do Pacto de Toledo, Congreso dos Deputados, Madrid, 15 de abril de 2009.

xestión apropiárense de porcións enormes da plusvalía producida pol@s traballador@s.

Evolución da distribución da renda nos EUA

Enmanuel Saez¹³⁴ estuda como evolucionou a distribución da renda nos EUA nos últimos 100 anos e chega á conclusión de que o aumento da desigualdade foi *dramático* e pregúntase que grupos foron os gañadores e que grupos os perdedores: a clase media ou unha pequena elite?, @s capitalistas ou @s xestor@s e profesionais?

Nos EUA, os estudos sobre os ingresos dos fogares non existen ata 1960. Os únicos datos que existen desde hai moito tempo son os dos impostos. O Goberno dos EUA publícaos desde 1913, cando se estableceu o moderno sistema de impostos federais. Esta estatística informa sobre o número de contribuíntes, o seu ingreso total e a carga fiscal para un gran número de segmentos de ingreso. Combinando estes datos cos censos de poboación e as fontes de ingresos agregados pódese estimar a distribución da renda persoal para diferentes grupos. A administración fiscal estadounidense define renda como a suma de salarios, pensións privadas, beneficios empresariais e ingresos do capital (dividendos, xuros, rendas e ganancias pola venda de capital) antes do pago de impostos. Exclúense as transferencias da Seguridade Social como pensións ou desemprego. Polo tanto, utilízanse os ingresos de mercado antes de impostos.

134 Saez, Emmanuel, «Striking it Richer: The Evolution of Top Incomes in the United States (Update using 2006 preliminary estimates)» 15 de marzo de, 2008, <http://elsa.berkeley.edu/saezsaez-USStopincomes-2006prel.pdf>.

En 2006, o decil¹³⁵ de maior renda estaba formado polos fogares que ingresaban máis de 104.700 dólares. A evolución dos ingresos deste grupo entre 1913 e 2006 ten forma convexa. Entre 1917 e 1940, a súa parte do ingreso total mantívose por riba do 40%. Durante a 2ª GM declinou ata o 32,5% e mantívose ao redor do 33% ata os anos 70. A crise da guerra xogou un papel determinante nesta queda. Logo desas décadas de estabilidade do período de posguerra, a parte do decil máis alta aumentou drasticamente nos últimos 25 anos ata acadar o nivel de preguerra. Esa parte foi do 49,7% en 2006, **máis alta que nunca desde 1917, superando mesmo o nivel de 1928**. Entre a 2ª GM e o principio dos anos 80, a desigualdade na distribución da renda retrocede. Nas décadas seguintes, a desigualdade aumenta e en 2006 recupera e supera o nivel de 1928. Esta evolución confirma a existencia de dous grandes períodos na historia do capitalismo desde 1945: a fordista e redistributiva e a da contraofensiva neoliberal. Cada etapa desenvólvese sobre unha correlación de forzas entre clases sociais diferentes, a segunda moi desfavorábel para as clases traballadoras. O obxectivo final da ofensiva capitalista é a recuperación da parte do produto social de que se apropian as clases dominantes. Están a conseguilo. O estudo de Saez é anterior ao estoupido da crise financeira. Se incluíse os seus efectos, o nivel de desigualdade reflectido sería aínda máis alto. A recuperación do excedente capitalista obtense por dúas vías: a contención dos salarios actuais e a redución do salario diferido, das pensións, das prestacións sanitarias, do desemprego...

135 Se a poboación dos EUA fose de 100 persoas, cada decil estaría formado por 10 persoas ordenadas pola súa renda: as 10 máis ricas, as seguintes 10 en riqueza... até chegar ao último decil, que estaría formado polas 10 persoas máis pobres. Como a poboación dos EUA era en 2006 de aproximadamente 300 millóns, cada decil estaba composto por uns 30 millóns de persoas.

É interesante descompoñer o decil máis rico en tres subgrupos: o percentil máis alto, ingresos superiores a 382.000 dólares en 2006; o seguinte 4%, familias con ingresos entre 148.000 dólares e 382.000 dólares; e a metade inferior do decil máis alto, familias con ingresos entre 104.700 e 148.000 dólares. A maior parte das variacións no decil superior débese ás variacións no percentil máis alto. A caída dos ingresos dos outros dous grupos durante a 2ª GM foi menos importante e a súa recuperación nos anos posteriores bastante rápida. A súa participación tampouco se incrementou moito durante as últimas décadas. As variacións do 1% superior, en contraste, son enormes. A súa parte era do 18% antes da 1ª GM, chega a un pico do 24% a finais dos anos 20, descende ata só un 9% durante os 60 e 70 e volve ao 22,9% en 2006. Este 1% superior xoga un papel determinante na evolución das desigualdades durante o século XX nos EUA.

TÁBOA I. PARTICIPACIÓN DO 1% MÁIS RICO DAS FAMILIAS NA RENDA TOTAL

ANTES DA 1ª GM	FINAL ANOS 20	DÉCADAS 60-70	2006
18.0%	24.0%	9.0%	22.9%

FONTE: Saez, Enmanuel, *Op. Cit.*.

Entre 1993 e 2006, a economía estadounidense pasou por dous períodos de expansión interrompidos en 2000 e 2001 polo estoupido da burbulla das empresas punto.com. Nos trece anos deste período, a renda media anual aumentou un 28%. Mais a distribución deste aumento foi extraordinariamente desigual. Mentres a renda media do 1% rico dos fogares aumentou un 105%, quer dicir, máis que se duplicou, o incremento da renda real do outro 99% dos fogares foi só do 15% en trece anos. Isto implica que o 1% máis rico se fixo con case a metade do crecemento económico do período considerado. Existe un notábel contraste na evolución da renda do 99% inferior nas dúas

etapas de expansión. Entre 1993 e 2000, o aumento anual foi considerábel, do 2,4%. En cambio, na expansión de 2002-2006 só do 0,9% anual, case imperceptíbel. « Estes resultados poden explicar a desconexión entre a experiencia económica da xente e o sólido crecemento macroeconómico contabilizado pola economía dos EUA desde o ano 2002.»¹³⁶

Dito doutro xeito, o crecemento da economía, se non se acompaña do reparto do aumento do produto, non implica a mellora da situación da poboación. Trece anos de crecemento da economía estadounidense só beneficiaron unha pequena elite de privilexiad@s. É como se @s ric@s conseguisen independizarse do resto da sociedade ou como se establecesen unha relación colonial cos traballadores e traballadoras e coas clases medias. O incremento da desigualdade foi aínda máis acentuado durante o goberno de Bush. Probabelmente, a causa sexa que Clinton subiu os tipos impositivos sobre as rendas máis altas; no entanto, a administración Bush reduciunos.

TÁBOA II. CRECIMENTO DO INGRESO ANUAL REAL POR GRUPOS, 1993-2006

	CRECIMENTO DO INGRESO ANUAL REAL MEDIO	CRECIMENTO DO INGRESO ANUAL REAL DO 1% SUPERIOR	CRECIMENTO DO INGRESO ANUAL REAL DO 99% INFERIOR
PERÍODO TOTAL: 1993-2006	1,9%	5,7%	1,1%
EXPANSIÓN DE CLINTON: 1993-2000	3,7%	10,1%	2,4%
EXPANSIÓN DE BUSH: 2002-2006	2,8%	11,0%	0,9%

FONTE: Saez, Emmanuel, *Op. Cit.*, p. 8.

136 Saez, Emmanuel, *Op. Cit.*, p. 3.

TÁBOA III. CRECEMENTO DO INGRESO ACUMULADO REAL POR GRUPOS, 1993-2006

	CRECEMENTO DO INGRESO ANUAL REAL MEDIO	CRECEMENTO DO INGRESO ANUAL REAL DO 1% SUPERIOR	CRECEMENTO DO INGRESO ANUAL REAL DO 99% INFERIOR
ACUMULADO, 1993 E 2006	27.72	105.58	15.28

Elaboración propia a partir de Saez, Emmanuel, *Ibidem*.

A porción do último percentil baixou durante a 1ª GM, recuperouse nos anos 20 e diminuíu de novo durante a gran depresión e a 2ª GM. O financiamento das guerras obrigou a aumentar os impostos ás empresas, o que explica esa evolución ao reducir automaticamente os ingresos d@s accionistas. Malaisia, cuxo ingreso medio alcanza unha cuarta parte do dos EUA, rexistra unha mesma taxa de mortalidade infantil. O indicador de mortalidade infantil do estado indio de Kerala é inferior ao dos afroamericanos que viven en Washington DC.¹³⁷ Para as clases dominantes dos EUA é léxítimo aumentar os impostos para financiar as guerras, mais é inaceptábel aumentalos para que morran menos meniñ@s. A reacción das aseguradoras sanitarias e as compañías farmacéuticas frustrou a reforma sanitaria promovida por Hillary e Bill Clinton e desnaturalizou a proposta por Obama. A clase capitalista estadounidense é unha clase de parasitos, belicistas e avarentos indiferente á mortaldade infantil e á «desigualdade fronte á enfermidade e á dor.»

137 Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), *Informe sobre desarrollo humano 2005*, Ediciones Mundi-Prensa, Madrid, 2005, p. 65.

Mudanzas na composición dos ingresos

A composición dos ingresos dos máis ricos mudou durante o século XX, especialmente desde os anos 70. Entre 1913 e 1970, o compoñente principal dos ingresos do 1% máis alto eran os ingresos do capital. Nas últimas décadas, aumentou moito a importancia dos salarios extraordinariamente altos. O seu peso pasou desde o 5,1% en 1970 ao 12,0% en 2006. Esta realidade é coherente co feito de que a distribución da riqueza non variou moito no período 1916-2000. A evidencia suxire que as persoas perceptoras das rendas máis altas non son hoxe rendistas que obteñen as súas rendas da riqueza acumulada no pasado, senón que bastantes son «traballadores ricos», empregados moi ben pagados ou novos emprendedores que acumularon enormes fortunas. A posíbel eliminación dos impostos sobre os grandes patrimonios nos próximos anos podería acelerar o camiño á reconstitución do nivel de desigualdade na concentración da riqueza existente antes da gran depresión.

Para Saez, o mercado laboral xerou moita desigualdade nos últimos trinta anos. As causas son políticas: a retirada das institucións desenvolvidas durante o New Deal e a 2ª GM, tales como políticas de impostos progresivos, sindicatos poderosos, provisión de pensións de xubilación, así como servizos de saúde a cargo das empresas. «Como sociedade necesitamos decidir se o aumento na desigualdade da renda é eficiente e aceptábel e, en caso contrario, que combinación de reformas institucionais podería aplicarse para a contrarrestarmos.»¹³⁸

138 Saez, Emmanuel, *Op. Cit.*, p. 5.

Evolución da desigualdade do ingreso en Francia

A evolución dos altos ingresos en Francia é semellante á dos Estados Unidos.¹³⁹ Nos oito anos que van de 1998 a 2005, produciuse un aumento moi intenso dos ingresos dos fogares máis ricos, especialmente concentrado nos fogares do último percentil. En particular, o 0,01% d@s máis ric@s aumentou os seus ingresos un 42,6%, mentres que o 90% d@s menos ric@s só un 4,6%. O forte crecemento dos ingresos do patrimonio é en parte responsábel desta evolución. Ao mesmo tempo, produciuse un rápido aumento das desigualdades salariais ata o punto de que «Francia rompe con 25 anos de grande estabilidade da xerarquía do salarios.»¹⁴⁰ Todos os datos dispoñíbeis para 2006-2007 fan pensar que este crecemento dos altos ingresos e dos altos salarios se pode amplificar.

TÁBOA IV. EVOLUCIÓN DOS INGRESOS ENTRE 1998 E 2005

	EVOLUCIÓN 1998-2005	INCREMENTO MEDIO ANUAL (%)	MÚLTIPLO*	INGRESO MEDIO 2005
90 (A)	4,6	0,6	1	18.502
P 90-100 (B)	8,7	1,05	1,75	79,210
P 95-100 (C)	11,3	1,6	2,67	104,364
P 99-100 (D)	19,4	2,25	3,75	201.423
P 99,9-100 (E)**	32,0	3,56	5,93	537.043
P 99,99-100 (F)	42,6	4,55	7,58	1.499.654

*Incremento medio anual de cada unha das columnas dividido polo incremento medio anual de (A). Fonte: elaboración propia a partir de Landais, Camille, *Op. cit.*, p. 6.

** Os datos para a columna E son de 2006.

139 Landais, Camille, *Les Hautes revenus en France (1998-2006): Une explosion des inégalités?*, Paris School of Economics, Juin 2007, <http://www.jourdan.ens.fr/~clandais/documents/htrev.pdf>.

140 *Ibidem*, p. 1.

A táboa mostra como o incremento do ingreso se multiplica ao se reducir a mostra e ascender na pirámide de ingresos. O ingreso do 90% máis pobre aumentou a un ritmo do 0,6% anual; o do 10% máis rico, ao 1,05%; o do 5% máis rico, ao 1,6%; o do 1% máis rico, ao 2,25%; o do 0,1% máis rico, ao 3,56%; e o do un por mil máis rico, a unha taxa anual do 4,55%. O incremento do ingreso medio anual do un por mil máis alto multiplicou por máis de sete veces o do 90% de menores ingresos. Este diferente ritmo de incremento dos ingresos provoca un aumento da desigualdade. A parte do último decil nos ingresos totais aumentou un 2,7% nos oito anos considerados; a do 1% máis rico, un 12,8%; e a do un por mil máis alto, un 24,7%.

TÁBOA V. AUMENTO DA PARTE DO INGRESO TOTAL PERCIBIDA POLO 10%, 1% E 0,1% MÁIS RICO

	PARTE EN 1998 (%)	PARTE EN 2005 (%)	INCREMENTO (%)
10% MÁIS RICO	31,4	32,25	2,7
1% MÁIS RICO	7,25	8,18	12,8
0,1% MÁIS RICO	1,75	2,18	24,7

FONTE: elaboración propia a partir de Landais, Camille, *Op. cit.*, p. 8.

Este proceso de concentración explícase polo forte aumento dos ingresos procedentes do patrimonio, que son unha parte moi importante dos ingresos máis altos. Os ingresos do patrimonio medran máis rapidamente que os procedentes doutras fontes.

TÁBOA VI. EVOLUCIÓN DOS INGRESOS MEDIOS POR FONTE
ENTRE 1998 E 2005. (BASE 100=1998)

	EVOLUCIÓN 1998-2005	INCREMENTO MEDIO ANUAL (%)
AUTÓNOM@S	-3,4	-0,5
SALARIOS	5,3	0,7
INGRESO TOTAL	5,9	0,8
PENSIÓNS	7,7	1
DO CAPITAL INMOBILIARIO	16,2	2,2
DO CAPITAL MOBILIARIO	30,7	3,9

FONTE: Landais, Camille, *Op. cit.*, p. 11.

Dous factores explican este gran crecemento dos ingresos do patrimonio. En primeiro lugar, o aumento dos ingresos do capital inmobiliario. Landais relaciónao co vigor do mercado inmobiliario que se manifestou, no período de referencia, tanto nos prezos de venda como nos alugueres. Aínda máis singular é o aumento dos ingresos procedentes do capital mobiliario que aumentaron a unha taxa de case o 4% anual. Namentres, os salarios aumentaron ao 0,7%.

Un fenómeno novo en Francia contribúe ao dinamismo dos altos ingresos: «o estoupido das desigualdades salariais».¹⁴¹ O case estancamento do salario medio (só aumentou un 4% en oito anos) contrasta cos considerábeis aumentos dos ingresos das persoas máis ricas. Os do primeiro centil aumentaron un 14%; os ingresos do un por mil máis rico aumentaron un 29% e os ingresos do un por dez mil máis rico aumentaron un 51%. Landais relaciona esta evolución da desigualdade de ingresos coa doutros países e, en particular, coa dos países anglosaxóns.

141 Landais, Camille, *Op. Cit.*, p. 18.

**TÁBOA VII. EVOLUCIÓN DO SALARIO MEDIO DE DIFERENTES
FRACCIÓNS DE SALARIOS (EUROS 2006) BASE 100=1998**

	EVOLUCIÓN 1998-2005 (%)	INCREMENTO MEDIO ANUAL (%)	MÚLTIPLO*
P 90 (A)	3,1	0,4	1
P 90-100 (B)	7,6	1,0	2,5
P 95-100 (C)	9,1	1,2	3
P 99-100 (D)	13,6	1,8	4,5
P 99,9-100 (E)	29,2	3,7	9,25
P 99,99-100 (F)	51,4	6,1	15.25

* Incremento medio anual de cada unha das columnas dividido polo incremento medio anual de (A). Fonte: elaboración propia a partir de Landais, Camille, *Op. Cit.*, p. 19.

Os salarios do decil superior aumentan anualmente dúas veces e media máis que os do 90% inferior da escala salarial. O múltiplo aumenta segundo reducimos a fracción de maiores salarios, ata chegar a máis de 15 veces para o un por dez mil de salarios máis altos. Este grupo viu aumentar, ou fixo que aumentasen, os seus salarios nun 51%! Outro indicador da crecente desigualdade salarial é a parte que recibe o último percentil do total de salarios. En 1977, representaba o 6% do total de salarios; en 1996, descendera ata o 5,8% para comezar un ascenso que a levou ata o 6,7% en 2005.¹⁴²

Os datos expostos corresponden aos ingresos primarios e non teñen en conta a evolución da fiscalidade. As reformas dos impostos sobre os ingresos, do patrimonio e de sucesións favoreceron aos fogares de máis altos ingresos. O tipo marginal máis alto do imposto sobre o ingreso baixou do 54% en 1998 ao 40% en 2006. En todo caso, a evolución da fiscalidade ha contribuír a amplificar o aumento das desigualdades nos ingresos dispoñíbeis con respecto á que se produciu nos

142 Landais, Camille, *Op. Cit.*, p. 22.

ingresos primarios. Non se pode descartar a hipótese dunha converxencia a medio prazo dos niveis de desigualdade entre Francia e os países anglosaxóns.¹⁴³

Diminución xeral do peso dos salarios no PIB

A diminución da participación dos salarios no PIB é xa un fenómeno xeneralizado. Para o conxunto da UE-15 o máximo peso dos salarios no PIB produciuse en 1975 alcanzando o 69,9% do PIB. En 2006, cando se chega ao mínimo histórico, a participación dos salarios perdera 12,1% puntos porcentuais. Este fenómeno repítese nas outras grandes economías. No Xapón e nos EUA non chega ao 60% do PIB. Se a este cambio lle engadimos a crecente desigualdade entre os perceptor@s de salarios, o resultado ha ser forzosamente un notábel aumento da desigualdade dos ingresos que os dous estudos analizados nas seccións anteriores parecen confirmar.

TÁBOA VIII. PARTICIPACIÓN DOS SALARIOS NO PIB				
EN %	MÁXIMA	ANO	MÍNIMA	ANO
BÉLXICA	66,9	1981	55,2	1961
DINAMARCA	62,9	1975	56,3	2005
ALEMAÑA	66,1	1974	55,9	2006
GRECIA	71,9	1960	57,0	2003
ESPAÑA	67,9	1976	54,5	2006
FRANCIA	66,9	1981	56,7	1998
IRLANDA	71,2	1975	47,1	2002
ITALIA	69,7	1975	53,3	2000
LUXEMBURGO	62,2	1977	46,4	1969
HOLANDA	70,4	1975	56,7	2006
AUSTRIA	72,9	1978	55,8	2006

143 Landais, Camille, *Op. Cit.*, p. 25.

PORTUGAL	87,9	1975	59,6	1969
FINLANDIA	70,3	1966	53,7	2000
SUECIA	69,3	1977	55,4	1995
REINO UNIDO	72,2	1975	61,8	1997
UE-15	69,9	1975	57,8	2006

FONTE: *El País*, martes 27 de novembro de 2007. | FONTE: Comisión Europea.

No Reino de España, entre 2000 e 2008, a participación dos salarios no PIB caeu do 55 ao 53,2%, ao tempo que o número de persoas asalariadas aumentaba de 13 a 16,7 millóns, máis do 28%. O salario real medio por hora mantívose constante, mentres o PIB por habitante subía un 18%.¹⁴⁴ Un número moito maior de traballador@s debía repartir unha parte máis reducida do produto total. Se o peso dos salarios no PIB se tivese mantido ou tivese aumentado ao ritmo que aumentaba o número de traballador@s, os ingresos por cotizacións sociais do sistema tería permitido aumentar as pensións máis baixas e/ou dotar cos superiores superávits o Fondo de Reserva.

A OCDE informa que en 19 países de 27 a desigualdade aumentou entre mediados dos 80 e o final da primeira década deste século.¹⁴⁵ Dos oito países en que diminuíu a desigualdade, cinco viñan de saír de ditaduras: Chile, Reino de España, Grecia, Portugal e Turquía. A democracia favorece a igualdade. O rateo entre o ingreso medio do 10% máis rico e o máis pobre é nos países da OCDE de 9 a 1. A máis baixa dáse nos países nórdicos e nalgúns países da Europa continental, ao redor de 6 veces. Ascende a 10 veces en Italia, Xapón, Corea do Sur e Reino Unido. En Israel, Turquía e EUA é dunhas

144 Lacalle, Daniel, «El mercado laboral en la crisis. España, 2007-2010», <http://www.rebelion.org/docs/124152.pdf>.

145 OCDE, *Divided We Stand, Why Inequality Keeps Rising*, OECD, 2011.

14 veces e en México e Chile de 27 a 1! Como consecuencia, o nivel de pobreza infantil é nestes dous países o máis alto da OCDE (ver capítulo II). Unha vez máis, comprobamos que mesmo dentro das sociedades capitalistas existe unha ampla marxe para reducir ou aumentar a desigualdade de ingresos. O nivel de desigualdade vincúlase cos distintos modelos de Estado de benestar e coa correlación de forzas entre as clases (ver capítulos VII e VIII). Os países anglosaxóns, os máis neoliberalizados, son os máis desiguais de entre os máis ricos. O nivel de desigualdade chega a niveis de caricatura nos EUA, onde o gasto social público é mínimo (ver capítulo VI) e as forzas políticas de tradición operaria foron case destruídas. O nivel de desigualdade no Reino Unido e nos EUA debería servir de aviso para os pobos europeos do perigo que supón non enfrontar con determinación a ofensiva capitalista en curso. O nivel de desigualdade en México e Chile é noxento, cabe outro epíteto? Porén, os medios de persuasión de masas na Galiza e no Reino de España adoitan presentar Chile como un exemplo de política económica de gran suceso. Ata ese punto é neles hexemónica a ideoloxía procapitalista. Lembremos que Chile deixou de ser unha sociedade para se converter nun laboratorio para experimentar os delirios dos seguidores de Milton Friedman, golpe de estado e ditadura por medio, que incluíron a privatización das pensións e da educación. O goberno da dereita resiste as fermosas e decididas mobilizacións estudiantís que reclaman unha reforma constitucional que garanta a educación como un dereito e a devolución ao Estado das escolas e liceos entregados aos municipios durante a ditadura militar de Augusto Pinochet. Mobilizacións, as do estudiantado chileno, que no fondo son «unha punta de lanza do descontento de amplos sectores da sociedade chilena fronte ás promesas incumpridas que fixo o modelo de desenvolvemento neoliberal. Este é un movemento radical, e iso hai que

deixalo ben claro, radical porque apunta á raíz dos problemas que hoxe en día hai en Chile».¹⁴⁶

Ao aumento na desigualdade dos ingresos corresponde unha concentración extraordinaria do poder económico e político. Santos Castroviejo¹⁴⁷ estuda o poder na economía, interesado na súa capacidade «de condución do sistema económico (da elaboración simbólica dun mundo significativo, da definición da axenda e da dirección de saída dunha problemática)», e chega á conclusión de que existe no Reino de España unha pequena elite que controla unha parte moi importante da economía. Esa elite está formada polas persoas que forman parte dos consellos de administración das grandes empresas que cotizan en bolsa. Santos Castroviejo considera que estas empresas son o recurso económico fundamental e as organizacións esenciais da vida económica española. Formaban parte da elite, en 2006, 1.400 persoas que administraban 133 empresas e controlaban unha parte moi importante do seu capital. O valor en bolsa destas empresas era a 31 de decembro de 2006 de 789.759 millóns de euros e o PIB español de 980.945 millóns de euros. Polo tanto, 1.400 persoas controlaban un capital equivalente ao 80,5% do PIB do Reino de España. A porcentaxe de mulleres desta elite era moi pequena (76 dun total de 1.400, menos do 5,5%). A elite controlaba case un 30% do capital produtivo español.¹⁴⁸

146 Francisco Figueroa, vicepresidente da Federación de Estudiantes de la Universidad de Chile no vídeo *Maleducados, el problema de la educación en Chile*, <http://www.rebellion.org/noticia.php?id=133712>.

147 Santos Castroviejo, Iago, *Una aproximación a la red social de la élite del poder económico en España*, relatorio presentado ás XI Jornadas de Economía Crítica, marzo de 2008, http://pendientedemigracion.ucm.es/info/ec/ecocri/cas/santos_castroviejo.pdf.

148 Ibidem, p 18.

TÁBOA VIII. PORCENTAXE APROXIMADA DO CAPITAL PRODUTIVO CONTROLADO POLA ELITE

PIB	100%
CAPITAL PRODUTIVO (% DO PIB)	280%
CAPITALIZACIÓN NA BOLSA (% DO PIB)	81%
CAPITALIZACIÓN NA BOLSA / CAPITAL PRODUTIVO	29%

FONTE: elaboración propia a partir de Santos Castroviejo, Iago, *Op. Cit.*, p. 4.

Sería interesante actualizar o estudo de Santos Castroviejo cando rematar o proceso de concentración do capital financeiro que están a impor a cuádrupla alianza PP, PSOE, BE e BCE. Na altura de febreiro de 2012, o goberno do Partido Popular promove a concentración do sistema financeiro en apenas cinco enormes entidades, valorando mesmo a fusión de Bankia con La Caixa ou a súa absorción por un dos dous grandes bancos. Antes do proceso de reestruturación-privatización, existían 45 caixas de aforro. Novacaixagalicia será case con seguridade absorbida.¹⁴⁹ Galiza ficará desposuída de poder financeiro.

Sería tamén interesante esquematizar ata que punto esa elite controla o sistema de medios de comunicación (de persuasión de masas) no Reino de España e, en consecuencia, a determinación da axenda e da dirección de saída da crise. Esta elite non vai utilizar o seu poder para promover unha distribución da renda máis igualitaria. Sen limitar ese poder, a saída da crise non poderá ser favorábel á inmensa maioría.

149 Noceda, Miguel Á., *El País*, "Negocios", 29 de xaneiro de 2012.

CAPÍTULO XVIII. A VIABILIDADE ECOLÓXICA DA ECONOMÍA. ADAPTÁRMONOS AOS LÍMITES FÍSICOS DO PLANETA

Ata o comezo da Revolución Industrial a poboación humana e a actividade económica creceron a un ritmo lento, só perceptíbel a escala de milenios. A invención da máquina de vapor e a utilización dos combustíbeis fósiles como fonte de enerxía iniciará un proceso de crecemento da actividade económica rápido e progresivamente acelerado. Melloras na alimentación e a hixiene permitirán un rápido aumento da poboación. O aumento da produtividade do traballo fixo posíbel o crecemento da renda per cápita. O conseguinte aumento do consumo per cápita dunha poboación máis grande intensificou a presión da nosa especie sobre os recursos naturais. O medio ambiente presta tres servizos aos seres humanos: o goce da natureza en si mesma, o fornecemento de materias primas e recursos para a actividade produtiva e a función de sumidoiro dos residuos da actividade produtiva e o consumo. A economía tradicional ignora a relación entre o proceso produtivo e a base material que o sustenta. A visión dominante e ortodoxa da actividade económica queda perfectamente descrita na ecuación que relaciona o produto cos factores produtivos.

$$Q = F (K, L),^{150}$$

onde Q é a produción, K o capital e L a man de obra. Nótese que Branson define K como «o valor do stock de capital medido quizais polo valor total dos títulos do investido, quer dicir,

150 H. Branson, William, *Teoría y Política Macroeconómica*, Fondo de Cultura Económica, Madrid, 1979, p. 521.

o stock de accións mercantís», sen, nin tan sequera, introducir o factor natureza na súa función de produción. Segundo este esquema, os factores produtivos son substitutivos entre si. Unha menor dotación de recursos naturais pode substituírse cunha maior dotación de capital. Esta visión está a ser cuestionada pola evidencia crecente de que a actividade humana xa superou a capacidade da natureza de fornecer recursos e absorber residuos. O descenso dos recursos pesqueiros e madeireiros ou as hipóteses sobre o pico do petróleo son exemplos do límite desde o lado dos recursos. Desde o lado da capacidade do medio natural para absorber recursos, o feito máis grave é a concentración de gases de efecto invernadoiro na atmosfera e o conseguente quecemento do planeta.

Esta cuestión inflúe na sostibilidade dos sistemas de protección social. A renda per cápita é un factor determinante do nivel de protección social posíbel. Se existe un límite ao crecemento do sistema económico, os sistemas de protección social deberán adaptarse a ese límite e non organizarse sobre a posibilidade dun crecemento ilimitado.

O informe Carter

En 1977, o daquela presidente dos EUA, Jimmy Carter, encargou ao Consello sobre a Calidade Ambiental e ao Departamento de Estado a elaboración dun estudo, coñecido como Informe Carter, dos cambios mundiais probábeis en materia demográfica, de recursos naturais e ambiente que servise de base para a planificación a longo prazo.¹⁵¹ O informe reconece

151 Ou. Barney, Gerald, director del estudio, Consejo de Calidad Ambiental y Departamento de Estado, *El Mundo en el año 2000. En los albores del*

que é moi probábel que os mesmos recursos se asignasen a máis dun sector, polo que a maioría dos resultados cuantitativos posibelmente resten importancia á gravidade dos problemas que afrontará o mundo no século XXI. As referencias que seguen remiten ao «Prólogo» da edición española e ao volume I no que se recolle un amplo resumo dos resultados e conclusións.

Para o ano 2000, o informe calculaba unha poboación global de 6.350 millóns de habitantes, que hoxe podemos valorar como un prognóstico acertado. Considera, tamén, tendencias como a masiva migración ás cidades e o aumento das disparidades entre as nacións máis ricas e as máis pobres.

O informe analiza a previsíbel evolución dos recursos para a alimentación: pesqueiras, bosques, auga, minerais non combustíbeis e enerxía.

ALIMENTACIÓN. Para o ano 2000 producirase unha diminución na superficie cultivábel per cápita e un aumento da dependencia da agricultura dos insumos do petróleo e o gas natural. Malia prognosticar un aumento da produción mundial de alimentos máis rápido que o da poboación, considera que as posibilidades de que mellore a dieta alimentaria das persoas pobres que viven nos países menos desenvolvidos son escasas e prevé un aumento do número de persoas desnutridas de 600 a 1300 millóns no ano 2000. A cifra que ofrecen actualmente os principais organismos internacionais, 1000 millóns de persoas famentas, é algo inferior á que prevía o informe. O estudo prevé que creza a demanda industrial de cereais para transformalos en combustíbeis a partir de alcohol, previsión que se axusta aos proxectos dos EUA e da UE para os próximos

siglo XXI. Informe Técnico, Editorial Tecnos, S.A., 1982, p. 27.

anos, e á utilización masiva do alcohol procedente de cana de azucre en Brasil como combustíbel dos motores de explosión.

PESQUEIRAS. Segundo o informe, as especies tradicionais mostran síntomas de intensa explotación, polo que as capturas mundiais de peixe aumentarán pouco ou nada para o ano 2000.

BOSQUES. A cuberta forestal diminuírá un 40% para o ano 2000 e a superficie arborada per cápita un 47% en todo o mundo e un 63% nos países menos desenvolvidos. Nestes países, cara ao ano 2020, a práctica totalidade dos bosques accesíbeis serían talados.

AUGA. Para o período 1975-2000, o consumo mundial de auga multiplicarase por un factor 2 ou 3. Moitos Países Menos Desenvolvidos verán desestabilizadas as súas subministracións de auga pola destrución de zonas boscosas.

MINERAIS NON COMBUSTÍBEIS. Prevese que o consumo de minerais se incrementará cando menos un 3% ao ano e a cuarta parte da poboación mundial que vive nos países desenvolvidos seguirá a consumir máis das tres cuartas partes da produción mundial de minerais non combustíbeis. O estudo non sinala problemas relacionados co esgotamento de minerais, aínda que si un aumento do custo de extracción, en especial polo aumento dos custos da enerxía nunha actividade que require grandes cantidades dela.

ENERXÍA. A produción mundial de petróleo chegará a un máximo antes do ano 2000. Existe unha grande incerteza respecto da forma da transición enerxética que permitiría liberarse da dependencia do petróleo e no período 1975-2000

o petróleo seguirá a ser a principal fonte de enerxía. Neste mesmo período, o consumo de enerxía aumentará en todas partes, sendo o maior incremento esperado nos países industrializados.

Logo desta exposición, o informe comenta as previsíbeis consecuencias ambientais en seis ámbitos: agricultura, recursos acuáticos, deforestación, atmosfera e clima, impacto da enerxía nuclear e extinción de especies.

AGRICULTURA. Deterioración e perda acelerada dos recursos esenciais para a agricultura. Desertificación duns seis millóns de hectáreas cada ano. Dependencia crecente dos agroquímicos con conseguinte perda de materia orgánica do solo e redución da capacidade para reter a humidade. Perda de terras fértiles polo proceso de urbanización. Perigo de perda de colleitas enteiras polo aumento da vulnerabilidade das plantas debido aos monocultivos.

RECURSOS ACUÁTICOS. Contaminación crecente das augas por uso masivo de praguicidas. Destrucción ou contaminación dos ecosistemas litorais que constitúen o hábitat de polo menos o 60% das especies oceánicas valiosas.

DEFORESTACIÓN. Desestabilización dos caudais de auga en amplas zona do sur de Asia, cunca do Amazonas e centro de África, con intensificación das inundacións e empeoramento da escaseza de auga en época de seca. Aumento da erosión con consecuencias negativas na produción de alimentos.

ATMOSFERA E CLIMA. O informe refírese á calidade do aire nas cidades e ás emisións de óxidos de xofre e nitróxeno que, combinadas co vapor de auga da atmosfera, acaban conver-

tidas en choiva aceda, co seu consecuente efecto pernicioso sobre os bosques, lagos, solos, cultivos e materiais de construción. Tamén da conta do efecto sobre a capa de ozono da emisión de clorofluorocarburos (aerosois e equipos de refrixeración). Porén, dedica especial atención á acumulación de dióxido de carbobo (CO₂) na atmosfera cuxo «resultado podería consistir en alteracións significativas dos réximes de precipitación en todo o mundo e nun ascenso de dous ou tres graos centígrados nas temperaturas das rexións con latitude media no noso planeta.».

IMPACTO DA ENERXÍA NUCLEAR. Os principais riscos son a proliferación de armas nucleares e os centos de miles de toneladas de residuos radioactivos para os que «ningún país puxo en práctica aínda un programa de demostración que elimine en forma satisfactoria os residuos radioactivos...», tendo en conta que parte deles teñen unha vida media aproximadamente cinco veces maior que a historia escrita.

EXTINCIÓN DE ESPECIES. Entre o 15 e o 20% das especies, millón e medio ou dous millóns, poderían extinguirse cara ao ano 2000. O valor potencial desa reserva xenética que se vai perder é enorme. Especial preocupación causa a perda de variedades de cereais. Catro quintas partes do fornecemento de alimentos mundial proveñen de menos de dúas ducias de especies vexetais e animais.

Merece a pena reproducirmos literalmente a que se pode considerar conclusión do informe:¹⁵²

Está a se esgotar o tempo para facermos algo a fin de

152 *Ibidem.*, p. 90.

evitarmos esta situación. Ao menos que as nacións, colectiva e individualmente, adopten medidas audaces e imaxinativas, tendentes a melloraren as condicións sociais e económicas, reduciren a fecundidade, aseguraren un aproveitamento dos recursos e protexeren o ambiente, o mundo deberá prepararse para unha penosa chegada do século XXI.

O estudo compara os seus resultados cos doutros cinco informes: Modelo Mundial da América Latina, modelos Mundos e tres do Club de Roma, Modelo Mundial Integrado tamén do Club de Roma, Modelo Mundial das Nacións Unidas e Modelo de Relacións Agrícolas Internacionais, e atopa que as conclusións de todos eles son moi semellantes. A mediados dos anos 70 do século pasado, existía un amplo coñecemento dos problemas e límites do modelo económico produtivista e consumista. Este coñecemento non serviu ata agora para iniciar un cambio de rumbo. Algúns éxitos parciais (o acordo internacional para eliminar a emisión dos gases que reducían a capa de ozono, a mellora da calidade do aire nas cidades do primeiro mundo), non equilibran a evolución negativa e acelerada dos principais parámetros ambientais. A emisión de gases de efecto invernadoiro en permanente aumento e a tendencia ao quecemento global é, probabelmente, o máis grave. Analizareino nunha sección posterior.

Mudanza climática

En febreiro de 2007 o IPCC (Panel Intergubernamental sobre o Cambio Climático) presentou en París o resumo para políticos (Summary for Policymakers)¹⁵³ do cuarto informe sobre

153 <http://www.ipcc.ch/SPM2febo7.pdf>.

o cambio climático. No IPCC participan 4.000 científicos de 130 países que traballan baixo a premisa do consenso. A principal conclusión do informe é que estamos diante dun cambio climático do que a causa é, en grao moi probábel (un 90% de probabilidades), a actividade humana.

O informe afirma que a concentración de CO₂ na atmosfera pasou de 280 ppm (partes por millón) antes da revolución industrial a 379 ppm en 2005. Este nivel de concentración excede o intervalo natural dos últimos 650.000 anos (de 180 a 300 partes por millón). Para os científicos integrados no IPCC, a causa deste aumento da concentración de CO₂ é a actividade humana desde 1750, data que se adoita tomar como comezo da Revolución Industrial, e a queima masiva de combustíbeis fósiles, primeiro carbón e posteriormente petróleo e gas natural.¹⁵⁴

A emisión de CO₂ á atmosfera acelerouse nos dez últimos anos. Se entre 1960 e 2005 o incremento medio anual foi de 1,4 ppm, entre 1995 e 2005 foi de 1,9 ppm ao ano. Ademais do uso de combustíbeis fósiles, o IPCC sinala como causante significativo, aínda que de menor influencia, o cambio de usos da terra. Tamén aumentou a concentración de metano desde 715 ppb (partes por billón, mil millóns en inglés) a 1732 ppb no comezo dos 90 do século XX e a 1774 ppb en 2005. O intervalo natural nos últimos 650.000 anos variara entre 320 e 790 ppb. As emisións de metano proveñen da agricultura e da gandaría e do uso de combustíbeis fósiles.

O informe do IPCC sinala que son numerosas as observacións de cambios no clima a longo prazo, tanto a escala conti-

154 En maio de 2013, os sensores instalados no volcán Mauna Loa de Hawai mediron durante todo un día unha concentración de CO₂ superior ás 400 ppm. Segundo a comunidade científica, esta concentración non se acadaba desde había máis de tres millóns de anos.

mental como rexional ou dos océanos. Entre eles o aumento da temperatura no Ártico e a redución da parte da súa superficie cuberta polo xeo. Desde 1978, reduciuse un 2,7% por década. A contracción foi aínda meirande nos veráns, un 7,4% cada 10 anos. Tamén se informa de modificacións xeneralizadas no total de precipitacións, na salinidade dos océanos, nos ventos, e en manifestacións extremas do clima como secas, precipitacións intensas, ondas de calor e o aumento de intensidade dos ciclóns tropicais. O informe realiza unha chamada urxente á clase política para adoptar xa medidas que eviten un cambio climático con consecuencias catastróficas. Só será posíbel evitalo se se paraliza o incremento de emisións de gases de efecto invernadoiro para despois reducilas. A temperatura da superficie terrestre aumentará 0,2 graos centígrados por década. O aumento en todo o século será de 2 graos centígrados. Mesmo se a concentración de gases de efecto invernadoiro (GEI) e aerosois se mantivese nos niveis do ano 2000, o aumento da temperatura sería de máis de 0,1 graos centígrados por década. Esta é a estimación máis probábel para os científicos do IPCC. Para facela, analizaron seis escenarios distintos que denominaron A1T, A1B, A1FI, A2, B1 e B2. Cada escenario implica unha concentración característica de CO₂ que varía entre 600 e 1550 ppm e unha previsión de aumento de temperaturas para o ano 2100 de entae 1,1 e 6,4 graos centígrados. Os cambios no clima inducidos polo quecemento global afectarán máis ás persoas pobres do mundo. Os efectos climáticos máis negativos (secas, inundacións, tornados...) concentraranse en poboacións empobrecidas e, xa que logo, con menor capacidade de adaptación.

TÁBOA I. AUMENTO DA TEMPERATURA (°C 2090-99 RESPECTO 1980-99)

ESCENARIO	MÁIS PROBÁBEL	INTERVALO
CONCENTRACIÓN DE GEI DO ANO 2000	0,6	0,6
ESCENARIO B1	1,8	1,1 - 2,9
ESCENARIO A1T	2,4	1,4 - 3,8
ESCENARIO B2	2,4	1,4 - 3,8
ESCENARIO A1B	2,8	1,7 - 4,4
ESCENARIO A2	3,4	2,0 - 5,4
ESCENARIO A1FI	4,0	2,4 - 6,4

FONTE: Summary for Policymakers, <http://www.ipcc.ch/SPM2feb07.pdf>

A economía como un sistema físico

O sistema de contabilidade convencional presenta os intercambios dunha economía co resto do mundo en termos monetarios. Entre os estados desenvolvidos, algúns, como Alemaña e Xapón, conseguen superávit comercial: exportan máis mercadorías, en euros, das que importan; outros, como os EUA ou o Reino de España, teñen un enorme déficit, xa que o valor súas importacións supera en moito o do que exportan. Esta contabilidade monetaria agacha outra información que non interesa á ciencia económica dominante, ortodoxa: que ocorre co intercambio medido en termos físicos, en volume?

J. M. Naredo estuda o balance exterior da economía española en termos físicos, en toneladas.¹⁵⁵ En 1955, o saldo era positivo, a economía española exportaba un millón de toneladas máis das que importaba. A partir do ano 1959, seguindo o ritmo do despegue económico, o saldo vólvese progresivamente negativo. En 1961, o Reino e España necesitaba importar 5.000

155 Naredo, José Manuel, *Raíces económicas del deterioro ecológico y social. Más allá de los dogmas*, Siglo XXI, Madrid, 2006, p. 235.

millóns de toneladas máis das que exportaba; en 1975, 54.000 millóns; e en 2000 o déficit físico alcanzaba 127.500 millóns de toneladas. Unha economía chega á categoría de desenvolvida cando a súa capacidade de compra lle permite importar *territorio* do resto do mundo. Así, no ano 2000, a economía española tiña un déficit de case 8.000 millóns de toneladas de produtos agroalimentarios, 96.000 millóns de toneladas de produtos enerxéticos, 10.000 millóns de toneladas de produtos minerais e 14.000 millóns de toneladas de manufacturas.

Esta necesidade de importar *mundo* non é unha característica específica da economía española. Os países desenvolvidos incorren en déficits físicos crecentes.¹⁵⁶ En 1981, o seu déficit físico ascendeu a 953.000 millóns de toneladas en 1990 a 1,14 billóns e en 2000 a 1,5 billóns de. En canto un territorio consegue pasar da categoría de pobre á de desenvolvido, necesita apropiarse dos minerais, materia vexetal e combustíbeis fósiles que se extraen ou se producen fóra das súas fronteiras políticas. Necesita territorio tamén noutro sentido: para absorber os residuos da produción e o consumo, en primeiro lugar as emisións de CO₂ e gases de efecto invernadoiro.

Este déficit físico pode ser descrito desde distintos puntos de vista. Así, as análises do imperialismo clásico falan das colonias como fornecedoras de materias primas. A economía ecolóxica creou o concepto de pegada ecolóxica, número de hectáreas per cápita que necesita unha economía para extraer os recursos que emprega e para depositar os residuos que produce. Cada estadounidense necesita 10 hectáreas para soste-lo seu *American way of life*, mais só dispón de 6; cada europe@ necesita 5, mais apenas dispón de 2 hectáreas no propio territorio. Que a demanda chinesa de petróleo, cereais, leite

156 *Ibidem*, p. 61.

ou minerais metálicos dispare os prezos nos mercados mundiais quere dicir que está a se desenvolver, é dicir, que a súa economía, que produce enormes superávits monetarios, é xa deficitaria en termos físicos.

Esta realidade está detrás de boa parte dos conflitos e movementos da política internacional. En Sudán, Darfur, enfróntanse os intereses da República Popular China e dos EUA polo control das reservas de petróleo. A presenza estadounidense en Iraq e Afganistán é consecuencia do despregamento do poder militar estadounidense (702 bases militares en 40 países, sen contarmos a rede de vixilancia) para controlar os recursos petrolíferos da zona e cercar China e Irán. Unha compoñente importante da ocupación israelí de Palestina explícase pola necesidade de auga, que se lle furta ao campesiñado palestino.

Mais, como o noso planeta se vai facendo cada vez máis pequeno, o sistema económico dos países desenvolvidos necesita novos territorios dos que extraer recursos, unha vez esgotados os de máis doado acceso. O efecto invernadoiro ofrece unha oportunidade inesperada. A rápida redución da capa de xeo que cobre as augas do Ártico permitirá a curto prazo a apertura dunha nova vía marítima para o transporte de mercadorías entre Asia e América, o Paso do Nordeste, e facilitará a extracción dos valiosos recursos enerxéticos (gas, carbón, petróleo) e minerais (tantalio, molibdeno, ouro, prata, platino) que xacen debaixo do fondo mariño. En agosto do 2007, Rusia cravou unha bandeira de titanio a máis de 4.200 metros de profundidade intentando demostrar que o solo ártico é unha prolongación da súa plataforma continental. Noruega, Canadá, Dinamarca e os EUA compiten con Rusia pola soberanía desta nova fronteira. Buscan máis toneladas para alimentaren os seus sistemas produtivos desenvolvidos. Para extraérenas emitirán máis CO₂.

Un indicador de sostibilidade: a pegada ecolóxica

O concepto de pegada ecolóxica foi creado polo profesor William Rees en 1992.¹⁵⁷ Desde entón conseguiu unha gran popularidade pola súa capacidade descriptiva do impacto humano sobre o ambiente e, sobre todo, porque permite visualizar a viabilidade a medio e longo prazo do actual modelo produtivo. Diferentes estudos aplicaron o concepto de Rees a distintos espazos. A continuación utilizarei dous, o primeiro do WWF International, que toma como ámbito todo o planeta, e o segundo do Ministerio de Medio Ambiente, que se cinxe ao Reino de España.

A pegada ecolóxica no planeta

Entre 1961 e 2003, o impacto da actividade humana sobre o planeta triplicouse. A finais dos anos 80 do século pasado, a pegada ecolóxica superou, por vez primeira na historia da nosa especie, a biocapacidade da Terra.¹⁵⁸

A pegada ecolóxica mide a área necesaria para manter o consumo da poboación humana en sete usos distintos: cultivos, prados e pastos, zonas de pesca, áreas de bosque, área necesaria para absorber o CO₂, pegada da enerxía nuclear e zonas urbanizadas. En 2003, a pegada ecolóxica global era de 14,1 millóns de hectáreas ou 2,2 hectáreas por persoa. Por outra palabras: cada ser humano necesitaba 2,2 hectáreas para producir todos os bens e servizos que consome e para absorber todos os residuos contaminantes que produce. A bioca-

157 http://en.wikipedia.org/wiki/Ecological_footprint.

158 Chris Hails, Editor Principal, WWF (World Wild Fund), ZSL (Sociedad Ecológica de Londres) e Red de la Huella Global, *Informe Planeta Vivo 2006*, http://awsassets.panda.org/downloads/lpr_2006_spanish.pdf.

pacidade terrestre e acuática era nese mesmo ano 11,2 millóns de hectáreas e 1,8 hectáreas per cápita. Cada ser humano utiliza, xa que logo, máis biocapacidade da que pode fornecer o planeta. Como é posíbel utilizarmos máis biocapacidade da existente? Porque consumimos recursos non renovábeis ou recursos renovábeis a unha taxa que non permite que se recuperen os stocks. Deste xeito diminuímos a biocapacidade futura. As capturas de peixe (bocarte, pescada...) que exceden a capacidade de renovación dos caladoiros son un exemplo; a extracción de auga dos acuíferos maior que a capacidade de reposición destes, outro. Excedemos a biocapacidade tamén cando emitimos substancias contaminantes en maiores cantidades das que os ecosistemas poden degradar. Como por exemplo a acumulación de CO₂ na atmosfera co conseguinte efecto invernadoiro ou a produción de residuos radioactivos.

As 2,2 hectáreas que necesitamos per cápita son unha media. Con todo, o consumo non está repartido equitativamente. No extremo estarían os Emiratos Árabes Unidos, nos que cada habitante necesita case 12 hectáreas para termar do seu estilo de vida, e Afganistán ou Somalia, onde cada persoa debe vivir con menos de media hectárea.

Cada american@ do norte dispón de case seis hectáreas de biocapacidade, xa que vive nun continente de baixa densidade de poboación e amplas extensións de terra cultivábel, bosques e grandes cantidades de auga. Aínda así, ten un déficit de case catro hectáreas, pois o seu estilo de vida necesita de dez hectáreas. Un habitante da UE dispón de algo máis de dúas hectáreas no propio territorio. Non son abundas, necesitaría unhas cinco hectáreas para manter o seu xeito de producir e consumir. Podería dicirse que @s ric@s o son porque o sistema económico mundial lles permite utilizar o territorio e os recursos d@s pobres en propio beneficio. Os pescadores do Senegal queren invadirnos en caiucos porque os seus ca-

ladoiros están a esgotarse pola sobrepesca. Non foi a pesca artesanal a que esgotou os caladoiros, senón a pesca industrial dos europeos.

Tres rexións, pola contra teñen, un superávit ecolóxico: a Europa que non pertence á Unión Europea, onde a cada cidadán e cidadá lle sobra preto dunha hectárea despois de utilizar case tres; a América latina e o Caribe, onde a pegada per cápita podería aumentar en 3,4 hectáreas máis que as dúas que utilizaban no 2003 sen esgotar a capacidade dos seus ecosistemas; tamén África podería aumentar lixeiramente a súa pegada. Pola contra, a zona Asia-Pacífico, a pesar do baixo consumo per cápita, pouco máis dunha hectárea, xa excede a capacidade de carga da rexión. A pegada ecolóxica é función da poboación, o consumo por persoa e a intensidade da produción (a cantidade de enerxía, materiais, residuos que fai falta para producir unha unidade de ben). Cada asiatic@ consome moi pouco, mais son case 3.500 millóns de habitantes.

É moi interesante estudarmos a evolución do indicador entre 1960 e 2003 e coosmpararm o ocorrido cos distintos grupos de países clasificados pola súa riqueza. A pegada por persoa permanece constante nos países de baixos ingresos en menos dunha hectárea. Nos países de ingresos medios, aumentou moi lentamente ata menos de dúas hectáreas. Nos países de renda per cápita alta, medrou con moita rapidez, desde tres a máis de seis hectáreas por persoa, moito máis alá do sostíbel. Como poden facelo? Consumindo os seus recursos máis rápido do que poden rexenerarse, producindo máis residuos dos que a biosfera pode absorber ou desprazándoos a países máis pobres, como ocorreu recentemente en Costa de Marfil. Alí, os residuos que non foran aceptados no porto de Amsterdam mataron oito persoas e envelenaron máis de 80.000. E sobre todo importando recursos doutras rexións máis pobres en economía monetaria, non en recursos naturais.

O Relatório Planeta Vivo estuda tres escenarios para o ano 2050. O primeiro prolonga as tendencias actuais de crecemento da poboación e de esixencia de biocapacidade. A pegada ecolóxica duplicaría a biocapacidade terrestre. O segundo escenario mostra os resultados dun esforzo planeado pola humanidade que incluíría redución das emisións de CO₂ nun 50%, redución das capturas de peixes salvaxes, diminución da proporción de carne na dieta... Cara ao ano 2080, a pegada ecolóxica estaría por baixo da biocapacidade total. O terceiro escenario describe un esforzo intenso para reducir o exceso. Sería necesario comezar agora o cambio de rumbo e un forte e sostido investimento económico en sostibilidade.

A pegada ecolóxica no Reino de España.

O Ministerio de Medio Ambiente publicou en xullo de 2007 un estudo sobre a pegada ecolóxica no Reino de España.¹⁵⁹ A pegada ecolóxica por habitante foi no ano 2005 de 6,4 hectáreas de media. Esta é a superficie necesaria para seis tipos de superficies produtivas: cultivos, pastos, bosques, mar produtivo, superficie cuberta por edificacións e infraestruturas e a área de absorción do CO₂ emitido na produción de enerxía. Entre 1995 e 2005, este indicador, no Reino de España, aumentou un 19%, desde 5,4 ás 6,4 hectáreas citadas. Porén, o territorio non se ampliou nin unha soa hectárea. En 1955, a pegada ecolóxica por habitante era de só 2,2 hectáreas.

Para sabermos se o noso modelo de produción e consumo é viábel a longo prazo, debemos comparar a pegada ecolóxica coa biocapacidade do territorio, a dispoñibilidade de superficie bioloxicamente produtiva. A biocapacidade dun territorio

159 Ministerio de Medio Ambiente, *Análisis preliminar de la huella ecológica en España. Informe de Síntesis*, 2007.

non é estática, aumenta, por exemplo, se a plantación de árbores permite absorber máis CO₂. No ano 2005, dispuñamos dunha biocapacidade de 2,6 hectáreas por persoa, polo que o déficit ecolóxico per cápita era de 3,8 hectáreas. Como podemos manter este déficit? Ou importando materias primas minerais (petróleo, metais...) e biolóxicas (carne, peixe, cereais...) doutros territorios ou emitindo máis contaminantes (por exemplo, gases de efecto invernadoiro) dos que a atmosfera pode degradar. Utilizamos os dous mecanismos. O déficit ecolóxico español alcanzou en 2005 175 millóns de hectáreas, 1,75 millóns de quilómetros cadrados. Fai falta a superficie de case tres Reinos de España para que se sosteña o noso modelo económico.

O estudo presenta os datos de pegada ecolóxica, biocapacidade e déficit por comunidades autónomas. Só catro comunidades, moi extensas e pouco habitadas, presentan un superávit ecolóxico, dispoñen de máis hectáreas de biocapacidade das que necesitan: Aragón, Estremadura e as dúas Castelas. As comunidades con maior déficit (máis de 4,1 hectáreas) son as máis desenvolvidas economicamente e as máis densamente poboadas: Euskadi, Cataluña, País Valenciano, Murcia e Madrid

O Informe Stern

Empecei este capítulo expoñendo os resultados dun informe encargado en 1977 polo Presidente dos EUA Jimmy Carter. Quero acabalo resumindo as conclusións do Informe Stern¹⁶⁰

160 Stern, Nicholas, *El Informe Stern. La verdad sobre el Cambio Climático*, Paidós, Barcelona, 2007, pp. 179 e ss.

realizado por encargo do Goberno británico trinta anos despois. O informe céntrase nas consecuencias económicas do cambio climático.

O estudo afirma que actualmente se prevé que o custo monetario do cambio climático será superior ao que se deducía de estudos anteriores. Recoñece tamén o enorme desafío que implica realizar predicións a un século vista, mais considera que son útiles para ilustrar os riscos en xogo. A maioría dos modelos formais parten dun quentamento do 2-3° C. Nese caso, o custo do cambio climático podería supoñer unha perda de entre o 0% e o 3% do PIB mundial con respecto ao que se alcanzaría sen cambio climático e, cuestión moi importante, os países pobres sufrirían os custos máis altos.

Mais, se a actividade económica continuar polo camiño actual («business as usual» ou BAU) o aumento das temperaturas podería superar os 2-3° C «o que abre as portas a mudanzas climáticas bruscas e a grande escala»¹⁶¹. Nese caso, a perda do PIB global estímase nun 5-10%, cifra que se excedería nos países pobres. Quero subliñar que esta diminución é aproximadamente do mesmo tamaño que o incremento que se calcula necesario de gasto en pensións e coidados para as persoas dependentes nun escenario de envellecemento da poboación. O custo do escenario BAU aumentaría se o modelo tivese en conta tres factores.

- 1.— Os efectos directos sobre o medio ambiente e a saúde humana incrementarían o custo total do cambio climático, que pasaría do 5 ao 11%, sen incluír os efectos relacionados coa inestabilidade socio-política, moi difíciles de medir.
- 2.— Probas científicas recentes sinalan que «a mudanza climá-

161 *Ibidem*, p. 180.

tica podería ser máis reactiva ás emisións de gases invernadoiro do que anteriormente se pensaba». ¹⁶² A retroalimentación climática podería aumentar o custo do cambio climático do 5 ao 7%, ou do 11 ao 14% se se inclúren os efectos socio-políticos.

- 3.— As rexións pobres do mundo soportarían unha parte desproporcionada da carga do cambio climático. Se os modelos ponderasen esa desproporción, o custo do cambio climático podería aumentar unha cuarta parte.

Xuntando estes tres factores adicionais, o custo total do cambio climático podería supoñer unha diminución permanente do 20% sobre o consumo per cápita actual.

Tendo en conta as valoracións distributivas, considerando tamén que o nivel de vida abrangue algo máis que os elementos reflectidos no PIB e tendo presentes os enfoques modernos sobre a incerteza, dedúcese que a estimación máis apropiada dos danos parece aproximarse máis ben ao límite superior dese intervalo establecido entre o 5 e 20%. ¹⁶³

Aínda así, o informe considera que ese impacto, total ou parcialmente, podería evitarse cunha política paliativa que tería un custo moito máis reducido que se non fose aplicala.

O desafío da sostibilidade

Trinta anos separan o informe Carter do informe Stern. O primeiro expón con clareza os desafíos que debe afrontar a

162 *Ibidem*, p. 181.

163 *Ibidem*, p. 181.

humanidade en relación coa explotación excesiva dos recursos naturais e a urxencia de adoptar medidas para reducir ese impacto. Porén, nestes trinta anos, o obxectivo do crecemento indefinido continúa a primar sobre a sostibilidade das sociedades. O informe Stern cuantifica a posíbel redución do PIB como consecuencia do quecemento climático. Mais, se a temperatura media do planeta medrar máis de dous graos centígrados, as consecuencias son incalculábeis. De mesma maneira que os modelos que utilizan *as* xestoras de fondos de investimentos para calcularen o risco son totalmente inútiles cando se produce unha mudanza de fase (xa que a incapacidade para medir o risco é «unha carencia esencial, ontolóxica, que se sustenta na indeterminación profunda dos movementos colectivos dos mercados nas fases críticas e na incerteza radical –non probabilizábel, quer dicir, imposible de ser captada polos modelos probabilísticos– que resulta de todo iso»),¹⁶⁴ o cálculo de Stern só ten utilidade como unha advertencia, como un aviso das potenciais consecuencias catastróficas que pode implicar a ruptura do equilibrio climático. A conclusión que se deriva do cálculo de Stern é que o principio de precaución esixe centrar todo o deseño do sistema económico na redución das emisións de CO₂. O principal perigo para os sistemas de protección social non procede do envellecemento da poboación, senón da mudanza climática, xa que a protección social depende da viabilidade da sociedade como un todo.

Claro que o optimismo tecnolóxico ofrece outra alternativa:

164 Lordon, Frédéric, *El porqué de las crisis financieras y cómo evitarlas*, Los Libros de la Catarata, Madrid, 2009, p. 23.

Estas características únicas do coñecemento fan que o crecemento poida chegar a ser sostíbel mesmo cando os obxectos ou as súas materias primas sexan finitas, posto que a través das ideas poden atoparse novas formas de organizar os átomos xa existentes para producir novos obxectos. Por exemplo, auga, azucre e sal son obxectos rivais, mais alguén tivo a idea, non rival, de os combinar, salvando así millóns de nen@s de morreren de diarrea (ORT)¹⁶⁵. Ademais, o coñecemento e as ideas poden hoxe transmitirse e difundirse por medios electrónicos con custos de transporte próximos a cero, mentres que o custo de transporte do capital físico é moito máis elevado.¹⁶⁶

A cita de Guillermo de la Dehesa é moi interesante para ilustrarmos unha combinación moi habitual do optimismo tecnolóxico que adoita combinarse co pesimismo sobre a sostibilidade do Estado do benestar. Non existiría ningún límite ao crecemento económico, xa que os átomos poden reorganizarse para formar novas substancias. Un dos problemas que este punto de vista debe resolver é a da cantidade de enerxía que se necesita para transformar unhas substancias noutras. Na altura de agosto de 2011, ningún país atopou a solución para a produción de enerxía sen emitir CO₂. No Xapón, en marzo de 2013, dous anos despois da catástrofe de Fukushima, só funcionan dous de cincuenta reactores nucleares, e o primeiro ministro virou en radical inimigo da enerxía nuclear. Os medios electrónicos non teñen custos de transporte próximos a cero, a utilización masiva das TIC constitúe un novo sector consumidor de enerxía que se suma aos que xa existían, non

165 Sigla en inglés de «oral rehydration therapy» (terapia de hidratación oral).

166 de la Dehesa, Guillermo, «Es hora de apostar por el capital humano», *El País*, 31 de xaneiro de 2011. O subliñado é meu.

os substitúe. O actual modelo de libre circulación de mercadorías e capitais baséase no transporte continuo de materiais, por exemplo, rosas que se traen de América do Sur a Europa. O optimismo tecnolóxico de de la Dehesa semella inspirarse na Pedra Filosofal perseguida polos alquimistas:

A Pedra Filosofal (Medicina Universal, Lápiz Filosofoforum) era o principal objetivo dos alquimistas. Segundo a lenda, era un objeto que podería aproximar o homem de Deus. Com ela o alquimista podería transmutar qualquer metal inferior em ouro, como também obter o Elixir da Longa Vida que permitiría prolongar a vida indefinidamente.¹⁶⁷

No futuro previsíbel, non existe ningunha fonte de enerxía que permita soste a crenza nun crecemento indefinido e sostíbel. As poboacións dos países pobres necesitan aumentar o seu consumo, tamén de materias primas, por exemplo proteínas abundas, mais a poboación dos países ricos consome moito máis do que permite a dotación de recursos naturais que fornece o planeta Terra e a política económica debería interiorizar esta evidencia.

CAPÍTULO XIX. ACOUTARMOS A FINANCEIRACIÓN

Como expliquei nun capítulo anterior, existen dous sistemas para organizar as pensións d@s traballador@s, o sistema de reparto e o sistema de capitalización. Desde os anos 80 e, ao tempo que se inicia a ofensiva neoliberal, a dereita política (Pinochet, Thatcher, Reagan, Blair), os organismos dirixentes

167 http://pt.wikipedia.org/wiki/Pedra_filosofal.

do capitalismo global (FMI, BM, CE, BCE, BE) e as patronais do sector financeiro (Fedea, INVERCO) promoven campañas para incrementaren o peso dos sistemas de capitalización e reduciren a importancia dos sistemas de reparto. As políticas de privatización e capitalización dos sistemas de pensións fan parte do proceso de financeirización da economía capitalista. Este proceso é unha das principais características do modelo de capitalismo que se desenvolve a partir dos anos 70 do século vinte.

Capitalismo financeirizado, o capitalismo da época posfordista

Para Foster e Magdoff,¹⁶⁸ a financeirización é unha resposta do capitalismo monopolista á súa tendencia estrutural ao estancamento. Se ben analizan o capitalismo estadounidense, algúns dos elementos que utilizan poden extrapolarse ao capitalismo europeo e xaponés. Na fase competitiva do capitalismo, compartían o mercado moitas pequenas empresas de ámbito familiar. O seu pequeno tamaño dáballes pouca capacidade para fixaren prezos, polo que a produción e o investimento eran determinados polas forzas do mercado. Na época do capitalismo monopolista, un pequeno grupo de grandes empresas controlan a maioría dos sectores industriais. O seu dominio dos mercados permítelles deixaren de lado a competencia en prezos e centrala no recorte de custos e na promoción das vendas. Prodúcese unha tendencia ao aumento do «superávit» da economía no seu conxunto e á acumulación de

168 Bellamy Foster, John e Magdoff, Fred, *La gran crisis financiera. Causas y consecuencias*, Fondo de Cultura Económica, Madrid, 2009.

grandes masas de capital moi superiores ás oportunidades de investimento na ampliación da capacidade produtiva. A tendencia ao aumento dos salarios por baixo do incremento da produtividade reduce a demanda e, en consecuencia, a oportunidade de investimentos produtivos rendíbeis. A crecente desigualdade na distribución da renda aumenta, por un lado, a proporción do produto social do que se apropian @s capitalistas e que necesita valorizarse e, por outro, reduce a capacidade de consumo das clases traballadoras. Para compensar esta tendencia ao estancamento, o capitalismo monopolista necesita estímulos exteriores, ata o punto de que só a 2ª GM creou as condicións que permitiron a superación da crise do 29. As necesidades derivadas da reconstrución europea e xaponesa constituíron un poderoso estímulo á demanda que termou de 30 anos de crecemento. Para o capitalismo estadounidense, o gasto militar, a urbanización e a construción de infraestruturas relacionadas coa expansión do automóbil foron outros tantos estímulos que compensaron a tendencia ao estancamento. A gran panca que manexa o capitalismo para contrarrestar a tendencia ao estancamento é o proceso de financeirización.

A financeirización despraza o centro de gravidade da economía da produción ás finanzas e constitúe unha característica que define a actual fase do capitalismo. Desta forma, «as finanzas especulativas transformáronse nunha especie de motor secundario do crecemento, dada a debilidade do motor principal, o investimento produtivo», de maneira que «a maior forza compensatoria das últimas tres décadas é a financeirización, tanto que hoxe podemos falar do «capitalismo monopolista financeiro».¹⁶⁹

169 *Ibidem*, pp. 30 e 31.

O proceso de financeirización cumpre tres funcións:

1.— Diminuír o risco asociado aos investimentos produtivos.

O capital financeirizado materialízase en activos financeiros líquidos, que se poden converter noutros activos con gran rapidez, e que non dependen dos longos prazos de maduración dos investimentos en capacidade produtiva, terreos, instalacións, maquinaria... e arredados da difícil xestión da forza de traballo e da súa capacidade reivindicativa. Seguen a existir capitais materializados en actividades produtivas de bens, Inditex, e capitalistas que constrúen a súa riqueza sobre a produción de bens, Amancio Ortega. Xunto a el@s aparecen capitais só ou predominantemente financeiros, e un grupo social articulado ao redor deses capitais:

O capital financeiro é un grupo social que obtén os seus ingresos, de forma importante, dos movementos dos prezos dos instrumentos financeiros. Non exclúe isto a existencia doutros ingresos máis vinculados directamente á distribución de beneficios e pagamentos de intereses, mais sen participación directa na xestión das empresas, salvo as adicadas aos investimentos financeiros. Un trazo importante é a capacidade para obter financiamento bancario e alcanzar así un alto grao de endebedamento.¹⁷⁰

2.— Diluír o risco e ofrecer oportunidades de investimento para as grandes masas de capital que non existen na actividade produtiva. O capital competitivo e familiar materializábase nunha fábrica, téxtil, conservas, siderurxia, automóbiles... e a súa valorización dependía de mantemento da capacidade produtiva e de adaptación á com-

170 Vilarino Sanz, Ángel, «Derivados», *Revista de Economía Crítica* nº 11, 2011.

petencia nese negocio e sector. O capital financeirizado materialízase en participacións de distintas empresas que se mercan e venden sen ancorarse na viabilidade a longo prazo de cada actividade. Na actual fase de sofisticación da financeirización, os capitais xa non se invisten necesariamente en actividades produtivas, senón en cada vez máis complexos derivados, futuros, opcións sobre futuros, que permiten crear diñeiro con diñeiro sen necesidade de afrontar a maduración dun proceso produtivo. Mais o risco non desaparece, ao contrario: as crises financeiras fanse periódicas como manifestacións do «fantasma permanente das finanzas na busca do milagre que permita gañar máis arriscando menos.»¹⁷¹

- 3.— Financiar o consumo das clases traballadoras. Un dos problemas que supón para o capitalismo o baixo nivel de salarios é que deprime a demanda. Como soubo ver un dos creadores do capitalismo fordista, Henry Ford, o salario é un custo que reduce a plusvalía da que se apropia @ capitalista, mais ao tempo os altos salarios crean demanda para os produtos da industria. A parte da renda que os traballadores dedican a consumir é moi alta. Como se mantén a súa capacidade de consumo nunha situación de baixos salarios? Aumentando as horas traballadas e pasando dun modelo dun salario a outro de dous salarios por fogar mediante a incorporación das mulleres ao traballo retribuído. Estas dúas estratexias non abundan. En 2003, no 60% dos fogares estadounidenses de rendas máis baixas, o consumo igualou ou superou a media de ingresos antes de impostos.¹⁷² Como se pode consumir máis do que se ingresa?

171 Lordon, Frédéric, *Op. Cit.*, p. 15.

172 Bellamy Foster, John e Magdoff, Fred, *Op. Cit.*, p. 41.

Recorrendo ao endebedamento. Dous son os instrumentos principais de endebedamento: as tarxetas de crédito e as hipotecas. Sen a súa utilización, a demanda estadounidense tería sido máis baixa e tamén o crecemento do PIB. O intenso período de crecemento da economía española entre 1995 e 2007 seguiu un modelo moi semellante. Perda de peso da masa salarial, aumento do endebedamento das familias, burbulla inmobiliaria financiada con préstamos hipotecarios e recurso da banca ao financiamento exterior ante a falta de suficiente aforro interno.

Algúns datos sobre a importancia da financeirización

Coa financeirización aumenta o peso da economía financeira respecto da economía produtiva de bens e servizos. Catro indicadores dese maior peso son o nivel de endebedamento de fogares, empresas e estados, o peso dos beneficios financeiros sobre os beneficios totais, as crises financeiras recorrentes e o volume de activos financeiros en busca de valorización. Foster e Magdoff ofrecen indicadores do proceso de financeirización nos EUA, que amosamos a seguir.

Débeda crecente

Entre 1975 e 2005, a débeda d@s consumidor@s estadounidenses pendente de pagamento pasou do 62 ao 127% da renda dispoñíbel e os xuros da débeda representaban xa o 14% da súa renda dispoñíbel. Entre o 20 % de familias de menores ingresos, máis de unha de cada catro (o 27%) pagaba o 40% ou máis dos seus ingresos en xuros das débedas contraídas. As principais fontes de débeda destas familias eran as hipotecas sobre a primeira residencia, as tarxetas de crédito e os préstamos a prazos para compra de automóbiles e para pagaren

os estudos d@s fill@s. O recurso á ampliación dos préstamos hipotecarios para financiamento doutros gastos, fixo que entre 2000 e 2005 o rateo de propiedade das vivendas (mide a parte que é realmente propiedade d@ propietario@ nominal descontando o que lle debe ao banco) diminuíse case un 16%, pasando do 68 ao 57%.

Porén, non é só a débeda d@s consumidor@s a que medra. Nos anos setenta, a débeda pendente de pagamento nos EUA era unha vez e media o PIB, en 1985 dúas veces e en 2005 tres veces e media o PIB estadounidense, aproximadamente o valor do PIB mundial, 44 billóns de dólares. Esta débeda inclúe a das familias, a das empresas non financeiras, a das empresas financeiras e a das administracións públicas. Sen ese endebedamento masivo, a taxa de crecemento da economía dos EUA non tería superado a dos países europeos e estaría moi preto do estancamento.

A utilización da débeda como motor da demanda e o crecemento non é unha característica particular da economía estadounidense. O endebedamento medrou de xeito descomunal nas economías menos competitivas do sur de Europa, inflando unha burbulla que estoupou en 2008. Contra a interpretación neoliberal, a maior parte da débeda é privada. No Reino de España, a débeda pública en 2007 era baixa antes da crise e aumentou como consecuencia das políticas de loita contra a crise e da caída da recadación impositiva derivada da menor actividade económica. Aínda así, é moi inferior á débeda privada e só en 2013 a débeda pública acadou a media da zona euro.

TÁBOA I – DÉBEDA POR SECTORES A 31 DE DECEMBRO DE 2009

	REINO DE ESPAÑA		PORTUGAL		GRECIA	
	EN MILES DE MILLÓNS DE EUROS	EN % DO TOTAL	EN MILES DE MILLÓNS DE EUROS	EN % DO TOTAL	EN MILES DE MILLÓNS DE EUROS	EN % DO TOTAL
ADMINISTRACIONES PÚBLICAS	676	13%	121	16%	293	42%
EMPRESAS FINANCEIRAS	1,628	31%	214	28%	120	17%
EMPRESAS NON FINANCEIRAS	2,053	39%	246	32%	165	23%
FOGARES	918	17%	178	23%	123	17%
TOTAL	5,275	100%	759	100%	701	100%
EN % DO PIB	502%		464%		296%	

FONTE: Lapavitsas e outros, «Crisis en la zona euro: perspectiva de un impago en la periferia y la salida de la moneda común», *Revista de Economía Crítica*, nº 11, 2011.

Beneficios do sistema financeiro

O indicador máis impresionante do peso que o sistema financeiro chega a representar na economía estadounidense é a porcentaxe dos beneficios totais que lle corresponde en comparación cos do sector industrial. Nos anos sesenta, en plena época do capitalismo fordista, os beneficios industriais eran o 50% do total; en 2005, menos do 15%. No mesmo período, o sector financeiro pasou do 15 a case o 40%. A capacidade de absorber unha parte do plusvalor total é desproporcionada; no sector traballa só o 5% do emprego total e representa o 15% do PIB.¹⁷³

TÁBOA II. PESO DO SECTOR FINANCIERO NOS ESTADOS UNIDOS

PORCENTAXE DO EMPREGO TOTAL - A	PORCENTAXE DO PIB TOTAL - B	PORCENTAXE DOS BENEFICIOS TOTAIS - C
5	15	40
	B / A = 3	C / A = 8

173 Lordon, Frédéric, *Op. Cit.*, p. 29.

A produción por empregad@ no sector multiplica por tres a produción media por emprego, o beneficio por emprego multiplica por oito o beneficio medio por emprego para toda a economía. Que produce o sector? Diñeiro a partir de diñeiro e inestabilidade.

Crises financeiras recorrentes

Os datos da táboa anterior son impresionantes. O sector financeiro consegue facer real o milagre dos pans e dos peixes ou o soño capitalista da produción de valor sen risco e sen forza de traballo. Porén, necesita do soporte do Estado para non desaparecer. A época das finanzas regulamentadas posterior á 2ª GM eludiu as crises financeiras importantes. «As crises que implican cracs bancarios, que case desapareceran na Época Dourada, reapareceron con forza a partir de 1973, e volvéronse practicamente tan frecuentes despois de 1987 como durante o período de entreguerras.»¹⁷⁴

A desarticulación sistemática da regulación financeira crea a era da grande inestabilidade. Desde 1987, as burbullas e as crises financeiras sucédense imparábeis. Para superalas é imprescindible o socorro do sector público.

AS CRISES FINANCEIRAS NA ÉPOCA DA FINANCEIRACIÓN DESREGULADA

- 1987: crac de Wall Street
- 1990: crise inmobiliaria das Savings&Loans
(caixas de aforros estadounidenses)
- 1992: primeira crise do sistema monetario europeo

174 Glyn, Andrew, *Capitalismo desatado. Finanzas, globalización y bienestar*, Los libros de la Catarata, Madrid, 2010, p. 123.

- 1993: segunda crise do sistema monetario europeo
- 1994: crac dos EUA
- 1997: primeira crise financeira internacional, crise asiática (Tailandia, Corea, Hong Kong)
- 1998: segunda crise financeira internacional (Brasil, Rusia)
- 2000-2002: estoupido da burbulla de internet
- 2007-2008: crise financeira internacional

Especulación

O comercio de divisas diario pasou de 18.000 millóns de dólares en 1977 a 1,8 billóns en 2006; isto equivale ao valor do PIB mundial en 24 días de transaccións.

A busca de rendibilidade e de produtos nos que investir e cos que especular induce unha enorme creatividade. Aparecen produtos financeiros innovadores. O crecemento dos volumes que se manexan superan moitas veces o crecemento da produción de bens e servizos non financeiros. Rómpeuse calquera relación entre o valor nominal da economía financeira e a capacidade produtiva da economía. Entre 1990 e 2007, os futuros e opcións negociados en mercados organizados multiplicáronse por 20 e 86 respectivamente.¹⁷⁵

TÁBOA III. EVOLUCIÓN DO IMPORTE NOMINAL DOS CONTRATOS NEGOCIADOS EN MERCADOS ORGANIZADOS (BILLÓNS DE DÓLARES)

PRODUTO	1990	2000	2010	2007
FUTUROS	1.54	8.35	22.27	31.68
OPCIÓN	0.75	5.9	52.71	64.45

175 Vilarino Sanz, Ángel, «Derivados», *Revista de economía crítica*, nº 11, 2011.

O volume de capitais acumulados nos fondos de investimento multiplica case por dous o tamaño da economía mundial. O patrimonio dos fondos de investimento xestionado é de case 120 billóns de dólares¹⁷⁶ (o PIB mundial era no ano 2008 de 61 billóns de dólares). Cada un dos dez maiores xestores de fondos de investimento manexa máis dun billón de dólares. O maior fondo, Barclays Global Investors, xestionaba en 2008 1.516 billóns de dólares, o mesmo que o produto interior bruto do Reino de España nese mesmo ano, 1.593 billóns. George Soros conseguiu afundir o valor da libra esterlina vendendo só 10.000 millóns de libras en 1992. A capacidade de desestabilización das divisas e da débeda pública é enorme. O modelo neoliberal da arquitectura financeira da zona euro permítelles aos fondos de investimento usaren ese poder para imporem, de acordo coa Troika, a destrución do Estado de benestar.

A financeirización da vida. O ciclo da vida financeirizado

A financeirización non é só un problema macroeconómico. Insírese na vida dos seres humanos. M. Friedman foi en 1950 un dos primeiros en defender a teoría do «ciclo vital» segundo a cal un individuo debe aforrar durante a súa vida activa para poder afrontar os custos da velez. Os gobernos dos países ricos buscan un produto financeiro para cada fase vital ou aspecto da esfera pública. Os mozos deben financiar a súa educación, as persoas de mediana idade achegar cotas a unha conta de pensións, as persoas máis vellas deben vender

176 Quesada Solana, Alejandro, *Los enemigos de la democracia en cifras: Los gestores de los fondos de inversión.*

as súas casas para financiaren os coidados que lles cómpren ou contratar unha hipoteca inversa. A ditadura de Pinochet privatizou o sistema de pensións chileno, adiantándose ás propostas do BM. Como parte dunha mesma estratexia, privatizou tamén o sistema educativo. As dúas privatizacións favorecen a financeirización da economía chilena e aumentan a desigualdade social. Chile é un dos países máis desiguais do mundo. O ingreso medio do 10% da poboación é 27 veces máis alto que o do 10% máis pobre (o rateo medio na OCDE é nove veces; nos países máis igualitarios da OCDE, seis veces).¹⁷⁷ A vida humana transmútase así nun apéndice do capitalismo financeiro. Na fase actual do capitalismo, este desexa estender o seu dominio do ser humano da esfera produtiva (extracción de plusvalía), a todos os ámbitos da existencia. A existencia humana é desprovista do seu valor absoluto para se converter nun espazo continuo de valoración do capital, subsumida no seu imperio. Na PRODUCCIÓN, no CONSUMO e como SOPORTE DE ACTIVOS FINANCEIROS deseñados para cada fase da vida e para cada necesidade vital.

PRODUCCIÓN. O traballador ou a traballadora é condicionad@ para que asuma como propios os obxectivos da empresa e interiorice a necesidade de competir. Xa non necesita capataz, a súa subxectividade é a que goberna a súa actividade produtiva. As tecnoloxías da información e comunicación permiten esvaer a separación entre tempo de traballo e tempo propio: o telemóbel, o correo electrónico, as redes sociais fan que o traballador e a traballadora estea permanentemente comprometid@ coa súa empresa.

177 OCDE 2011, *Divided we Stand: Why Inequality Keeps Rising*.

CONSUMO. A produción de necesidades é continua, cada semana aparece un novo produto que crea unha nova necesidade. O tempo de consumo é continuo e sucede ao tempo da produción. Traballamos pola semana e consumimos a fin de semana. Abólese o tempo apazugado sen consumo, ampliáanse os horarios de apertura dos centros comerciais. O lecer desenvólvese nos espazos pechados dos centros comerciais, as experiencias de consumo están alí concentradas no espazo e aliñadas: roupa, filmes, restauración... Ir de compras é xa unha das actividades máis satisfactorias.

O CICLO DA VIDA FINANCEIRIZADO. É toda a nosa vida a que se transmuta nunha oportunidade de creación de valor. Para cada etapa da vida deséñase un produto financeiro. Toda a enorme campaña de propaganda sobre os problemas do financiamento do sistema sanitario, sobre a *inxustiza social* que implica a gratuidade dos estudos universitarios, sobre a inviabilidade do sistema de pensións público teñen como obxectivo a apertura de novos espazos para a financeirización do ciclo de vida, un préstamo para financiar os estudos, unha prima para un seguro sanitario, un préstamo para afrontar unha cara intervención médica, unha achega mensual ao fondo de pensións.

A provisión dos servizos e prestacións para a vida, educación, sanidade, pensións, consome unha parte do produto social. Esta porción pode organizarse desde a solidariedade social ou como un subproduto da actividade financeira. A segunda posibilidade é máis insegura e produce máis desigualdade. O cadro que segue tenta esquematizar esas dúas posibilidades.

CIDADANÍA E FINANCIERIZACIÓN, SER HUMANO OU INSTRUMENTO DA ACUMULACIÓN DE CAPITAL		
ETAPAS DA VIDA	SER HUMANO	INSTRUMENTO DA ACUMULACIÓN DE CAPITAL
ESTUDIOS PROPIOS	<ul style="list-style-type: none"> — OS ESTUDIOS UNIVERSITARIOS OU DE FORMACIÓN PROFESIONAL SON GRATUITOS. — FINANCIADOS MEDIANTE IMPOSTOS. — NALGÚNS PAISES OS ESTUDANTES RECIBEN UNHA ASIGNACIÓN. 	<ul style="list-style-type: none"> — PARA FINANCIAR OS SEUS ESTUDOS, O ESTUDANTE PIDE UN PRÉSTAMO. — AO REMATAR OS ESTUDOS, EMPEZA A DEVOLVELO. — COMEZA A VIDA LABORAL ENDEBEDAD@.
SALARIO	<ul style="list-style-type: none"> — O SALARIO É SUFICIENTE, ACOMPAÑA O CRECEMENTO DA PRODUTIVIDADE. — REDUCIÓN E REPARTO DO TEMPO DE TRABAILLO. 	<ul style="list-style-type: none"> — CONTENCIÓN SALARIAL. OS SALARIOS MEDRAN POR BAIXO DA PRODUTIVIDADE. — AUMENTO DO TEMPO DE TRABAILLO. — PROMOCIÓN DAS TARXETAS DE CRÉDITO. ENDEBAMENTO.
SANIDADE	<ul style="list-style-type: none"> — DE PROVISIÓN PÚBLICA E COBERTURA UNIVERSAL. — FINANCIAMENTO MEDIANTE IMPOSTOS. — É UN DEREITO. 	<ul style="list-style-type: none"> — MÚLTIPLES SEGUROS PRIVADOS. — ALGUNHAS EMPRESAS OFRECEN SEGURO MÉDICO. — ELEMENTO DE DISCIPLINA LABORAL. PERDER O TRABAILLO IMPLICA PERDER A COBERTURA.
PLANIFICACIÓN DA XUBILACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> — PLANIFICACIÓN SOCIAL. — POLÍTICAS ELECTAS DECIDEN A CONTÍA DAS COTIZACIONES, DOS IMPOSTOS E DAS PRESTACIONES. — EXPERTOS DA SEGURIDADE SOCIAL XESTIONAN OS FLUXOS DE ENTRADA E SAIDA DO SISTEMA. 	<ul style="list-style-type: none"> — MÚLTIPLES XESTORAS. PLANS DE EMPRESA. — CONSTITUCIÓN DE FONDOS DE PENSIONES E GRANDES MASAS DE CAPITAIS EN BUSCA DE VALORIZACIÓN. — COMISIONS DE XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN. — ELECCIÓN DO PLAN MÁIS SEGURO E RENDIBEL.
ACCESO Á VIVENDA	<ul style="list-style-type: none"> — ALTO PESO DO ALUGUEIRO E PROMOCIÓN PÚBLICA DA VIVENDA. 	<ul style="list-style-type: none"> — ALTO PESO DA PROPIEDADE E DAS HIPOTECAS. — UTILÍZASE COMO GARANTÍA DE NOVOS PRÉSTAMOS PARA ESTUDOS DOS FILLOS. COMPRA DE AUTOMÓBILES, TRATAMENTOS MÉDICOS... — A HIPOTECA LIMITA O PODER DE NEGOCIACIÓN DO TRABALLADOR E DO TRABALLADORA CO PATRÓN: NECESIDADE DE PAGAR A COTA MENSUAL.

CONSUMO	<ul style="list-style-type: none"> - PÁGASE CO SALARIO E AS PRESTACIÓNS SOCIAIS UNIVERSITARIAS (PENSIÓN, AXUDAS POR FILL@...). - AS NECESIDADES DETERMINAN O CONSUMO. AUTO-CONTENCIÓN. AUSTERIDADE. 	<ul style="list-style-type: none"> - SALARIOS WALL MART, RECURSO Á TARXETA DE CREDITO. ENDEBEMENTO. - AS TÉCNICAS DE VENDAS PRODUCEN NECESIDADES QUE PRODUCEN PULSIÓN DE CONSUMO.
ESTUDOS D@S FILL@S	<ul style="list-style-type: none"> - OS ESTUDOS UNIVERSITARIOS OU DE FORMACIÓN PROFESIONAL SON GRATUITOS, FINANCIADOS MEDIANTE IMPOSTOS. - NOS PAISES DE ESTADO DO BENESTAR MÁIS DESENVOLVIDOS OS ESTUDANTES RECIBEN UNHA ASIGNACIÓN. 	<ul style="list-style-type: none"> - AMPLIACIÓN DA HIPOTECA SOBRE A VIVENDA. AVALISTA DOS SEUS CREDITOS. - GRANDES DIFICULTADES DAS CLASES TRABALLADORAS PARA O ACCESO AOS ESTUDOS UNIVERSITARIOS. - XERARQUIZACIÓN DAS UNIVERSIDADES.
PENSIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - DE PRESTACIÓN DEFINIDA (SEI CANTO VOU COBRAR). - DESCANSA NUN PACTO SOCIAL ENTRE XERACIONES. - O IMPORTE DEPENDE DO PIB PER CÁPITA E DUNHA DECISION POLITICA; QUE PARTE DO PIB SE DEDICA ÁS PERSOAS XUBILADAS? - O RISCO RECAE SOBRE A SOCIEDADE. 	<ul style="list-style-type: none"> - DE ACHEGA DEFINIDA (NON SEI CANTO VOU COBRAR). - O IMPORTE DEPENDE DA CONTÍA DO CAPITAL ACUMULADO E DA RENDIBILIDADE OBTIDA. - O RISCO RECAE SOBRE @ PENSIONISTA.
DESTINO FINAL DA VIVENDA	<ul style="list-style-type: none"> - VOIVE Á SOCIEDADE. 	<ul style="list-style-type: none"> - HIPOTECA INVERSA. COMPLEMENTO DA PENSIÓN. O QUE FOI DA BANCA MENTRES PAGABA A HIPOTECA VOIVE Á BANCA.
A MIÑA VIDA	<ul style="list-style-type: none"> - UNHA PARTE DEDICADA AO TRABAJO. PRODUCCIÓN DOS BENS E SERVIZOS COMUNS. - O RESTO É MIÑA. SON UN SER HUMANO. - ACCESO AOS BENS E SERVIZOS NECESARIOS. 	<ul style="list-style-type: none"> - APÉNDICE DO CAPITAL. - COMO PRODUTORA AO SERVIZO DA COMPETENCIA INCESANTE. - COMO CONSUMIDORA INSACIÁBEL. - COMO CAPITAL DINEIRO EN BUSCA DE RENDIBILIDADE. SALARIO DIFERIDO CAPITALIZADO.

EPÍLOGO

Pechar as tres fendas, economía
dos coidados, ecoloxía, financeirización.
Socialismo? En Europa. Agora.

PECHAR AS TRES FENDAS, ECONOMÍA DOS COIDADOS, ECOLOXÍA, FINANCEIRIZACIÓN

O capitalismo, e particularmente o modelo de capitalismo neoliberal, é cego en tres dimensións fundamentais da vida social intimamente entrelazadas coa economía: por unha banda, a reprodución da vida humana ignorada polos modelos económicos dominantes; por outra, a fenda entre a ampliación da produción e o consumo e os límites físicos do planeta; e finalmente, a desproporción, cada vez meirande, entre a capacidade produtiva de bens e servizos e o volume crecente dos activos financeiros ficticios.

O capitalismo ignora todo o traballo relacionado coa reprodución da forza de traballo e a economía dos coidados. A Conta Satélite de Traballo Doméstico indica que o traballo realizado nos fogares equivale ao 37 % do PIB galego. Ese traballo é ignorado pol@s xestor@s da economía. Mais esa ignorancia ten un custo, un custo que recae sobre as mulleres (ver capítulo IV) e con máis dureza sobre as mulleres traballadoras e sobre as mulleres traballadoras inmigrantes. A saúde (a mala saúde) mental tamén é unha cuestión de xénero. As mulleres teñen peor saúde mental que os homes e @s precari@s peor saúde mental que @s traballador@s estábeis. @s traballador@s manuais sen contrato padecen un 20% máis problemas de saúde mental que @s traballador@s manuais con contrato indefinido. Para os dous grupos, a porcentaxe de mulleres con problemas de saúde mental supera en máis de cinco puntos porcentuais ao de homes.¹⁷⁸

178 Martínez i Castells, Àngels e Casanueva Artís, Annali, *La crisis en femenino plural*, Revista de Economía Crítica, nº 9, 2010.

O capitalismo necesita ampliar indefinidamente a produción. Independentemente do nivel do PIB absoluto e do PIB per cápita, calquera economía capitalista entra en crise se nun período de tempo a produción non aumenta. O PIB per cápita da China é de 4.428 dólares, o galego é de case 21.000 euros, o dos EUA de 47.199 dólares. Cando a China acade o PIB por persoa galego abondará para satisfacer as necesidades dos seus cidadáns e das súas cidadás? Non. Cando Galiza acade o nivel dos EUA será o intre de deterse? Tampouco. E Estados Unidos renunciará a seguir medrando? Nunca. Nin China, nin Galiza, nin os EUA poden deixar de medrar; se o fixeren, aumentaría o paro, o déficit público, a morosidade... Ningún volume de produción é suficiente. Mais todos os datos din que o tamaño da economía é xa grande de máis para a capacidade do planeta de fornecer materias primas e absorber residuos. O quecemento da atmosfera polas emisións de GEI é a manifestación máis temíbel. As mensaxes que emite o Panel Intergubernamental sobre a Mudanza Climática son cada informe máis alarmantes. O obxectivo de que a temperatura media do planeta aumente só dous graos centígrados vai ser con case seguridade ultrapasado. Aumentos superiores da temperatura poderían implicar consecuencias catastróficas. Sete de decembro de 2011. Informativo radiofónico da mañá. O parlamento brasileiro aproba unha lei para abrir á explotación 700.000 quilómetros cadrados da Amazonía, unha nube tóxica sobre Pequín provoca problemas respiratorios e de visibilidade e obriga a cancelar 600 voos, fracasa a cimeira de Durban sobre a mudanza climática. O capitalismo non pode sobrevivir sen unha ampliación ilimitada da oferta de bens e servizos, o que é incompatíbel coa adaptación sistema económico aos límites físicos do planeta.

O modelo de capitalismo financeirizado crea masas crecentes de activos financeiros que multiplican varias veces o

tamaño da economía produtiva de bens e servizos non financeiros. Esa enorme masa de capitais en busca de valorización preme sobre as empresas produtivas para esixir unha parte a cada máis grande do produto mundial. Á súa vez, as empresas produtivas aguilloan @s traballador@s, fonte de todo plusvalor: prolongación das xornadas, intensificación dos ritmos de traballo, precarización, deslocalización e externalización de actividades. Os estados reducen o gasto social, na vida humana, para satisfaceren as esixencias dos fondos de investimento. Mais non abundan eses sacrificios ao Moloch financeiro. A desproporción entre o tamaño dos activos e a capacidade da economía real para servilos produce cracs financeiros periódicos que fan estoupar a burbulla de activos e que reducen o nivel de vida de millóns de persoas ou as deixan sen traballo. A crise que comezou en 2007 é dunha gravidade que só se pode comparar coa Gran Depresión de 1929; 287.000 persoas paradas na Galiza e 6.200.000 no conxunto do Estado así o manifestan. No verán de 2013 non se pode descartar que acabe por mudar nunha crise do capitalismo no seu conxunto.

Socialización e reparto do traballo de reprodución do ser humano e da economía dos coidados, adaptación da actividade produtiva aos límites naturais, domesticación das finanzas. Non se trata só de saír da crise, aínda que sexa urxente para decenas de millóns de persoas, trátase de integrar na organización social esas tres cuestións para as que o capitalismo é cego.

As tres saídas

Que posibilidades se abren para saír da crise? Predicir o futuro é imposible. Mais pode ser útil tentar albiscarmos os futuros posibles para decidirmos como actuar, que obxectivos perseguirmos. Exploremos tres alternativas. A primeira, a radica-

lización do actual modelo neoliberal. A segunda, a volta a un capitalismo keynesiano. A terceira, unha transición socialista.

A día de hoxe, a alternativa máis probábel é a radicalización do neoliberalismo. O capital financeiro dirixe a saída da crise. A Troika, FMI, BCE e CE deciden a política que aplicarán os gobernos electos desposuídos de soberanía. A desregulación do mercado laboral, o debilitamento dos poderes públicos, a privatización de empresas e servizos son as políticas que se están a aplicar en Grecia, Portugal, Italia, Francia. Tamén no Reino de España. O expresidente Zapatero negou a crise cando esta comezaba, tentou manter os dereitos sociais cando se viu obrigado a recoñecer a súa existencia e rematou por aceptar a chantaxe dos mercados. As reformas laborais e da negociación colectiva que promoveu buscan debilitar a posición d@s traballador@s na súa relación co capital; a reforma das pensións, satisfacer as esixencias dos capitais financeiros e reducir o salario diferido. A reforma da Constitución Española, ademais de ser un golpe moi duro contra a democracia, implica facer constitucional o neoliberalismo. Desde agora é anticonstitucional antepor o dereito á sanidade e á educación pública, o dereito d@s pensionistas ás súas pensións, o dereito d@s posuidor@s de títulos de débeda a cobraren os seus préstamos. A proposta de Merkel e Sarkozy de someter as contas públicas dos 17 países da zona euro ao control do Tribunal de Xustiza Europeo¹⁷⁹ e impor sancións aos que non cumpran cos obxectivos de déficit e débeda pública é inaceptábel. Un paso máis na destrución da democracia, substituída por institucións tecnocráticas, aparentemente tecnocráticas. A vitoria do Partido Popular vai radicalizar este proxecto. Unha das primeira reformas do goberno de Mariano Rajoy copia a proposta de Mer-

179 *El País*, 2 de decembro de 2011.

kel e Sarkozy. Tenta limitar as competencias das autonomías e recuperar os dereitos conseguidos polas nacións sen estado na Constitución española. A reforma laboral de febreiro de 2012, convertida en lei en xullo do mesmo ano, implica a destrución desa conquista da humanidade que é a existencia de dereito do traballo. O Real Decreto-lei de marzo de 2013 sobre a aplicación da reforma das pensións de 2011 fai depender o subsidio para maiores de 55 anos dos ingresos da súa familia e condena as persoas paradas de máis de 55 anos a un status semellante ao d@s moz@s carentes de ingresos que dependen das asignacións familiares. Este Decreto-lei endurece, en xeral, as condicións de xubilación. O informe dos expertos sobre o factor de sostibilidade das pensións presentado neste mes de xuño reducirá as pensións d@s actuais e futur@s pensionistas. Acáelles a todas estas agresións o cualificativo de sadismo de clase.

A segunda alternativa é a volta a un capitalismo regulamentado. Para que esta saída se impona sería necesario devolver aos poderes públicos a capacidade, quer dicir, os instrumentos e poderes que lles permitían regular a economía. Sería necesario tamén recuperar o pacto entre capital e traballo que se estableceu despois da 2ª GM. Esta volta á regulación sería máis doada no conxunto da UE. Esta saída é hoxe moi improbable. Esixiría enormes mobilizacións sociais que mudasen a actual correlación de forzas entre traballo e capital, entre capital financeiro e capital produtivo, e entre capital monopolista e as pequenas empresas. Esixiría tamén derrotar o relato que arreda @s traballador@s do norte e o sur europeos (traballador@s e responsábeis os primeiros e lacazás e lacazás @s do sur), por outro que situase a liña de conflito entre traballo e capital. Por outra parte, esta saída dentro do capitalismo debería afrontar a crise máis grave que enfrenta a humanidade: o choque cos límites físicos do planeta. Pode o capitalismo funcionar sen ampliar infinitamente a súa va-

lorización, para o que é necesario a ampliación infinita da produción?

A terceira posibilidade sería a saída do capitalismo para comezar a construción dunha sociedade socialista. Como a anterior, esixiría unha formidábel mobilización de masas, un esforzo político, ideolóxico, económico e organizativo por parte d@s de abaixo, da inmensa maioría que aínda non se enxerga. Como podería comezar esa transición en Europa? Mudando a correlación de forzas entre o público e o privado. Unha sociedade socialista debería facer públicas, quer dicir, deixar fóra da lóxica do mercado o sistema financeiro, a produción e distribución de enerxía, os principios medios de transporte, a planificación do uso do solo e quizais a súa propiedade, os sistemas educativos e sanitario, os coidados ás persoas dependentes, o sistema de pensións... e un longo etcétera. Neste sentido,

Hai que ser moi fundamentalista para pretender que a unha sociedade de homes e mulleres libres lle podería semellar razoábel regulalo todo a través do mercado. Pola contra, seméllanos evidente que unha sociedade de homes e mulleres verdadeiramente libres o primeiro que faría sería pór case todas as cuestións esenciais a resguardo da lóxica de mercado.¹⁸⁰

Pola contra, determinados ámbitos probabelmente funcionarán mellor regulados polos mercados; mercados, iso si, regulamentados. Unha das grandes mentiras que lemos decote nos medios de persuasión de masas é a referencia ao mercado, como se o seu funcionamento respondese a leis naturais que deben ser respectadas se non queremos que muden en ineficientes. O

180 Carlos Fernández Liria e Luis Alegre Zahonero, *El orden de El capital*, Akal, Madrid, 2010, p. 630.

funcionamento de todos os mercados desenvólvese nun marco institucional que é o resultado da regulamentación do poder político. Ese marco institucional determinará como funcione cada mercado e cal será o resultado dese funcionamento.

O actual sistema financeiro do Reino de España é todo el herdeiro de decisións políticas. Foi o franquismo o que decidiu quen podía dispor dunha ficha bancaria e desenvolver esa actividade, foron os gobernos de Felipe González e José María Aznar os que decidiron privatizar os bancos públicos e entregalos ao capital privado e foi o acordo entre PSOE e PP o que determina a privatización das caixas. Na UE, o poder político realmente existente é o que decide salvar a banca privada antes que os dereitos aos servizos sociais e ás pensións. E para salvar eses bancos utiliza diñeiro público. Se dá salvado o sistema financeiro na súa configuración actual, non pasará moito tempo antes de que os economistas ortodoxos intenten convencernos de que o libre mercado permite asignar eficientemente o aforro das cidadás e dos cidadáns. Mais sabemos que o funcionamento libre do mercado tería provocado a destrución total da banca europea.

Socialismo? En europa. Agora.

Nos anos setenta, nas publicacións da esquerda revolucionaria debatíase sobre a transición ao socialismo. En *Transición, Revista Mensual-Monthly Review, El Viejo Topo, Mientras Tanto* analizábase se as sociedades europeas estaban maduras para o socialismo. As tres décadas de hexemonía ideolóxica capitalista arrombaron esta cuestión. O fin da historia ditaba o horizonte único do capitalismo eterno. A crise financeira que está a mudar en crise do sistema capitalista fai acordar os desexos e a necesidade dunha sociedade capaz de incluír todos os

seres humanos. Europa podería ser o escenario da superación do capitalismo. Algúns das sociedades europeas convértenas no ámbito máis favorábel para iniciar ese proceso.

- 1.— Se o capitalismo debía realizar a tarefa histórica (aceptemos por un intre esta personalización da historia) de desenvolver as forzas produtivas, en Europa esta tarefa está máis que concluída. Por suposto que a ciencia e a técnica poden descubrir novos tratamentos para doenzas incurábeis, perfeccionar fontes de enerxía máis eficaces e menos contaminantes, sistemas de tratamento e transmisión da información máis rápidos e fiábeis... Porén, as sociedades europeas acumulan capital (infraestruturas enerxéticas e de transporte, sistemas de almacenamento e procesamento da información, coñecemento científico e técnico...) en cantidades abundas para garantiren unha vida digna e parcialmente liberada da natureza a toda a súa poboación.
- 2.— De feito, unha das tarefas que debería realizar unha sociedade socialista sería, probabelmente, des-desenvolver parcialmente as forzas produtivas. Que ocorrería co planeta se estivese cuberto de infraestruturas como Europa? Que ocorrería se a densidade de asfalto e cemento fose a da améndoa de máxima riqueza que vai de Milán a Londres e de París a Frankfurt? Será conveniente des-construír boa parte da ribeira mediterránea da península Ibérica? Cumpriría des-aprender o átomo eléctrico francés? A Política Agraria Común (PAC) xa establece como un dos seus obxectivos acadar unha porcentaxe de alimentos de produción ecolóxica, mais debería acordarse un obxectivo máis ambicioso? Debería avanzarse cara a unha agricultura campesiña de proximidade que minimize os transportes e os custos ambientais?

- 3.— Entre as forzas produtivas que xa desenvolveu o capitalismo, a principal é a forza de traballo. As poboacións europeas posúen un alto nivel educativo, son xa un intelectual colectivo. Neste sentido Europa xa non necesita de capitalistas que xestionen e organicen os sectores económicos principais. Os millóns de titulad@s superiores que forman os sistemas educativos europeos fornecen á sociedade unha capacidade colectiva de xestión dos sistemas educativo, sanitario, enerxético, financeiro que prefigura unha clase traballadora emancipada da xestión capitalista. Nunha pasaxe do filme *Invictus*, Nelson Mandela diríxese no carro oficial a unha xuntanza na que vai defender unha selección de rugby multirracial. Para sinalar a importancia da cooperación cos brancos, explícalle á súa secretaria que estes son os que acaparan a capacidade de xestión, o coñecemento. Os «negros» europeos, @s traballador@s, xa non necesitamos dos «brancos» europeos, @s capitalistas e @s xestor@s-proprietari@s. Somos quen xa de organizar unha xestión pública dos principais bens e servizos comúns.
- 4.— Entre os elementos que deberían socializarse xa e someterse a unha xestión para o ben común está sen dúbida o sistema financeiro na súa totalidade. A Zona Financeira Europea que propón Frédéric Lordon imaxina un espazo económico non sometido á ditadura das finanzas e no que se recupera a soberanía sobre a creación do diñeiro para a representación política democrática. A delegación desa soberanía nas entidades financeiras privadas é unha manifestación da superstición e o absolutismo do que os pobos europeos necesitan ceibarse. O devalo do absolutismo e a superstición do século XVIII (o soberano éo por designio divino) comezou coa toma da Bastilla. O fin do absolutismo e a superstición no comezo do século

XXI ha comezar coa expropiación do capital financeiro e reapropiación da soberanía financeira polos pobos. O nivel de concentración das empresas financeiras, concentración que se acelera nestes anos de crise, facilita a súa expropiación.

- 5.— Máis de cen anos de experiencias comunistas e socialdemócratas permítennos analizar os acertos e os erros cometidos nos intentos de superación do capitalismo para organizar unha sociedade e unha economía dirixida á satisfacción das necesidades da inmensa maioría. Os principais instrumentos de dirección da economía (entre eles o sistema financeiro) deben ser públicos, como veño de propor . Mais, tamén, o sistema enerxético, o transporte, as infraestruturas de comunicación, os servizos de saúde, educación, dependencia, os sistemas de pensións e as prestacións sociais. Porén, a agricultura e a gandaría probabelmente serán máis eficientes xestionadas por unha clase de agricultor@s e gandeir@s responsábeis das súas explotacións. Que a xestión sexa privada non implica renunciarmos á planificación. A PAC é un claro exemplo de como sobre a base de explotacións privadas se pode establecer obxectivos, decididos pola sociedade, a un sector económico. A PAC conseguiu un gran suceso en garantir a autosuficiencia alimentar da Europa. Ese suceso creou un novo problema, as montañas de leite e manteiga que obrigaron a establecer novos obxectivos e políticas. Un sector primario ao servizo de obxectivos tamén ecolóxicos e de redistribución espacial da produción debería primar a agricultura de proximidade e as pequenas explotacións. O que nos interesa da PAC é que demostra a eficacia da planificación para conseguir obxectivos. Xunto á propiedade pública e á propiedade privada, unha sociedade non capitalista debería promo-

ver formas de propiedade cooperativas xestionadas pol@s traballador@s. As comunidades de montes en man común son un exemplo dese tipo de propiedade colectiva; o chamado terceiro sector, outro.

- 6.— A longa tradición democrática da Europa. A toma do poder por partidos comunistas deuse en sociedades atrasadas economicamente e cunha antiga tradición despótica. Estes dous factores explican, polo menos en parte, a deriva totalitaria das experiencias soviética e chinesa. As clases traballadoras das sociedades europeas participaron activamente na loita pola democracia desde o século XVIII e dun xeito sobranceiro no século XIX como asa esquerda e radical das revolucións democráticas burguesas. No século XX foron parte central da guerra antifascista. Na Galiza e no Reino de España foron o eixe da resistencia ao golpe de estado de 1936 e do movemento democrático antifranquista. Nalgúns estados europeos, a tradición democrática e a existencia de garantías democráticas duran xa máis dun século. O primeiro pacto social entre as organizacións operarias e a patronal asinouse en Dinamarca en 1899. Esta longa experiencia democrática e de vixencia das garantías xurídicas e da separación de poderes favorece que a forma republicana e o respecto dos dereitos da cidadanía se articule coa loita pola superación da desigualdade capitalista. O golpe de estado financeiro permanente que impera na Europa desde 2010 apunta que, nesta fase do capitalismo, só a clase traballadora pode garantir unha democracia real.
- 7.— O tamaño da sociedade e a economía europeas fornecen unha masa crítica abonda para garantiren a autonomía respecto doutras potencias. Na UE viven máis de 490 millóns de persoas. O PIB da UE-27 superaba en 2008 o estadounidense: 12,5 billóns de euros fronte a 9,8 billóns.

A UE posúe un tamaño que lle permitiría establecer unha zona financeira europea soberana, illarse do capital financeiro anglosaxón, reducir radicalmente o peso das finanzas na economía e volver promover a economía produtiva de bens e servizos non financeiros. A cuestión do tamaño é moi importante para garantir a viabilidade dunha experiencia de saída do capitalismo e en xeral para garantir a independencia de calquera proxecto social e económico.¹⁸¹

Falta en Europa a vontade, o desexo de iniciar a saída do capitalismo. A tarefa urxente é defender as conquistas sociais e políticas dun século de loita pola democracia e os bens comúns, mais creo que para que esa loita sexa posíbel é imprescindible dotármonos dun horizonte de esperanza. Noutro tempo, @s desposuíd@s, @s de abaixo déronlle a esa esperanza o nome de democracia, de comunismo, de socialismo. A loita social está a reavivarse. Despois de 30 anos de hexemonía da ideoloxía neoliberal agroma o interese polas ideoloxías anticapitalistas. No sur de Europa, os movementos de masas acadan unha dimensión descoñecida nas últimas décadas. O actual proxecto do capitalismo pretende apropiarse dos nosos corpos, das nosas vidas na súa totalidade. Como consumidor@s, como produtor@s, como instrumentos do capital financeiro, aspira a que interioricemos as súas necesidades como parte esencial do noso ser. Así nos propoñen comprometérmolos cos obxectivos da empresa e borrarmonos a fronteira entre tempo de traballo e tempo propio. Denunciar ese proxecto e loitar

181 Vandepitte, Marc, *Op. Cit.*. Neste interesante artigo, o autor compara a capacidade de negociación de Cuba e China coas multinacionais, capacidade que depende dos tamaños respectivos.

contra el é imprescindíbel para conservarmos a nosa natureza de seres humanos, tamén para conservarmos os servizos públicos e os bens comúns que garanten que a capacidade produtiva colectiva sirva aos corpos dos seres humanos vivos e non á acumulación infinita de capital morto. Fagámolo posíbel.

BIBLIOGRAFÍA

- Banco de España, Dirección General del Servicio de Estudios, *La Reforma del Sistema de Pensiones en España*, 2009.
- Bellamy Foster, John e Magdoff, Fred, *La gran crisis financiera. Causas y consecuencias*, Fondo de Cultura Económica, Madrid, 2009.
- Blackburn, Robin, *Age Shock. How Finance is Failing Us*, Verso, Londres, 2006.
- Carrasco, Cristina, «economía del cuidado: planteamiento actual y desafíos pendientes», *Revista de Economía Crítica*, nº11, 2011.
- CE, *The Social Situation in the European Union 2007*, Comisión Europea, 2008.
- CE, *The Social Situation in the European Union 2008*, Comisión Europea, 2009.
- Centro de Investigaciones Innocenti, UNICEF, *Pobreza Infantil en los Países Ricos 2005, Report Card nº 6*, Florencia, 2005.
- Chesnais, François, *Las deudas ilegítimas. Cuando los bancos meten mano en la políticas públicas*, Editorial Clave Intelectual, Madrid, 2011.
- Comín, Francisco, *Reforma tributaria y política fiscal, en España Economía, Tomo II*, Espasa Calpe, Madrid, 1988.
- Comisión para el estudio de los efectos del envejecimiento en el futuro del Estado del Bienestar, *Reflexiones para la Reforma*, xaneiro de 2010.
- Comité de expertos, Informe del Comité de Expertos sobre el factor de sostenibilidad del sistema público de pensiones, Madrid, 7 de xuño de 2013. <http://www.lamoncloa.gob.es/NR/rdonlyres/BA-253188A40C-47C4-9FCC-06D04C65EC26/238803/informesostenibilidadpensiones.pdf>.

- Esping-Andersen, Gøsta & Palier, Bruno, *Los tres grandes retos del estado del bienestar*, Ariel CienciaPolítica, Barcelona, 2010.
- Etxezarreta, Miren, «La Política Social en la UE. Consideración Especial de la Política de Pensiones», *Revista de Economía Crítica*, nº 6, xaneiro de 2008, pp. 27-57.
- Eurostat, *Europe in figures, Eurostat yearbook 2010*.
- Fernández Liria, Carlos e Alegre Zahonero, Luis, *El orden de El capital*, Akal, Madrid, 2010.
- Fernández Ordóñez, Miguel Ángel, Gobernador del Banco de España, *Comparecencia ante la Comisión nopermanente de seguimiento y evaluación de los acuerdos del Pacto de Toledo*, Congreso de los Diputados, Madrid, 15 de abril de 2009.
- Fernández, Pablo e Bermejo, Vicente J., *Rentabilidad de los fondos de pensiones en España, 1991-2008*, IESE Business School, Universidad de Navarra, 2009.
- Financial Affairs Division of the OCDE Directorate of Financial and Enterprise Affairs, *Pension Markets inFocus*, Issue 5, decembro de 2008.
- FMI, *IMF Country Report No. 06/211*, xuño de 2006.
- Fundación INVERCO, *El impacto de la crisis económica y financiera en la inversión colectiva y en el ahorro-previsión*, Imprenta Modelo, Madrid, 2010.
- García Díaz, Miguel Ángel, *Algunos comentarios a la reforma del IRPF e Impuesto de Sociedades (2007)*, Gabinete Económico Confederado de CCOO, 2006.
- Gestha, «Reducción de ingresos tributarios y aumento del déficit público en el contexto de la crisis económica actual: hacia un nuevo modelo de gestión tributaria», 2009, <http://www.gestha.es/archivos/informacion/monograficos/2009/reduccion-de-ingresos-tributarios-y-aumento-del-deficit-publico-en-el-contexto-de-la-crisis-economica-actual.-hacia-un-nuevo-modelo-de-gestion-tributaria.pdf>.
- Gestha, «Reducir el fraude fiscal y la economía sumergida», 2011 <http://www.gestha.es/archivos/informacion/monograficos/2011/reducir-el-fraude-fiscal-y-la-economia-sumergida.pdf>.
- Glyn, Andrew, *Capitalismo Desatado, Finanzas, Globalización y Bienestar*, Los libros de la Catarata, Madrid, 2010.
- Gough, Ian, *Economía política del Estado del Bienestar*, Blume Ediciones, 1982.

- H. Branson, William, *Teoría y Política Macroeconómica*, Fondo de Cultura Económica, Madrid, 1979.
- Chris Hails, Editor Principal, WWF (World Wild Fund), ZSL (Sociedad Ecológica de Londres) e Red de laHuella Global, Informe Planeta Vivo 2006, http://awsassets.panda.org/downloads/lpr_2006_spanish.pdf.
- Heinberg, Richard e Bomford, Michael, *La transición alimentaria e agrícola*, revista *Mientras Tanto*, nº 117.
- Instituto Galego de Estatística, *Conta Satélite da Producción Doméstica, ano 2003*, setembro de 2005.
- J. Blum, Walter e Kalven Jr, Harry, *El Impuesto Progresivo. Un Tema Difícil*, Instituto de Estudios Fiscales y Ministerio de Hacienda, 1963.
- J. Crozier, Michel, P. Huntington, Samuel, Watanuki, Joji, *The crisis of democracy. Report on the governability of democracies to the Trilateral Commission*, New York University Press, 1975.
- Kalecki, Michal, «Aspectos políticos del pleno empleo», en *Revista Sinpermiso*, nº 9, Barcelona, 2011.
- Kenneth Galbraith, John, *La cultura de la satisfacción*, Ariel Sociedad Económica, Barcelona, 1992.
- Lacalle, Daniel, «El mercado laboral en la crisis. España, 2007-2010», <http://www.rebelion.org/docs/124152.pdf>.
- Lagares Calvo, Manuel J., *El impuesto sobre la renta de las personas físicas, Apuntes sobre «Hacienda pública y sistemas fiscales»*, UNED, 1980.
- Landais, Camille, *Les Hautes revenus en France (1998-2006): Une exploration des inégalités?*, Paris School of Economics, xuño de 2007, <http://www.jourdan.ens.fr/~clandais/documents/htrev.pdf>.
- Lapavistas e outros, «Crisis en la zona euro: perspectiva de un impago en la periferia y la salida de la moneda común», *Revista de Economía Crítica*, nº 11, 2011.
- Lordon, Frédéric, *El porqué de las crisis financieras y cómo evitarlas*, Los Libros de la Catarata, Madrid, 2009.
- Lorenzo Carrascosa, L., *Consecuencias del envejecimiento de la población: el futuro de las pensiones*, en Instituto Nacional de Estadística, *Indicadores Sociales de España 2004*, Madrid, 2005, pp. 73-92.
- Maddison, Angus, *La economía mundial. Una perspectiva milenaria*, Ediciones Mundi-Prensa, Madrid, 2002.
- Martínez Herrero, María José, «El modelo sueco de cuidados a la in-

- fancia y sus consecuencias sobre las mujeres», *Revista de Economía Crítica*, nº 8, 2009.
- Martínez i Castells, Àngels e Casanueva Artís, Annalí, «La crisis en femenino plural», *Revista de Economía Crítica*, nº 9, 2010.
- Ministerio de Medio Ambiente, *Análisis preliminar de la huella ecológica en España. Informe de Síntesis*, 2007.
- Naredo, José Manuel, *Raíces económicas del deterioro ecológico y social. Más allá de los dogmas*, SigloXXI, Madrid, 2006.
- Navarro, Viçenc (director), *La Situación Social en España*, Fundación F. Largo Caballero, Madrid, 2005.
- Navarro, Viçenc y Quiroga, Águeda, *La protección social en España y su desconvergencia con la Unión Europea*, Informe preparado para o Seminario *La convergencia social de España con la Unión Europea*, Universidad Internacional Menéndez Pelayo, Santander, 2003.
- Navarro, Viçenc, *El subdesarrollo social de España. Causas y consecuencias*, Anagrama. Colección Argumentos, Barcelona, 2006.
- Navarro, Viçenc, *Globalización económica, poder político y Estado de Bienestar*, Ariel Sociedad Económica, S.A., Barcelona, 2000.
- Nieto Jover, Fernando Javier, *Una aproximación a la distribución socioeconómica del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas. Aspectos cuantitativos. Período 1990-2000*, Instituto de Estudios Fiscales, Madrid, 2005.
- O. Barney, Gerald, (director do estudo), Consejo de Calidad Ambiental y Departamento de Estado, *El Mundo en el año 2000. En los albores del siglo XXI. Informe Técnico*, Editorial Tecnos S.A., 1982. (coñecido como *Informe Carter*).
- OCDE, *Divided we Stand: Why Inequality Keeps Rising*, OECD, 2011.
- O'Connor, James, *La crisis fiscal del Estado*, Ediciones Península, Barcelona, 1994.
- Organización Internacional do Trabajo, 8ª Reunión Rexional Europea, *Información sobre protección social en Asia Central*, febreiro de 2009.
- Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), *Informe sobre desarrollo humano*, Ediciones Mundi-Prensa, Madrid, 2005.
- PwC, *Diez temas candentes de la sanidad española para 2011. El momento de hacer más con menos*, <http://www.ciogs.upv.es/docs/10-temas-candentes-sanidad-espaa%C3%B1ola.pdf>.
- Quesada Solana, Alejandro, «Los enemigos de la democracia en

- cifras: Los gestores de los fondos de inversión», <http://www.economiccritica.net/?p=487>.
- Rein, Álvaro, «La relevancia europea de la ‘Vía Marchione’ para la contrarreforma laboral», <http://www.sinpermiso.info/articulos/ficheros/rein.pdf>.
- Riesco, Manuel, «En Argentina y Chile. Seísmo sobre los fondos de pensión», *Le Monde Diplomatique en español*, decembro de 2008.
- Saez, Emmanuel, *Striking it Richer: The Evolution of Top Incomes in the United States (Update using 2006 preliminary estimates)*, 15 de marzo de 2008, <http://elsa.berkeley.edu/saezsaez-USstopincomes-2006prel.pdf>.
- Sanjay Peters, *En Busca del Progreso y el Equilibrio. Experimentos en el desarrollo en la India*, Kairós, Barcelona, 2008.
- Sapir, André, *Globalisation and the Reform of European Social Models. Background document for the presentation at ECOFIN Informal Meeting in Manchester*, 9 de setembro, Bruegel, Bruxelas, 2005.
- Sociedade de estudos, publicacións e traballos, *A Biblia*, Vigo, 1992.
- Stern, Nicholas, *El Informe Stern. La verdad sobre el Cambio Climático*, Paidós, Barcelona, 2007.
- Vandepitte, Marc, «La situación en Cuba», <http://www.rebellion.org/noticia.php?id=123478>.
- Vilariño Sanz, Ángel, «Derivados», *Revista de Economía Crítica*, nº 11, 2011.
- VVAA, *Teoría Básica de los Impuestos: un Enfoque Económico*, Thomson Civitas, Cizur Menor (Navarra), 2005.
- VVAA, «The battle ahead», *The Economist*, 6 de xaneiro de 2011.
- World Bank, *Averting the Old Age Crisis, Policies to Protect the Old and Promote Growth*, Oxford University Press, Oxford, 1994.
- World Wildlife, *Living Planet Report 2008*, http://awsassets.panda.org/downloads/living_planet_report_2008.pdf

